

**Toponimia de Dodro e de Laíño.
Os nomes na auga**

Manuel Lorenzo Baleirón

Presentación

“Se pergameo fose o ceo estrelado e o mar todo tinta...”. Vénme ás mentes esta hipérbole extraordinaria que hai centos e centos de anos o Rei Afonso X nos deixou nunha cantiga de Santa María cando penso nestas páxinas que o lector ten agora entre as mans. E vénme ás mentes porque, despois de lelas, vexo a meu irmán Manuel Lorenzo Baleirón, un home cumpridamente ensinado de escribir, detrás desa imaxe, empregando un pergameo infindo, mollando sen descanso a súa pena nun océano de tinta para poder entregarnos este valiosísimo tesouro. Porque titánico é este esforzo de mergullarse e falar da toponimia de Galicia, falar da toponimia nosa, a das nosas aldeas e veigas e campías e revoltas, falar na nosa auga. Os nomes. Nomes que veñen da noite dos tempos ou desoutro día, nomes opacos ou diáfanos, nomes vivos que nos falan do que fomos, do que somos e do que seguiremos sempre sendo. Pero cómpre moito máis que ser ensinado de escribir para esta descomunal tarefa. Manuel Lorenzo Baleirón, ó tempo que fala dos nomes da nosa terra e da nosa auga, e faino cun rigor admirábel —e iso que non é filólogo—, vainos falando da nosa historia, do noso tesouro cultural, etnográfico e paisaxístico, moitas veces incógnito ou abandonado.

O Concello de Dodro fixo moito ben en editar esta monumental obra. As freguesías de Santa María e de San Xián e San Xoán de Laíño teñen agora ó seu alcance un milagre do que carecen a maior parte dos concellos e freguesías de Galicia. E tan oportuna é que Manuel Lorenzo chegou a tempo de dar con informantes indispensábeis, coma Elías José Boga ou José Abuín Blanco, poño por caso, que hoxe, cando estas páxinas que conteñen os seus saberes saen á luz, xacen infelizmente mortos para as veren. Cumpriron un derradeiro deber coa súa patria de Laíño e de Lestrobe ó pé do escritor. E así é este libro un libro contra a morte, contra a morte do noso patrimonio toponímico, contra a morte da nosa memoria.

Escrito na auga. Lembra o epitafio de Keats o autor destas páxinas. Pois non, a partir de agora os nosos nomes ficarán, grazas ó seu traballo, para sempre fixados e imborrábeis. Pero si. Supoño que unha persoa da súa erudición e da súa sabiduría podería estar escribindo a vida enteira, coma “se pergameo fose o ceo estrelado e o mar todo tinta”, sabendo que a súa tarefa non ía rematar endexamais. Iso pásalle ós que saben, porque saben que aínda lles falta moito por saber e son humildes. Así e todo, este fragmento de ceo, de espello e auga que agora nos regala meu irmán Manuel Lorenzo Baleirón, é o fragmento máis valioso e extraordinario que eu coñeza e poidan coñecer as xeracións futuras, no que se vexa, nas súas máis profundas e nobres dimensións, a terra en que fomos nados, este recuncho do mundo que vive entre cabalos bravos e dornas bolinando polo Ulla, a terra que nos criou entre os seus nomes de auga.

Anxo Angueira



Limiar

O conxunto dos topónimos dun país conforma un tapiz, unha urdime arcaica e secreta da que temos os cabos dalgúns fíos, enxergamos outros, pero de moitos non sabemos nin saberemos nunca. Hai os que brillan coma alfaías alá nun recanto do pano e hainos que agardan no escuro pola man de neve que saiba atopalos. Entre todos configuran un código, un conxunto de signos preservados nas arcas neboentas da nosa memoria común. Ademais dos posibles significados que vaíamos debullando por estas follas, os topónimos teñen un valor emotivo e vivencial, sobre todo son símbolos, sinais de identidade para os que aquí vivimos. Na toponimia está a cerna do que somos, a secuencia que amosa como ó longo dos séculos fomos convertendo a xeografía na que nos tocou vivir nun espazo habitable, o rexistro vivo das nosas tradicións e costumes ancestrais, do noso patrimonio. A toponimia mesma é tamén patrimonio inmaterial.

Asombra pensar na resistencia teimosa dos nosos nomes e na da nosa lingua despois de tantos naufraxios pasados e presentes. Galicia atesoura arredor de dous millóns de topónimos, a terceira parte de todo o Estado. Chámase un dos nosos, *A dos moitos* e outro *Cinco Palmos*, o que pode dar idea do grao de fragmentación ó que chegaron as propiedades. Os regueiros de Dodro teñen denominacións diferentes ó pasaren por cada unha das aldeas e hai hórreos nas eiras con máis de media ducia de donos e muíños adiados nos que se moía por horas, noite e día. Veredes por estas páxinas adiante bouzas e estivadas, gandras, corgas, searas e paramos, rochas, lagoas, piñeiros, abeláns... Seguen aí, malia que foran esmorecendo na fala. Velaquí as temos, coma gravadas nun crisol, as formas do plural que se nos foron: *Os Trigais*, *Os Novais*, *Os Currais*... Nada queda do vello pazo dos Soutomaior en Tarrío ou do túmulo megalítico de Tallós, nin sequera memoria. Parou todo en fume. Ora ben, quedáronnos *O Pazo* e *A Mámoa*. Os nomes duraron máis que as pedras.

O concello de Dodro está situado ó sur da provincia da Coruña, na marxe dereita do río Ulla. Entre Padrón e Rianxo, é vía natural de acceso ás terras do sur da península do Barbanza. Ata mediados do século XVIII fomos dúas parroquias: Santa María de Dodro e San Xián de Laíño. Somos agora tres, pois na parte occidental da última, conformouse daquela a de San Xoán de Laíño. Se escollemos usar os nomes abreviados das nosas freguesías e non o do concello no título deste traballo é porque historicamente así Dodro coma Laíño foron entidades con personalidade propia cando menos desde os albores da Idade Media. Pertencemos á comarca que o poeta Anxo Angueira chama *Terra de Iria*, denominación que agardamos acabe por imporse a outras non tan afortunadas. Hai unha referencia a ela no *Tumbo de Toxosoutos*. Non sendo os montes de Bustelo e do Treito, Dodro é de bocaribeiras mainas e de vales úbedos orientados cara o mediodía nos que seguimos a botar o millo ó cordel e podando no devalar da lúa, pero, a dicir verdade, o espazo que nos identifica é un dos humidais máis grandes de Galicia: As Brañas de Laíño, espoliadas por unha Lei de Costas absurda, aplicada por imbéciles e escuros dúas leguas terra adentro. Antes de desaugar no carburo azul da Arousa, o Ulla pasa a carón delas lento, cerimonioso, coma un deus antigo, flanqueado por unha corte de espadanais, canedos e xunqueiras. *Axis mundi*, ordena o territorio, dispón xentes e campos: *arquitecturas de cinza*, farrapos de brétema, a unha banda e outra.

Foi Dodro, terra poboada por xeracións de homes e mulleres que soñaron e morreron aquí nestes casarellos do pór do sol a mirar coma nós o devalar do río. Os primeiros achados arqueolóxicos, pertencentes ó período megalítico, son tres grupos de mámoas. Un deles está sen catalogar e hai outras desaparecidas que se conservan tan só no rexistro toponímico. Da Idade de Bronce é o petróglifo de Bouzabadín, na aba do monte Carboeiro. Da Idade de Ferro son cinco os castros distribuídos pola nosa xeografía. Hai topónimos que teñen a orixe nesas linguas de sustrato que os castrexos falaban antes da chegada dos romanos, pero a gran maioría formaríanse a partir do latín vulgar, ó tempo que se estaban a sentar as bases do poboamento actual, ocupando os vales nos que agora estamos. O

centro de boa parte da Gallaecia máis occidental foi o enclave de Iria. Co reino suevo pasa a ser unha das grandes demarcacións parroquiais nas que se organizou o territorio galego. Os vestixios toponímicos da ocupación xermánica son numerosos sobre todo nos nomes de posesor. Desde o século XII pródúcese unha progresiva roturación de terras que ten amplo reflexo na toponimia maior e na microtoponimia. Laíño depende dos arcebispos de Compostela e pertence á xurisdicción dos señores de Rianxo, descendentes de Paio Gómez Chariño, almirante e trovador do mar. Dodro e Lestrobe, andando o tempo, formarán couto redondo baixo o señorío do Marqués de Bendaña. No século XVIII o millo e a pataca vanse afacendo á lentura doce destes agros, érguense no barroco as igrexas parroquiais e as arquitecturas pacegas que miran cara o río. Coa chegada dos novos concellos no século XIX fórmase tamén o de Dodro e continúa ata hoxe. Cada época histórica foi deixando a súa pegada na toponimia.

A fala de Dodro ten unhas características que determinan a grafía e a pronuncia dos nosos nomes de lugar. Temos seseo e gheada, polo tanto por máis que na escrita figuren *pazos* e *agros* deben entenderse sempre coma ‘*pasos*’ e ‘*aghros*’. É unha gheada fonda e suave, case coma o ‘*H*’ aspirado do inglés. Aspiramos tamén o ‘*S*’ implosivo no final dalgunhas sílabas, ‘*ehcola*’ por *escola*, e, despois de nasal, facemos xorda a consoante sonora, ‘*anquías*’ no canto de *angúias*.

Cando hai trinta anos as escavadoras da concentración parcelaria irromperon nas vellas aldeas de Laíño houbo quen se deitou diante delas tratando de atrancarlles o paso, pero foi en van. Achanzaron sen dó as topografías familiares, os sinais minuciosos cos que viñeramos marcando a tona dura da terra, as estremas, os marcos: os piares do mundo. Emborcárono todo e virárono do revés, pero non derrubaron tan só arrós e congostras, lameiros e ‘*barghenlas*’; o caso é que removeron tamén os seus nomes verdadeiros. Esgazaron o tapiz do que falamos coma un espello que se creba en mil anacos, de xeito que recompoñelo hoxe é case tanto tarefa de forenses coma de filólogos. Nós, que non somos unha cousa nin outra, tentaremos achegarnos ós nosos topónimos con respecto e prudencia. Este pequeno traballo que quere ser unha obra provisoria e aberta, fermento de

propostas novas, é desde logo unha obra colectiva, da que tamén son autores os veciños destas aldeas, moi especialmente aqueles que citamos como informantes no remate desta xeira. Han ser eles os derradeiros que fagan acordanza dos chamadeiros das nosas paraxes. Co paso dos anos e coa falta de uso acabarán sendo todos antropónimos, nomes de propietarios.

No campo da onomástica pisamos tremedoiros, estamos sempre en terreos movedizos nos que non se fai pé doadamente. Hai poucas certezas, e menos aínda para profanos coma nós. As palabras viñeron dando tombos coma as pedras dos regueiros desde o primeiro día do mundo, luídas pola man do tempo. Algunhas consérvanse como eran, pero outras perderon as arestas, saíronlles vetas descoñecidas no mineral ou esfragáronse en areas e croios caprichosos nos que hai matices novos, insospitados. De contado vimos que conforme avanzaban as nosas pescudas os adverbios de dúbida ían sendo cada vez máis escasos a forza de repetilos. Por iso case sempre nos abeiramos na voz que nos parece máis axeitada. Hai autores coma Gonzalo Navaza, Eligio Rivas, Cabeza Quiles, os traballos de José Luís Pensado sobre Sarmiento, os dicionarios históricos compilados por Antón Santamarina (sempre mencionados pola súa edición dixital), a tese *A Toponimia de Trabada* de Xulia Marqués, o *Gran Dicionario Xerais*, o de Eladio Rodríguez, o de Isaac Alonso Estravís ou o etimolóxico de Joan Coromines ós que volvemos de continuo, pero quedan moitas outras fontes que reseñamos na bibliografía final. Sempre que o consideramos oportuno recolleemos a entrada correspondente do *Diccionario del Dialecto Gallego* de Luís Aguirre del Río, recuperado en datas recentes. Aguirre foi veciño noso, tivo familia en Imo e era de Lestrobe. Por data de encadernación (1858) é o dicionario inaugural da nosa lingua. Acordamos así mesmo acudir á obra de Rosalía de Castro para comentar moitos dos nosos nomes pois tamén soñou e morreu á beira destas brañas e sentímonos recoñecidos na súa voz, que nos é familiar. Ás veces pedímoslle emprastadas as palabras máis fermosas da tribo ós poetas de Dodro: Avelino Abuín de Tembra, Eusebio Lorenzo Baleirón, Anxo Angueira, Ramón F. Reboiras... Decidimos referir no posible cada topónimo

á etnografía e á historia do concello e, nalgúns casos (igrejas, castros, pazos...), aproveitamos para explicalos por primeira vez de xeito un pouco máis extenso pois non existe ningunha publicación sobre eles. Senón que se explique o contrario, sempre que se cita algún refrán, cantiga ou dito, hai que entender que se usaba entre nós. Tomamos como base para a elaboración desta *Toponimia de Dodro e de Laíño* o Catastro de Rústica do ano 1958, que se garda no Arquivo do Reino de Galicia, completo e con non moitos erros. Os amanuenses traduciron algúns rexistros pero a maior parte deles deixáronos tal como llos contaron. Folga dicir que son sempre os propios veciños cos que percorremos as aldeas os que validan ou desautorizan esas voces. Sexa como for, eles tiveron a palabra final e non sempre coincidiu coa do escribente. Léronse os interrogatorios do *Catastro de Ensenada* referentes a Dodro, Laíño e Bexo, pero non se consultou o Real de Legos nin o de Eclesiásticos pois polo seu volume excede as condicións que se marcaron á hora de escribir estas liñas. No Arquivo Histórico Diocesano de San Martiño Pinario tivemos ocasión de ver os Libros de Fábrica das tres parroquias, dos que tiramos datos interesantes que se citan ó longo do texto. Consultáronse o Nomenclátor oficial da Xunta de Galicia, o *Proxecto Toponimia de Galicia* e a *Cartografía dos Apelidos de Galicia* do Instituto da Lingua Galega. A respecto da aparición dos topónimos na documentación medieval, nas bases do CODOLGA (*Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*) e do TMILG (*Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*), e dadas as características deste traballo, decidiuse tan só nalgunhas ocasións facer consideracións xerais. Tivemos acceso ós informes que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ten sobre o concello, entre eles o valioso *Preinventario do Patrimonio etnográfico de San Xoán de Laíño*, sen editar, elaborado pola “Asociación de Veciños de San Xoán de Laíño” en 1993, baixo a dirección de Avelino Abuín de Tembra. Estudáronse diversas fontes documentais que aparecen indicadas nos comentarios das voces e na bibliografía. Ata onde soubemos, procuramos noticia dos nosos nomes. Están todos, gardados coma ouro en pano, nos cupos e documentos de propiedade dos nosos coterráneos. Manexamos algúns dos séculos XIX e

XX e un foro do século XVII. Rebuscando neles, coma Uxío Novoneyra nun dos seus poemas, sentimos que dalgún xeito estabamos a lle tocar as mans ós antepasados.


De que Galicia é un mundo xa nos convencera Vicente Risco hai uns cantos anos, pero a semellanza da xeometría máxica dos fractais onde as estrelas de neve están feitas de estrelas de neve que están feitas de estrelas de neve, cada aldea de Galicia é así mesmo un microcosmos, a última boneca da caixa, a chave das outras. Se tivésemos todos os nomes orixina- rios das súas corredeiras, cortiñas, enxidos, pontellas, nabais, quinteiros... e puidésemos completar o tapiz do que falamos antes, quizais seríamos ca- paces de recompoñer con eles as nosas freguesías, a Terra de Iria, a nación enteira, e poderíamos saber mellor quen somos. No entanto, veremos de conformarnos con retallos do pano, frebas descoloridas, anacos de espello.

Coas primeiras néboas doutro outono a entrarnos nas casas e nos soños, demorámonos estes días polos vellos camiños das ribeiras alagadas do pai Ulla. Terra de illós e de lameiros, de brañas e fontenlas, coma no epitafio de Keats, tamén os nomes de Dodro que fomos recollendo seme- llan estar escritos sobre a auga.

Láño, outono de 2008



**Toponimia de Dodro e de Laíño.
Os nomes na auga**



CONCELLO DE DODRO



Abelán. Abeleira. Abelosa

Abeleira e *Abelán* son os nomes que nós lle damos á árbore das abelás (*Corylus avellana*). Proceden do latín ABELLANA NUX, ‘noz de Abella’, pola cidade da Campania romana da que eran orixinarias. Hoxe son poucos os exemplares que quedan no concello pero sabemos que en tempos foron abondosas porque así o confirman os topónimos e os rapaces de Tarrío enredamos á súa sombra nos arrós do *Pazo*, onde aínda medran algúns pés. **Abelán de Riba**, **Abelán de Baixo** e **Abelán do Medio** están na estrada que vai a Teairo desde Imo. **Abelán**, **Abelán da Chisca** e **Abelán de Lago** son da Devesa dos Mouchos. Volve a haber abeleiras á beira do **Rego do Abelán** entre A Devesa e Teairo. **Abelán de Casacas** é descoñecido para os veciños ós que preguntamos, pero recóllese en cupos e documentos de propiedade do século XIX. **A Cruz do Abelán** é un fermoso cruceiro de capela levantado en 1672 que está nunha encrucillada de camiños, no alto do monte. O sitio chámase **Abelán da Cruz**. Por aquí discorría o *Camiño Real* que ía de Santiago a Rianxo pasando pola *venta da Chisca* e polo *Río da Vexa* (Bexo). Descríbeo o Padre Sarmiento na súa viaxe a Galicia de 1754 e despois Lucas Labrada en 1804, explicando

que a estrada era tan mala que nin cos maiores gastos se faría transitable. Joaquín Caridad quere derivar estes fitotopónimos de antigas divindades celtas (*Abellio*, *Abelonis*). **Abelosa**, que foi carballeira, onda as primeiras casas de Pexegueiro, sería aínda antes abeleiral. **As Abeleiras** quedan en Manselle. Pola **Abeleira**, que tamén é nome de Teaio, saía o *Camiño Real* da aldea de Imo. A palabra aparece recollida no dicionario de Luís Aguirre del Río, o noso veciño. Con varas de abeleira facíanse as mellores aguilladas para lle falar ó gando e usáronse tamen para descubrir as veas secretas das augas subterráneas cando se furaban os pozos. O crego trobador de Compostela Airas Nunes convidou a bailar a *tres mozas velidas* baixo as *avelaneiras froldas* do medievo. O que non sabemos é se lle aceptaron a invitación.

Abellariza. Abelleira

A Abellariza está en Teaio. O nome é sinónimo de ‘colmeiar’, ‘alvariza’, lugar onde se crían as abellas (do latino APICULA, diminutivo de APIS, ‘abella’). Na aldea de Manselle estaba o monte inzado delas: *O Agro do Río*, *A Albariña*, *Balranco*, *O Muíño da Rúa*, *Cal de Martiño*, tiñan centos de cortizos. Había abellarizas en Pexegueiro, arriba da igrexa de Imo, en Dodro... **O Agro de Abelleira** é de Lestrobe, cun antropónimo que se orixinou nesta mesma familia léxica. O mel e a cera foron produtos fundamentais na economía tradicional galega. Curiosamente, nas respostas do Catastro de Ensenada, tanto en Dodro coma en Láíño, declárase que non hai *corral de colmeas* no término, agás as que ten algún veciño, e detállanse en libras as cantidades de *cera labrada* que se producen e en *azumbres* as de mel. Son amantes as abellas da carroucha, do romeu e da herba abelleira (*Melissa officinalis*) que se plantaba nas hortas e se usaba para atraer os enxamios fregando con ela nos cortizos ou con follas de limón. *O que mata unha abella ten cen anos de pena* é refrán de vello, indicativo do respecto que se tiña polas abellas na nosa cultura popular e da crenza de que nelas reencarnaban as ánimas dos mortos. Criábanse ademais dentro das casas e consérvanse no muro de moitas vivendas das nosas

aldeas uns *pousos* de pedra ou *cunchas*, cunha entradiña para as lachenas. Eran coma da familia.

Aberto

O substantivo *aberto* fai referencia a eidos abertos, leiras sen pechar, en oposición a outras cerradas que son moi comúns entre nós: chousas, valadas, cercadas... A palabra procede do latín APERTU. **Agros Abertos** está en Teao e **Agro O Aberto** en Bexo, manténdose o artigo para o segundo elemento do término, nunha construción sintáctica que xa se usa tan só na lingua literaria pero que pervive noutros topónimos nosos.

Abrigueiros

Ten a súa orixe no latín APRICU, ‘abrigo’, defendido do aire frío e da chuvia, resgardado. **Os Abrigueiros** é unha paraxe de labor situada ó sur da aldea de Lestrobe, como o seu nome indica, ó abeiro do nordés, e con este significado aparece nalgúns dicionarios.

Agordonia

No Proxecto Toponimia de Galicia, recóllese tan só en Ferrol coma *A Gordonia*. Nós pensamos que se formara desde *Agro donia*, *Agro domina*, ‘Agro da dona’, etimoloxía que se pode ver noutros topónimos como *Vilar de Donas*, *Viladóniga* ou no *Covadonga* asturiano. Se así non fose queda este **Agordonia**, que está do lado de riba da aldea de Imo, como nó gordiano agardando por ser desnoutado.

Agro. Agra. Agrelo...

Estamos diante, sen dúbida, do topónimo máis rendedoiro da microtoponimia do noso concello, case sempre acompañado por un segundo elemento que achega información sobre o lugar ou é simplemente un antroponimo, o nome persoal do posuidor do terreo. Aguirre defíneo

como “conxunto de herdades labradías de diferentes donos regularmente cerrado, tamén toxal cerrado sobre si”. É unha distinción importante posto que aínda que algunhas teñen un só propietario, como se explica noutros dicionarios, hoxe mais ben son grupos de fincas cerradas con valados ou con pedras chantas pertencentes a diversas familias por mor das partillas que se viñeron facendo cos anos. Cando hai problemas cos marcos mídese todo o agro para verificar a superficie. Sempre falta. *Agro* é ademais sinónimo de *campo* con todas as tarefas que nel se realizan. Agricultura é a cultura do agro, a arte de cultivar a terra. *Agra* adoita ter significado colectivo: ‘conxunto de agros’, e constatamos en Vigo **Agra Moura**, en Revixós **Agra Maior**, e **Agra de Baixo** nas brañas de Dodro. En Teaio hai **Agra Chouso**, cunha relación sintáctica curiosa entre xéneros, supoñemos que por perda do nexo, mais así no lo din os informantes. O padre Sarmiento na viaxe de 1754 fala da “**Agra de Padrón**”. *Agrelo* e *Agriño* son diminutivos. **O Portelo do Agrelo** está no monte *Valouta*, por fronte de Traxeito e **Agrelo**, en Paizal. **Agrelos** é do Rialíño e de preto de Dodro; **O Agriño** está en Traxeito, Imo, no Rueiro e en Manselle; **Os Agriños**, en Bustelo e Traxeito. Todas as formas proceden do latín clásico *AGER*, ‘terreo cultivado’, aínda que hai quen defendería unha orixe xermánica (*ACKER*, ‘campo’) ou indoeuropea.

De seguido detallamos a longa lista de agros do noso concello. En Lestrobe: **Agro Novo**, **Agro do Cabazo**, **Agro do Escalo**, **Agro Sindes**, **Agro de Diante**, **Agro Grande**, **Agro de Bexo**, **Agro do Xarán**, **Agro de Núñez**, **Agro da Silva**, **Agro do Pan**, **Agro do Crego**, **Agro do Monte**, **Agro da Cruz**, **Agro de Hermida**, **Agro de Abelleira**, **Agro de Angueira** e **Agro Rubio**. En Dodro: **Os Agros**, **Cruz do Agro**, **Agro de Baixo**, **Tras do Agro**, **Agro do Barro**, **Agro dos Mozos**, **Agro do Cura**, **Agro do Souto**, **Agro Tobío**, **Agro Maior**, **Agro Rubio**. En Láño: **Agro**, **Agriño**, **Agro de Baixo**, **Agro Vello**, **Agro dos Carros**, **Agro de Alonso**, **Agro de Teaio**, **Agro dos Outeiros**, **Agro Tendeiro**, **Agro do Goriño**, **Agro de Xei**, **Agro Valado**, **Agro do Souto**, **Agro de Reboiras**, **Agro da Viña**, **Agro da Veiga**, **Agro de Adoro**, **Agro de Miguel**, **Agro de Benito**, **Agro do Xordo**, **Tras do Agro**, **Agro Novo**, **Agro da**

Devesa, Agro do Río, Agro do Millo, Agro Longo, Agro Lodeiro, Agro de Bouzas, Agro da Bouza, Agro de Moas, Agro da Corguíña, Agro do Chalán, Agro do Señorito, Agro da Corte, Agro de Miguéns, Agro das Xestas. En Imo e Bexo: Agro de Xan Rei, Agro dos Toxos, Agro de Martiño, Agro dos Abuíns, Agro da Graña, Agro Vello, Agro do Caldeirón, Agro das Mimosas, Agro da Dega, Agro do Crego, Agro da Estivada, Agro dos Carros, Agro da Pontella, Agro da Moreira, Agro de Rial, Agro da Eira, Agro O Aberto, Agro Pequeno, Agro Grande, Agro de Campelo, Agro dos Noias, Agro da Pedrosa, Portelo do Agro, Agro da Veiga, Agro de Novais, Agro dos Codesidos, Agro de Serra, Agro da Ferreira e Agro de Bexo. Na Devesa e Teaió: Agro de Pedro, Agro de Sar, Agro do Monte, Agro de Continundi, Agro do Pinal, Agro do Piñeiro, Agro da Fonte, Agro do Médico, Agro dos Pozos, Agro Xuliana, Agro da Señora, Agro de Vilox, Agro Grande, Agro da Pena, Agro de Ferro, Agro da Costa, Agro da Fervenza, Agros Abertos, Agro da Cruz, Agro Longo, Os Agros, Agro de Valiñas, Agro da Hortiña, Agro do Can, Agro Bo, Agro de Amaro, Agro de Asados, Agro do Muíño, Agro Pequeno. En Bustelo do Monte: Agro Palleiro, Agro Novo, Agro da Devesa, Agro do Trigo, Agro Redondo, Agro da Leña... A maior parte destes agros deben ir precedidos polo artigo (recóllense no índice final). Algúns comentarémolos con máis pormenor, pero han ser moitos os que queden no mar terreiro dos agros esquecidos.

Agudelo. Gude. Degudiño...

Os topónimos desta familia veñen sendo o resultado do latino ACUTUS, 'agudo', 'en punta'. **Portedegude** e **Arriba de Portedegude** quedan antes de chegar ó Castro de Traxeito, abaixo da estrada. **Canlegude** (*canle agudo*) e **Canlegude de Riba** son desa aldea, nunha forte pendente do terreo. **Agudelo** e **Agudeliño de Riba** están en Manselle, e formáronse desde o diminutivo ACUTELLU. **O Degudiño**, que está detrás de Revixós, é seguramente antroponímico, pero a orixe sería a mesma. Hai un tema

xermánico en GOTHs, 'bo', que xerou nomes de poseores xermánicos nos que se presenta tamén a forma *gude* (*Gudenandus*, *Gudericus...*).

Agüeiros

Do adxectivo lat. AQUARIUM. Nos diferentes dicionarios históricos galegos é nome que se lle dá a un burato na parte inferior dos valos para a saída das augas ou á canle que as conduce. Entre nós denomina a entrada pola que se lle abre á auga represada con terróns nunha gabia para regar unha campía, de xeito que esorra por regos abarbados e caneiros. A varias leiras de Lestrobe, do lado de riba da aldea, chámanlle **Os Agüeiros**.

Aguiúntes

G. Navaza recolle, na *Toponimia de Catoira*, *Aguiúncho* e póno en relación con *agulla* (ACUCULA) ou con *aguia* (AQUILA). Para **Aguiúntes**, nas brañas de Lestrobe, onda o antigo curso do río Sar (o *Río Vello*), quizais valen idénticas consideracións. Coa marea baixa, en *Aguiúntes*, os veciños de Lestrobe vadeaban o leito do río arremangados ou aproveitaban o tronco dun vello salgueiro derrubado, que botou alí moitos anos, para pasaren.

Alargo. Alarga. Alarganza

Alarga e os seus derivados son topónimos relativamente comúns que falan sempre da ampliación dunha herdade a costa do monte comunal, da braña, ou dun camiño. Boa parte dos *alargos* de Dodro son lembrados polos máis vellos como terreos comunais. Formáronse a partir do latín LARGUS, 'abundante', e do latín vulgar LARGARE, 'estender, aumentar'. Aquí vén sendo sinónimo de *tomada* e así podemos encontralo no dicionario de Cuveiro. **O Alargo do Chiquelo**, **O Alargo de Inverniz** e **O Alargo da Veiguña** están en Pexegueiro; **O Alargo do Rialo**, arriba do Rueiro; **O Alargo do Monte**, en Eiró e **O Alargo de Vilar**, no leste do

monte Valouta. En Imo rexistramos **Alarganza**; **O Alargo de Tuande**, xa preto de Bexo, onde hai **O Alargo**. **Alarga** está en Paizal, no monte da *Mina*, polo lado de Dodro, e arriba da Devesa, pero de fixo que hai máis, porque foi unha practica que se levou a cabo durante séculos, mesmo dentro das propias aldeas que *alargaron* as súas hortas e enxidos.

Albariña

Se nos chegara desde o latino ALBUS, ‘branco’, entón sería tanto coma ‘terra branca’, solta e areosa. Aplicado a plantas e animais de cores claros temos *uva albariña, carballo albariño, espiño albar, toxo albariño, uz albariña, ra albariña...* Eligio Rivas (*Natureza, toponimia e fala*) fai *albar* e *albariña* sinónimos de “terra de mala calidade”. Na *Toponimia de Marín* algunhas das palabras desta familia derivarían da partícula preindoeuropea ALB/ALP, ‘altura’. No dicionario de Aguirre remite á uva do albariño. Cando está preto das aldeas podería ser antropónimo xermánico, derivado de *Álvaro*, pero non o sabemos de certo. Edelmiro Bascuas estuda longamente as palabras desta familia e as doutras moi próximas coas que pode presentar confusión coma *alvariza*, ‘colmear’, así coma cos derivados da partícula ALB, oronímica unhas veces e hidronímica outras. **Albariña, Sobre Albariña e Albariña de Riba** son nomes do monte da Devesa. Lembra Rosalía en *Follas Novas* a sombra da súa parra “*de albariñas uvas*” e Anxo Angueira na *Pensa Nao* convidanos a comer as “*mazás doces da Albariña*” nas hortas de Manselle, que é onde tamén se conserva este noso nome.

Albertiños

Son toxais de Traxeito, **Os Albertiños**. No *Dicionario de Nomes Galegos* explícase que é o diminutivo dun antropónimo de ascendencia xermánica formado a partir de AL (‘todo, moi’) e BERTH (‘claro, ilustre’). A forma galega *Alberte* documéntase desde o século XIV e, posteriormente, tamén *Albertos*.

Albres

Formouse como contracción de ‘álbore’ desde o ARBORE latino. Este topónimo de Pexegueiro, **Os Albres**, só aparece recollido cunha única mención no Proxecto Toponimia de Galicia no concello de Coristanco, pero foi forma empregada por moitos escritores galegos e inaugura un poema de Avelino Abuín de Tembra, poeta que foi de San Xoán de Laíño: “*Nos albres do xardín había unha mazán...*”.

Alcacén

Alcacén (*alcasén* co seseo da nosa zona) é o cereal (centeo, avea...) que se sega en verde para darllo ó gando. Cítase no Catastro de Ensenada cando se describen as diferentes especies do término. Do árabe QASIL, ‘forraxe’. No *Vocabulario Castellano–Gallego* de Crespo Pozo fálase de que coas pallas do *alcacén* ou *ferraña* se facían gaitas e porretas. Nós, co centeo verde, facíamos asubíos que tiñan un son fino e agudo, vibrante. Unhas veces soaban e outras non. De aí debe de vir a frase que rexistra o dicionario de Eladio Rodríguez “non sempre está o alcacén para gaitas” (que vén sendo coma a nosa “non está o forno para bolos”), pero por aquí non a escoitamos, nin tampouco esta copla que recolle o *Diccionario da Academia* (1913–28): “Na miña horta naceron / Rabizas con alcacén; /Inda na testa che naza /O que a miña vaca ten”. En Dodro temos **Alcacén** e **Prado Alcacén**, do lado de riba da aldea de Vigo.

ALDEA DA IGREXA

É voz de orixe árabe, AL-DAYA, ‘pobo con poucos veciños, campo, finca rústica, casal’. **A Aldea da Igrexa** (apocopado, *Dea da Igrexa*) conforma o núcleo que medrou á beira da igrexa parroquial de San Xián Laíño. Debera figurar así no Nomenclátor pois non hai quen lle chame *A Igrexa* tal e como aparece nel. En Imo, Manselle, no Rialíño e noutros lugares do concello hai **A Aldea de Ribá** e **A Aldea de Baixo**. Os da parte de baixo

da parroquia de San Xián, a Pexegueiro, Traxeito, Paizal e O Rialíño chamámoslle *as aldeas de riba* e eles a nós *as aldeas de baixo*. Para os de San Xoán, A Devesa, Teao e Bustelo son *as aldeas do monte*. A aldea é a forma básica de poboamento en Galicia e supón unha comunidade social perfectamente definida, con fondas raiceiras históricas. Desa maneira designamos a maior parte das entidades de poboación galegas e, nalgúns casos, precede ó nome destas, como ocorre neste caso que comentamos.

Almas

Non é raro, na toponimia menor, en diferentes concellos de Galicia. **O Agro das Almas** (do lat. ANIMA) está en Tallós. Antes de subir ó ceo, as almas purgan os pecados no Purgatorio. Definiuse o seu culto no Concilio de Trento, a mediados do século XVI, promovido sobre todo polas ordes mendicantes e orixinou capelas e petos de ánimas con representacións tremendistas coma a do noso *Cruceiro de Bustelo*. Era tradición, na noite de Nadal, poñer dous cubertos de máis na mesa para as almas do purgatorio. En Laíño demos con xente que oíra dela. Explicao Eladio Rodríguez no seu dicionario. Eligio Rivas (*Natureza, toponimia e fala*) dinos que algúns lugares se deixaban “en herdo para atender o lume do Santísimo ou o culto das ánimas”. Temos que supor que se daría parte da colleita deste *Agro das Almas* pola intención delas. Os hórreos das reitorais foron sempre espazosos e acolledores, sobre todo no tempo do precepto.

Alto

Ten a mesma raíz que *outeiro*. As dúas palabras proceden do adxectivo ALTUS, por vía popular e culta respectivamente. Foron estudadas extensamente por Menéndez Pidal. **O Alto do Miradoiro** e **O Alto da Pena** andan por Bustelo do Monte. A voz *pena* verémola máis adiante. **O Alto da Pedra Vixía** está cara o nacente da Devesa dos Mouchos, e desde el divísanse as terras altas de San Xoán de Laíño a un lado e a outro o dilatado val do Ulla. **O Alto de Ribada** está en Imo, de RIPA, ‘ribeira’, pero tamén

‘parte alta’ ou pequena elevación do terreo. **O Alto da Veiga** era da aldea de Eiró.

Alvite

Alvite é nome usual durante o período medieval. Na opinión do profesor J. M. Piel, deriva de *Alvitus*, desde as raíces xermánicas ALL, ‘moi’ e WIT ‘perspicaz’. É topónimo da aldea de Susavila. A respecto dos nomes que irán aparecendo por estas páxinas con esa mesma filiación, cómpre explicar, antes de nada, que o que coñecemos como “toponimia xermánica” son en realidade “denominacións toponímicas medievais románicas, con empréstimos –lexicais ou onomásticos– de orixe ou etimoloxía xermánica” (Dieter Kremer: “Galicia Germánica”). Case todos os nomes de lugar ditos *xermánicos*, son antropónimos, poseores das terras.

Amaro. Amara

Como iremos vendo, son moitos os topónimos que se orixinaron nun nome de persoa, o propietario das terras. Este que comentamos semella proceder do celta A-MAUROS, ‘non morto’, ‘inmortal’, aínda que tampouco se poden esquecer outras orixes como a xermánica (ADEMARUS, ‘celebre no combate’) ou a latina AMARUS, ‘amargo’. San Amaro é o protagonista dunha das lendas máis fermosas da Galicia medieval, recollida na Cantiga CIII do Rei Sabio e reproducida amplamente na nosa literatura. Conta a historia do monxe *Amaro* ou *Ero* que fica enfeitizado escoitando o canto dunha *passarina* e cando regresa ó mosteiro do que saíra aquela mesma tarde cae na conta de que transcorreran trescentos anos. O presente eterno, o tempo suspenso. En Tarrío temos **A Horta da Amara**, sombreada de viñas emparradas, abaixo da *Fonte*, pero xa poucos lembran o topónimo. **Os Amaros** son do monte de Tarrío e **O Chedeiro dos Amaros** do de Imo. Ese primeiro elemento do antropónimo estudarémolo no seu momento. En Teoio teñen **O Agro de Amaro**; en Castro, **A**

Granza de Amaro e en Bexo, **A Capela de San Amaro** (*A Armida*), que nun tempo foi tamén de San Bieito.

Ameneira

Forman os ameneiros polos innumerables regueiros do concello e polas brañas pequenos bosques de ribeira. **Ameneira**, abaixo da igrexa de Imo, é ‘lugar de ameneiros’. As raíces do nome, para Eligio Rivas, están no proto-céltico AMEN, ‘corrente de auga’, e no indoeuropeo AM, ‘auga’, pero hai moitas dúbidas sobre a súa procedencia. Edelmiro Bascuas faino derivar da mesma raíz AM-, co significado de ‘canal’, polo que sería “árbore dos regos e das canles”. O ameneiro (*Alnus glutinosa*) é a árbore de Bran, o deus celta que se fai ponte sobre un esteiro para que o pobo se poña a salvo da outra banda. Coas ponlas doces dos ameneiros as nosas xentes facían asubíos, tradición antiquísima que Robert Graves relaciona co mito de Orfeo e cos cultos dionisiacos. A madeira empregouse tradicionalmente para facer zocos e cóntanos Aguirre del Río que da súa codia se sacaba unha tintura amarela. Están no verso de Eusebio Lorenzo *os amieiros recobrados no outono* cunha variante non usada entre nós e en *Follas Novas* “*brandea o norte as ponlas xentís dos ameneiros*”.

Amoriñeira. Moreira

A Amoriñeira está na veiga de Dodriño e sería tanto coma ‘a silveira’, abundancial de *silva* (*Rubus fruticosus*). As *amoras*, o froito, que menciona Aguirre, chegaronnos a partir do MORA do latín vulgar. Non é voz que recolla o Nomenclátor nin que se atope nos dicionarios, pero témola aquí, onde viviu Rosalía, que lembra no poema dos adeuses as *amoriñas das silveiras* que lle daba ó seu amor. **O Agro da Moreira** é de Bexo e tamén **A Moreira**, á beira do *río Vello*, preto da divisoria con Rianxo. Este último é topónimo de Lestrobe. Eligio Rivas considéraos de orixe oronímica, formados desde MOR, ‘rocha, monte’. Gonzalo Navaza entende que son fitotopónimos alusivos á *moreira* (*Morus alba*) ou ós

froitos da silveira. En 1786 o ilustrado Cornide, descansando no Pazo de Lestrobe, recoméndalle ó arcebispo a plantación de moreiras nestas veigas (Abascal Palazón: *Los viajes de José Cornide...*). No dicionario de Valladares (1884) explícase que a mediados do século XIX se lles impuxo por Real Orde ás catro provincias galegas a obriga de comprar plantóns de moreira seguramente para propagar a cría dos vermes da seda. Coidaban deles nos anos sesenta do século pasado os rapaces da escola de Tallós naquelas caixas grandes de zapatos *Gorila*, vixiados de preto polo mestre, alimentándoos coas follas de cadansúa moreira que había ós lados da porta de entrada.

Angueira

Fórmase desde o grego ANGAREIA, e despois do latín ANGARIO, ‘obrigar, requisar para un servizo público’, referido normalmente ó de postas ou correo ou ó transporte militar nas terras orientais do Imperio Romano. Facíase con relevos de cabalos e foi utilizado polos persas antes da chegada dos romanos. Alén dos significados convencionais de ‘que-facer, ocupación, tarefa’, no dicionario de Carré e no de Estravís explícase que a *angueira* era unha prestación que o vasalo debía facer ó señor por medio do traballo persoal ou coas súas bestas de carga, semellante a moitas outras, características da sociedade do Antigo Réxime. O que parece claro é que procede desta zona, de dúas aldeas da Terra de Iria que se atopan moi próximas, Angueira de Suso (Padrón) e Angueira de Castro (Rois), esta última ó pé do *Castro de Beca* ou *Franco*, onde se sitúa o mítico castelo da Raíña Lupa. No mapa de apelidos esténdese polo concello de Padrón e polos máis próximos, desaparecendo case no resto de Galicia. Temos o topónimo **As Angueiras** no monte de Lestrobe, **A Angueira Grande** e **A Angueira Pequena**, de onde procede a familia paterna do poeta Anxo Angueira. A rúa que atravesa a poboación leva o nome do escritor Fortunato Cruces Angueira, periodista, autor de *Castañolas* e de *Cousas Gallegas*, que morreu na Arxentina en 1961. Un mestre de Lestrobe do século XIX, Tomás de Angueira levaba os escolares a ver a Ro-

salía cando a escritora paraba nas Torres de Hermida: “Ordenadamente os acercáis al palacio de don Pepito, y en la mesa de piedra del jardín estará una señora enlutada. Os parecerá la Virgen de los Afligidos de este pueblo...” A cita recóllese no libro *Imágenes de poetas* (1943) do escritor arxentino Ernesto Morales. Que saibamos, aquí non hai edición impresa nin demos con el nas bibliotecas. Citamos desde a páxina de libros de Google.

Angueiro

Leiras de Bexo, á beira do río, onde abundaron as anguías (lat. ANGUILLA). Non é doado agora velas pero rebulían nun tempo polos regos e esteiros esquecidos de Dodro e polo río grande. Había un ben de Deus delas, mesmo nas gabias dos campíos. Reprodúcense nas profundidades abisais do Mar dos Sargazos a cinco mil kilómetros de Galicia e as larvas son transportadas pola Corrente do Golfo ata as costas europeas nunha viaxe planetaria que dura tres anos. As crías ou angulas entran polas rías e chegan ós nosos ríos onde se fan adultas e desenvollen a súa vida ata que se inicia de novo o ciclo. En **Angueiro** (nós pronunciamos *Anqueiro*) está a *Fonte Mineral*, da que falaremos ó seu tempo. Na panza dunha xerra piriforme romana atopada no río Ulla, en Catoira, moi preto do lugar que comentamos (Naveiro e Caamaño, 1992), o alfareme trazou unha forma ondulante, serpe (ANGUIS), lamprea ou anguía, a carón da proa dunha nave. Foi peixe prezado polos romanos que o usaban na elaboración do *garum*. Tamén a empanada de anguía tivo sona entre nós mentres as houbo. Quedounos no pórtico da *Pensa Nao* amasada con fariña milla e con anguías do rego de *Sernanselle*.

Anovadas. Novais. Novo...

Que anovar é ‘converter un monte en labradío’ dínno-lo case todos os dicionarios. Procede do latín NOVUS, ‘novo’. NOVATUS AGER son as ‘terras anovadas, gañadas ó monte’, terreos incultos labrados por primeira

vez, nesa loita secular do campesiño galego por ir ampliando o espazo cultivable que empeza no Neolítico e ten o seu momento álxido na plena Idade Media. Era práctica habitual entre as nosas xentes, de maneira que a palabra foi de uso común. Hoxe estase a producir precisamente o fenómeno contrario, leiras que levaban labrándose centos de anos volven plantarse con especies forestais. Péchase o círculo. Ou ábrese a espiral, e volverán os nosos descendentes a roturalas como *terras novas*. **As Anovadas** están na aldea de Bustelo. Da mesma familia léxica serían **Os Novais**, na veiga de Tallós e en Eiró (onde se di tamén **Os Nevais**); **O Agro de Novais** e **Os Novais de Fóra**, en Bexo; **Novaisiño** e **Os Novais** en Traxeito, labradíos á man esquerda do río, todos eles cunha forma de plural normativo que se dá noutros topónimos pero que se perdeu xa na lingua cotiá dos nosos veciños. En Traxeito e Paizal hai **Prado Novo**; en Lestrobe, **Agro Novo**, e en Manselle, **Agro Novo**, **A Revolta Nova** e **A Cortiña Nova**.

Antas de Granada

Arriba de Sar, no alto do monte, están **As Antas de Granada**. *Anta*, do latín ANTAE, ‘pilastra ós lados das portas’, preséntase asociado case sempre na toponimia a un enterramento megalítico. Aquí confirmao a lenda dunha *Fonte do Encanto*, cunha luz acesa polas noites, á que ninguén ousaba subir. *Antas* e *antes*, que así o rexistramos tamén para este topónimo, están en Sobreira e Sarmiento. A *granada* é o froito da mil-grandeira (*Punica granatum*), en latín BALAUSTIUM, de onde tomaron o nome os *balaústres*, porque co remate do capitel asemellan as varas en flor da planta (Corominas). Nós tan só lembramos un exemplar desa árbore no concello, coas flores vermellas coma farois na *Horta do Brañeiro*, na Banda, que era para os nosos ollos novos coma un xardín do Edén en miniatura. Contan os veciños, que esta *granada* das antas terá que ver cunha granada que estourou no lugar durante unha suposta guerra cos mouros (Puente Míguez, 1976). *Encanto*, do latino CANTARE, ‘cantar’, ten o sentido de ‘feitizo, encantamento’, pero ás veces nomea o ser fabu-

loso que garda os tesouros ocultos. Ademais de anotar que son construcións do megalitismo, no *Gran Diccionario Xerais* explícase que as *antas* (ou *antes*) son “marcos de pedra de gran tamaño chantados verticalmente na terra”. Coma nos montes das outras aldeas, nas *Antas de Granada* había pozos artificiais construídos polos veciños para recoller a auga que se usaban nos vrans para regar os milleirais da veiga.

Arcai

Arca é sinónimo de ‘hucha, caixa’, pero tamén de ‘mámoa’ e designa por veces lugares onde as houbo. É moi posible que a *Arca Marmarica* xacobeira fose unha anta, un túmulo megalítico. Entre Tarrío e *Solaíño* temos **A Arcai** e **A Veiga da Arcai**. Aparece nun foro de 1661, outorgado por Mauro de Mendoza Caamaño e Soutomaior, Marqués de Vilagarcía, a veciños de Reboiras e Imo. De estar a filiación no ARCA latino (de ARCEO, ‘deslindar’) entón tería un sentido próximo a ‘estrema’, ‘linde’. Ferro Couselo (*Los petroglifos de término y las insculturas rupestres de Galicia*) estudou as *pedras de término* que xa viñan sendo usadas polos romanos. A miúdo empregáronse *arcas*, *antas* e *mámoas* como marcos de separación (Carneiro Rei, 2000). **O Pouso da Arcai** estaba no camiño que viña por *Solaíño* desde a braña e **O Portelo da Arcai** no camiño da aldea que daba acceso ás fincas. Falaremos de *pousos* e *cancelos*.

Areas. Areal. Areeira...

Tanto *area* coma *areal* foron as formas tradicionais para nomear as praias en Galicia antes da chegada do turismo. Todos estes topónimos proceden do latino ARENA, ‘area, anfiteatro’, onde combatían os gladiadores. No interior designan lugares nos que se depositaba area pola erosión dos regatos ou zonas de terra moi solta de constitución areosa. **Areas**, **Trasareas** e **Arexal** son de Traxeito, **O Areal** é de Paizal e **Areas** da braña de Les-trobe. Hai unha referencia a este topónimo no *Tumbo de Santa María de Iria*, do século XV (J. L. Pensado, “*Margees y marquadas* en El Tumbo

de Iria”, en “Notas etimológicas galaico-portuguesas”): “Iten en Areas de Sima duas *margees*”. Aínda que no traballo citado a palabra *marxas* se dá como perdida na fala, é voz que se segue a usar polas nosas xentes co sentido de “pequena porción de terreo” ou de “terra que queda comprendida entre dous regos”. Cando se botaba o centeo ou a avea fendíase a terra co arado de pau e facíanse *marxas* entre os regos, para que non os levara a auga. Dúas *marxas*, pois, nas *Areas de Riba*. **Areeira** está na parte de riba de Imo, **Areosa**, en Bexo e **A Areeiriña** e **O Rechán da Areeiriña**, en Bustelo. **O Arieiro**, na braña de Dodro, á beira do Ulla, dáballo nome a unha das insuas. Nos anos setenta dragouse area sen medida no leito do río provocando cambios irreversibles na súa fisionomía, coa desaparición de insuas e a alteración de *marxes* e *fondais*, así coma na súa fauna e flora. A respecto de **Liñas de Aredo**, en Bexo, non estamos certos de incluílo neste grupo, pois *aredo* podería ser tema hidronímico, ben relacionado co radical “*ar*” (vid. Río), ou coa base “*arón*”, presente en nomes de ríos e fontes, estudada por Edelmiro Bascuas (2002) e citada por Gonzalo Navaza na *Toponimia de Catoira*.

Arregañadas

“*A castaña, no ourizo, quixo rir e arregañou. Caeu do castaño abaixo, mira ti o que gañou*”. *Arregañar* (do latín REGANNIARE, ‘rosmar’) ou *regañar* é ‘rir, en sentido despectivo, ensinando moito os dentes’ ou mostrándoo de xeito ameazante como fan os cans, e dise das táboas ou dos froitos, coma os ourizos, ó abriren e teren gretas e fendas. Así máis ou menos nolo contan Aguirre e os demais dicionarios. É probable que **As Arregañadas**, **As Arregañadas do Outeiro** e **As Arregañadiñas** de Teaio foran terras dificultosas de traballar ou agretadas e cunha chea de pedra.

Arufe

Arufe é paraxe da nosa aldea de Bexo. Para Joseph María Piel, a quen seguiremos a miúdo cando se trate de antropónimos de proxenie xermánica, a primeira partícula derivaría do nome godo da aguiá, ARA, e a terminación UFE/ULFE procede da voz WULF, ‘lobo’, case exclusiva do territorio da antiga Gallaecia. O propio Piel considera o noso entre eles ó estudar a toponimia xermánica da Península Ibérica. **Arufe** dálle nome a un lugar do concello de Ames citado con diferentes grafías no *Tumbo de Toxosoutos* (Adauffe, Aduffo...). Debeu de ser orixinario da zona de Noia, na que é bastante habitual. A raíz WOLF está presente en apelidos como *López* (de *Lopo*, ‘lobo’) ou en palabras coma o *volframio* das minas de San Fins (Lousame) onde traballaron xentes de Dodro. Foi primeiro nome despectivo porque os mineiros, que agardaban atopar estaño, deron con algo semellante a *ferruxe de lobo* (WOLF-RAM).

Avesada

Durante un tempo *A Avesada* figurou deturpado nalgunhas edicións do *Mapa Topográfico Nacional* como “*As Abadesas*” dalgún mosteiro imaxinado tan só por topógrafos insomnes, desleigados. **A Avesada**, **As Avesadas** e **A Avesada dos Romanos** están nas brañas de Laíño, pero hai **A Avesada** tamén en Dodro e Bexo, e **As Avesadiñas** en Teaió. Todas son ‘terras versatas’, e deben de escribirse con “V”, porque derivan do VERSU latino, ‘rego aberto polo arado’ e de VERSARE, ‘voltar’. A mesma raíz está nos *versos* que conforman o poema, pola semellanza cos sucos paralelos que ó labrar van quedando no chan. Así vai o arado e vén tirado pola xugada de bois. *Bustrofedon*. A partir do século XII, no intre en que florecen os primeiros versos de ouro da nosa lingua e abandonamos o latín, o *arado de vesadoiro* empeza a substituír lentamente ó dos romanos tirado por varias xugadas, abrindo regos máis fondos, *vesando terras novas* en todo o occidente europeo. Aínda hoxe se chama *arado de veso* nalgunhas aldeas da Terra de Iria. Aguirre menciona tanto *besar*

Avesada

coma *besadoiro*, indicando para este último que se usa en terras moi pesadas, comentario que tamén podemos ler en Sarmiento. No *Gran Diccionario Xerais da Lingua*, *vesar* é “britar a terra co vesadoiro”, “labrar fondo” e *vesada* “terreo que se vesa por primeira vez, prado ou lameiro que se cultiva”, características que lle acaen ben ás nosas leiras que levan eses nomes. ©M→



Bexo desde a outra banda.

En primeiro plano A Insua. Ó fondo As Murallas do Castro.

B

Bacelo

É palabra viva na fala co significado de ‘videira’, ‘plantón’, ‘estaca de vide usada para reproducir’. Despois da poda as vidras miúdas quéimanse, os sarmentos gárdanse para a brasa e os *bacelos* empréganse sobre todo para facer espalleres. Procede do latín BACILLUM, ‘estaca, pau pequeno’, e de BACULU, ‘bastón’, pola similitude que teñen as súas formas retorcidas co caxato do camiñante ou co báculo arcebispal. Consideran tamén os dicionarios o significado de ‘porción de terra que formaba un pequeno feudo’.

Os Bacelos son da aldea de Tarrío, preto xa da estrada comarcal, nunha zona na que abundan outros topónimos relacionados co viño: *As Viñas, A Viña da Horta, Os Lagares, A Latiña...* **O Bacelo** está tamén en Tarrío, arriba da *Fonte de Vera*, en Bexo e en Reboiras.

Balagón

Balagón dos Campos e **Balagón dos Pinos** atópanse para alá de Pexegueiro. No Proxecto Toponimia de Galicia figura tan só no concello de Ribadumia. En *Natureza, toponimia e fala*, cita Eligio Rivas *valagota* entre

as voces derivadas de *val*. Se esa fora a xénese do noso nome entón procedería do VALLIS latino e escribiríase con “V”. Na mesma publicación documenta no nordeste de Lugo *balangueirada* co significado de ‘sebe’ ou ‘empalizada’. No Vocabulario de Crespo Pozo a palabra equivale a ‘burato’, poza para regar nunha terra roturada. Para Aníbal Otero *valagoto* é sinónimo de ‘noiro’, ‘arró’, ‘magalón’. No *Breve Diccionario Etimológico de la Lengua Castellana* de Corominas, en español á palla do cereal despois de quitarlle o gran, e levalo á eira onde se poñen os feixes, chámase *bálago*. Os monxes do mosteiro portugués de Alcobaça estaban obrigados a darlle a El Rei uns *balegoens* ou borceguís en recoñecemento do padroado real (*Elucidário*).

Balranco. Barranco

Debe de ser *Balranco*, voz que consta nos cupos e empregada polos titulares das fincas, deformación de *barranco*. Non hai acordo sobre a súa etimoloxía. Para Hubschmid formouse desde o substantivo prerromano BARRA, ‘pértega’, pero outros autores defenden unha orixe preíbera ou grega. Eligio Rivas póno en relación co tema precéltico BAR, altura, presente noutros oronímicos: *Barbanza*, *Barraña*... e neste **Balranco** de Manselle, na encosta do monte, nun forte desnivel, onde nace o río que pasa pola aldea, o que coincide cos significados que apuntan Eladio Rodríguez e Marcial Valladares: “quebrada producida polas augas da chuvia”. **O Camiño de Balranco** e **Os Pozos de Balranco** son topónimos sobre os que volveremos. **A Corga do Barranco** é de Castro e presenta as mesmas características. **A Barranca**, preto de Pexegueiro equivale igualmente a xepadeira, pendente pronunciada.

Balteirón

Balteirón é nome de posesor xermánico, *Baltariu*, composto de BALD, ‘valente’, ‘ousado’ e HARJIS, ‘exército’, do que provén o ARIUS latino. **Balteirón** témolo en Bexo e en Manselle. No Tombo de Toxosoutos fi-

gura un *Martynus Balteyro*. *María Balteira*, a da saia leda, foi a soldadeira máis famosa da Galicia medieval e cantouna o propio Rei Sabio.

Banda

A palabra ten o significado de ‘lado, beira’. Procede do gótico BANDWO, ‘signo’, que deu *bandeira*. “*Como chove miudiño, como miudiño chove; como chove miudiño pola banda de Laíño, pola banda de Lestrove*”. Coma nun fogonazo de magnesio, aí nos deixou Rosalía, agardando que albaie, retratados para sempre baixo unha chuvía de encaixe, a nós, habitantes destas brañas verdecentes que a chover miudiño lle chamamos *babuxar*. Da outra banda do río queda Cordeiro. Cando funga o vendaval, antes que chova, os que miramos para o sur escoitamos o troupelear do comboio pantasmal dos Trulock coma se pasara chifrando a carón noso. En “A lingua e os nomes” (*Obra Selecta*) Ferro Couselo alude moi brevemente ás peculiaridades lingüísticas que distinguen estas dúas “bandas do mar”. As nosas *canas* son as *canibelas* deles e os seus *azos* son desta banda *piñas* de uvas. *En cada terra seu uso e en cada roca seu fuso*. Aínda que separada pola estrada, **A Banda** é un pequeno grupo de casas que forma parte da aldea de Tarrío, situado ó norte dela. Polo camiño da *Banda*, su as ponlas da camelia da casa colonial de Brañeiro pasabamos cada día para ir á escola a *Chenlo*. Como por aquí non había outra, quizais as palabras de Eusebio Lorenzo no *Libro das viaxes e dos soños* se referían a ela: “*Noite. Comezaba a chover. O recendo da camelia mollada enchía de luz o camiño*”. A árbore segue alí e tamén o esqueleto daquel vello Chevrolet que ollamos asombrados, negro coma a parrumeira do forno, comesto polas hedras do tempo.

Baño

Do latino BALNEUM, despois BANEUM. O topónimo *Baños*, aludiría a establecementos públicos onde se podía bañar a xente, aproveitando as propiedades minerais das augas, mentres que *O Baño*, en singular, como é o

noso caso, serían terreos enchoupados e pantanosos. López Ferreiro entende que o topónimo *Baliñas* de Lestrobe facía mención a unhas *balineas* ou casas de baños públicos romanos. Hoxe non temos constancia de que se conserve en Lestrobe pois ninguén soubo darnos noticia del, pero si que o hai na aldea veciña de Revixós. Se cadra estase a referir a este. O nome que encabeza o epígrafe está ben representado tanto na toponimia galega coma na portuguesa. Cóntanos Estrabón na *Xeografía* que os lusitanos nos alipterios tomaban baños de vapor que se desprendía de pedras moi quentes. **O Baño**, está cara o nacente da aldea de Manselle amais no monte do Rialiño. *Baño* é tamén unha bacía ou artesa de madeira na que se mete a carne do porco en sal. Facíanse de castaño cun burato para que escorrera a salmoira.

Barazal

O Barazal é topónimo do monte de Bexo, onde está a arqueta de captación de augas da aldea. Nos dicionarios vén 'como monte aberto', 'terreo comunal'. No *Onomástico etimológico de la lengua gallega* Sarmiento dinos que *barazal* é *monte ceibo no que todos poden cortar ou rozar*. Na edición de J. L. Pensado ponse en relación con *barcia* e outros términos afíns.

Barbanegra

Con seguranza, ha ter relación coa base oronímica, xa comentada, BAR-B, 'monte', 'altura', que está presente en topónimos coma *O Barbanza* ou *O Castro Barbudo* de Taragoña. As *barbas de raposo*, *Cuscuta epithymun*, son unha planta parásita moi abundosa nestes montes. **Barbanegra**, este topónimo con nome de corsario, está arriba do *Viveiro forestal*.

Barco. Bragadas. Caldebarcas...

Barquiñas, na veiga de Lestrobe, ó lado do vello curso do río Sar, podería aludir a algún lugar onde arrimaban as embarcacións, pero **O Monte Caldebarcas**, en Manselle, ten que estar emparentado con temas oronímicos. Para Eligio Rivas procedería da raíz céltica BARG/BERG, 'altura', transformándose a consoante en xorda. Hubschmid entende que *barca* deriva do vasco IBAR, 'veiga'. De momento non hai acordo sobre o tema. *Cal*, o primeiro elemento do topónimo, 'canle' ou 'camiño', verémolo máis adiante. O copista do catastro de 1958, afortunadamente parco á hora de facer modificacións, aquí permitiuse unha licenza e escribiu "Caldo de barcas". Agradecemoslle a graza. De todas as maneiras son etimoloxías moi discutidas e poderían remitir á partícula prerromana BARC, 'depre-sión'. **A Pipa do Barco**, está no medio do monte de Teaió. Sobre o elemento inicial, *Pipa*, volveremos en van. **As Bragadas** en Reboiras poderían ser tamén desta complicada familia ou da que imos ver no epígrafe seguinte (*bargo...*).

Barguenla

Quizais entronque coas raíces anteriores, BARG/BERG, ou emparentado coa forma *bargo* ('cerre, sebe'...) que se formou desde o sánscrito VARANDA, 'tabique divisorio' (E. Rivas en *Natureza, toponimia e fala* recolle, entre outros nomes, *barganzo, bargado, barguelazo...*). No *Elucidário* de Joaquim de Santa Rosa de Viterbo, de 1798, *barga* é "choza, casa pequena cuberta de palla". Para Corominas *Varga* ten diferentes acepcións: 'costa, cabana, prado cerrado de sebe'. Gonzalo Navaza rexistra *Bargo* na parroquia de Abalo (Catoira), que está nos dicionarios como 'empalizada feita de lastras chantadas para formar un cercado'.

É plausible que estea en relación con *barcia*, desde unha base hidronímica euroafricana "*ibai*", 'río' e do prelatino BARKENA, 'ribeira', espazo que se inunda, que figura como *varcena* ou *vargea* na documentación medieval. *Veiga, barcia, barciela, barxela...* serían para E. Rivas (*L. G. Ni-*

veis *Primitivos*) topónimos emparentados con ese radical. O mesmo G. Navaza na *Toponimia de Rebordechán* falando do topónimo *Barxelas* comenta que *barxa* e *barcía* son palabras prerromanas para designar terreos fértiles á beira dun regueiro. Joseph M. Piel que fixo unha análise pormenorizada dos nomes deste grupo e recolleu algúns moi próximos ó noso (*Bargela, Bargiela...*) insistía tamén en que están sempre asociados á noción de *auga* (*Grial*, 23). A dicir verdade, esas son hoxe as características que mellor se aveñen co noso nome, **A Barguenla** (*Barghenla*), entre as últimas encostas do *Castro de Traxeito* e as augas recentes do río de *San Lufo* que está aprendendo a andar.

Barral. Barreira. Barreño...

Derivados de *barro*, con sufixos diminutivos e abundanciais, están amplamente representados por toda xeografía galega nos nomes das nosas parroquias, aldeas e, como vemos, tamén na microtoponimia. **O Barral** é sinónimo de ‘lameira’ ou lugar onde hai barro, arxila, sarso. Está en Bexo, e ó lado **O Barraliño**. *Barreiros* e *barreiras* son sitios de onde se extrae o barro. Empregábase para asentar as cociñas económicas, as pedras dos valos, para tapar o bagazo, o forno, as firlas das colmeas ou para facer as olas.... De Bexo así mesmo son **O Barreiro**, **A Barreira**, **O Barrosoño** e **Os Barreiriños**. Hai **A Barreira** abaixo de Traxeito, **Os Barreiros** e **As Barrosoñas** no Rialíño. **A Barrosa** está en Castro e en Teaió, onde temos aínda **A Barrosoña**, **O Barreiriño** e **A Fonte Barreira**. **A Barreira da Poza** queda arriba de Bustelo, onde hai **O Barreiro** e **O Rego Barreiro**. **Souto Barreiro** e **O Agro do Barro** son de Dodro e **Barreño** da braña de Lestrobe. Como exemplo da pervivencia da propiedade comunal, no libro *Estudios sobre la propiedad territorial de Galicia: el foro, sus orígenes, su historia, sus condiciones*, citando o *Tumbo de Santa María de Iria*, dinos Manuel Murguía que no século XV, o “Barral de Lestrobe era posuído en común entre os habitantes” do lugar e que Johan Martis, “vello morador” da aldea, *vedraio*, era aceptado polos veciños como encargado “de partir e estremar as herdades”. *Vedraios* ou *vedraños* (do latín

VETERANO) son homes bos e anciáns que sobresaen nunha aldea. Algúns vedraios de Dodro foron informantes nosos para elaborar estas páxinas: *Pepe o Ferrador* de Lestrobe, *Ramón do Campo* de Bustelo, José Abuín de Manselle (infelizmente xa desaparecidos agora que revisamos o texto), *Paco de Serodio*, Teodoro de Paizal... No *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da Terra de Rianjo e Postmarcos* do ano 1457, editado por Fernando R. Tato Plaza, ó que nos referiremos de cotío porque é unha fonte fundamental para a nosa zona, fálase de “Pero de Ben” e da súa “moller” “Tareyia Oanes”, “moradores en Barral de Beejo”, e máis adiante de “Pero Çitoula, morador eno Barral de Beejo”. Cando os homes de Pérez das Mariñas e do arcebispo arrasaron o Pazo de Tarrío de Sueiro Gómez de Soutomaioir, para compensar a perda, Rodrigo de Luna deulle terras no *Barral* de Bexo. A etimoloxía de todas estas palabras é seguramente prerromana.

Barrio

A palabra *barrio* resulta do árabe AR BARRI, ‘o que está nas aforas’, arrabaldo. **O Barrio de Riba** e **O Barrio de Baixo** son de Lestrobe, ós lados da estrada que divide a poboación e que leva o nome do escritor Fortunato Cruces.

Batán

O batán era un mecanismo artesanal movido pola forza da auga para bater os panos de la e suavizar o tecido, que así melloraba considerablemente de calidade. Estaban instalados nos muíños e tiveron moita importancia en toda a comarca. A palabra é de procedencia descoñecida aínda que se pensa que veña do latín BATTUERE, ‘bater, golpear’. *Batán* é tamén sinónimo de ‘técola’, persoa que fala sen medida, pola semellanza co mazo do batán que non para. Abelardo Moralejo estudou a toponimia do *Batán* en Galicia. **O Muíño do Batán** está en Rial, no río de Manselle.

Bazoco. Bazoqueira

O **Cruceiro do Bazoco** érguese entre Sar e Castro no alto da *Corredoira da Fonte Navenlla*. **Bazoqueira** ou **Buzaqueira**, que non hai acordo entre os veciños, fica pasado o *Portancho*, do lado de riba da estrada que vai a Pexegueiro. Os dous lugares atópanse no límite entre as toxeias e as terras cultivadas. No dicionario de Estravís *bazoca* é sinónimo de ‘bazo’, no de Eladio Rodríguez vén sendo o que ten “cor trigueira, morena ou pardo amarelada”. Pode que fora morocho o dono do cruceiro e que no segundo caso se refira ás características do terreo do monte, pero ten que ser vocábulo antigo con outro significado que non coñecemos. Nun traballo sobre a toponimia de Rebordechán, Gonzalo Navaza vincula os topónimos cunha raíz prelatina que estaría tamén na palabra *bacia*, ‘artesa’, aludindo a concavidades do terreo. Semellante significado é o que lle dá Aguirre del Río a *buzaca*, ‘especie de oquedade’, pero aquí non as vemos. No *Libro de Fábrica de San Xíán de Laíño*, en 1676, na memoria das misas anuais hai varios veciños das aldeas de riba co apelido *Basoco*. Na “*Nueva Contribución a un vocabulario Castellano–Gallego*” de Crespo Pozo, *buzucar* é ‘revolver un líquido’ e *buzaco* é voz arcaica para denominar ó *miñato* (*Buteo Buteo*), señor do mediodía, xirando e xirando, nos ceos de Laíño. Nalgún dos significados que vimos de comentar debe de estar a orixe dos nosos topónimos, a do apelido do trovador do século XII, Pero Pais Bazoco, e a da floresta encantada do Buçaco portugués, que se fai derivar de SUBIACO, o lugar a onde se retirou San Bieito de Nursia, ou de BOSCU SACRUM, bosque sagrado, entre outras carambolas etimolóxicas.

Berbellón. Boullón

O **Berbellón** é da Devesa, á beira da aldea e do río que nace no *Campo da Chisca*. Procede do latín vulgar BULBULLIA. BULLIRE é ‘ferver’, polo ruído da auga ó abrollar nas fontes. Son innúmeras en galego as voces sobre o nacemento dos mananciais: *aborbollar*, *agurgullar*, *esgorgollar*,

gorgollar, borbotar, burbular... todas cun radical onomatopeico similar. **As Pedras de Boullón**, cons da beira nosa do Ulla, na braña de Dodro, poden ter idéntico étimo. *Boullón* é ‘borbollón’. Ollos de auga. Hai *burbullíñas do río* en Rosalía e *borborotos* en Aguirre, que son os bolicos da fariña que non se dan desfeito na auga cando ferve ou os que quedan nas papas despois de papexaren .

Beria

Para Eligio Rivas formouse desde a raíz precéltica BAR, ‘auga’ (xa vimos que pode ser tamén partícula oronímica) e de BARIA, ‘marxe do río’, igual que a máis común *beira*. Cita na documentación medieval a forma *veriale*, ‘herbal’, que podería adecuarse ás características do topónimo que estudamos. **A Beria** son unhas leiras de labor no *Cebolal*, que é o nome de toda a veiga de Dodriño e Revixós. Na Terra Cha, baixo as augas da Lagoa de Cospeito, xace asolagada a cidade lendaria de *Beria*.

Bertulo

Coma *Bartolo*, **Bertulo**, que está na veiga de Dodro, será hipocorístico de *Bertomeu*. Procede do arameo “*fillo (BAR) de Talmai*”. San Bartomeu foi un dos doce apóstolos e é o patrón de moitas parroquias galegas. Protexe contra o raio, coma Santa Bárbara, fronte ás alimarias e tamén é avogoso dos bos partos. Conta Vicente Risco que o pan que se coce o día do santo non apodrece.

Betritz

De ascendencia xermánica. Non o atopamos en Sarmiento nin nas longas enumeracións que fai J. M. Piel de topónimos relacionados con fundacións de señores suevos ou godos. **Betritz** é nome medieval de propiedade de terras ó sur da aldea de Teairo que pertencerían, coma todas as desta parte do concello, ós señores de Rianxo e ó arcebispado de Compostela.

BEXO

Bexo é o nome dunha das aldeas de San Xoán de Laíño. **O Alto de Bexo** está na Paradegua, na estrada que vai para Rianxo. Gonzalo Navaza pensa que posiblemente sexa un hidrónimo prerromano coa mesma orixe que *Ve*a (*Velegia* no latín medieval). Crespo Pozo faino derivar da partícula UEX/VEUX, ‘auga, río’ e explica, verbo da forma *Bejo*, que “xa vai sendo hora de que se lle cambie o nome” pola correcta Bexo. A mudanza fixérona chupatintas coma os que trocaron Rianxo por *Rianjo*. Hai un río de Bexo no Concello de Aranga e Beja dálle nome a un distrito do sur portugués. No seu discurso de ingreso na Real Academia Galega cóntanos Xosé Luís Axeitos que cando descubriu que o *Bejo* dos indicadores das estradas non era tal, senón Bexo, e que tiña relación cun nome de propietario, *Velegio*, e non con “ver”, entendeu tamén que a lingua galega era “unha porta aberta á comprensión do mundo”. Cita o noso topónimo o padre Sarmiento tanto na viaxe de 1745 (*Vejo*) coma na de 1754 da que transcribimos a cita completa:

«Monte de Bexo, debe ser Vexo, de Visus o Viso, pues de hecho se registra de el lo mejor de la ría de Padrón hasta las torres d’Oeste, hasta cerca de Padrón y todas las brañas de Laíño sobre la ría, las cuales son comunes. As Escuras do Bexo, son las encañadas al subir el Bexo o Vexo.»

Estaría relacionado por tanto co verbo *ver*, VIDERE, pero isto é discutido por autores coma J. L. Pensado que prefire tamén unha derivación antropónica ou Eligio Rivas que supón unha primitiva base preindoeuropea BES/BIS, ‘altura’.

No *Tumbo Vermello de Lope de Mendoza* de 1435 explícase que “en la villa de Beejo, que es en la felegresia de San Juan de Leyn ay ca-torze fogos, e dan por fueros al arçobispo VI maravedis cada uno. Iten, en estos casares hay lutuosa e gayosa”. A *lutuosa* pagábaselle ó arcebispo cando morría alguén na casa e a *gayosa* cando había voda ou bautizo.

Houbera ledicia ou dor, pagaban os de sempre. Nas *Memorias del Arzobispado de Santiago* de Jerónimo del Hoyo de 1606, falando dos veciños de *Sancta María de Isorna* explícase que

«*Son bassallos del arçobispo, mi señor, de la jurisdicción de Cordero. Está esta felegresía inclusa en la jurisdicción de Rianjo y los vasallos van oir Audiencia y a los alcaldes a la Puente a Balga. Pasan por una barca el río de Padrón y lo mesmo hacen los vezinos de la aldea de...bexo que son de la felegresía de San Giau de Laiño que son quatorce a quinze vasallos.*»

Comenta aínda o cardeal Del Hoyo que “quedaron desta parte del río para guarda de unos castillos questán en el rio de los quales aún duran tres que corresponden a las torres d’Oeste” e explica que estarían mellor na xurisdición de Rianxo polas moitas dificultades que teñen para cruzar coas grandes riadas do Ulla. No Catastro de Ensenada, faise un interrogatorio á parte para o *Couto de Bexo*, porque, aínda que pertence á fegresía de San Xián de Laiño, é nese momento da xurisdición de Cordeiro. Na aldea de Bexo está a Capela de San Amaro, *A Armida*, con dúas esculturas de pedra medievas, unha do San Pedro e outra da Virxe de Belén e unha imaxe de madeira do San Mauro. Ó pé dela vive o profesor Brea Rei que editou a obra completa do poeta de Taragoña Brea Segade, parente seu: *Un reiseñor canta lonxe*. Natural de Bexo era Rosa Fernández, criada de Rosalía e ama de cría de Gala. Tanto ela coma Ovidio, os xemelgos, queríana moito. Despois Rosa tivo que marchar para Madrid onde tamén traballou de serventa e tivo un mozo co que se prometeu, pero acabou enganándoa, roubándolle os cartos e envelenándoa cuns pasteis. Pouco antes de morrer mandoulle nun baúl as poucas pertenzas que tiña a Rosalía de Castro a Santiago, que as enviou a Bexo á casa dos pais de Rosa. A nosa novela do século XX, e unha das grandes da narrativa contemporánea galega, é a *Pensa Nao* de Anxo Angueira que remata con Amaro vogando nas insuas de Bexo. A nosa novela do XIX é o drama de *Rosa de Bexo* e está aínda por escribir.

Bico. Bicaño

O étimo destes oronímicos estaría na raíz celta BECC/BICC, ‘punta, pico’. É frecuente atopalo como *beco* coa mesma significación. Para Corominas chegou desde o BECCUS latino. No dicionario de Estravís defínese como “aquilo que ten forma saínte máis ou menos pronunciada”. *Bicada* é o alimento que os paxaros lle levan ás crías no peteiro. Nós aprendemos os misterios da evolución de súpeto, cun trabalinguas inocente: *Curcubico non ten bico,/ nin bico nin cu nin come,/ e os fillos de curcubico/ teñen bico, cu e comen*: O ovo e os pitos. **O Bico**, na braña de Bexo está na punta de terra na que remata o longo arco que describe o Ulla desde *O Redondo* ata onde empeza *A Insua*. A pesar de que a erosión das augas foi desgastando o terreo, vese aínda o *bico* no mapa topográfico ou na fotografía aérea. **O Bicaño**, na propia *Insua*, debe ter a mesma etimoloxía.

Bieiteiro. Bieita

En Tallós, abaixo do *Portelo das Pescas*, está **O Bieiteiro**. O *Sambucus nigra*, sabugueiro ou bieiteiro, é arbusto común en toda a comarca cos seus corimbos característicos de flores branquísimas e froitos dun negro violáceo intenso cos que se elaboran marmeladas e compotas. Tamén se empregaron de antigo as flores en infusións e tisanas e nós fixemos tutelos e tiratacos coas ponlas ocas para disparar con eles. O nome vén do latino BENEDICTU, polas propiedades medicinais que ten, e de aí *bieito*. Sarmiento di que lle chaman *bieyteyras* ás vellas que curan con el. O actual curso do Sar, nalgúns treitos, está beirado de bieiteiros. **A Bieiteira** é de Teairo e **A Bieita**, que queda do lado de baixo do *Camiño da Tafona* en Castro, podería ser antropónimo feminino, pero lembrábanse os veciños dun vello bieiteiro que xa non existe. No Vocabulario de Crespo Pozo *bieita* é un dos nomes do bieiteiro. Nalgúns casos fai referencia a fontes ou lugares que foron obxecto de veneración.

Bispo

O substantivo seguramente ten que ver con terras que foron propiedade do Arcebispado de Santiago. **O Bispo** está na braña de Dodro, ó pé do río e **Carral do Bispo** é do monte de Manselle. *Carral* é camiño de carro (do lat. CARRUS), corredeira pola que se accedería a posesións da igrexa. O bispo (do lat. EPISCOPUS) é o prelado que goberna unha diocese.

Boade

Levan o nome de **Boade** unhas campías do Rialíño próximas ó río. *Boedo* nos dicionarios é sinónimo de ‘braña, terreo lamacente’. Para Eligio Rivas (*Toponimia de Marín*) algúns topónimos achegados son debedores dos radicais protocélticos BOD- /BUD- /BED-, ‘charca’. Moralejo faino proceder de BUDA, ‘espadana’. Na opinión de Edelmiro Bascuas (*Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*) as raíces UAD-, BOAD- equivalen a ‘auga’. José Pedro Machado, no *Dicionário Onomástico Etimológico da Língua Portuguesa*, explicando a etimoloxía de *Boadela*, topónimo portugués, entende que debe tratarse da adaptación do nome árabe *Abu abd Allah*, “pai do servo de Deus”, de onde procede así mesmo o máis coñecido *Boabdil*. Árabe tamén é *wadī*, ‘río’. Despois de Babel...

Boca

Do latino BUCCA. **A Boca do Monte** está en Lestrobe, na entrada do camiño que sobe ás estivadas e **A Boca do Pozo** na desembocadura do río das *Maulas*. Neste caso é sinónimo de ‘esteiro’. Afogaron nel os irmáns Abelleira de Lestrobe. Cada parroquia gardou lembranza dos seus afogados no río grande coma un aviso para as xeracións futuras.

Boliñas. Bólos

Na beira do mar *Bolos* e *Boliños* son pedras dondas, puídas pola forza das marés. Gonzalo Navaza recolle en Dimo (Catoira) *Os Bolos Redondos*,

pedras ou penedos redondeados. Puidera ser ese tamén o significado destas **Boliñas** do no monte de Sar, desde a forma latina BULLU, 'bolo'. **A Bouza dos Bólos** é de Castro e **O Xogo dos Bólos**, nos *Carballiños*, designaba o campo no que se xogaba entre Paizal e O Rialíño, torreiro da festa do San Xosé. Andan, con razón, alporizados nestas datas os veciños, pois veñen de lles levar a centenaria pedra dos bólos que se conservaba no lugar. Os de Manselle recuperaron esa tradición ancestral que se perdeu noutras aldeas: Bexo, Imo, Dodro, Pexegueiro, Tarrío...

Bomberas

Para Cabeza Quiles, *Bombal* e *Bombardeira* son topónimos onomatopéicos referidos a sitios batidos polo mar. **As Bomberas** é un outeiro de Eiró, arriba das *Melreiras*, onde bate o vento. Hai un *Bombexo* en Sarmiento.

Borreiros

Borreiros eran os arrieiros que viñan recoller a cera por estas aldeas, xentes de Bastabales e de Bealo. Rabechaban as colmeas das alvarizas e despois de sacar o mel, que quedaba para o dono, levaban as antenas para derretelas e facer cera virxe con elas. Había ceraría na Travanca de Padrón. Talvez a palabra, que está en case todos os dicionarios, incluído o do noso veciño Luís Aguirre del Río, derive do precéltico BORR/BURR/MORR, 'montón'. *Borra* é a cera en cru e *aborroarse* dise das abellas cando se amontoan para entrar nas colmeas (Eligio Rivas: *Frampas II*). Aínda que non queríamos deixar de comentar os significados anteriores porque están vivos entre nós, **Borreiros**, no monte de Traxeito e abaixo de Castro e **Borreiriños**, cara o poente da aldea de Reboiras, seguramente aluden a terreos aluviais, formados por depósitos sedimentarios ou por restos de rozas, pois *borra* vale tamén como 'pouso', 'sedimento', 'terrón seco usado para queimar' e *aborrear* ou *aborreirar*

(Gran Dicionario Xerais da Lingua) é ‘amontoa-la maleza para queimala e fertiliza-la terra coa borralla’.

Bosque

O substantivo *bosque* introdúcese tardiamente na nosa lingua, na Idade Media, desde o catalán, o occitano ou de procedencia xermánica a partir de BOSK. Tivo pouco uso en Galicia porque se empregaron máis as denominacións específicas para cada formación arbórea (souto, carballeira, piñeiral, fraga...). Son os bosques, arboredos mixtos que ocupan un espazo amplo pero sen chegar á espesura e extensión das fragas. **O Bosque**, que está no alto de Imo; **O Bosque de Baixo**, **O Bosque de Riba** e **A Corredoira do Bosque**, na Devesa; **O Bosque**, en Castro; **O Bosque do Palacio**, en Lestrobe e **O Bosque**, na carballeira de Dodro, agora campo da festa do San Campio, espazo lúdico onde houbo caixa para xogar ós bólos, son algúns lugares onde conservamos este topónimo. Pouco ou nada queda daqueles “*eternos bosques en onde/ sombrío misterio reina*”, dos que escribe Rosalía en *Follas Novas*.

Botafal

A *botefa* é unha variedade de cabazo que se lle daba ós animais e se cocía no caldo. Foi palabra usada entre nós. Sarmiento apunta que na comarca de Padrón lle chaman así ós “cabazos ou calacús moi redondos e algo raiados”. Recóllea Aguirre e tamén *botefal*, campo no que se cultivan. Quizais pola súa morfoloxía teña a orixe etimolóxica de *botā*: BUTTIS, ‘odre’. **O Botafal** e **O Cruceiro do Botafal** en Teo fan referencia a leiras que se botaban a cabazos.

Bouza

Aínda que en ocasións lle dá nome a propiedades cercadas con árbores de diferentes especies e con abundante matagal, en xeral *bouza* aplícase a te-

rreos que están a monte e mato: feitos, toxos, xestas, urces. Ese é o significado que aparece no dicionario de Aguirre e tal é no presente o estado do noso monte, feito unha bouza. Non sempre foi así. Antes, as vacas, os rabaños de ovellas e as greas de cabalos contribuían a mantelo limpo, ata que se prohibiu o pastoreo nos anos cincuenta para protexer a incipiente repoboación forestal. Con fouciños e forçadas de gallas de carballo, apañábanse panadas de toxos, carrouchas e feitos, arrespañábase picóns e restos ou acaroábanse os terróns coa eixada para estrar as cortes. Calquera intre era bo para ir buscar un feixe ó lombo ou para traer unha carrechada de estradura do monte, pero ás veces estaba todo tan pelado que había que subir ó molime a Bustelo ou ás terras altas de Buxán. Chegaban a Espiñeira e máis alá os carros de bois destas aldeas por corredoiras polas que non se aventuraba o demo. Os traballos e os días das xentes nosas. Mundiño que vai alá...

A palabra *bouza* é prerromana e as propostas sobre a súa filiación son diverxentes. Para varios autores viríanos desde unha raíz ibérica: BALSÁ, ‘humidal’. Para outros do latino BALTEA, ‘o que cinxe’, ou de BUSTIARE, ‘queimar’. O Padre Sobreira di que é “busto, terreo onde pastan os bois”. Nalgúns dicionarios é ‘monte que non se vesa durante anos’ e ‘pasteiro’ noutros. Como se ve son moitos os significados e por veces contraditorios. Na Idade Media témola con frecuencia na documentación como *bautia* ou *baucia*. En Castro, na **Bouza dos Bólos**, había *caixa* para xogar. Desá aldea son **A Bouza**, **A Bouza do Norte**, **A Bouza do Portal** e **A Bouza da Horta**. **Bouza Galiña** é de Bexo. *Bousa Ghaliña*. Contaba Rafael Dieste a desilusión que lle produciu de pequeno saber que as *ghaliñas* de Rianxo tiñan que ser *galiñas* normativas, e receaba de que puxeran ovos coma as outras. Non se sabe moi ben que fan aquí estas galiñas traspoleiradas pero seguramente o noso nome non fai referencia a elas. Cabeza Quiles vincula os topónimos *Galiñeiro* (un monte de Cesures que se ve desde Dodro) e *Galiña* con formacións rochosas que lembren a crista deses animais ou fainos derivar, coma outros autores, da raíz prerromana CAL/CAR, ‘pedra’. **A Bouza**, **Bouza Longa** e **Cova da Bouza** son de Pexegueiro; **Bouzas**, de Paizal; **Agro Bouzas**, do Rialíño e **Bouza Meán**,

de Traxeito (*A do medio*). En Revixós hai **Bouzas**; en Teaió, **O Cabeceiro de Bouzas** e **A Bouza** está en Vigo, ó pé do *Río do Cabalo*. **Bouzaboa** é do monte de Manselle; **Bouzas** e **O Río de Bouzas** quedan abaixo de Bustelo, dándolle nome ó rego que baixa do Treito. Desde a atalaia da súa **Bouza** de Imo escribía o poeta Avelino Abuín de Tembra, cronista dos Laíños, as súas *leilías e ventos ávregos*. O topónimo figura, con outros que deben andar próximos, coma **Lombo da Bouza** e **Agro da Bouza** nun foro de 1661. **A Carballeira da Bouza** é tamén do lugar.

Pedra lunar, deixamos para o final **Bouzabadín** onde hai catro mil anos, un pastor de Imo garabateou nas laxes do monte *Carboeiro* cervos, coviñas, radios, concéntricos redondeis para asombro dos ollos futuros. Cinco eran as pedras que presentaban gravados. Vense de atopar agora unha sexta no intre de entregarmos estas liñas á imprenta. Os veciños saben que as cazoletas que se ven nelas son as pegadas que deixaron os cascos do cabalo do Apóstolo cando brincou desde aquí, por enriba do Ulla ata Cordeiro. Á laxe principal na que están chámanlle “a peneira” porque as pequenas oquedades que ten danlle ese aspecto, pero a imaxinación do pobo distingue tamén “a lareira”, “a pía da auga”, “a tixola”, “a corte do cabalo”...(*Preinventario*). Uns esbozos da arqueóloga Pilar Prieto (1999) que se gardan na Dirección Xeral de Patrimonio amosan os mínimos detalles de cada figura. Alén de varias pedras menores que figuran no Catálogo do Patrimonio Arqueolóxico con cazoletas e liñas (algunhas delas moi discutibles e posiblemente non antrópicas), podemos dicir que son estes, polo momento, os únicos petróglifos de importancia que se coñecen no concello, pero por forza ten que haber outros. O segundo elemento do nome debe de ser antropónimo, referido a un posesor, *Badín*, que está noutro dos nomes do concello que veremos: *Cuntín de Badín*.



Petroglifos de Bouzabadín.

Braña. Brañeiras. Brañas de Laíño

Para a maior parte dos autores (Carolina Michaëlis, Menéndez Pidal, J. M. Piel...) *braña* provén do latín VERANEA, ‘pastos de verán’, porque manteñen durante todo o ano unha humidade constante. Para outros, desde dunha base precéltica, BAR, ‘auga’ (Eligio Rivas); do galo MRAKNA, ‘ceno’, lama e despois BRAKNA, ‘prado húmido’ (Corominas) ou do latín VORAGINE, ‘abismo’ (García de Diego). A primeira mención que coñecemos das nosas brañas está no *Tumbo de Santa María de Iria* (1457): *Sobre la Branna*, topónimo da veiga de Lestrobe. Como *Brañas de Laíño* figuran nun foro do Marqués de Vilagarcía de 1661 que se conserva na *Casa do Fino*, en Imo. Xa vimos que o padre Sarmiento, cando pasou por aquí a mediados do século XVIII, referiuse ás nosas brañas coma un *espazo comunal*. Tamén se fan eco do *pasto brañal común* as respostas do Interrogatorio do Catastro do Marqués de Ensenada en 1752. Están no dicionario de Madoz que, un século máis tarde, fala das “famosas brañas de Laíño”. Coa herba das brañas alimentábanse os *bois cebóns de Laíño* que tiveron sona de proporcionar as mellores carnes do país. Inglaterra primeiro, e despois Madrid, foron os principais mercados ós que se destinaban. Escribe sobre eles a fins do século XVIII Pedro Antonio Sánchez, cóengo e catedrático compostelano. Figuran no *Diccionario geográfico y estadístico de España y Portugal* (1826–1829) de Sebastián Miñano que fala dos moi excelentes pastos dos Laíños cos que se engordan “os mellores bois de Galicia”, no gran *Diccionario geográfico universal...*, por una *sociedad de literatos* (1831), en Murguía, en Rof Carballo e mesmo na obra do autor francés Pierre Aristide Adolphe Lefour (1881), experto acreditado en temas agrícolas e gandeiros. Debían de ser pachorrentas dabondo as xugadas, a turrar polos arados vesadoiros nestas terras de lentor, porque Antonio de la Iglesia (1886) deixou recolleita a expresión *Con máis calma que un boi de Laíño*. Acomerábanse tamén co pasto dos herbais as nosas vacas, que non están nos libros pero si na memoria de todos, porque Dodro foi terra delas e de leiteiras andaregas que percorrían cada día os vieiros da Terra de Iria para achegarlles ós de Padrón, ós frades de

Herbón, a Valga e a Cesures o leite morno das canadas da mañá en latas, bidóns e calderetas. Xa antes da guerra, levábase en camións a Vilagarcía e a Compostela, onde se vendía na Praza de Cervantes. A “Cooperativa Laeiteira de Laíño” (*A Unión*) púñase como exemplo de cooperativismo agrario nas revistas españolas especializadas da época; así, na “Actualidad Veterinaria” (1923), dirixida por Gordón Odás, ministro da República. Arredor desa arela comunal trenzou Anxo Angueira a tea da *Pensa Nao*.

Durante anos estas ribeiras verdes do Ulla foron a despensa dos pobres, un verxel do que sentirse orgullosos, unha terra de fartura nun tempo agre e miserento. Quen non tiña campíos de seu sabía que podía apañar herba a esgalla nas *Brañas de Laíño*. Máis dunha vez terían que escoitar os foráneos algunha releveira, pero sempre houbo para todos. Viñan carros da Chisca e de Buxán, no Concello de Rois, e barcas de Cordeiro, no de Valga. Tamén foron estas paraxes un territorio máxico, unha pradeira esmeralda envolta en cendais de néboas e de soños, onde se agachaban bichocas fabulosas e aves que podían ser do paraíso, gabias de xofre na fronda do canaval, pozas sen fondo nas que se afundían os carros cos bois e non se volvía saber deles. Rosalía coñecíaas ben porque por aquí pasou boa parte da súa vida. Están nos seus poemas: “*Véxote aló nas brañas,/ xa no pinar espeso,/ xa na beiriña mansa / do río que correndo/ vai antre as verdes canas*”, e foron estas ribeiras familiares a derradeira paisaxe que viron os seus ollos cando volvía en tren desde Carril para morrer na Matanza soñando con ver o mar. “*Como chove miudiño, polas brañas de Laíño, pola banda de Lestrove*”, a chuvia eterna caendo sobre nós, sería para Bouza Brey a copla orixinaria que a escritora escoitou das nosas xentes. Entre os seus papeis inéditos recuperouse esta outra non menos coñecida “*Elas de Laíño son, collen o xunco na braña, vano vender a Padrón*”. Recóllea así mesmo o pai de Antonio Machado para os *Cantos populares españoles* de Francisco Rodríguez Marín. En Padrón, había tecedores de liño, de la e de xunco. Co xunco facíanse capas, corozas e polainas. Unha vez secos, mazábanse coma o liño deica que quedaban ben esfiañados para poder entretecelos (X. Lorenzo, 1983). Eses e outros usos da braña perdéronse, ó que axudou o espolio da

Lei de Costas, que se apropiou sen máis da totalidade dos terreos particulares e comunais: centos de hectáreas do Concello de Dodro, a 15 km da beiramar. Hai xente que só ten propiedades nas campías da braña. O caso e que viñan de ser entregadas polo propio Estado no ano 1992, por mor da Concentración Parcelaria, cando xa existía a Lei de Costas. Debeuse ter previsto semellante despropósito. Os que saben o que foron noutrora as nosas brañas miran agora cos ollos conturbados esta selva mesta de agravios e de afrontas, de salgueiros e toutizos, porque *non hai dor máis grande que lembrarse, na miseria, do tempo feliz.*

As Brañas de Laiño (teñen que chamarse así, aínda que a Administración usa diferentes eufemismos para nomealas) son un dos humidais máis grandes de Galicia cunha riqueza medioambiental de primeira magnitude. A *Escribenta das canaveiras* (*Emberiza schoeniclus* subsp. *Iusitanica*) é un endemismo da Península Ibérica. Do total das 65 – 71 parellas censadas no ano 2005 en todo o estado, 15 estaban nas *Brañas de Laiño* (Atienza, J. C.: *El escribano palustre en España*). Os datos do ano 2009 son de tan só nove parellas na zona (Martínez Sabarís, 2009). Desde o alto das caniveles entoan os seus cantos derradeiros e quen os escoita pode estar seguro de participar nun acto máxico, como se contemplara último dos neanderthais. Acaso nós mesmos, máis alá da pura existencia individual, tan só teñamos sentido como especie. Outras aves en perigo como a *Folosa acuática* (*Acrocephalus paludicola*) ou o *Picanzo vermello* (*Lanius collurio*) pódense ver aquí; como se poden ver a garza, o merlo acuático, o charneco, a aguia peixeira, o gabián, o vichelocrego, o cardeal, o martiño peixeiro, un gran número de limícolas e anátidas ... Unha variedade de xunco, o *Schoenoplectus pungens*, ameazado de extinción a nivel mundial atópase na braña, o *Thalictrum speciosissimum*, unha planta da que só hai dúas referencias en toda a provincia, a herba salgueira, a ulmaria, a espadana, a lisimaquia, o frundio, diferentes tipos de mentas, varias orquídeas... Ovidio Murgúía, fillo de Rosalía, pintou brañas sen nome e ribeiras verdes nos seus cadros e algunhas ben poderían ser estas primeiras que viu desde o seu berce de vimbios de Lestrobe.

Os de Laíño e Dodro fomos todos *brañeiros*. **A Braña, Sobre da Braña e O Campo da Braña** en Lestrobe. Nas labrantías terras altas de Teao, **A Brañiña, A Braña e A Braña da Veiga**, e no monte, **As Brañas de Teao e As Brañas de Fexacos** (unha aldea de Rianxo). **A Braña** do Rialíño. **A Braña dos Codesidos e A Braña de Baixo** de Bexo. **Os Brañeiros** de Manselle, **As Brañeiras** de Imo e do Rueiro, **O Agro das Brañeiras** de Paizal. **A Brañiña** de Traxeito. **A Braña de Imo** a carón do río, **A Braña de Lestrobe e A Braña de Dodro**. Outros ecos, ritornellos dun nome, irmáns pequenas das *Brañas de Laíño*, na ribeira mansa do Ulla maxestoso, que farto de troulear entre gorxas e serras penedías desde aquí busca canso a morte salgada no Mar da Arousa.

Bravo

Para Eligio Rivas (1982) formouse desde a base oronímica euroafricana BAR, ‘monte’, e alude a terreos que se deixan sen sementar durante anos para que a terra se recupere, sendo así sinónimo de *barbeito*. O mesmo autor (*Natureza, toponimia e fala*) cita *deixar a bravo*, como deixar un terreo a monte, a poula, ermo. Podería chegarnos desde BARBARUS, ‘bárbaro’, ‘salvaxe’, aínda que a etimoloxía desta palabra foi moi discutida. **O Bravo**, que está polas veigas de labor de Dodriño, sería terra inculta e agreste nun tempo. Chámaselle *bravos* ós fillos tidos fóra do matrimonio, ós cabalos e vacas que andan ceibos polos montes. Ó xabaril díselo porco *bravo* e ás árbores que medran espontaneamente ou ás que se adoitan usar como patróns de enxerto: *pereira brava, cerdeira brava, ambruiñeiro bravo...*

Breimande

Antropónimo medieval. Quizais se formou desde Bremundus ou Veremundus, de BERHT-MUND, ‘famoso protector’ (Albaigès i Olivart, 1984) que despois daría o actual Bermúdez. Sarmiento detalla un grupo de

topónimos coa terminación en MUNDI/MUNDE/MONDE... (*Bamonde*, *Diomonde*...). **Breimande** está abaixo de Dodriño.

Brenxo

O Nomenclátor rexistra *Brenzo* (Outes), *Brenzoz* (Lalín)... pero non o noso **Brenxo**, que queda abaixo da aldea de Eiró. Nun documento medieval da *Colección diplomática del monasterio y convento de Santo Domingo de Ribadavia* fálase dun *Martinus Petri dictus de Brenxo*. Descoñecemos a súa etimoloxía. *A brenza* (*Lathyrus* sp.) é unha herba ruín que medra nos terreos incultos.

Breta

Britar é cavar un monte, gabealo, preparalo para poder sementar nel. Na opinión de Eligio Rivas a voz orixínase na partícula indoeuropea BRIT/BIK, onomatopeica. **A Breta** é un montiño que está entre O Rueiro e Eiró, que antano debeu de se cultivar. Os veciños de todas as aldeas de Dodro lembran toxais que se dedicaron a viñas e cereal, campías que foron antes leiras de millo de gabea. Para Joaquín Caridad topónimos coma *Brigantium*, *Bretaña* ou o nome *Brito* proceden da deusa pancéltica *Brigantia*, *Brita* ou *Breta*. O adxectivo xermánico *bairht* significa 'brillante, claro' e está en nomes coma *Bretus* ou *Bretandus* (Piel). No dicionario de Aguirre *bretos* son os 'gromos' da verdura. Por entre as fuxidías follas outonizas da breve carballeira da *Breta* vense os tellados da nosa aldea de Tarrío baixo unha luz de ámbar.

Brexos

Brexo, en varios dicionarios galegos e portugueses, é paraxe pantanosa, lamazal, matagal, toxeira ou terra inculta. Son características que se lle poderían aplicar á localización do topónimo **Brexos**, que está na braña de Lestrobe. Viría do galo BRAKU, 'lama'. Tamén pode ser terreo de uces ou

urces, que mesmo hai entre nós quen as chama así, aínda que agora non as hai alí. No *Gran Diccionario Xerais* é “cadoiro, desnivel por onde cae a auga”. De ter a mesma etimoloxía que o español “*brezo*”, entón formaríase a partir do latín hispano BROCCIUS e do celta VROICOS.

Brufe

En Pexegueiro está **Brufe**, preto de onde nace o rego que ha ser de *San Lufó*. Os nomes acabados en UFE/ULFE (*lobo*) son de procedencia xermánica. No Nomenclátor haino en Cesuras e en Portugal, en Terras de Bouro. Cítao J. M. Piel en varias ocasións. Se se formou desde *Berufi/Berulfé* (Leite de Vasconcelos, 1931), derivaría da raíz BER, ‘urso’ e andarían nun tempo os osos e outras feras corruptias buscando o mel por estas terras nas doces alvarizas. Aínda as hai.

Burro

O **Burro** este do que falamos está abaixo de Bexo, pero primeiro foron as vacas. Nos anos sesenta había a dúas e tres en cada fogar de Dodro. Os que xa temos certa idade nacemos enriba das súas cortes, á beira do seu zudre nutricio, e espertamos nos colchóns de casulo cando bruaban nas frías madrugadas. A braña foi unha campía inmensa e relucente para alimentalas, unha despensa verde inesgotable da que se falaba con envexa nos concellos veciños, apañada por centos de fouciños e gadañas de sol a sol, desde que alborecía pola croa do *Castro Valente* ata que se deitaba para alá de *Carboeiro*, nas cámaras do mar. A finais dos anos setenta as vacas pecharon os seus ollos grandes coma lúas e foron desaparecendo, caladamente. Agora non quedan media ducia de casas que as teñan. Despois, non se sabe de onde, chegaron os burros, cos arrees e cos carros de ferro para acarrexar a herba, e substituíron os carros de madeira que levaban chirrando polas corredeiras desque o mundo é mundo. Hoxe están tamén a se perder pouco a pouco e andan os derradeiros apouvigados polos camiños; por iso, xa que non nos quedan vacas nin na toponimia, de-

sexamos que alomenos este *Burro* de Bexo sexa un burro de verdade (do latín vulgar BURRICUS), e que quede aí parado sen bulir nin chisco, coma o de Buridan ou o de Castelao, orneando cara o verde val de Laíño, pero que non teña nada que ver con BORR, ‘montón’, BURRUS, ‘rubio’, cunha ferramenta dos cesteiros, un posible patronímico celta, nin con outras *indórminas* semellantes.



Bustelo do monte, na caeira da serra

BUSTELO DO MONTE. Bustelo

Bustelo é diminutivo de *Busto*, un topónimo moi característico, case exclusivo do noroeste peninsular. Procede de BOS, ‘boi’ e de BUSTUM, ‘pasto para os bois’, pero ademais deste último significado pode equivaler a ‘rabaño de gando vacún’ ou ‘currel para bois e vacas’. Parentes léxicos son *bosta* e *bosteira*. Hai un longo estudo do lingüista J. M. Piel sobre o topó-

nimo que insiste no que comentamos e matiza que especialmente se refire a “pastos altos, pastos de verán”. Remite tamén á obra do bieito Martín Sarmiento “xenial precursor da filoloxía hispana” no que xa se adiantan esas mesmas ideas. Gonzalo Navaza, na súa *Toponimia de Catoira*, á que acudo continuamente, di que os topónimos Busto e Bustelo naceron na Alta Idade Media como graxas ó cargo dunha familia de servos que coidaba os rabaños dun señor. Algúns autores fano derivar de “*bustum*”, ‘terreo queimado para facer pasto’. No *Elucidário* de Joaquim de Santa Rosa de Viterbo dise que “na Galliza desde o século VIII até o XII tomouse busto por tapada ou bouça”. **Bustelo do Monte** é o nome dunha das aldeas do concello, da parroquia de San Xoán de Láño, abaixo do *Treito*, na caeira da serra, en fronte de Vilar e de Campelo, que son xa do Araño. No libro do notario Álvaro Pérez (1457) hai un *Fernando* e un *Johán*, ditos os dous de Bustelo. Na súa *Historia de caciques bandos e ideoloxías en la Galicia no urbana*, fálanos brevemente José Antonio Duran dos impostos que cada casa de Bustelo lle pagaba a principios do século XX a Manuel Viturro, cacique de Rianxo ó que Castelao lle espetou unhas palabriñas, e cóntanos que os rapaces da aldea andaban encoiros boa parte do ano. O outro **Bustelo** está do lado de riba de Paizal. Como apelido ten que ser orixinario da zona porque se constata sobre todo nos concellos de Dodro e Rois. Unha vella tradición oral conta que a aldea naceu no lugar arredado de *Guixar* ó que se levaban os doentes dalgunha enfermidade contaxiosa. Quixais, coma na explicación que o arqueólogo Víctor Barbeito dá para o abandono da *Aldea maldita* de Abuín, en Leiro (a *aldea esquecida* da que fala Castelao en Cousas), teña que ver con calquera das epidemias de peste ou de tifus que se deron desde fins da Idade Media. As do século XVI causaron un elevado número de mortes na comarca. Para Frutos Fernández (*Nomes do Ribeiro*) Guixar podería vir dunha *Villam Vigiarii*, de ‘vixiar’.

É aldea de riquísima toponimia, algunha sen desentranar (*Minifol*, *Trasminifol...*), de monte secularmente afeito á man e a mirada do home, que agora volve ser bravo, coma os poldros ceibos da serra, sen nomes que o acouten. Hai noites nas alturas de Bustelo do Monte que as galaxias

pasan tan arrente das cumieiras das casas que fan abanear as tellas. Destas terras máis baixas quedan apenas unha manchea de moxenas esparexidas, arrelumbrando coma vagalumes polos vales en sombra: velliñas, bichocos de luz cos que volver a atismiar o mundo que renace cada día co canto da laverca sobre as primeiras néboas emparrumadas da mañá.

Buxiña

A Buxiña está abaixo de Castro. *Buxa* ten significados moi variados: buceiro, bocado do freo dos cabalos, peitoril do pozo, boca dunha vasilla, peza da gaita ou do muíño... Aguirre dános algúns outros curiosos coma o de ‘burato do eixe dunha roda’, ‘trompo’, ‘cabirta pequena’ ou ‘nome dos xenitais da muller’. A parroquia dos nosos ancestros, *Buxán*, do concello de Rois, que linda coa nosa, é en Sarmiento un dos nomes da *bagaña*, a coca da liñaza. Un veciño de Tarrío, sarxento na División Azul, chamouse *O Buxa*. Un personaxe. Lía o *Quo Vadis* de Sienkiewicz e púxolle *Dansi* a un seu can de palleiro, pola *Batalla de Danzig*, en Polonia, na que combatera. O chucho é rache ben guiado. Era mandalo á taberna por tabaco e, meu dito, meu feito; chegaba, pousaba as mans no mostrador, e volvíaa coa *caghetilla* de *Celtas* ou de *Peninsulares* nunha taleiguiña pendurada do pescozo. O nome que tratamos podería por tanto ser antropónimo, proceder de calquera dos significados anteriores ou, máis probablemente, facer alusión a algún buxo (*Buxus sempervirens*) que houbera polos arredores. Foi especie cultivada en pazos e casas grandes. Sempre verde, de folla miúda, escura e delongado medrar, a madeira é de boa calidade e emprégase para facer culleres, buxainas, pezas da gaita, que ten a *alma de buxo*. Hai en Rosalía “*buxos que xa contan séculos*”. Cítanse nas taboíñas cuneiformes sumerias e Luís XVI usounos nas sebes dos seus reais xardíns de Versalles. Maxestosos os da Illa de San Simón, non escoitaron as mágoas de amor de Mendiño pero xa levaban alí cen anos cando estarreceron coas atrocidades do fascismo. @w→



Cabalo

O **Cabaliño** dálle nome a unhas leiras situadas preto das casas da aldea de Bexo. Provéen do latín CABALLUS, ‘cabalo de traballo ou capado’, aínda que se pensa nunha orixe celta, e acabou impóndose a EQUUS, do latín clásico, que conservamos no nome da femia: *egua*. O topónimo pode proceder da proximidade dunha corte con cabalos, dalgún outeiro que lembrara a súa forma ou da existencia dunha *pedra cabalgada* agora perdida. A **Costa do Cabalo** é unha empinada pendente entre *As Melreiras* e *A Veiga de Eiró* na que non virían mal unhas *sopas de cabalo cansado* para ver de subila con folgos. **A Corte do Cabalo** está na aldea de Reboiras. **O Río do Cabalo** é o de *San Lufo*, augas abaixo de Vigo, porque os chaláns que ían á feira a Padrón abeberaban nel os animais que triscarían tamén nas longas corriolas e na flor branca das oucas. A nosa María, María Lorenzo, contounos un soño de cabalos azuis.

Cabana. Cabanela

É un substantivo que deriva do latín tardío CAPANNA, ‘choza’, se ben Rafael Lapesa e Joseph María Piel considérano préstamo céltico. As cabanas veñen a ser alboios ou pendellos, pequenos habitáculos, construcións rústicas para gardar os apeiros do agricultor, do pastor ou para resgardarse da chuvia mentres se realizaban os traballos. Recolle a palabra Aguirre no seu dicionario. Atopamos **A Cabana** arriba da Aldea da Igrexa; **A Cabaniña**, **As Cabaniñas**, **O Coto das Cabaniñas** e **As Cabanas** en Teaio, e **As Cabanas**, detrás dos *Castros de Bexo*. **A Cabanela** é arboredo do monte de Pexegueiro. No rego de Pexegueiro está **O Muíño da Cabanela**. Son, como vemos, habituais na toponimia. Nos arredores das casas, algunhas serían hórreos rudimentarios de corres de carballo, salgueiro ou vimbio e teito de colmo, dispostos sobre esteos de pedra. Habíaas en Imo, na **Eira das Cabanas**, na *Eira de Mallar* de Reboiras, en Pexegueiro, en Paizal e noutras aldeas. Lémbranas os máis vellos cos canastros xa desbaratados e os potros ou pés dereitos cos tornarratos sobre os que brincaban de pícaros. Haberíaas tamén na **Horta das Cabanas** en Manselle.

Cabazo

O cabazo é unha planta anual cucurbitácea, de grandísimas flores amarelas e froitos tamén enormes, dourados e redondos coma orbes. Aínda se sementa por entre os pés das leiras de millo ou en tallóns. O topónimo *O Botafal* debe referir a eles. Cortados dábanselle de comer ó gando e facíanse coa súa polpa, papas e chulas de cabazo de textura suave e sabor delicado, ou botábanse no caldo. Cabazos e cabaceiros tamén se lles chama en certas zonas de Galicia ós hórreos máis rudimentarios feitos de varas e estacas e cubertos de palla. Aquí non se acordan, pero si as *cabanas* que vimos de ver e son de factura moi parella. De procedencia incerta, desde unha base prerromana CALAPACCIA, podería ter relación con *galápago*. Para outros, é palabra antiquísima tomada da lingua kimbundu (KA’

BASA), que se fala aínda no centro de África. **O Agro do Cabazo** está na *Veiga de Lestrobe*.

Cabeceiro. Cabos

A etimoloxía destes oronímicos está no latín CAPUT, ‘cabeza’. *Cabo* é ‘punta, extremo de algo, remate, final’. **O Cabeceiro**, en Paizal e Rial, son leiras que debían labrarse en sentido transversal con respecto ás outras. En Teaió hai **O Cabeceiro** e **O Cabeceiro de Bouzas**. Nas fincas de labradío *a travesa* ten que gabearse co legón porque o arado que labra en sentido lonxitudinal non pode chegar ata o final, xa sexa por cousa dun valo, dun arró ou porque os bois non fagan un trilleiro na finca do veciño, se xa está labrada. Aquí é sinónimo de *testa*, que tamén comentaremos, punta ou o cabo da propiedade. **Cabos de Valouta** son os promontorios do monte *Valouta* polo lado de Manselle. Descoñecemos a que eiras fai referencia **Cabodeiras**, que está na braña de Bexo, a unha distancia considerable das da aldea, non sendo que noutro tempo as houbera aquí.

Cachada. Cacheiros. Cachón...

Son nomes que acaso procedan do latino CAPPULARE, ‘cortar, dividir en partes’ ou, como apunta José Luís Pensado nos seus traballos sobre Sarmiento, de CASCUS, ‘vello’, e de CASCULARE, ‘cachar’. *Cachar* é traballar terras novas, gañadas ó monte, labrar terreos incultos pero tamén ‘queimar un anaco de monte para sementar trigo ou centeo’, aproveitando a cinza como abono. Con esa acepción recóllena case todos os dicionarios, incluído o de Aguirre. É unha actividade que funde os seus inicios na noite dos tempos, coa aparición da agricultura, e que se continúa a practicar en comunidades indíxenas. En Galicia ten un dos seus momentos principais a partir dos anos centrais da Idade Media. Rozas, *vesadas* e *estivadas* teñen connotacións moi semellantes. Para os de Dodro, *cacheiro* é voz ben viva na fala co sentido de ‘leira pequena traballada e coidada preto das aldeas’ equivalente a *tallón*. **Os Cacheiros** son leiras de Les-

trobe e de Dodro, onde hai **A Cachada** (en Susavila) e **A Cachadiña** (na braña). **Sobre Cachada** está no monte en fronte de Traxeito e **A Cachada** en Pexegueiro e en Castro. **As Cachadas** son de Bexo, **O Cacheiro de Buelas**, está para alá das Melreiras, antes de Tallós, e **O Cachón** dálle nome a unha pequena elevación na Insua de Bexo e a un altiño detrás da aldea de Revixós, onde está *O Hórreo do Cachón*, de formas arcaizantes. A palabra é sinónimo de fervenza ou cadoiro.

Cachopa

Cachopo ou *cachopa* é a parte inferior dunha árbore, o couce ou cepo que queda despois de cortala. Con cachopos de carballo mantíñase o lume das lareiras nas longas veladas dos invernos. “Toro seco dunha árbore” é a definición que nos dá o *Diccionario Cumio*. No de Estravís e no Carré *cachopeiro* é o monte que queda cheo de cachopas tras da corta. De ter a xénese no latín CAPULU, ‘cacho’ sería da familia de *cachar*, que vimos de ver. Non está claro, por iso o tratamos por separado, pois hoxe ten un significado diferente. Entre nós equivale a *cañoto*. Algunhas das nosas *cachopas* son agora leiras traballadas ou a campo, pero sen as cañoteiras que deberon ter noutrora. **A Cachopa** está no monte de Manselle; **As Cachopas**, preto da aldea de Tarrío; **A Cachopiña**, en Traxeito e **O Cachopo**, para alá do *Pinal da Braña*.

Cadaví

Cadaví ou **Cadavide** é antropónimo que lle dá nome a unhas propiedades ó leste de Lestrobe, na ladeira do monte *San Gregorio*. Unha casona vella en ruínas, cuberta por adivais de hedras, presenta unha elevada escalinata e un potíño. Outra edificación, de construción máis recente, na finca agora inzada de robinias (*roblinas* na fala nosa), ten unhas vistas magníficas sobre o val do Sar. Sarmiento anota *Cadaval, Cadavide, Cádavo...* De CATTABITUS procedería na opinión de Joaquín Caridad. *Cadaval* nos dicionarios é ‘toxal queimado’ que conserva en pé os troncos chamuscados

(*cádavos* ou *chamizos*). En varios dicionarios, os *cádavos* son os *gamóns*, as *abrotas* nosas, das primeiras plantas que medran despois de arderen os montes. É o *Asphodelus albus*, que lle deu nome ós *Campos de Asfódelos* ou *Campos Elíseos* da mitoloxía grega, nas portas do Hades, a onde van os heroes despois de mortos (Odisea, XI). Nós, que non o sabiamos, usamos as súas boliñas coriáceas coma proxectís para meter nos tiratacos.

Cagarrial

O Padre Sarmiento recolle *cagarríos*, como diferentes tipos de *Euphorbia*, pero temos que supor que fala sobre todo da *E. paralias*, polo látex irritante, de efectos purgantes, que segregan ó seren cortadas. Recibe tamén o nome de *leiterena* e usouse para producir vómitos, aínda que pode ser perigosa. O nome vén do latín CACARE, ‘cagar’, e neste caso é un abundancial que tería que ver cos efectos laxantes que produce. Son bastante abundantes na zona. **O Cagarrial** está no monte de riba de Teaio.

Caixa

A Caixa e **A Caixiña** atópanse á dereita da Igrexa de Imo, á beira do *camiño sacramental* que vén da aldea de Castro, e cecais teñan un significado semellante ó que Cabeza Quiles lle dá ó topónimo *Couso* (de CAPSA, ‘caixa’) que se debeu aplicar a depresións ou lugares encaixados.

Cal. Can. Candeira

Desde o latino CANALIS, ‘gabia, conduto de auga’, formouse en galego o substantivo *canal*, pero tamén *cal*, con perda do “N” intervocálico. En realidade proceden os dous de CANNA, ‘cana’, pola semellanza que con elas teñen os canais. *Canle* usouse sobre todo para nomear a condución de auga nos muíños e *cal* perdeu no uso común pero quedou fixado na toponimia. **Caldebarcas** é o nome do monte de Manselle. O seu segundo ele-

mento leva unha raíz céltica BARG/BERG, ‘altura’, que xa comentamos. **Cal de Martiño** está na mesma aldea, á beira do río. Menos probable resulta que se formaran desde unha base preindoeuropea KAL, ‘cumio’ (Hubschmid) ou desde o latino CALLIS, ‘senda, camiño’ que Cabeza Quiles contempla para algúns topónimos semellantes. Non ofrecen dúbida **A Canle**, na Dea da Igrexa e en Teaio ou **Canlegude** e **Canlegude de Riba** que están en Traxeito e xa falamos deles. Quizais sexan parentes léxicos **Can do Monte**, en Bustelo, e **O Muíño do Can**, arriba de Rial. Na *Toponimia de Marín*, E. Rivas identifica unha *Fonte do Can* con *Fonte do Canal*. A oronimia está inzada de cans, gatos, galiñas... que non son tales. **A Cañeira**, en Vigo, á beira do río de *San Lufo*, tería a mesma orixe. Eligio Rivas pon en relación *caño* e outros derivados con prados nos que se regaba con regos e canles. Aínda que os dicionarios, incluído o do noso veciño Aguirre del Río, defínena como “eira na que se aventa o ce-real despois da malla”, ou “estercoleiro”, o substantivo *cañeira* nomeou en Dodro os camiños polos que baixaba o enxurro da invernia, sobre os que se botaba toxo e estradura para poder vadealos. Despois aproveitábase para estercar as leiras.

Poden seren ‘canles’ e ter que ver cos anteriores **Candeira**, na veiga de Manselle, e **Candeiró**, antes do *Castro de Traxeito*, do lado de baixo da estrada, aínda que outra etimoloxía posible destes topónimos estaría na controvertida raíz prerromana CAND, ‘pedra’ para Menéndez Pidal, ‘planta de cor branca’ para Piel, ‘árbore queimada’ segundo Corominas... (citamos desde *A Toponimia de Trabada*). Menos probable nos parece a opinión de Iván Sestay (*Toponimia de Coia*) que entende que son topónimos derivados do latín CANDELA, ‘vela’ e de CANDELARIA, aludindo a sitios ós que se ía buscar garbullos e leña miúda para queimar.

Arrente das paredes das casas dalgunhas aldeas (Traxeito, Castro...) había canles e regos para conducir a auga que baixaba a zorro, sen rellor polas rúas. No *Pazo de Vigo* e no de Hermida consérvanse as canles de pedra que os abastecían. Eusebio Lorenzo nun dos seus primeiros poemas achéganos a primeira luz do día a cabalo dun poldro de néboa “*e diranos da auga como dorme nas canles*”.

Calcada

En boa parte de Galicia *calcar* (lat. CALCARE) é ‘pisar’, acuñar os terreos para lles dar consistencia e que non queden foupeiros. Acuñaríanse co pisón ou co calcón **A Calcada**, que está na veiga de Lestrobe e na braña de Imo e **A Calquiña**, que é de Manselle, se esa fose a orixe dos topónimos.

Calladiña

Ademais de se referir ó leite coagulado, *callada* para nós é sinónimo de *espesa*, aquí en diminutivo, pero quizais **A Calladiña**, que queda abaixo de Imo, teña que ver co indoeuropeo CAL, ‘pedra’, de onde procede a forma galega *callao*, “pedra grande pero que se poida lanzar”, recollida nos dicionarios, ou a francesa *caillou* que ten unha significación análoga. As dúas proceden do céltico CALIAVO, ‘pedra’. A explicación está na *Toponimia de la comarca de Sarria* de A. Díaz Fuentes, a propósito de *Callás e Calleiros*.

Calva

Procede do latín CALVU, ‘sen pelo’ e foi primeiro alcume. **A Calva** son leiras de monte, entre Tarrío e Eiró, e deberon de ser zonas de herbas ralas ou despoboadas, sen vexetación polas moitas pedras. O *Monte Calvario* era un outeiro pelado, non un osario de caveiras. É apelido espallado por toda Galicia, concentrándose especialmente nalgunhas zonas. Esta é unha delas. Ferro Couselo en *A vida e a fala dos devanceiros* documenta unha *Tareixa Calva* en 1454, pero hai citas referidas á condición do terreo (*terras calvas*) desde o século X.

Calzada

Divídense os estudosos entre os que fan derivar *Calzada* de VIA CALCEATA, do latín CALCEARE, ‘pisar, calcar’ (Dauzat), e ós que a fan

proceder de CALX-CALCIS, ‘cal’, por entender que na súa construción se usou a pedra caliza (Corominas). Sexa como for, é palabra usual na toponimia, frecuente nos documentos medievais co significado de ‘camiño empedrado’, ‘calzado’. *Calzar unha roda* do carro ou poñerlle *o calce* é axustarlle unha forra para que non rode. *Calzar* en Eladio Rodríguez é ‘empedrar as rúas e camiños’ converténdooas en calzadas. Evidentemente estas non sempre se corresponden co trazado viario romano. Así e todo, temos para nós que é moi posible que por aquí pasara unha vía romana secundaria que conectara coa “*Pria*” (Iria) da Vía XIX do Itinerario de Antonino ou coa *Vía Per Loca Marítima*.

É desde logo esta unha zona abundantemente poboada en época castrexa: Lestrobe, Traxeito, Castro e Bexo, son nomes doutros tantos asentamentos anteriores á chegada dos romanos. Pero deberíamos reparar nalgúns topónimos significativos: *Baliñas* (*Balíneas*, ‘casa de baños’, para López Ferreiro) en Revixós e *Castelo Vello* en Lestrobe, **A Calzada**, que comentamos, en Dodro, abaixo da *Cancela Abrea* (*Cancela da Vereda* ou do camiño), o monte do *Sián*, en Revixós (no que se recolleron restos de cerámica romana), *Vigo*, que trataremos máis adiante (*vicus*, aldea, e tamén *parada* nunha vía romana) e *Manselle* que, como habemos ver, de non ser nome dun propietario medieval, podería facer mención a unha pequena mansión viaria. Hai outros topónimos, non menos explícitos, que nos regala a microtoponimia vizosa do país, coma *Os Romanos*, na baixada do monte *Valouta*, *A Cortiña dos Romanos* en Rial de Lagoa ou *Parafita* ó pé do *Castro de Imo*. Proseguiría a suposta calzada polo *Alto da Paradegua* (‘pedra’ ou ‘parada’, están case sempre asociados con antigas sendas), o Araño (estela antropomorfa de *Miráns*) e Taragoña, onde se catalogou en 2006 unha nova lápida romana adicada a *Rufinus*. Para algúns autores, a *Vía Per Loca Marítima* atravesaría a península do Barbanza (un conxunto numeroso de estelas e aras votivas confirman a súa importancia no mundo latino) cara ó Castro de Baroña en Porto do Son. Para outros, seguiría a Depresión Meridiana desde Braga e Tui ata Carballo. En todo caso, desde a Iria romana (a civitas, o núcleo de poboamento máis importante) non tería sentido desviarse en dirección a Noia

para despois baixar polo Confurco, como propoñen algúns estudos, ou volver para atrás, cruzando o Ulla en Catoira por unha ponte de barcas (López Ferreiro). Resulta verosímil pensar que se accedera ós pobos do norte da Arousa polo camiño máis curto e practicable, que é por onde o seguimos a facer agora: cruzando polas terras de Dodro. Así o debeu entender Sarmiento, o frade dos moitos sendeiros, que a mediados do século XVIII pasou tamén pola *Calzada* que deu pé para estas liñas, enveredando por estas aldeas cara o mar océano. As xentes nosas sempre dixeron que nos días de temporal se podían escoitar aquí o bruar do mar de Corrubedo ou as bucinas dos barcos que desde o peirán de Carril partían para as Américas polos camiños innúmeros da auga.

Camba. Cambra. Recambariña

A Camba e **A Cambra** están na braña de Imo e **Recambariña**, no Ria-liño. A raíz céltica *CAMB*, ‘cousa curva’, cóncava, empenada, témola nas *cambas* e nos *cambóns* (que menciona Aguirre) das rodas dos carros, pero tamén en Cambados e nestes topónimos nosos. No *Elucidário*, *camba* é muíño pequeno, de man, coma os que se recolleron en moitos castros galegos, cunha curvatura ou concavidade sobre a que se moía o gran. O escritor arousán Francisco Camba publicou en 1919 *La Revolución de Laíño*, unha historia imaxinaria de amores imposibles, bandos e caciques, cunha visión escéptica do agrarismo de principios de século. Nunha estela funeraria romana, agora desaparecida, atopada en Iria no século XIX cando se fixeron as obras do ferrocarril, figuraba un senador de nome *Cambavius* no que atopamos o mesmo radical.

Camiño

Do latín vulgar *CAMMINUS*, ‘camiño’, vía pola que se transita. Podería ser étimo céltico. Terra final, lugar de encontro de homes e de deuses via-rios que se miran co mesmo asombro no límite incógnito da terra, sen sa-beren que máis facer. Con númenes protectores primeiro, despois cos

romanos Lares viales e por fin, erguendo cruceiros desde os que tamén nos mira un deus, sempre santificamos os camiños, fixemos deles metáfora da propia vida, e puxémoslle nome ós nosos temores e ás nosas soidades de camiñantes. Alá na segunda metade do século XVIII, cando boa parte dos vías romanas e das calzadas medievais estaban practicamente intransitables e se desdebuxaban nos mapas amarelos dos xeógrafos, o rei Carlos III decidiu acometer unha reforma profunda da rede viaria que permitira a modernización do país, aproveitando os antigos camiños e sendas. As obras do Camiño Real que une Madrid con A Coruña pasando por Pedrafita, dirixidas por Carlos Lemaur, realízanse nas décadas dos anos sesenta e setenta, chegando a prohibirse o uso de lamias estreitas e de cravos prominentes nas rodas porque degradaban o firme das estradas. O que en Galicia chamamos *camiños reais* son as vías principais de comunicación do Antigo Réxime. Algunhas reformáronse como a que vai de A Coruña a Tui, pasando por Padrón, aproveitando antigas calzadas romanas e camiños medievais. De todas as maneiras non existía moito interese por parte dunha poboación que permanecía esencialmente aillada no territorio que lle era propio e pagaba tributos excesivos en portádegos e portaxes. No século XIX, cando se lles pediu ós veciños de Dodro e de Lestrobe que acudirán a reparar o Camiño Real ó seu paso por Padrón, argumentaron que xa tiñan dabondo con coidar das súas corredeiras, e como fora que se viran obrigados a facelo, de cote chegaban tarde e sen ferramentas ou mandaban ós máis vellos de cada casa para realizar os traballos. A picaresca repetiuse noutros lugares de Galicia (Barreiro, 2001).

O percorrido do **Camiño Real** polo noso concello ten que ser o que describe Sarmiento na súa andaina do 31 de outubro de 1754: Lestrobe, Revixós, Vigo, Tallós, *Revoiras*, Eiró, *Rueyro*, Tarrío, Rial da Lagoa, Manselle, Sar, *Castas* (Castro), Imo e Bexo. Madoz, cen anos máis tarde, comenta que o **Camiño Real** que vai desde a Ponte Santiago (en Padrón) ata Tallós é dos transversais menos malos, se ben por falta de reparacións ofrece malos pasos no inverno. Abuín de Tembra explicounos que na súa freguesía de San Xoán o **Camiño Real**, no inverno ía polo Cruceiro do Bazoco, Castro e Moure, e no verán pola zona máis baixa: O

Cruceiro da Veiga, As Longas e Os Postes de Baixo ata xuntárense na Eira da Lavandeira, en Imo. As carrilanas que facían o traxecto de Padrón á Pobra do Deán tiñan o cambio de tiro diante da Casa de Rial. Saía a vereda polo Carril de Rial e polo Paseo do Crego (por un diácono nomeado Frei Alonso, que quedou cego e percorría a diario ese pequeno tramo) para seguir pola Revoltiña, *Carraís*, O Alto do Caravel, Os Castaños ata subir pola vagoada da Paradegua, ó sur da estrada actual. Outro dos *camiños reais* viría desde Santiago pola Escravitude, A Meana e Rois, pasando pola Chisca, A Devesa e Teaio, ó pé das Murallas dos Castros de Bexo. Xa falamos del. Había tamén os chamados *camiños sacramentais*, “camiños da misa”, ou “dos mortos”, polos que se facían as procesións e se levaban os defuntos desde cada unha das aldeas ata a Igrexa, parando nos cruceiros e nas encrucilladas. O camiño sacramental de Pexegueiro discorría pola costa do monte *Valouta* ata chegar á Fonte Primeiral. O do Rialliño tiraba pola Carreira das Bestas e polo Cruceiro de Don Pedro. O de Susavila baixaba pola Cruz de Susavila, o de Dodriño cruzaba o río San Lufo por unha ponte de pasais e pasaba á beira da Cruz do Agro e o de Lestrobe subía pola Cruz do Pincho e pola breve costa da Cancela Abrea. Pola beira do monte pasaba o de Bexo, por diante do Cruceiro de Sinxeiras. Viña o da igrexa de Imo pola Cruz do Abelán desde as aldeas do monte e pola Poza, algo desviado da estrada actual, por agrestes encostas sen case un relanzo. Co cambio do leito do Sar nos anos cincuenta quedou na outra beira do río un pequeno recanto do noso concello polo que pasa o Camiño Portugués que vai a Compostela. Chamábase “camiños veciñais” ós das aldeas ou ós que levaban ás fontes, lavadoiros, eiras...

As pistas da concentración parcelaria, certo é que borraron os camiños de Dodro e os seus nomes, pero deixáronnos un trazado xeométrico máis racional que permite acceder doadamente ás propiedades. Antes diso boa parte do tempo perdíase en chegar a elas por un labirinto de camiños de carro, corredeiras, congostras, vieiros, vereas, carreiros, servidumes, serventías, sendas, sendeiros, camiños de pé... Uns e outros, os que citamos de seguido, son unha brevísima mostra deles. **O Camiño da Arcai**, en Tarrío discurría preguiceiro desde *O Portelo* por entre as leiras cara a

Solaiño. Remataban nel os carreiros de millo e entestaban algunhas fincas. No devalar do verán nin se vía entre o mar de pabóns. Desde A Chisca baixaban **O Camiño da Cuca**, de a pé, polo medio do monte, e dous camiños de carro: cara o sur, pola *Ladeira*, que era como se lle chamaba á parte alta do monte viña **O Camiño da Ladeira**, no que nos quedou un topónimo curioso, *Onde Baixa A Pincheira* (polo visto era o alcume dunha das mulleres que ía vender o estraperlo ás aldeas do monte), e collendo á esquerda desde as primeiras casas tiraba **O Camiño de Balranco** polas faldras do monte *Caldebarcas* que levaba coma os outros a Manselle. Un ramal desviábase antes, no *Tixoliño*, arriba da aldea, e subía polo monte da *Mina* cara a Susavila e Padrón. No Rialíño, as leiras que están no cruce da entrada da aldea, chámanse **Os Camiños**. **O Camiño do Santiaguíño** que sube á ermida e á fonte do apóstolo está no monte *San Gregorio*; **O Camiño de Inverniz**, en Pexegueiro; **O Camiño de Sanxumil**, **O Camiño do Castro** e **O Camiño Vello**, en Lestrobe; **O Camiño da Caguenla** (dito entre nós *Caghenla*, quizais, coma *Caga boi na fonte*, en Sarmiento, alcume, desde CACARE, ‘cagar’, ou a partir dun nome latino CACO, G. Navaza na *Toponimia de Catoira*, referido a *Cagoi*) e **O Camiño de Suatorre**, en Manselle; **O Camiño de Entrecastellanos** (de CASTELLA, referido á procedencia dos donos das fincas), **O Camiño da Poza** e **O Camiño de Sexaral** (de *seixo*), en Imo; **O Camiño da Presa do Treito**, **O Camiño das Laxiñas** e **O Camiño Chan**, nos altos de Bustelo...

O Ulla era xa camiño de auga antes de que foran os camiños. Navegaron por el barcas de pedra, drakars sombrizos, naos cargadas con cristais de sal... Nos camiños calcados de Dodro e de Laiño, dédalos da memoria de todos, quedaron gravados os pasos dos que por aquí pasaron. Foi palabra querida de Rosalía que tamén nos deixou a súa pegada neles: “*Cal se enxugan de camiño os herbales de Laiño*”.

Campanario

Onde agora está o cemiterio da Igrexa de San Xián de Laíño chamouse antes **O Agro do Campanario**. As campás de bronce da igrexa foron feitas polos *Ocampo*, campaneiros de sona en Galicia e fóra dela. “Ocampo me hizo año de 1841” figura na inscrición decorativa que as beira cuberta pola pátina do tempo. En Arcos da Condesa (Caldas) seguen aínda domeñando os segredos alquímicos do temple os descendentes daquela estirpe. Deixou dito Rabelais que unha vila sen campás é coma un cego sen caxato. As badaladas das campás veñen marcando o ritmo da vida dos homes e mulleres de occidente desde o medioevo. Lembra aínda a nosa xente o *toque de alba* no amencer, a mediodía o *ángelus* (as *avemarías*) e o *toque de oración* na anoitecida e reconecen a linguaxe misteriosa dos badallos, na pequena ou na grande, e se tocan a festa ou a rebato, se hai defunto, e se é home ou muller o que morreu, na *parroquia de riba* ou na *de baixo*. A Lestrobe que, agás a pequeniña da capela do Palacio, non ten campás, por máis que Valle Inclán falara delas, chegou algunha vez Rosalía fuxindo do *eterno clamoreo das campás de Compostela* pero atopamos na súa obra versos de campás que nos convocan; saudosas as de Bastabales, as do Pomar que son de despedidas e as máis tristes de todas as de Herbón: “*tristes campanas de Herbón,/cando vos oio partidesme/as cordas do corazón*”. Da Campania italiana provén o seu nome de sonoridades latinas, porque de alí procedían os mellores bronzes para facelas.

Campo. Campías. Campelo...

Aínda que o CAMPUS latino denantes fora ‘chaira’, tomou despois o significado actual de ‘terreo que rodea a aldea’, asociado a ela e á súa forma de vida, en contraposición coa cidade. *Deixar as leiras a campo* ou *en campo* é tanto como non traballalas e dun prado de herba brava e ruín dise que *semella unha camposa*, pero o substantivo refire sempre a unha extensión de terreo susceptible de ser cultivada. Pode designar un espazo

público (*O Campo, O Campo da festa*), lugar de encontro, de traballos agrícolas ou de lecer. Son moi frecuentes na toponimia. *Campelos* e *campiños* son diminutivos e están no dicionario do noso Aguirre. O diminutivo está moi presente na toponimia de Galicia como querendo darlle á paisaxe unha dimensión máis íntima e humana. *Campiñas* non se usa na fala, *campías* e *campíos* si; veñen sendo herbais, prados, e nas nosas brañas diferenciaban a propiedade particular da comunal. As campías eran de cada un e a braña de todos. Están en Rosalía: “*Este tempo soave, estas campías*”. Máis nada. Velaquí os nosos campos, campelos e campías: **Campo Longo**, no monte da *Lomba das Pozas*, arriba da Devesa; **O Campo das Eiras, O Campo dos Fieitos, O Campo, Campo Redondo** e **O Outeiriño do Campo**, en Bustelo; **A Horta do Campo, O Campo, Campeliños** e **O Agro de Campelo**, en Bexo; **Os Campos**, en Susavila e **Fonte de Campos**, en Revixós; **O Campo**, en Imo; **A Campiña** e **As Campañas**, no monte de Eiró; **As Campías da Globada** (*auga levada*), no monte de Traxeito; **A Campa** (ás veces alude a unha lousa sepulcral pero normalmente ten o sentido de veiga, campo extenso), **Campelo de Baixo** e **Campelo de Riba**, en Pexegueiro; **O Campo da Chisca**, no alto do monte, xa preto da aldea; **O Campo, O Campo da Devesa, As Casas do Campo** e **O Campo da Braña**, en Lestrobe, que era terreo do común no que se botou tabaco, coma noutras aldeas do concello. Habemos ter máis *campos* polas terras de Dodro. Hainos en Rosalía: desertos, verdes, estranxeiros, *formosos* e cobertos de lirios os de Cornes, frescos aqueles polos que Sir John Moore correra, e *campos de soledad*...

Canas

Chegounos desde o latino CANNA. A cana común (*Arundo Donax*) é doado vela ocupando pequenos espazos a pouca distancia das aldeas formando *canavais*, porque se usaron tradicionalmente para soste os espalleres e para facer as latas e emparrados das viñas. As principais, que terman do entramado, chámanse aquí *caneiras*. Mesturadas con barro formaban unha argamasa coa que se construíron nun tempo as paredes inte-

riores e tabiques de moitas das nosas casas. Pallabarro. Coas máis delgadas argallamos asubíos e faise o pau dos foguetes. Menos común é a *cana india* ou *bambú* (*Arundinaria sp.*), especie foránea de talos máis duros. Aínda que hai quen lles di *espadanas* ós *carrizos* da braña (*Phragmites australis*) nós adoitamos chamarlles *canas*. Cando Rosalía escribe “*do río que correndo/ vai entre as verdes canas*” fala das canas nosas e do noso río. No **Agro das Canas** que está na braña de Imo aniña a *Escribenta das canaveiras* (*Emberiza schoeniclus* subsp. *Lusitanica*) da que xa case non quedan exemplares en ningures. No inicio de “*O corpo e as sombras*, Eusebio Lorenzo Baleirón, ordena os seus ollos sobre esas novas páxinas “*como a sombra da água cruzando o canavial*”.

Cancela

Ten o seu étimo no latín tardío CANCELLA, ‘varanda enreixada’, que xa daquela era diminutivo. Porta de paus, táboas, varas ou barrotes colocada nun portelo para cerrar unha horta, unha eira ou un agro. Está moi presente no Nomenclátor. J. L. Pensado documenta a primeira cita para *cancelo* no ano 757. Recóllena Sarmiento, Aguirre e o resto dos dicionarios. **A Cancela Abrea** é *Cancela da Verea*, do camiño, VEREDA en latín, do galo VEREDU, ‘cabalo de posta’. É nome case sempre asociado á rede viaria romana ou medieval e designaba o camiño público polo que circulaban as postas ou *veredi*. No *Vocabulario* de Crespo Pozo *brea* é “camiño real antigo” e dáse conta tamén dun *Libro de Vereas* que nalgunhas parroquias recollía as visitas arcebispais. Na Cancela Abrea, que está próxima á *Calzada*, en Dodro, á beira da estrada, acampaban os seus carromatos os verdes ciganos. Na *Toponimia céltica de Galicia*, Joaquín Caridad fala dun significado anterior da palabra *brea*, como ‘fonte’, ‘manancial’ (formado desde VENERA). Non a hai no lugar. **O Cancelo, A Cancela, Sucancelo** (‘debaixo do cancelo’), **O Pouso do Cancelo** e **A Corredoira do Cancelo** son de Bexo. **A Eira da Cancela** e **Abaixo da Cancela Abrea** están por Dodro. **A Cancela** é de Susavila, de Imo, de Pegueiro e do monte de Traxeito, enriba do castro. **O Cancelo** é de Bus-

telo. **A Canceliña** está para alá da Aldea da Igrexa e **A Cancela da Maceira** na entrada de Manselle. *O falar non ten cancelas* dise por aquí e por Galicia adiante de quen larica de máis e non as pensa. A noite do San Xoán é de goldra, troula e rebumbio de cancelas. No *Diccionario Enciclopédico Gallego Castellano* de Eladio Rodríguez explícase que nalgunhas zonas de Galicia antigamente pensábase que en torno ás cancelas se reunían almas dos defuntos, por iso había que fechalas con coidado para non magoalas.

Caniciña

O Caniciño e **A Caniciña**, en Imo e Teao, seguramente sexan da familia de *canizo*, estrutura de táboas e varas de vimbio ou corres de carballo entretecidas. Para achanzar unha leira, despois de pasarlle o arado e a grade, zorramos, dándolle unhas monlladas co canizo e enriba del vai un pícaro agarrado ó rabo da vaca, ou senón pónselle unha pedra pesada, que agora xa non hai quen vaia neles. As *canizas* son as táboas ou varas que se colocan nos laterais do carro para termar da a carga. Nos dous casos chegaronnos a partir de CANNA, ‘cana’, por ser o material co que se facían.

Cantiño

Na *Braña de Baixo*, en Bexo, xa preto do límite co Concello de Rianxo, está **O Cantiño**. Aínda que a palabra proveña da raíz prerromana CANT, ‘pedra’, coma *canteira* (‘de onde se extrae a pedra’) ou *cantaxo* (‘pedra grande que colle na man e se pode tirar’), aquí pensamos que ten que ver con *recuncho* ou *corrucho*, recanto á beira do río. Chegaríanos a través do CANTUS latino, primeiro ‘lamia das rodas dos carros’ e despois ‘esquina’. Quizais **O Cantarote**, onde houbo estanco, en Paizal, sexa da mesma familia.

Cañoteiras

Arriba do monte de Eiró están **As Cañoteiras**. *Cañoto* é palabra viva na nosa fala. Son os couces ou cachopos das árbores depois de se cortaren estes, os tocóns que quedan no chan coas raíces. *Cañoteira* é a finca chea deles despois da tala. Aplícase ós canos doutras plantas coma o millo, as coles... Hai a expresión *duro coma un cañoto* que se usa decote por estas terras. Formouse a partir do latín, *CANNA*, ‘cana’, coma outras voces que vimos de ver, pero aquí cun sufixo aumentativo e abundancial.

Capela

Capela formouse desde *CAPELLA*, ‘oratorio’, ‘capela’ en latín, diminutivo de *CAPPA*, porque a primeira, que estaba en Francia gardaba a capa que San Martiño de Tours partillou co pobre. En Teaoio había unha *Capela de San Martiño*, que anota Jerónimo del Hoyo en 1606, tamén documentada nos libros de fábrica. En 1791 o visitador do arcebispo manda, entre outras reformas, que se reboquen as paredes, se encale por dentro e que se lle poña unha porta nova, pois estaba toda ela moi deteriorada. Cita o mesmo autor, *A Capela de Corpus Christi*, en Tarrío, que sería a do pazo recén edificado. Díciase misa pública nela ata principios do século pasado. Nos Libros de Fábrica de San Xián consta que en 1819 visitouna o arcebispo Rafael Murguía, pouco despois de que entraran os franceses no pazo. **A Capela da Virxe do Leite** (*A Capilla*, como agora se lle chama, cun dos poucos castelanismos da nosa toponimia) está chegando á Aldea da Igrexa e garda unha imaxe da virxe dándolle peito ó neno. Na súa honra celébranse as festas principais da parroquia. O tema, que aparece nas paredes das catacumbas romanas e na icona bizantina da Virxe Laktotrafusa, retomárono despois artistas coma Leonardo ou Durero, entre outros. Consérvase unha imaxe pétrea medieval que debe de ser do templo parroquial anterior ó actual. O pequeno edificio é de estilo neoclásico con columnas exentas na fachada e frontón curvo. O orixinal campanil, en forma de trípede, ten un cruceiro. Na Torre do Marqués, en Vigo, estaba

A Capela de San Xosé, que era pública. Quédanlle as paredes e o teito, de boa cantaría, e consérvase unha talla fermosa do santo, moi deteriorada. Xa non se cita nos libros de fábrica de Dodro, que empezan en 1790, *A Capela de San Lufo*, pero si no Padre Sarmiento a mediados do século XVIII. O *Palacio de Lestrobe* ten a súa, **A Capela do Anxo da Garda**, á que van á misa os do lugar. Garda a imaxe da Virxe dos Afrixidos e ten bóveda de pedra con cornixa corrida. Nas Torres de Hermida consérvase un San Antón de Pádua (coa cabeza restaurada) que estaba na *Capela do Santo Anton*. Aparece tamén unha “capela” no *Tumbo de Santa María de Iria* entre as herdades que a igrexa de Iria tiña no lugar (J. L. Pensado, 1976). Nos Libros de Fábrica de San Xián fálase dunha *Capela do Santo Anxo da Garda* en Manselle. Queda o topónimo **A Capilla**, nas casas de riba da aldea e preto del, *A Armida (A Ermida)*. **A Capela de San Xosé** está en Imo. En Bexo hai **A Capela de San Amaro** que os veciños chaman *A Armida (A Ermida)*. Nos libros está como *Capela de San Benito* (castelanismo por Bieito) e *San Mauro*, aínda que na portada do pequeno libro de contas que dela se conserva só figura o nome deste santo. Cando se visita a finais do século XVIII ordénanse unha serie de reformas como recompoñer o arco, calear as paredes ou arranxar o faiado. Quere o imaxinario dos de Bexo, que co liño que se cultivou no adro da *Capela de San Amaro*, se entrenzara o adival para atar os bois que acarrearon o corpo santo do Apóstolo ata unha Compostela aínda por soñar, alá nos confíns da terra de Amaía.

Carballo. Carballeira. Carballide

O carballo (*Quercus robur*) é árbore de folla caduca pertencente á familia das fagáceas. Ocupou o territorio galego desde hai máis de seis mil anos pero coa roturación progresiva de terras e a introdución doutras especies foráneas foi perdendo parte do seu espazo. Usouse para traves e puntóns, ripas e cancos, duelas de bocois, balaústres de hórreos, para elaborar as máis de cen pezas do carro... Retorcida no lume serviu para facer caxatos de chalán, vergas e corres para cestos, temoeiros de Moebius. A casca do

carballo, moída nos *muños da casca*, empregouse para curtir as peles. Os seus froitos, as landras, nun tempo foron parte esencial da nosa dieta. Xa Sarmiento consideraba a palabra “de difícil etimoloxía” e aínda hoxe se discute a mesma. Non semella doado elucidar a súa orixe, sendo a máis admitida a raíz preindoeuropea CARB, ‘planta que medra en terra dura’. **A Carballeira de Trala Rocha** e **Os Carballiños** son de Bexo; **Carballós** e **Carballide**, de Teaio. **A Carballeira do Castro** está no curuto do poboado castrexo, ó sur desa aldea, **A Revolta do Carballo** queda entre Sar e Manselle; **Carballo Gordo**, en Bustelo do Monte; **A Carballiña**, **O Carballoso**, **O Rechán do Carballoso** e **O Carballoso da Fonte** son da Devesa; **O Carballo** é do Rialiño, do Bustelo de Paizal e de Traxeito, onde hai tamén **A Carballeira**. **Os Carballiños** son de Pexegueiro, do Rialiño e da Aldea da Igrexa, que ten, onda os outros, **Os Carballiños de Mateu**. **A Carballeira**, **Suscarballos**, **A Carballiña** e **A Revolta do Carballo** son dos montes de Manselle e **O Carballo de Sónora** quedaba no camiño que baixaba para a Igrexa. **O Carballiño** está na aldea de Imo e **A Carballeira do Soutiño**, en Eiró, antes debeu ser souto de castiñeiros. **O Carballo do Conxeiro** (de *coengo*) que estaba antes de chegar ás *Melreiras* deixouno Anxo Angueira *chantado no medio da gándara da nosa infancia*. Apenas quedan carballeiras en Dodro e en Galicia pero miles de topónimos coma estes nosos resisten como testemuñas doutro tempo e cada primavera reventa a gomariza nova de noceiras e tropezas nos sotobosques sombrizos desta terra. *Un carballo con cen ponlas, cada ponla ten cen gallos, cada gallo ten cen niños, cada niño cen paxaros*. Infinitos paxaros eran, para os nosos soños de nenos. Rosalía fala da “*sombra amante*” dos carballos e daquel outro Sar que *marmuraba leve* “*antre os carballos da devesa oscura*” e disque Castela, desde o exilio arxentino, lle pediu a Otero Pe-drayo que cando volvera a Galicia lle dera un abrazo a un carballo.

Carboeiro

Para alá de **Carboeiro** hai sartegos do sol. O monte, que queda detrás da aldea de Imo, cerra por occidente este anfiteatro natural que mira cara o

largación val do Ulla e dálle nome ó oficio de quen vende ou fai carbón. Isto último cóntanolo Aguirre del Río que tivo familia no lugar. Se tal fose certo, o topónimo procedería do latín CARBONE. Explícanos Xaquín Lorenzo (*Os Oficios*) que o carbón vexetal se facía de raíces de *turgueira* ou *torgo*, que vén sendo a nosa carroucha (*Erica cinerea*, *Calluna vulgaris...*), moi abundante na zona. O Padre Sobreira cita a “herba do carboeiro”, que será algunha variedade de saxífraga, e explica que as follas mesturadas con carbón sandan as úlceras vellas. Chámanse tamén *carboeiros* os *ferreiros* e *maceiriñas*, paxaros comúns da familia dos páridos (*Parus* sp.), moi vistosos, de cores amarelas e verdeazuladas. Podería ter relación con *carba*, un dos nomes do *cerquiño* (*Quercus tozza*), variedade de carballo que non hai nos nosos montes.

Para os que vivimos aquí, nas terras baixas de Laíño, Carboeiro garda por un intre no seu fanal de pedra as derradeiras luces violetas da anoitecida antes que baixen polas súas faldras as poldras negras do soño. Ó monte *Carboeiro*, “*ferido polo sol de todos os ocasos*”, dirixiuse o poeta Abuín de Tembra, infortunadamente falecido en datas recentes, no seu *Home ó pairo*: “*Monte de Carboeiro (...)* Cando vexas o camiño deste home apodrecer de tantos pesadelos, acólleo nas mans do teu espírito ie turra del para ti!”. Que así for.

Caroliño

O **Caroliño** está en Bexo e quizais se refira a terreos difíciles de traballar pola dureza do chan. O diminutivo, que puido formarse desde CAR/COR, ‘rocha dura’, está tamén na *caroia* dos pexegos e na *corocha* das feridas. Nalgúns lugares de Galicia, *carolos* son os terróns que levanta o arado e noutros, dásele ese nome ás noces. En Dodro son as codias ou codelas do pan de millo e os cachos dos carozos que se lles botan de comer ó gando, *cabocos*, se son moi miúdos. F. J. Rodríguez, contemporáneo de Aguirre del Río, sinala no seu dicionario unha curiosa tradición que consiste en que os noivos reparten carolos de pan entre os veciños da aldea que van atopando polo camiño o día do convite.

Carracheiras. Carracho

Chamáselle *carracheiras* nestas terras ás árbores vellas, engruñadas e encarrapiñadas, que non dan medrado. A palabra é abundancial de *carracho* (dunha raíz preindoeuropea CARR), o parásito que cría entre fieitos e matagal e se alimenta suchando o sangue dos animais. É tamén despectivo, persoa desprezable, e asóciase con situacións de abandono e de extrema miseria. **As Carracheiras** son topónimos de arriba de Pexegueiro, abaixo de Paizal e de Dodro, e deberon de se referir a terras vougas, con arboredo cativo, extremadamente pobres. **A Fonte do Carracho** é de Lestrobe, do lado de riba da propiedade dos Hermida.

Carrasco. Carrasqueira

Non é fácil deslindar as palabras que incluímos neste grupo coas do seguinte sobre todo tendo en conta que os estudosos admiten frecuentes interferencias entre elas. Para Eligio Rivas todas proceden do preindoeuropeo CAR, 'rocha', 'cousa áspera, dura'. **A Carrasqueira do Covo** é da braña de Tarrío, abundancial de *carrasco* ou de *carrasca*, plantas que lle dan nome a diversas especies de ericáceas (uz, queiruga, carpaza, carqueixa, carroucha...) e a algunhas variedades de carballo e aciñeira. **A Carrasqueira** está en Imo e **Antre Carrascos** en Lestrobe. *Carrasqueyro*, en Sarmiento, dérivase erroneamente de *carex*. *Carqueixas* di que hai moitas nos montes de *Barbudo* (Taragoña) e *Treito* (onde confinan os concellos de Dodro, Rois, Lousame e Rianxo), que os mariñeiros limpan os barcos con elas e que as levan a Santiago para facer escudillas. Debe de ser a que se chama no interior de Galicia *lavacuncas* (*Chamaespartium tridentatum*). *Carrasca* e *carroucha* comenta tamén que son os nomes que en Rianxo se lle dan ás urces (*Erica arborea*).

Carregal. Carragosa. Carrizo

Hai autores para os que a palabra procedería da raíz CAR/CARR, ‘rocha’, que vimos de ver, pero para outros, como Cabeza Quiles, que escribiu sobre os topónimos desta familia léxica (“*Los topónimos carregal, carracedo y carrizal*”), *carregal* é ‘canaval’, extensión de carrizos ou de canas que é como nós as denominamos. No dicionario de Carré está como “terreo abundante en *cárregas*”, gramíneas que medran en terreos pantanosos. **O Carregal** e **O Carregaliño** nomean paraxes húmidas da braña de Imo. Os *carrizos* (a variedade da nosa comarca é a denominada *Phragmites australis*) son plantas de longos rizomas que medran en espazos húmidos e ocupan grandes extensións ou *carrizais*. Sarmiento explica que é unha “caniña palustre”, pero ás veces con nomes confusos, aínda que facéndoa vir de CAREX, o que hoxe é aceptado polos filólogos. Está na Flora do Padre Merino. De quen ten boa vista, dicimos en Láíño, que *dá visto os carrizos en Cordeiro*, do outro lado do río, que xa é ver, pero falamos nese caso dunha ave pequena e esquiva que vive nas silveiras (*Troglodytes troglodytes*), porque nas aldeas daquela banda, ás nosas canas chámanlle *canibelas*. Con ese nome recólleas Aguirre del Río, que tamén anota *Carragal* co significado de “campo onde nace espontaneamente a cárraga, herba boa para o pasto, herbal que non se coida nin se rega”. Pensamos que quizais **O Agro do Carrizo**, en Bustelo do Monte, se refira ó páxaro, moi común nesta zona, e non á gramínea. A respecto de **A Carragosa** que está no monte, entre Castro e Imo, pode pertencer a esta familia. **A Cargueira** na braña de Imo podería non ser deste grupo e ter que ver con *cargar*.

Carro

Carral, carreira, carril: ‘vias carrarias’, camiños de carro, corredoiras. Todas as formas son o resultado do CARRUS latino. Xa se comentou **Carral do Bispo**. **Carreiriña** é de Manselle, **O Carril** de Imo e **A Carreira das Bestas** era o vello camiño sacramental que viña desde O Rialíño polo

Cruceiro de don Pedro, na Cruz. O **Agro dos Carros** está en Bexo e na braña de Tallós e **Carreira**, en Imo e Bexo. En **Carrais**, que se localiza, coma **Carrais de Pozo**, ó suroeste da aldea de Imo, hai unha pedra de abalar, á beira doutra cabalgada de formas dolménicas. Pasa preto delas o antigo *Camiño Real*. Unha vez cada mil anos baixa do monte o mesmo carro e as lamias van afondando na laxe a corredeira. Eternidade.

Casa. Casal. Casarells...

O tema procede do latín vulgar CASA, ‘choza ou cabana rústica’, e despois *casa*, coa acepción actual, substituíndo á forma clásica DOMUS. *Casal*, de CASALIS, designaba durante a Idade Media unha propiedade illada no campo, tanto a casa coma as dependencias auxiliares. Máis tarde pasou a ser unha agrupación de casas nunha aldea. As *villae*, que son as explotacións agrícolas características do Baixo Imperio, formadas por un propietario cos seus traballadores e servos e todas as casas, fincas e dependencias anexas, acabarán dando lugar ás nosas vilas e aldeas. Entre os séculos XI e XIII, como consecuencia dunha serie de cambios fundamentais na agricultura (a introdución do arado de veso, a expansión do muíño hidráulico, a roturación de novas terras...), prodúcese un aumento importante da poboación e o rexurdir das urbes. Consólídanse as vilas e xorden *vilas novas* e cidades, dotadas de foros e privilexios, ás que acode a poboación en busca de oportunidades porque se dicía que o aire das cidades *os facía máis libres*. Nesa ampliación necesaria do espazo urbano nacen moitos dos topónimos que irán agromando por estas páxinas adiante: casais, vilares, quinteiros... que son sempre fragmentacións das vilas ou barrios nas aforas, cando estas se expansionan.

Casadona, abaixo de Traxeito ten unha etimoloxía clara en CASA DOMINA e quizais coma outros topónimos achegados estivo aforada na Idade Media. **A Casa das Portas** está na mesma aldea e falaremos dela máis adiante. **A Casa do Pichón** é de Lestrobe e o seu nome, aínda que debe ser antropónimo, podería non falar da cría de pombas, senón do remate da parede dunha casa que acaba en ángulo. Con ese significado ato-

pamos a palabra *pichón* en varios dicionarios. Era unha dependencia da **Casa das Porqueiras** (lat. PORCUS), que foi a principal, pois ostenta un fermoso escudo na fachada que sería ben desentranar por expertos en heráldica. O nome venlle dun antepasado tratante de gando porcino. Tamén en Lestrobe pero no *Barrio de Abaixo* **A Casa do Silleiro**, non lonxe dos muros do *alacio*, presenta uns motivos decorativos de época renacentista cunha inscrición ilexible. Polo visto foron encastrados na parede pero procedían doutro lugar. **Casal de Xoane** en Manselle debe indicar o nome do antigo posuidor. **O Casal** está en Imo, **O Casalíño** en Bexo e **Os Casais** abaixo de Teaio. Perdeuse esta forma de facer o plural en “-ais” que como vemos se mantén nalgúns dos nosos topónimos. **Os Casais** están tamén cara o oeste de Susavila, á beira do río, onde os máis vellos de Dodro saben que viviron os mouros. Cando tiveron que marchar deixaron alí os tesouros: “i *Ai, Casais, Casais, que ricos quedais!*”. A queixa dos estraños quedounos en castelán. **Tras da Casa** está na Devesa e **Antecasa** en Vigo, na aldea de Imo e no Bustelo de Paizal, onde hai **Antecasa de Riba** e **Antecasa de Baixo**. Cara o poente da aldea de Tarrío quedaban **Os Casarellos**. Era corrente nos foros citar casas, casares, casais... No Libro do notario Álvaro Pérez, de 1457, *Pero de Terrío* sinala o seu *Casal de Terrío*, onde agora mora, para pagarlle o foro a *Sueyro Gomes*, “so pena de mill moraudiis vellos”.

Non recollemos aquí os diferentes nomes das casas das parroquias o que daría pé a outro traballo enteiro de antroponimia. Algúns deles derivan de alcumes. *Porlle nome* a alguén é alcumalo. Cada casa ten nome de seu, ó que nos referimos como *A casa de*, ou abreviando *A dos de*, *A de*. Moitos non lembran de onde lle vén o nome. Como curiosidade citamos tan só as do núcleo da nosa aldea de Tarrío. A nosa casa foi antes **A de Deogracias**, e despois **A de Amancia**. Estas son as outras da aldea: **A do Señorito** (O Pazo), **A de Paco de Serodio**, **A dos de Fina**, **A dos de Abuín**, **A dos do Maestro**, **A da Campas**, **A da Cameana**, **A de Laura**, **A de Ersilia**, **A de Sabina**, **A dos da Fonte**, **A de Carme da Veiga**, **A dos de Daniel**, **A dos de Pedro**, **A de Elisa**, **A de Dora**, **A de Inés**, **A de Conchita**, **A de Celestina**, **A de Dorinda** e **A de Agustina**.

Reparade en que case todas levan nome de muller. Por algo sería. “*Quen casa ten de seu, ten media vida*” escribía Rosalía, se cadra porque xamais a tivo.

Cascalleira. Casqueiriños

Os **Casqueiriños** están en Bustelo e **A Cascalleira** era unha carballeira do lado de baixo da estrada que vai de Tarrío á Dea da Igrexa. Véñense interpretando os dous nomes como derivados do latín QUASSICARE, ‘escachar’, romper en pequenos fragmentos. *Casca* é a cuberta seca das árbores, a parte exterior dos ovos ou o caparazón que protexe os insectos. *Cascalleira* é terreo cativo, borraxeiro, composto por terra lixeira e miúda, onde hai cascallo, pedregullo... Este é o significado que os nosos veciños lle dan. *Casqueiro*, tamén é palabra en uso, está no dicionario de Aguirre como “madeira de mala calidade, a primeira e a última que se saca dun tronco”. *Cascalleiro* é terreo cultivable pero cheo de pedregullo.

Castiñeiro. Castaño

O castiñeiro (*Castanea sativa*) procede do mediterráneo oriental e foi introducido polos romanos en Galicia converténdose durante séculos nunha árbore fundamental para a economía familiar, antes da chegada da pataca e do millo americanos. Chegou a chamárselle *árbore do pan*. Alejandro Dumas alabou as excelencias do *marrón glace* galego e Picadillo inclúeo entre as súas receitas culinarias. Nós non soubemos del, pero sí da ledicia das castañas cocidas con fiuncho, asadas no remol da lareira ou na prancha da cociña de ferro, non sen antes amosegalas, adentándolles un anaco da tona para non estouparen. Botábanselle ó caldo as castañas maías, pero viñan de fóra que aquí non dan secado. A veta da madeira fai augas e é de moi boa calidade para mobles. De castaño son boa parte das xeometrías dos retablos das nosas igrexas e os santos que desde eles nos miran debaixo de estofados e pans de ouro. O nome procede do latín CASTANEA e este do grego KASTANEIA. O mal da tinta segue aínda acabando cos do

país. Os tratados resisten mellor pero a madeira non é de tan boa calidade. Imos ver deles máis en diante ó falarmos de soutos e sotelos. **Castiñeiras** está en Dodro, **O Castiñeiro** e **O Castiñeiríño** en Lestrobe, **Os Castiñeiríños** en Traxeito e **O Castaño** en Bexo. Por aquí dise *castañeiro*, *castiñeiro* e *castaño*, aínda que preferimos esta última forma para denominar a madeira da árbore. Rosalía escribe e soña “*baixo a prácida sombra dos castaños do noso bon país*”.

CASTRO. Castrelo. Castelo

A palabra procede do latín CASTRUM, ‘lugar fortificado, campamento’. **Castro** ponlle nome a unha das entidades de poboación da parroquia de San Xoán de Laíño formada a carón dun poboado castrexo que houbo nas proximidades. Aldea recollida, de fiestras abertas ó nacente, cara o vento soán, con estreitas ruelas, calexas enlatadas e querenza polas casas de paredes redondas que as contornan, quizais porque os que as ergueron tiñan en mentes as vivendas circulares dos seus poboadores primixenios. As edificacións máis antigas dunha planta e tellado cunha única vertente case non teñen ocos nin cheminea porque o fume das lareiras saía polas tellas. Hai casas con mostras de cantería de calidade en hórreos, potiños e escaleiras e un fermoso reloxo de sol cúbico na *Casa da Bexa* (1859) traballado polas catro caras. O informe de Patrimonio que anota algunhas das consideracións que comentamos califica o conxunto “de características singulares”. Desde Castro enxérgase sen dúbida a mellor vista do esteiro do Ulla, barandal sobre o noso mundo de auga. Subide para ver como muda de cor a pel livián da braña co devalar das horas.

Castrelo e *castelo* formáronse desde CASTELLUM e son diminutivos de *castro*, CASTRUM, ‘fortificación, campamento’. Están tamén moi representados na toponimia. Cada vez os arqueólogos fan retroceder máis o inicio da cultura dos castros, quizais a finais do segundo milenio antes de Cristo. Correspóndense fundamentalmente coa Idade de Ferro e foron o tipo de asentamento que atoparon os romanos cando chegaron aquí coas súas lexións. Son case sempre poboados fortificados situados a media la-

deira, en lugares elevados ou aproveitando promontorios costeiros, pero cada vez dubidase máis de que as murallas e foxos tiveran unha función simplemente defensiva. As vivendas eran de planta circular e estarían cubertas de colmo. Espallados por toda a xeografía galaica, no Nomenclátor da Xunta de Galicia levan o nome de *Castro* 283 lugares e 73 parroquias, pero habería que engadir os miles deles que forman parte da microtoponimia e os seus derivados: *Castrelo*, *Castríño*... No noso concello están catalogados os seguintes: Os Castros de Bexo, o de Castro, o de Lestrobe, o de Traxeito e o do monte *Sián*. Algúns foron estudados nun artigo de Ponte Míguez e Ruibal del Castillo da revista *Gallaecia* e incluídos en estudos máis xerais coma os de Xerardo Agrafoxo, agás o de Lestrobe e o do *Sián*. Case todos están referenciados na toponimia.

O Castro de Bexo, o máis pequeno, ten nas súas ladeiras **O Agro Grande do Castro** e **O Agro Pequeno do Castro**. A maior parte del está no Concello de Rianxo. Ó castro grande os veciños chámanlle **As Murallas**, **As Murallas dos Castros de Bexo** ou **O Castelo**. Ten forma alongada e conserva efectivamente parte dos seus cinturóns pétreos de murallas circundando unha gran terraza. Nas súas croas distínguense restos de vivendas hoxe inzadas de eucaliptos. Cara a zona sur e leste a ladeira descende abruptamente mentres que no norte a pendente é suave con tres aterraxamentos escalonados. Atopáronse nel abundantes restos cerámicos (Dirección Xeral do Patrimonio). Os veciños lembran unha calzada empedrada que baixaba en dirección a Teaio. Ten unha visión panorámica de todo o val: Vense desde o píncaro o Barbanza, a Muralla, o Castro Barbudo, o Meda, o Castro Valente, o Xiabre, Lobeira, o monte das Cercas ou do Castro, a Lioira... Os máis deles foron tamén poboados castrexos. Sacouse moita pedra de gran dureza para casas, muros e peiráns e aínda se poden ver as marcas do traballo dos canteiros nas abas apenadas. Unha das laxes graníticas na que se di que rezaba o Apóstolo chámase *A Cama dos Mouros* e realizáronse nela rituais de fecundidade. Hai lendas de tradición oral que falan do castro e das mámoas do fondo do val, historias de mouros e doncelas encantadas, de covas e pergameos que sinalan tesouros ocultos e vigas de ouro que se repiten case sen variación

por toda a xeografía galega. Contar, contan, que é lugar encantado, e que viñeron frades do convento de Herbón a romper o maleficio e deixando un fato de saramagos na entrada dunha espenuca viuse sair o demo en forma de raposo. A Eira dos Mouros, onde estaban estes enterrados, dise que non daba toxo porque o sangue dos infieis non o deixaba medrar. Outra tradición trata do saqueo destas paraxes polo mouro Almanzor e dun pasadizo soterrado ou dunha cadea que iría desde aquí ata as Torres de Oeste para impedirilles o paso ás hostes sarracenas. Moita cadea sería... Estas e outras historias recolleunas a Asociación de veciños de San Xoán de Láino no ano 1993 facendo un rigoroso inventario etnográfico da parroquia.

O Castro, no camiño que vai de Imo a Castro, está moi deteriorado, afectado pola roturación secular das leiras de cultivo e polo desmonte que se fixo en tempos recentes para edificar unha casa. O núcleo de poboación da aldea de Castro formouse na parte norte do asentamento e ten unha vista privilexiada de todo o val. Do lado de riba da aldea antes estaba **O Portelo do Castro**. Consérvanse uns outeiros ós que lle chaman **Os Outeiros do Castro**, nos que está A Croa da Raíña Moura (Llinares, Mar: *Mouros, ánimas...*) onde estaría sepultada. Quedan os dous topónimos na **Carballeira do Castro**, e do lado de riba dela, **O Castriño**. Os veciños chámanlle **O Castro** a toda a extensión que vai desde a aldea ata este lugar, na que hai unha manchea de microtopónimos. **As Brañeiras do Castro** son un deles. **O Agro de Castro** e **O Souto de Castro** tamén son desa aldea. Hai así mesmo lendas de códices (o *Libro de San Cibrán*) e de encantamentos (a señora das tesoiras que vende cousas bonitas), e unha vella tradición popular fala dun longuíssimo túnel de varios kilómetros, feito polos mouros, que chegaría deica os castros de Bexo. En realidade, a *mina de Moure*, foi un manancial de auga. Hai varios pasadizos destes na comarca coma o que ía desde a Rocha Blanca ata Iria, desde A Lioira a Rianxo ou desde o Castelo da Lúa de Paio Gómez Chariño por debaixo do mar ata O Neixón; do que se conclúe que os mouros tiñan unha afección enfermiza pola espeleoloxía e moitísimo tempo libre.

O **Castro de Lestrobe** está do lado de riba da aldea na ladeira do **Monte do Castro** e hai un **Camiño do Castro** que leva a el. Murguía durante as súas estadias no Pazo dos Hermida, observou que nas riadas baixaban fragmentos de tégulas, ladrillos romanos, restos de condución de cerámica moi fina e doutros materiais, polo que supoñía a existencia un antigo poboado semellante ó *Rath* de Loegaire, en Irlanda. **A Laxe do Castro**, tiña (e terá) unha fenda que arremedaba unha porta. Volvemos toparnos máis outra vez cunha *señoriña* que ás veces vixiaba a entrada. Os veciños da aldea coidábanse ben de non pasar a certas horas polos arredores.

O lugar onde se asenta **O Castro de Traxeito** chámase **O Castro**, a parte máis alta é **O Coto do Castro** e a baixada **O Rechán do Castro**. Está na aba do monte *Meismadela* e culmina o val onde nace o río que será despois de Vigo ou de San Lufo, pero nas aldeas de riba aínda non ten nome de seu. Vénselle de lonxe as feitureas nos socialcos que descen a caeira. Ten unha croa redondeada rodeada por diferentes terrazas que se viron afectadas polas leiras de cultivo e pola estrada que vai a Rois por Formariz e atópase nel cerámicas e tégulas.

Castrofeixe (outros topónimos co final en “*feixe*” para Joaquín Caridad teñen que ver coa divindade celta *Esus*) está arriba do Bustelo de Traxeito. Ignoramos cal sexa o significado do segundo elemento da palabra. *Feixe* (*feixó*) recóllea Sarmiento como sinónimo de faba. Se fose *Castrofeito*, procedería de *fracto*, ‘desfeito’, a partir dun *castro feito* primitivo. **Pousocovo dos Castros** está no monte de Pexegueiro e **Castrelo** na Devesa. **O Casteliño** está no monte de Teaio. Na veiga de Lestrobe hai unhas leiras á beira do vello Sar que se chaman **Castelo Vello**. Son varios os historiadores que pensan que Lestrobe foi unha *villae* romana, á beira da gran *civitas* de Iria que ocupaba máis de vinte hectáreas de terreo, entre Iria e Porto, a aldea de Cesures. (Pérez Losada: “Entre a cidade e a aldea, estudio arqueohistórico dos *aglomerados secundarios* romanos en Galicia”). O autor citado explícanos que Estrabón e Tito Livio entre os tipos de hábitat romanos mencionan *oppida*, *vici* e *castella*. Fortificado ou non, o *castellum* era un núcleo de poboación dependente dunha cidade ro-

mana pero con entidade propia (Pereira Menaut: “Los castella y las comunidades de Gallaecia”). Talvez este *Castelo Vello* da veiga de Lestrobe dá conta de antigas edificacións, ruiros, arrabaldos do que foi o *Foro Iriensis*, aínda que poderían ser desaparecidas construcións altomedievais. Nun dos curutos do monte *Fontecova*, na Catalogación do Patrimonio Arqueolóxico do Concello, figura o **Castelo do Monte Vilar**. Os veciños chámanlle *Os Mosqueiros*. Consultada a ficha correspondente na Dirección Xeral do Patrimonio, consta que se atoparon fragmentos dunha vasilla medieval de factura manual. Valórase a posibilidade dunha fortificación desa época. Subimos, e do lado de riba dos petoutos, entre os que hai unha curiosa rocha cunha oquedade abovedada, puidemos observar restos de construcións circulares. Divisamos desde o cume as vellas terras de Dodro e de Laíño, sepultas naquela hora baixo arpilleras de bris, as valiñas mainas das aldeas de riba, a bichoca lacustre do Ulla, nubeiros esporriñados polo Mar da Arousa...

Catadoiro

Gonzalo Navaza explica a etimoloxía de Catoira desde CAPTARE, ‘ver, divisar’. Quizais sexa este o significado de **Catadoiro** no monte de Bexo, pois a palabra recóllese co sentido de *miradoiro* nalgúns dos nosos dicionarios. Abelardo Moralejo analiza ese e outros nomes afíns. Rosa Pedrero (Francisco Villar, 2001) apunta como orixe para estes topónimos a raíz indoeuropea KAT, ‘habitación’ co sentido orixinario de ‘oco’, ‘burato’.

Cebolal

O **Cebolal** é o nome de toda a veiga de Dodriño e Revixós, dividida nun labirinto ortogonal de pequenos predios, cada un co seu microtopónimo que iremos devanando. Garda memoria do que foron secularmente as leiras de Dodro, teselas dun mosaico, remendos do tapiz infindo do que falamos ó empezarmos estas liñas. A cebola procede do latín CEPULLA, e de

CEPA. Despois dos cereais, foi unha das primeiras plantas en seren cultivadas nas chairas de Mesopotamia, dous mil anos antes de Cristo.

Cengoso

Ceno é o lodo, a lama que se forma nas augas estancadas. Do latín COENU. *Cenagal* e *cenagoso* son palabras que atopamos nos dicionarios de portugués pero non nos galegos, agás o Estravís. **Cengoso** está na veiga de Lestrobe e pode ser sinónimo de tremedal, lameiro, lodazal.

Cepo

Do latín CIPPU, ‘estaca’. No dicionario María Moliner é “pilastra ou columna colocada en memoria dun morto” ou “poste colocado nos camiños para indicar a distancia”. Despois acabaría significando ‘tronco’ ou ‘poste’, e de aí *cepo*, a parte inferior do tronco dunha árbore que está medio enterrada, e *cepa*, ‘tronco da vide’, ‘vidra’. Tamén se chama *cepo*, ou *pega* unha sorte de tarugo de madeira, traba que se pon no pé dos cabalos do monte para non fuxiren. Son máis probables estes significados que o de ‘trampa para atrapar animais’. Na aldea de Reboiras hai **Os Cepos**.

Cerdeira. Cereixán

Cerdeira sería a forma orixinal a partir da latina CERESARIA. A variante *cereixeira*, que é a que se emprega nesta comarca, é tardía e formaríase na Idade Media a partir da voz romance *cereixa*. **Cereixán** está en Castro, **As Cereixás** abaixo das Lameiriñas, xa preto do Muronovo, e **A Cerdeira** son leiras en Rial de Lagoa. A madeira da árbore é moi apreciada en ebanistería. Polas nosas aldeas habíaas bravas, de cereixas máis pequenas e acedas. Quedou na cantiga popular un piñeiro de Iria que as daba. *Nosa señora de Adina/ ten un piñeiro no adro/ bota piñas polo outono/ cereixas no mes de maio*. Desta beira da Terra de Iria tiñan sonas de Cespón ou as da Chisca pero foron esmorecendo pouco a pouco. Por

máis que sexa pasadío o tempo das cereixas, florecen inmorrentes as de Eusebio Lorenzo nos versos que lle deixou á súa filla Flavia: “*Sento o ritmo das fontes,/ o medrar das cerdeiras/ e o peso tenro/ dos teus ollos/ no gastado metal da miña voz*”.

Cernadiño. Sarnado

Provén de CNERATA, do latín CINIS, ‘cinsa’, en alusión a que eran terras queimadas nas que se aumentaba así o aporte de potasio e doutros minerais mellorando os rendementos agrícolas. *Cernadas* era o apelido do Cura de Fruime (Diego Antonio Cernadas e Castro), en Lousame, á beira nosa, un ilustrado que brillou na segunda metade do XVIII, nun século para nós aínda de febles luciñas e candelexas. Están os dous topónimos **Cernadiño** e **Sarnado** na veiga de Lestrobe. Algún deles ha de ser o que figura como “Çernado” no *Tumbo de Santa María de Iria* (J. L. Pensado, 1976).

Cerquiño

Xa non é árbore que podamos ver no concello pero debeunos haber noutrora como o acredita este topónimo que comentamos e o nome da aldea de Cerqueiras (O Araño, Rianxo), preto nosa. O cerquiño ou cerqueiro é unha variedade de carballo (*Quercus pyrenaica*) de menor porte, cunha pubescencia branca no envés da folla e con abundantes rebentóns laterais que se usan en varias comarcas galegas para facer cestos. Nalgunhas zonas tamén reciben ese nome os gromos dos carballos e rebolos. Se tivo uso aquí, é voz que se perdeu. Di o Padre Sobreira que a folla é suave coma *gamuza* e que vareando o viño cun pau de cerquiño perde a pesadez que teña. Está **O Cerquiño** no monte de Reboiras.

Cerrados

Arriba da *Fonte Primeiral*, no monte do Rialiño, **Os Cerrados de Ladride** veñen sendo propiedades cercadas, do latín SERRARE, ‘cerrar’.

Cerrado sobre si é unha expresión de noso que comenta o dicionario de Eladio Rodríguez, ‘circundado por un valo en toda a súa extensión’. *Ladride* formouse desde o latín tardío LATARIA, ‘a do lado, lateral’.

Chan. Chenlo. Chancelas

O substantivo *chan* deriva do adxectivo latino PLANUM. En ocasións, máis que dunha superficie plana, do que falamos é dun pequeno descanso nunha pendente, por contraste con esta. *Rechán* tamén é un planalto na encosta dunha montaña, co prefixo “re” de duplicación. **Chan de Viña, A Fonte de Chan de Viña e Chan de Currais** están en Bexo; **Os Chans**, en Lestrobe e no Rialíño; **Chancela**, no Rialíño; **O Rechán da Tomada**, arriba do castro de Traxeito; **O Rechan, O Chan e Os Chenlos** en Bustelo; **O Rechán da Costa**, arriba da Aldea da Igrexa, á esquerda da Fonte Primeiral; **Chancelas e Chan do Monte** en Teaio; **O Rechan do Nabaliño**, en Manselle e **O Rechán da Laguna** (‘lagoa’), en Bustelo. *Chenlo*, do diminutivo latino PLANELLU, ten o mesmo significado que os anteriores. Arriba de Tarrío, onda o campo de fútbol, hai **Chenlo e Chenlo de Riba**. O nome aparece en Manselle, no monte de Bexo, en Imo e en Teaio. Nos dous últimos lugares atópase o topónimo **Chenliño**.

Chaviñas

Eligio Rivas, en *Natureza Toponimia e fala*, recolle *chaveira, chavasqueira, chavascal*, en diferentes sitios de Galicia, como matoqueiras, terras ruínas, moutas de espiños. Non se coñece a etimoloxía, pero semellan máis probables estes significados para **Chaviñas**, en Bexo, que os dun suposto nome de posesor *Flavianus* ou o *Aguas Flavias* que se invoca para o *Chaves* portugués.

Chedeiro

Chedeiro é o conxunto de táboas que forman o piso do carro. Está, entre outros, no dicionario de Aguirre. *Chedas* son os largueiros ou pezas laterais que o cerran, nas que van metidos os fungueiros. Non figuran na toponimia maior galega os nosos *Chedeiros* pero si *Cheda* (de PLANATA). No caso de que esa fora a súa etimoloxía serían pequenos recháns na ladeira **O Chedeiro de Riba, O Chedeiro de Baixo, O Chedeiro de Amaro, O Chedeiro do Regueiro e Entre Chedeiros** que están en Imo, na caeira do monte da *Cruz do Abelán*. Outra posible etimoloxía de Cheda viría de *cerrar*, do celta CLETA, ‘cerco, cerrado’.

Chousa

Chousa é ‘agro cercado’, rodeado por un valado ou *chousume*. Vén da palabra latina CLAUSA, ‘pechada, cerrada’. “Agro cerrado onde hai árbores e monte”, explica Aguirre, e Eladio Rodríguez apunta, entre outros matices, o de “campo cercado próximo á vivenda” que se acomoda ben ás nosas chousas: **Agra Chouso** (ou **O Agro da Chousa**, na aldea de Teaió, cun pombal e un hórreo recollidos no Inventario do Patrimonio), **A Chousa**, entre Dodriño e Revixós e **A Cova da Chousa** a carón do Ria-liño. No libro do notario Álvaro Pérez (1457) *Afonso Gallán* ten viñas na “chousa grande de Leyño”. Hai dous foros de 1562, un de “dos jornales de viña en las Chousas grandes del pazo de Layño a favor de Pedro Vilanova e Elvira Veturro, su mujer” e outro no mesmo lugar “de dos hombres y medio de cava a favor de Fernando Ares, vecino de Laíño y Teresa do Vilar, su mujer” (Basanta Campos, 1996–2000). En “Como chove miudiño” vai a nube misteriosa “*frol por frol, chousa por chousa*”.

Chozas

Do latín PLUTEUS, defensa de táboas que usaban os soldados nos combates. No dicionario de Aníbal Otero “cabana formada por estacas de

rama ou palla na que se recollen os pastores e xentes do campo”. Está **Chozas**, a media ladeira, no monte de Manselle.

Citoula

É apelido pouco corrente que debe ser orixinario do noso concello pois é onde máis abunda. No libro de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos en 1457, figura un *Pero Çitoula* que xa citamos, morador no *Barral de Beejo*. **Citoula** está arriba de Bustelo, no monte de Traxeito e nos labradíos da aldea. A *sitoula*, que é como pronunciamos nós o topónimo, nos dicionarios de Cubeiro (1876) e Filgueira (1926) é unha taboíña que bate na roda do muíño e ademais de repartir o gran, polo ruído que fai, permítelle ó muiñeiro saber se está a moer ou non.

Coal

O **Coal** son terreos de Manselle que quizais teñan a mesma etimoloxía que *Coaxe*, aldea de Catoira. G. Navaza, se ben comenta a orixe incerta do topónimo, apunta dúas posibilidades: que sexa hidrónimo prerromano emparentado con ríos coma o *Coa*, afluente do Douro, ou o *Cúa* (o *Cuda* romano) que vai dar ó Sil, ou ben que faga alusión a concavidades do terreo (desde o indoeuropeo hispánico COVUS, CAVA en latín, ‘cova’). No **Pozo do Coal** había un encanto e polas noites aparecía unha galiña cunha rolada de doce pitos de ouro. É lenda común de fontes, covas, túmulos e castros galegos vencellada coas maxias da noite de San Xoán e cos tesouros soterrados. Escribiron dela autores coma Cuevillas, Pedrayo, Risco, Carré Albarellos, Taboada Chivite... O artigo “La gallina y los polluelos de oro” de Alonso Romero (*Anuario Brigantino* 25) desenvolve o tema con máis prolixidade. No dicir de Murguía era a tal galiña unha fada, doncela ou dama encantada.

Cobrega

Non é desde logo topónimo usual e menos coa acentuación que ten. **Cobrega** está en Bexo nunha área de labor. En Dodro ás cóbregas chamámoslle *bichocas* e *pan de bichoca* ós cogomelos. Aguirre escribe *cobrega* como sinónimo de *colubra*, *culebra*. Tal era precisamente a palabra que usaban os romanos par nomear as serpes. Anótana tamén sen acento, *co-brega*, o *Diccionario de Reguera* (1840) co significado de *saramago* e o diccionario manuscrito de Francisco Javier Rodríguez (1854) como *cobra*. *A Xerpa* é outro topónimo que fai referencia a elas.

Cocho

Amáis de ser un dos nomes que lle damos ó porco, *cocho* é o cubil onde dormen e se refuxian outros animais (Aguirre) ou onde se ocultan no monte, o tobo. Vén do latín tardío COCCULU, ‘cuncha’, cunca. A cuncha é a casca que protexe o corpo dos moluscos e, por extensión, calquera sitio resgardado, oco ou abrigado que na nosa xeografía se lle pareza. Serían pois lugares recollidos, corruchos, recantos. Iván Sestay (*Toponimia de Coia*) explica que no Morrazo é voz viva co sentido de ‘horta pequena’. Algúns dicionarios descríbeno como ‘porción dun terreo labradío que se dedica a outros cultivos’. **O Cocho** está en Sar e **O Cochiño** en Lestrobe, á beira da estrada, e había tamén un **Cruceiro do Cochiño**. Debaixo das escaleiras de pedra dalgúns hórreos deixábase sitio para *o cocho do can*.

Codesal

O codeso (*Adenocarpus complicatus*) está ben representado na nosa microtoponimia por diminutivos e abundanciais, e máis estaría se lle deramos hoxe nome ás leiras que están en campo, pois é arbusto que invade beiras de camiños e terreos incultos. Provéen do latín vulgar CUTISU, tomado do grego KUTISOS, pola illa de Cytnos. Cita Sarmiento a Virgilio: “nec cytiso saturantur apes”, para explicar que as abellas non se fartan de chupar nas

súas flores amarelas. Usouse tradicionalmente, xunto coa xesta, para facer vasoiras. Hai **Os Codesos** no Rialíño; **O Agro do Codeso**, **As Codesas**, **Os Codesidos**, **O Agro dos Codesidos**, **A Braña dos Codesidos** e **As Codeseiras** en Bexo; **O Codesal**, en Revixós e Bustelo de Paizal; **Os Codesidos** e **A Codesosa**, en Manselle; **As Codeseiras**, en Tarrío, **Os Codesidos**, abaixo de Rial de Lagoa; **As Codesas**, na Aldea da Igrexa e **A Codeseira** en Susavila, Tallós e Teao.

Coira

Coira nos dicionarios é a pel dun animal e *coiras* unha variedade de mazás. Entre nos é sinónimo de *corraña*, *cotra*, sucidade que se acumula na pel ou nas roupas por falta de hixiene, pero Xulia Marqués dá por segura a procedencia desde a raíz CAUR, ‘concaidade’, contrastada na documentación medieval. Frutos Fernández en *Nomes do Ribeiro* explica que *coiras* son os marcos que delimitaban as fincas e tamén os valados. En portugués *coirela* é ‘peza de terra cultivada’ (lat. QUADRELLA) e no *Elucidário* (1798) dísenos que *coirella* foi sinónimo de *casal*, pero despois lle chamaron así a unha “terra fraca, e de pouca semente”. Calquera deles pode ser o significado do noso topónimo **Coira** que queda cara o levante do *Castro de Traxeito*. *Pedro Coyra*, labrador de Tarrío, a mediados do século XV, está no libro de notas de Álvaro Pérez.

Comparede

Para Cabeza Quiles o nome provén do verbo latino COMPARARE, mercar. **Comparede** e **A Lomba de Comparede**, arriba da Banda e do Rueiro, serían polo tanto leiras *comparatas*, terras non herdadas senón compradas. Cita ademais documentación medieval ó respecto.

Conde

Os Condes son da braña de Dodro e O Conde da de Bexo. A palabra procede do latín medieval COMESTIS, 'compañeiro', por seren os que acompañaban ó rei nas expedicións. Despois foi título nobiliario. Ás veces o nome aludía ás xentes que traballaban para os condes e tense usado tamén en sentido irónico para designar a quen aparentaba selo. Nos Interrogatorios do Catastro de Ensenada dise que Don Francisco Calderón, veciño de Santiago, Conde de San Juan, percibía alcabalas por parte dos veciños de Dodro (entre eles os taberneiros) e dos de Bexo. Se lle cadra foron súas estas terras ou doutro conde que ignoramos. As alcabalas eran impostos que gravaban boa parte das compravendas que se efectuaban no Antigo Réxime (Os Reis Católicos deixaron eximidos do seu pagamento os libros, as mulas e as aves de caza).

Roxelio R. de Breñaña, o último presidente do Partido Galeguista no exilio mexicano, no número 5 da revista "Saúde" (1944), na que publica Castelao, recolle a *Romanza do Conde Laíño* da que reproducimos un fragmento:

*"...Conde Laíño da barba orballada/longos camiños
que fuches andar/como tan lonxe colliches
namoros/como tan lonxe te fuches casar./No verde
recanto/eu tiña un amor/Ai prenda dourada/do meu
curazón./Na veira do pazo/eu tiña un amor/malhaia
o camiño/que dil me apartou."*

No mesmo ano 1944 o galeguista R. Suárez Picallo (2008), exiliado en Chile, anota outra versión moi semellante que se tocaba á zanfona, descuberta na comarca de Noia a fins do século XVI. Como explicaremos ó tratar do vello *Pazo de Tarrío*, nós entendemos que o texto relata os amores de Paio Gómez de Soutomaior, señor destas terras nos inicios do século XV.

Congostra

Os nosos montes estaban cheos de *congostras* coas rodeiras dos carros marcadas nas laxes despois de pasar durante séculos por elas. Son camiños fondeiros e angostos, entre arrós ou ribazos, escavados no terreo, tan estreitos que só pode pasar un carro. Pode ser sinónimo de corgo, córrago ou corredeira. A palabra vén do latín CONGUSTUS, estreito. **A Congostra da Globada** está arriba de Traxeito. O segundo elemento significa “auga levada” e verémolo ó seu tempo.

Coquiño

Pode que derive do latín tardío COCCULU, ‘cuncha’, cunca, sitio resgardado. **O Coquiño** está alá en Bexo, preto do *Cantiño*. *Cócos* son aquí os bugallos dos carballos.

Corga

A Corga e **O Corguiño** andan polo monte de Reboiras e de Dodro, **O Corgo**, **O Corguiño** e **A Corga do Barranco** están en Castro, **O Corgo da Leña** e **Tralo Corgo** son da braña de Imo, **O Agro da Corguiña** do monte de Sar e **O Corgo**, de Manselle, Teaio, Paizal e Bustelo, onde hai **O Rego do Corgo**. Xa comentamos que quizais se podería incluír nesta familia léxica o topónimo **A Carragosa**. *Corrugus*, no latín hispánico é o canal de auga empregado para lavar as áreas auríferas, que describe Plinio, procedente da base céltica CORR, ‘pozo’. Nas Medulas usouse o sistema da *ruina montium*. Os canais ou *corrugi* recollían a auga de ríos e regatos que se almacenaba en grandes alxibes. Baixaba a enxurrada polas galerías abertas na montaña ata os canais de lavado onde se buscaba o ouro. *Corgo* ademais foi ‘estanque para curtir o liño’ e ‘camiño de carro’. Estudouno Menéndez Pidal na *Toponimia románica hispánica*. *Córrego* en Sarmiento é ‘pantano’, ‘lameiro’, e en portugués, ‘camiño apertado entre montes’ e tamén ‘rego por onde corre moita auga’ ou ‘suco aberto polas

augas correntes'. “*Cal a lúa primeira na corga perdida*” é verso de Eusebio Lorenzo.

Cornecheira. Cornide

Cornechas son as vaíñas das *nentellas*, que é o nome que nós lle damos ás fabas. **As Cornecheiras** de Teaió poderían ter que ver con elas ou con algunha das acepcións que comentaremos agora. A respecto de **Cornide**, son leiras de Imo para alá do *Alto de Ribada*, pero hoxe, despois do *lifting* da concentración parcelaria sobre a pel dos nosos campos, non sabemos como eran os terreos, que poderían lembrar simplemente a forma dun corno (*cornu*) ou prominencia. A fotografía aérea dos anos cincuenta tampouco nos axuda. Eligio Rivas (*Lingua galega, niveis primitivos*) fala dunha alternancia da raíz KAR, ‘rocha’, que xa comentamos: KARN/KORN, e explica que topónimos formados a partir dela coma *Cornide*, *Corno* ou *Cornecho* teñen o significado de ‘esquina, corrucho ou cabo dun obxecto’. A idea partiu do lingüista francés Albert Dauzat que fai derivar Cornualles e a estación megalítica de Carnac desas voces preceltas. Podería ser esa a explicación dos nosos nomes. Sarmiento interprétaos como orixinados desde especies vexetais do xénero *Cornus* pero a *Guía das plantas con flores de Galicia* de Xosé Ramón García non o inclúe na flora galega e o Padre Merino cita un único exemplar de *Cornus* en Montefurado. Isidoro Millán González Pardo insiste en que *Cornide* e outras voces próximas non son fitotopónimos, senón celtismos, de KOR, ‘círculo’ e NETOS, ‘deus da guerra’. Autores coma Piel apuntaron a posible xénese oronímica destes topónimos. O *cornecho*, *corno* ou *caruncho* é un fungo que lle ataca ó centeo (*Claviceps purpurea*), unha excrecencia negra que lembra os cornos das vacas. A partir dela sintetizouse en 1943 o ácido lisérxico ou LSD, que provoca intensas alucinacións. Foi unha das drogas máis usadas pola xeración *beat*, pero xa antes, nos anos corenta, os nosos veciños levábano a vender a Padrón para ser utilizado como anestésico e calmante.

Corredoira

É palabra viva na fala cotiá se ben xa queda case unicamente nas áreas de monte. Había en Dodro dúcias de corredoiras pero levounas por diante a concentración parcelaria. Vén do latín vulgar VIA CURRITORIA, de CURRERE, ‘correr’, ‘pasar’. A *corredoira* é un camiño de carro que pón en comunicación as aldeas coas herdades que as rodean. Os dicionarios dan como sinónimo *congostra*, *carreiro*, *córrago*, incluído o de Aguirre, aínda que neste caso como ‘camiño máis fondo’. **A Corredoira do Cancelo** é topónimo de Bexo e **A Corredoira do Bosque** da Devesa. **A Corredoira de Pradiña** e **A Corredoira de Moure** son de Castro. De Rial era **A Corredoira da Fonte Navenlla**, de Eiró **A Corredoira do Pozo do Conxeiro**, e do Rueiro **A Corredoira de Comparade** e **A Corredoira do Agriño**. **A Corredoira de Sar** baixaba desde Manselle cara a esa aldea. **A Corredoira do Río** ía de Tarrío a Gradín pola Fonte de Vera, e abaixo da aldea estaba **A Corredoira do Pazo**. Pola **Corredoira do Funchal** víñase desde as Melreiras a Eiró. **A Corredoira de Baixo**, **A Corredoira do Corgo** e **A Corredoira do Novaisiño** son das aldeas de riba. Como **A Corredoira** é topónimo de Revixós, Imo e de Lestrobe pero han quedar moitas con nome de seu, perdidas agora entre as outras corredoiras da memoria. Algunhas coplas temos que falan delas. Quedámonos con esta: *Asubía polo can/que quedou na corredoira/a comer unha mazán.*

Corrucho

O Corrucho do Sián está en Revixós e **O Corruchoiño** do lado de baixo de Paizal. *Corruncho* está no dicionario de Aguirre e no de Estravís como “recanto, lugar retirado, anco, recuncho”. O dicionario de Eladio Rodríguez recolle *currucho* e *curruncho*, forma esta que apuntan os demais, pero non *corrucho* que parece palabra restrinxida ó noso ámbito e perfectamente viva na fala.

Corticeiras.Cortizos

Proceden do latín CORTICIUM, e de CORTEX, cortiza. *Cortizo* é sinónimo de colmea porque estas se facían con cortiza, a casca da sobreira (*Quercus suber*), á que nós chamamos *sebreira* ou *corticeira*. **As Corticeiras** e **Os Cortizos** son topónimos do monte do Rueiro e de Eiró pero tíñanos en case todas as aldeas como o demostra a tradición oral, con profusión de historias de enxames e alvarizas. Quedan algunhas corticeiras centenarias polos nosos montes, na aldea de Bustelo, en Imo, á beira da estrada que sube para a *Cruz do Abelán*... Púñanse os cortizos das abellas resgardados do vento do norte que non lles é favorable. *Tórname do norte e da travesía, que o vendaval é o que me cría* é refrán de vellos en Laíño.

Cortiña. Corte. Cortelleira...

Corte e os seus derivados son nomes ben rendedeiros na toponimia, do latín tardío COHORS, ‘sitio cerrado’, que deu COHORTINA, ‘cortiña’ e COHORTICULU, ‘cortello’. *Cortiñas* son leiras, case sempre pechadas orixinariamente, situadas nas proximidades da aldea, eidos ben traballados e estercados nos que se botan legumes e hortalizas ou se dedican a herbais. Son desa parentela léxica cortellos, cortellas e cortelleiras, lugares para gardar o gando. Están moi presentes nos documentos medievais e quedáronnos nas cantigas do pobo: *Déixame ir, que logo veño,/ déixame ir botala auga/ a unha cortiña que teño*. Rosalía compara os seus versos coa “*parruma incerta que voltexa no fondo das cortiñas*”. Témolos en case todos os núcleos de poboación do concello. En Tarrío hai **As Cortiñas**, **A Cortiña do Regueiro**, **A Cortiña das Coles**, **A Cortiña da Horta**, **A Cortiña do Río** e **A Cortiña da Rúa**. En Reboiras hai tamén **A Cortiña das Coles**. En Manselle, **A Cortiña** e **A Cortiña Nova** e no alto do monte, na *Ladeira*, **O Agro da Corte**. En Teao teñen **As Cortiñas**, **Cortiña A Longa** e **Cortiña A Cova**, voces nas que ecoa a sintaxe dunha lingua que tamén está en Rosalía, recolleita directamente do pobo: *iTerra*

a nosa! En Revixós está **A Cortiña do Sián**. En Vigo, Susavila e no Ria-liño, **As Cortiñas**. En Castro hai **A Cortiña de Baixo** e **A Cortiña de Riba**. En Bexo, **A Cortiña**, **A Cortiña do Soutelo**, **Tras Cortiña**, **A Cortiña do Muíño**, **A Cortiña da Veiga** e **A Cortiña Redonda**. **A Cortiña dos Romanos**, en Rial de Lagoa, figura nos cupos das propiedades do século XIX e aínda queda quen fai acordanza dela. Nesa aldea había **A Cortiña do Muíño**. **As Cortiñas de Liñoso** ficaban á esquerda da costa de Ribada, antes de chegar a Imo, onde temos **A Cortiña do Souto** e **As Cortiñas**. **A Corte do Cabalo** ficaba no medio da aldea de Reboiras. **Tras das Cortes** está entre Tarrío e o río. **As Cortelleiras** danlle nome ás ruínas dunha casa ó lado da eira da aldea e **O Cortellón** a unha canella estreita e sombriza, na que non hai nin refixeiro para andar, cuberta de musgos e ouricelas que endexamais viron a luz do sol, cabe dos altos muros do Pazo.

Corvos

Do latín CORVUS, está moi representado no Nomenclátor. O máis común entre nós é o chamado *viaraz*, porque anda polos vieiros, a especie máis pequena (*Corvus corone*). Os grandes son os de Pondal, raros nestas terras. Aliméntase de grans e de restos de animais en descomposición, por iso se ten por ave agoireira. Nas terras de Dodro non é bo sinal unha bandida de corvos parados moito tempo nunha leira ou sobrevoándoa. Rosalía faise eco deses temores campesiños: “*Meu señor.. ¿n’oís os corvos? Véñen camiño da aldea*”. Pero tamén botamos unhas risas con eles: *Botei o corvo no río/Botei o corvo a lavar/O corvo como era negro/No me quixo branquear*. **Os Corviños** están en Bexo; **O Outeiro dos Corvos**, no monte de Lestrobe e **O Coto dos Corvos** enriba do Bustelo de Traxeito. Nun retablo lateral do templo de San Xián de Laíño represéntase a San Bieito cun corvo ós seus pés levando un anaco de pan no peteiro. Está nas haxiografías que o animal obedeceu a orde do santo de arredar del o alimento envelenado.

Costa. Costán. Recostiña

Como a nosa xeografía é propicia a este tipo de terreos temos que supor que sexan moitísimos os que queden sen considerar. É voz procedente do latín COSTA e nomea unha pendente máis ou menos pronunciada, un terreo empinado. **A Costa de Traxeito, A Costa Valada, O Pinal da Costa, A Costa Xesteira, A Costa do Sisto, A Costa dos Fornos, A Costa da Bouza Meán, A de Costas de Martiño** son das aldeas de riba. **A Costa do Monte San Gregorio** é de Lestrobe. **A Costiña** está en Revixós e en Bexo; **A Redonda da Costa**, en Bexo; **A Revolta da Costa**, en Castro. **A Costa, A Costa Estivada e O Rechán da Costa** están na ladeira de poente do monte *Valouta*. **A Costa e A Costa do Río** son da Devesa; **A Recostiña** de Imo; **O Agro da Costa, A Costa e A Eira de Costas**, de Teaio e **A Costa e Costán**, de Bustelo do Monte. Nalgúns dicionarios esta última palabra ten o sentido de 'terreo comunal'.

Coto

O Coto da Pena ('pedra') está en Bustelo do Monte e **O Coto dos Corvos** no outro Bustelo, **O Coto Xesteira e O Coto do Castro** son de Traxeito. **O Coto Peruco** (cume ou punta dun palleiro, molete...) e **O Coto do Pino** están do lado noso, arriba do *Campo da Chisca*. **Os Cotos dos Teixugos** son do monte de Manselle. Por un estreito camiño costaneiro levaban os da Chisca a abeberar o gando nas *Fontes dos Teixugos*, beireando os cotos cos animais en carreiro, a paso de boi, porque podían caer pola pendente abaixo. *Coto* é a parte máis alta dun monte ou dun outeiro, o picouto que sobresa del. Fálase dunha base prerromana COTT, 'prominencia, altura rochosa'. Menéndez Pidal dedícalle un artigo completo da súa *Toponimia Prerrománica Hispánica* comprobando que se estende sobre todo polo noroeste da península e defendendo a súa filiación prerromana. **O Cotón** é un petouto que está detrás de Traxeito e en Imo hai **O Cotiño**. *Cotear* é achanzar coa cota do sacho os camallóns amoreados que vai deixando o arado ó labrar.

Couso

Cabeza Quiles faino derivar da palabra latina CAPSUS, ‘caixa’, e di que se aplica a terreos algo afundidos que pola súa disposición orográfica podían asemellar caixas. J. L. Pensado, citando a J. P. Machado e o seu *Dicionário Onomástico Etimológico da Língua Portuguesa*, apunta como orixe CAUTUM, ‘couto’. Serían por tanto espazos inmunes, acoutados. Corominas entende que se mesturaron *cursus*, ‘carreira’ e *cautum*. Nos dicionarios hai acepcións moi diversas: foxo e trampa para lobos, lugar para celebrar xustas ou carreiras de montería, horto de legumes. **O Couso** noso, couto, horto, trampa, lide ou caixa, segue alí agardando, debaixo de Teairo.

Cova. Covelo. Cubelos...

Cova procede do adxectivo latino COVUS, variante arcaica de CAVUS, ‘oco’, e designa calquera concavidade escavada na rocha, pero en toponimia pode nomear unha depresión, abrigo ou afundimento do terreo. *Covela*, *Covelo*, *Cubelo*... e outras variantes serían diminutivos formados co sufixo “-ellus”. No Nomenclátor *Cova*, *Covo* e *Covelo* están grafados coa cóncava “V” e *Cubelo* coa biconvexa “B”. Nos mapas que consultamos e no Catastro de Rústica do ano 1958 as vacilacións son tamén constantes. Xa ten apuntado Moralejo que esas dúbidas na escrita se remontan á época romana. Antón Santamarina no artigo “Covelo, covela, cubelo, cubela. Un problema gráfico e etimolóxico” (Corral Díaz, 2009) estuda polo miúdo estes topónimos e, despois de ter consultadas as bases do CODOLGA e do TMILG, conclúe que boa parte dos *Cubelos*, foron antes *Covelos*. **A Cova do Gato** está abaixo de Dodro; **A Cova da Chousa**, no Rialíño; **As Coviñas**, **Os Covelos** e **O Pouso dos Covelos**, en Bexo; **A Cova das Pinceiras**, en Bustelo. **O Cubelo** está abaixo de Manselle. **Os Cubelos de Riba**, **Os Cubelos de Baixo**, **A Cova**, **Cortiña A Cova**, **Fontecova de Riba** e **Fontecova de Baixo** son de Teairo. **Fontelacova** e **O Cubelo** están en Traxeito; **O Cubeliño**, en Castro, de-

baixo do poboado prehistórico (citado no artigo de Puente Míguez sobre os castros da comarca) e **Os Cubelos**, na braña de Imo. **O Cubelo** é de Pexegueiro, chegando a Formariz. No monte desta aldea hai **Pousocovo dos Castros**, **Pousocovo dos Salgueiros**, **Pousocovo dos Pedros** e **Pousocovo dos Vigos**. **O Covo**, **A Carrasqueira do Covo** e **O Covo de Alá** están abaixo da estrada, entre Tallós e o Muronovo. En Lestrobe está **A Veacova**, **As Covachiñas** e **O Monte Fontecova** érguese cara o noroeste da aldea.

Hai moitas covas tamén en Rosalía pero poucas levan ese nome. Contemporáneo da nosa escritora foi *Juan de la Coba*, un ourensán que inventaba linguaxes imaxinarios e tiña un anxo debuxado no padal da boca.

Coxa

Do latín vulgar COXUS, ‘coxo’. G. Navaza cita un *Montiño do Coxo* en Abalo (Catoira). Crespo Pozo explica tamén para *coxo* o significado de *verme* (do lat. COSSUS). No libro de Beiró Piñeiro sobre o Convento do Carme de Padrón dise que está sepulta nel Juana Bertola, *A Coxa*, natural de Estramundi, limítrofe co monte de Dodro, falecida en 1830. Entre nós **A Coxa** dálle nome a unhas leiras de Dodro e procedería dun alcume.

Crabeira

A Crabeira está arriba de Vigo e **O Muíño da Crabeira** en Pexegueiro. Derivado de *craba*, ‘cabra’ (do lat. CAPRA) con metátese do “R”. No *Gran Dicionario Xerais*, *crabio* é vara retorcida de carballo para que non abran os fungueiros do carro. Eligio Rivas en *Niveis Primitivos* fala da base KARB explicando que entrou na formación de nomes de vexetais adaptados a chans de constitución dura. Desde esta raíz alternante teriamos as voces *carballo* ou *carpaza*. Para Cabeza Quiles (*Toponimia de Galicia*) os topónimos *Cabreira*, *Cabral*, *Cabra*... designan rochedos e lugares pedregosos.

Cruceiro. Cruz

Os cruceiros son unha das manifestacións máis características do que se deu en chamar arte popular. En realidade toda arte é popular, ou non é arte, e, coma a que nos ocupa, tamén é anónima, porque a historia das formas artísticas ten que ser a historia das obras antes que a dos autores. Fin do camiño, cabo do mundo, Galicia é terra de camiños e encrucilladas, e polo mesmo, de cruceiros. A etimoloxía dos substantivos *cruz* e *cruceiro* está na palabra latina CRUX. As orixes dun símbolo como a cruz pérdense na noite dos tempos: eixe do universo, omphalos, árbore da vida, roda solar, representación dos catro elementos, conxunción de contrarios (vida e morte, vertical–horizontal, terra e ceo, materia e espírito, masculino–feminino...). Os romanos usábana como instrumento de suplicio pero coa morte de Cristo nela, converteuse en símbolo universal. O cruceiro significa antes que nada a sacralización dun espazo, a distinción primordial entre o sagrado e o profano. Os motivos para a súa construción foron moi diversos pero sempre devocionais: cumprir unha promesa, protexer un lugar, dar as grazas por un feito extraordinario, deslindar terras, marcar un cruce de camiños, lembrar unha morte, cristianizar un enclave pagano...

Os nomes dos cruceiros van seguidos polo da paraxe na que están ou polo da persoa que os mandou erguer. O concello de Dodro ten máis de corenta, posto que ós trinta e un que cataloga L. Martín Ruíz no segundo tomo dos *Cruceiros da Provincia da Coruña* hai que engadir os que se fixeron nos últimos anos. Citaremos aqueles que teñen nome de seu e comentaremos os que consideramos máis relevantes desde o punto de vista artístico. **A Cruz do Abelán** é un fermoso cruceiro de capela, ó que xa nos referimos. Está nunha encrucillada de camiños, no alto do monte. Descríbeo con pormenor Clodio González Pérez: O fuste é cadrado con cantos rebaixados. Na parte central, unha fornela que debeu realizarse con posterioridade, alterou a inscrición, hoxe bastante deteriorada. De acordo co informe de Patrimonio: “Nuestra señora de la Crus/ a devoción de Dominco Rodriques y su mujer por su driques anno 1672”. Na

cruz, de sección cadrada e arestas rebaixadas, apenas sobresaen os trazos do Cristo. O capitel presenta unha figura de querubín coas ás abertas, e sobre el as xambas da pequena capela teñen gravadas columnas salomónicas en baixorrelevo. O teito semella unha bóveda de crucería. Non contén imaxe pero a tradición oral quere que sexa a da portada da igrexa de San Xoán, a Virxe da Santa Cruz, unha pequena Inmaculada. Outra tradición, esta menos doada de crer, sostén que hai moitos anos un homeño da aldea de Teaio, coma un saltimbanqui fuxido dun canzorro románico, conseguiu engruñarse tanto que se meteu por completo dentro da fornela. Habería que velo, desde logo.

O Cruceiro da Praza de Lestrobe, onde vendían peixe e berberecho as pescas de Rianxo e as mulleres do lugar, ten varal circular e es-triado. A cruz é leñosa e por un lado representa a Cristo recibindo o abrazo de San Francisco e polo outro a virxe, orante, coroada por anxos. En moitas obras o santo intercede co cordón do seu manto para salvar as almas das penas do Purgatorio. Antes de chegar á Cancela Abrea había **A Cruz do Pincho**, de pedra, coa cruz ferro. **O Cruceiro de Bustelo do Monte** foi feito polo *Vello Santeiro de Chave* (Lousame), Andrés Castaño, no ano 1893. Castelao en *As cruces de pedra na Galiza* lémbrese del: “Cando eu era neno coñecín ao Santeiro de Chaves que era da parte de Noia, e labrou, antre outros moimentos, o cruceiro da Polonia, en Tagoña”. Sete emigrantes que marcharon a Cuba prometeron que se as cousas lles ían ben mandarían facer un cruceiro na aldea. Os doantes figuran na inscrición, aínda que non viron nunca a obra rematada porque non regresaron. Pagáronselle ó autor dezaseis onzas de ouro e tróuxose desde Noia en dous carros de bois, entre feixes de palla, polos camiños agrestes do Pedregal e do Treito. Ten na base un peto cun retablo de pedra no que se representa a Virxe do Carme coas ánimas do purgatorio. Ó pé del enterrábanse os recién nacidos que morrían antes de seren bautizados. Gardan lembranza os veciños desta práctica atroz que se deu a carón doutros cruceiros de Dodro e de Galicia. De Bustelo eran tamén **A Cruz de Benita** e **A Cruz de Tobío**, que xa non existen, pero seguen a se chamar así os lugares nos que se erguían. En Dodro existe a crenza de que

a primeira aldea, da que xurdiron as outras, estaba na **Cruz do Agro**, onde hai ruínas antigas de edificación.

Moitos cruceiros non resistiron o paso do tempo, os vendavais ou a humana cobiza. Todos perderon a policromía que os recubría. Hainos que despois de restaurados mesturan en síntese imposible as calidades da pedra e o cemento, noutros empregáronse materiais de diferentes labras ou simplemente volveron a se facer de novo. Citamos algúns: **O Cruceiro do Souto de Manselle**, sobre alta plataforma, con fermosa labra, que sobresaía por enriba das latas, agora derrubadas. **O Cruceiro de Gradín**, en Tarrío, xa sen o candil que coa súa luz miserenta iluminou os nosos medos primeiros. **O Cruceiro da Veiga**, no alto de Ribada, **O Cruceiro de don Pedro** (*Da Tomada* ou *Da Cruz*), abaixo da *Fonte Primeiral*, e do lado de riba dela **A Revolta da Cruz** na que se conserva o basamento. **O Cruceiro da Igrexa de Dodro**, **O Cruceiro da Igrexa de Imo**, **O Cruceiro de Bexo**, **O Cruceiro de Sinxeiras** ou **De Inacio** no *camiño sacramental* que vai de Bexo a Imo, no que había unha cruz que se perdeu: **O Cruceiro de Sabela**. **O Cruceiro do Botafal**, **O Cruceiro da Arregañada** ou **O Cruceiro do Perdigón** en Teaió. **O Cruceiro de Revixós** que está na entrada da aldea e ten na base inscrito o ano de 1713. As moitas cruces que podemos ver polo concello adiante. As do adro da Igrexa de San Xíán, a de dous brazos que está no muro norte da Reitoral, **A Cruz da Estivadiña** ou **Dos Camiños**, no Rialíño. Enriba da Fonte de Rial hai unha vella cruz e un basamento no que se pode ler a data de 1603, o que o converte no cruceiro máis antigo do noso concello. Os veciños lémbromo sempre alí, sen o varal. Un ciclón tirou algúns a principios do século pasado, entre eles **O Cruceiro do Bazoco**, na corredeira de Sar, agora coa cruz de cemento. Quizais estes restos sexan os del. Rosalía sentouse unha tarde de estío ó pé das pedras mudas do solitario Cruceiro do Ramírez, e Castela, que escribiu en longas e sabias páxinas das nosas cruces e das da Bretaña, dicía que un cruceiro é unha oración de pedra e contounos que era “riguroso costume” poñer nos de Dodro espigas de millo e de centeo como ofrendas. Poñíase ata non hai moito, sobre todo nos cruceiros que tiñan farol, para lle axudar á familia que pagaba a luz.

A Veiga da Cruz, Cruzán e As Cruzaíñas están na braña de Dodro. O primeiro destes topónimos non ofrece dúbidas, os outros poderían ser cruces de camiños ou ter calquera outra procedencia que ignoramos.

Cuca

Rivas Quintáns en *Lingua galega: Niveis primitivos*, dinos que a raíz CUC equivale a ‘monte’, ‘prominencia’ ou ‘forma redondeada’. Cando as vacas de Laíño andaban ó boi levábanse por **A Cuca**, que está no medio da valgada que sube de Manselle cara a Chisca, á dos nosos, *A dos Richos*, que tiñan boi de posto, chaláns, tratantes de gando ata onde non se fai acordanza. Antes da costa, abaixo, na vagoada, había un túnel escuro abovedado de mimosas e algo despois un vieiro en pronunciada pendente, húmido e escorregadizo, entre loureiros, musgos e feitos xurásicos, carballos con raíces xigantescas que facían de chanzos, cubertos de chuchameles e randeiras de hedras. Agora o encostado camiño de pé estará cegado polo mato e desfeito polas torrentías. Desde casou, nosa nai, que era costureira, subía aínda pola Cuca á casa natal, a coser na mesma *Singer* na que cosera de solteira. Cando baixaba para Laíño, á noite, para que non tivera medo falábanlle desde *O Agro do Chalán*, no alto do monte, mentres non chegaba ó val e avistaba os tellados vermellos da aldea de Manselle.

Cuchadiña

Se fora variante de *cachada*, serían terras novas, terreos incultos roturados por primeira vez, pero pode ser máis ben *acochadiña*, derivado de *cocho*, de onde procede o topónimo *O Cucharego* (X. Marqués, 2003). **A Cuchadiña** son leiras da braña de Dodro e de Lestrobe.

Cuco

Eu ben vin cantar o cuco/na punta do ameneiro/cunha subela na man/aprendendo a zapateiro. Co canto do cuco (*Cuculus canorus*) chegaba puntual a primavera ós nosos campos e agora que a ave xa non canta semella que se trastocou tamén o curso natural das estacións. O cuco parasita os niños dos demais paxaros pondo o ovo neles e, despois de tirar os dos outros pais, deixa que lle alimenten a cría. Para *cucar* os ovos facíasele uns buratiños cunha agulla e suchábase por eles ata deixalos valeiros. Quedaba tan só a casca dun ovo máis falso que os do mesmo cuco. Como adxectivo, *cuco*, poder ser sinónimo de alegre nalgúns contextos, noutros, de fermoso, ben feito, pero tamén de pillabán, vicho, ardeiro. Ó seu tempo os carballos botan unhas baguiñas que chamamos *mazáns do cuco*. O noso **Muíño do Cuco** está entre Dodriño e Susavila e debe de ser antropónimo, propiedade dalgunha persoa que tivera esas características. Xa non canta o cuco nel. **O Agro do Cuco** está en Bexo. Gonzalo Navaza, que constata o topónimo en Catoira, fala da posible base oronímica prerromana COC/CUC, altura, monte, que vimos de ver. No dicionario de Eladio Rodríguez, de que ten moitos anos, dise que xa *escoitou cantar catro cucos*.

Cunchiños. Cunchide

Para Cabeza Quiles os topónimos *concha* e *cuncha* (lat. CONCHA e do grego KONJE) son concavidades do terreo, sitios afundidos e acochados, semellantes a aqueles ós que alude o nome *cocho* (COCCULU, que tamén é 'cuncha', formouse no latín serodio a partir da forma anterior) que xa comentamos. Na zona interior de Galicia *conchos*, *concheiros* e *conchais* son algúns dos nomes que se lle dan ás noces. Por aquí non. **Os Cunchiños** están na braña de Dodro, á beira do río. Descargábase neles a tella (ó lado estaba *O Agro da Tella*) e os berberechos que traían os barcos. **Cunchide** está abaixo de Imo.

Cuntín

Cuntín está polo *Castro de Traxeito* e **Cuntín de Badín** fronte a Paizal. Coma *Gundil*, serían topónimos de base xermánica, neste caso coa perda na sonorización do “G”, desde un posesor *Guntinus*, de GUNTH, ‘guerra, batalla’ (Piel, 1976). Cabeza Quiles vencella Cuntis coa voz *cortiña*. Hai quen o fai vir da voz latina CUNCTIS, ‘todos xuntos’, baños de uso común. Baños de Guntín, en Lugo, son, coma Cuntis, lugares de augas termais. *Badín* sería antropónimo, de ABBATINUS, no latín tardío, desde ABBATE, ‘cura’. *Cuntín de Badín* é o nome que nos deron os veciños e quedámonos con el por tanto, aínda que no catastro de 1958 figura coma *Cortín de Badín*.

Curral. Curro. Correlos...

Curral é un espazo cercado próximo á vivenda rural onde se recolle o gando ou os apeiros de labranza. *Curro* é ‘corral pequeno’ e ademais ponlle nome a un lugar no monte, cerrado con pedras ou con paus, onde se gardan cabalos, vacas ou cabras e ovellas, dependendo dos usos e das zonas. *Curro* é tamén a operación de arredar e marcar os cabalos dentro dese recinto. Non se sabe con certeza cal sexa a súa ascendencia: do latín vulgar e de CURRUS, ‘carro’ ou da raíz prelatina “CORR-”, ‘cerrado circular’. Os veciños de Tarrío chamábanlle **O Corral** á Horta dos Romai. **O Curral**, **O Curraliño**, **Chan de Currais**, **Os Currelos**, **Curralón** e **Sobre do Corral** son topónimos da aldea de Bexo. **Os Curros** están arriba de Sar, Castro e Imo, que ten tamén **O Curral**; **O Correlo**, en Revixós; **Os Correlos**, no Rialíño, e en Teaio, **A Fonte do Corro Auvello**. “¿Será cecais o curro/ todo o que desta Patria sobreviva no mundo?” (Méndez Ferrín: *Estirpe*). ☺☹

D

Degareu

Degareu estaba abaixo de Sar e **A Ponte de Degareu** era unha pontella de pedra que cruzaba o río de Manselle, no camiño que seguían os veciños da aldea para ir á igrexa de San Xián. Despois, coa parcelaria desapareceu. *Degaros* ou *restrelos* son as castañas que, de maduras, se desprenden dos ourizos. Por aquí, *degarar* é, en fecho, abriren as castañas ou o cereal cando están en sazón e tamén sacudir a *herba da semente, de Vigo ou portuguesa*, que das tres maneiras se di, para recollela, despois de poñela en medrucos a secar. O topónimo debe de estar relacionado con estes significados.

A DEVESA DOS MOUCHOS. Devesa

Perdeuse a palabra *devesa* na lingua oral pero pervive en topónimos e microtopónimos por Galicia enteira, proba do uso e da importancia que tiveron estas terras acoutadas e cercadas, de uso comunal. *Devesa* é *terra defensa*, vedada, do latín DEFENDERE, 'defender', excluír. Terras ou herdades cerradas, para pasto do gando ou plantadas de arboredo para pro-

ducir madeira. O dicionario de Eladio Rodríguez distingue “debesa boieira” na que se manteñen os bois e “debesa potril”, para criar os poldros. Moitas das antigas devesas desde fins da Idade Media pasaron a ser de propiedade real, prohibíndose nelas a corta de madeira, que se reservaba para a construción dos barcos da armada e, desde o século XIX, para as travesas do ferrocarril. Un barco de guerra precisaba de douscentos carballos centenarios e a madeira tiña que botar máis dun ano a curar afundida no mar antes de cortala en táboas. O campesiñado viña obrigado a repoboar as devesas e a coidalas e todos os bosques galaicos estaban supeditados a elas. Os chamados *Xuíces das Devesas* eran os encargados de vixiar que se cumprira a lei. Tan só nas cinco provincias costeiras galegas había 720 devesas e cotos reais (González López, 1970). A nosa devesa principal é **A Devesa dos Mouchos** que dá nome a unha das aldeas da parroquia de San Xoán de Imo, pero hai outras: **O Agro da Devesa** en Manselle, **O Campo da Devesa** en Lestrobe, **A Devesa da Veiga** en Traxeito, **As Devesas** en Pexegueiro, **A Devesa** en Teaio e en Imo, **A Devesa dos de Resúa** en Bexo e **O Agro da Devesa** en Bustelo.

DODRO. DODRIÑO

Pouco sabemos da etimoloxía de **Dodro**, que lle dá nome ó noso concello e a unha das súas parroquias, a de Santa María. Lestrobe e Dodro durante o Antigo Réxime foron *couto redondo* baixo a xurisdición do Marqués de Bendaña, que tiña pazo en Vigo. Torres del Río (2000) entende que *Dodro* e *Dordo* son diferentes graffías da mesma palabra. No *Diccionario da Lingua Portuguesa* de J. P. Machado, *dordo* procedería de DORSUM, ‘cima’, ‘crista de montaña’. Co significado de *auga* hai a base hidronímica preindoeuropea DOR (Douro) e a raíz céltica DUBRO (Dubra, Dover), próximas foneticamente. Carlos Búa (2002) explica que Dodro podería proceder de -DORO, ‘lugar/praza cerrada’, en relación co FORO latino, a partir dun radical D’WER, ‘(en)cerrar’. Arriba da igrexa hai un Dodro pequeno, **Dodriño**, unha das aldeas da parroquia.

Con todas as reservas posibles, queremos aventurar aquí a hipótese de que quizais a expedición de Almanzor que arrasou Iria e Compostela no ano 997 non cruzou o río Ulla en Pontecesures, como sempre se pensou, senón en Catoira, pasando despois polas aldeas de Dodro. As traducións do texto árabe *Al Bayan al Mugrib*, a fonte orixinaria, explican que despois de atravesaren o *Uyla*, “*chegaron a planicies moi ben cultivadas e abundantemente abastecidas, entre outras as de Unba, de Qaryita e Deyr Sontebria. Chegaron así á ría de Ilya*” (Sánchez Albornoiz e outros). Iria está a un paso de Cesures e nun espazo tan reducido non terían sentido esas tres poboacións sobre as que non temos outra noticia histórica. Para salvar esa incongruencia hai quen entendeu (Fernández Rodríguez, 1967) que o referido río era o Umia, por máis que o nome parece aludir claramente ó Ulla. Non sería necesaria esa interpretación forzada se as amplas e feraces chairas das que se fala na crónica árabe foran estas ribeiras do Ulla, as da marxe dereita, onde se asentan lugares coma A Vacariza, que figura na *Crónica de Santa María de Iria* (acaso a *Qaryita* do códice, *Karachita* para outros tradutores?), Bexo, Imo ou Laíño, sobre os que aportamos documentación desde o século XII. *Deyr Sontebria*, que adoita traducirse coma *Mosteiro de Santa María* viría a ser o *Mosteiro de Santa María de Dodro*, pois non hai outra freguesía con esa advocación despois de pasado o río, antes de chegar a Iria. De seren certas as novas que vimos de expoñer, cobrarían entón sentido as lendas que permaneceron vivas durante séculos na memoria das xentes de Bexo sobre as andanzas do musulme Almanzor polos penedais do Castro e o mosteiro de *Dodro Vello* que Méndez Ferrín imaxinou na súa mesta cosmogonía pasaría a ser fito senlleiro da nosa historia. A afirmación de Madoz de que a igrexa de Dodro é de abadía con dereitos de tal e que en ningunha época se lle disputaron, podería aludir así a ese antigo edificio monacal e non ó de Conxo, do que dependeu despois.

Deixando a proposta anterior, no primeiro documento certo de Dodro do que sabemos, asinado polo arcebispo Xelmírez en 1114, Aldara Guteridiz dóalle a San Martiño Pinarío a cuarta parte da igrexa de *Santa María de Dalodro*. En 1118, a raíña Urraca e o seu fillo Afonso VII con-

firman esa doazón. En 1136 *Pedro*, abade de San Martiño, afóralle “ad vitam” ó cóengo de Santiago *Fernando Petriz* a cuarta parte da Igrexa de *Sta. María de Daodro*, que lla dera súa nai ó mosteiro, coa condición de que ó final da súa vida a devolva, con outra parte que polo visto xa tiña o dito cóengo. Estes documentos están na *Galicia Diplomática*, no Arquivo Destruído do Real Mosteiro de San Martiño Pinario. Polo *Censo de población de las provincias y partidos de la Corona de Castilla en el siglo XVI* sabemos que había en Dodro nese tempo 70 habitantes e 120 en Laíño. Pouco despois, cando chegou aquí Jerónimo del Hoyo, visitador do arcebispo, en 1606, a parroquia tiña

«noventa feligreses de jurisdicción del aguazil Ribera. Vale la fábrica seis ferrados y un toledano de centeno y cinco ferrados de mixo. (...) Presentación de Sancta María de Conjo que es un monasterio mercenario que hay en Santiago y llieba por ello el convento seis cargas de pan, como patrón.»

A festa grande de Dodro celébrase na honra do San Campio. Rosalía deixou entre as súas anotacións inéditas esta copla popular que aínda lles soa ás nosas xentes: *Aquelas nenas de Dodro ben se poden alabar, / teñen ó señor San Campio vestido de militar*. O santo, que na Serra de Outes, onde se veneran as súas reliquias, protexe contra meigallos e posesións do maligno, entre nós é avogoso dos mozos en quintas.

Donela

En Portugal hai o topónimo en Braga pero non consta no Nomenclátor galego. No Proxecto Toponimia de Galicia figura nos concellos de Foz e de Samos. Xulia Marqués (*A toponimia de Trabada*) recolle *Donel*, e explica que *Donellus* é forma medieval ben testemuñada. Quizais a **A Donela** en Teaió, sexa diminutivo de *dona*, do lat. DOMINA, señora. ©M→



Eira das Cabanas. Imo



EIRÓ. Eira

O substantivo *eira* formouse a partir do latín AREA, 'espazo libre, superficie plana'. Na Terra de Iria, as eiras adoitan ser espazos abertos do común, empedrados ás veces, pero case sempre de terra, onde se concentran as rúas da aldea. Arredor das eiras hai hórreos para gardar o gran. Todas as aldeas as teñen pero algunhas casas tiñan eiras en propiedade. **Eiró**, do latín AREOLA (*eiroa*), diminutivo de *area*, *eira pequena*, é o nome dunha das nosas aldeas, na parroquia de San Xián de Laiño. Xulia Marqués en *A toponimia de Trabada* fai derivar *eiro* de AGRUM, 'campo', 'terra labradía'. **A Fonte de Eiró** está arriba do Cruceiro de Gradín. **Trala Eira**, **A Eira de Mateo**, **A Eira das Pías**, **A Eira da Malla**, **A Eira dos Mouros**, **A Eira das Murallas**, **Sueiras** e **Cabodeiras** están en Bexo. **A Eira**, **A Eira de Ramón de Jesús**, **A Eira dos Tobíos**, **A Eira dos do Campo** e **O Campo das Eiras** son de Bustelo. **A Eira de Baixo** e **A Eira de Riba** son de Teaió. **A Leira da Eira** e **Tras da Eira** pertencen á Devesa. **A Eira** e **A Eira do Hórreo** quedan no medio de Tarrío. **Suaseiras** e **A Eira da Malla** son de Reboiras. Hai en Eiró **A Eira Vella** e **A Eiriña**, que tamén é topónimo de Pexegueiro. Na Aldea da Igrexa

temos **A Eira de Lucas** e **A Eira Vella**. **A Eira de Baixo** é do Rialíño. Tamén hai **A Eira de Baixo**, **A Eira Vella** e **A Eira de Nuno** (Méndez Ferrín, no *Consultorio dos Nomes e dos Apelidos galegos*, explica que *Nuno* é corrente na documentación medieval galega e que se formaría desde unha palabra romance NUNNU, de carácter afectivo, ou propia da linguaxe dos nenos) en Traxeito. **A Eira das Cabanas**, **A Eira Vella** e **A Eira de Riba** están en Imo. **A Eira de Riba**, **A Eira de Baixo** (na que se celebraba a festa de San Roque), **A Eira da Menor**, **A Eira de Roquiño** e **A Eiriña da Ardeira** (sinónimo de *arteira*: ‘habelenciosa’, ‘astuta’) son de Castro. **A Eira de Riba** e **A Eira de Baixo** hainas en Sar. **As Eiras** son de Vigo e **A Eira** de Revixós. “*Vou polas eiras cantando vendo donda ven o vento*” dinos Rosalía, que debeu de andar polas nosas vendo de onde o vento viña. Por que outras, senón?

Enciñeira

Arriba de Traxeito, xa lindando con terras do concello de Rois está **A Enciñeira**. É fitotopónimo, nome dunha árbore, a aciñeira ou enciñeira, de nome científico *Quercus ilex*, que foi sagrada para os celtas. Chegounos desde ILEX en latín, e despois de ILICINA, pero antes do grego HYLE, ‘madeira’ e tamén ‘materia’, *primeira substancia* coa que Aristóteles nos expulsou da caverna dos sonhos de Platón. Estaba no nome do Pico Sacro, *Monte Ilicino*, que se ve desde as terras máis occidentais dos Laíños. Xa non hai enciñeiras en Dodro pero debeu habelas en tempos. Nunha cita do padre Sarmiento di que en Taragoña atopou unha mata pequena delas e fala dunha moi fermosa en Carril. É agora especie rara en Galicia, vén-dose a súa área restrinxida á algúns enclaves da provincia de Ourense.

Entre

Entrechedeiros e **Entrecastellanos** xa os vimos en Imo, **Entrearrós** é de Reboiras. En **Entrecarreiras**, abaixo de Tallós, había un pouso. **Enterregos** (*Entrerregos*) está en Manselle e tiña pozos coma noutras al-

deas para regar o millo no vran. Como vemos, topónimos todos precedidos pola preposición entre, (INTER en latín) que indican situación no medio doutros dous.

Ermida

Como os primeiros monxes buscaban a vida solitaria e contemplativa erguían as ermidas en lugares arredados. A voz chegounos directamente do grego EREMUS, ‘ermo’, ‘deserto’, terreo inculto e solitario. Son por tanto capelas ou pequenos santuarios situados no monte, lonxe das aldeas. No Nomenclátor figura “ermida”, que é hoxe a forma normativa, pero na documentación medieval adoita aparecer así mesmo como “hermida” (Timilga). É o apelido dos donos do **Pazo de Hermida** en Lestrobe, que comentaremos máis adiante. En Bexo rexistramos hoxe *A Capilla* (*A Capela*) pero os máis vellos chámanlle *A Armida* (**A Ermida**). En Manselle hai tamén *A Armida* cara ó nacente da aldea e preto dela *A Capilla*, castellanización do orixinario. E hóuboa, a do *Anxo da Garda*, pois está nos libros de fábrica de San Xián de Láño. No monte *San Gregorio*, na leira de Padrón, a uns pasos do noso concello, está a *Ermida do Santiaguíño do Monte* e detrás dela, a *Casa do Ermidaño*. Hai noticia de varios eremitas que rexeitaron as vaidades mundanas para se retiraren a estas soedades prácidas, entre eles quedounos o nome dunha dama aristócrata francesa do século XV, *Alicia d’Harcourt*.

Escaleariñas. Esqueiriño

Do lado de baixo das casas de Traxeito están **As Escaleariñas**. Os chanzos estarían marcados no arró para salvar o desnivel. No Rialíño hai **O Esqueiriño**. **As Escaleariñas**, estas de pedra, estaban así mesmo en Lestrobe, abaixo da *Praza*, do outro lado da estrada para baixar pola beira do *Rego*. Os topónimos chegánnos desde o latíno SCANDERE, ‘subir’, que deu *scalaría*. Son escalearas cando están fixas, as das casas ou as do campanario da igrexa. Despois temos esqueiros e esqueiras para subir ó hórreo

ou para poñerlle o peruco a un palleiro, e esqueiras de encarte de dúas filas de *bances* para podar as altas vidras das latas. Xacob, o patriarca bíblico, soñou unha escaleira infinita de anxos ociosos que subían e baixaban dos ceos. Nas sagas nórdicas, Galicia, *Jacobsland*, era a *Terra de Xacob*, que é o nome hebreo de Santiago.

Escalo

Se procedera do latín SQUALIDUS, ‘inculto’, designaría un terreo ermo, vougo, ou moi dificultoso de traballar. **O Agro do Escalo** estaba abaixo de Lestrobe. *Escallo* é estaca ou plantón, ponla verde que se espeta no chan para que abarbe e prenda. En *Frampas* II Eligio Rivas recolle en Beluso *escalo* como ‘paso nun muro por medio de escalón’. É tamén nome de peixe dos nosos ríos pero aquí estamos xa lonxe do Sar.

Escola

O Colexio *Eusebio Lorenzo Baleirón, O Grupo*, fíxose no Pazo, sobre as ruínas esquecidas da *torre dos Soutomaior*. Pero antes, nos anos sesenta, en Bexo, Imo, Teairo, Traxeito, Chenlo, Dodro e Lestrobe construíronse escolas clonadas, idénticas as doutras comarcas galegas. Cada un dos nomes iría pois precedido da palabra *Escola*, do latín SCHOLA. Á **Escola de Chenlo**, coma a outras, abaneábanlle as baldosas ós dous días de inaugurala, pero todas seguen aí, algunhas acollendo ós nosos meniños. Arrecenden aínda a xiz e a gomas Milan, a tinteiros derramados e a leite en pó do Plan Marshall. É curioso que nos alimentaran coma astronautas americanos nesta terra vasta de praderías e vacas de ubres xenerosas. En Tarrío deuse escola no *Pazo* e antes na *Casa de Paco de Serodio*, na que se conservan aínda algúns azulexos do rótulo. Así foi tamén noutras aldeas. **A Escola de Tallós** non foi necesario construíla porque xa había unha fundada pola *Unión de Residentes de Dodro* na Arxentina, que seguiu pagando os gastos do mestre ata o ano 1956, situación que desde logo non foi común na Galicia da posguerra. “*Detrás da parede da escola/ Antes do*

trebón/A nube pensa/No rapas que xoga/Á estornela”, é haikú do poeta Ramón Reboiras, que estudou alí, instantánea en verso Polaroid, iluminación de Rimbaud.

Escorredía

No monte de *Pinas*, arriba de Castro, **Escorredía** está en terreos de forte caída. A palabra chegounos a partir dun derivado de VIA CURRITORIA, ‘corredoira’, como sería EXCURRICARE, ‘escorregar’. Virían sendo pendentes polas que escorren as augas con forza debido ó desnivel. Dise tamén das terras ben drenadas.

Escubelas

Talvez se formaron a partir de *As cubelas* ou *As covellas*, derivados de *cova* (lat. vulg COVA, lat. CAVU, ‘oco’). *Escubillar* é, no dicionario de Franco Grande, “furar, escavar”. **As Escubelas** son da braña de Dodro.

Espadaneira. Espadenal

A Espadaneira, na Braña de Lestrobe e **O Espadenal**, na de Bexo son extensións de espadanas. Nalgúns lugares de Galicia chámasele espadana ou pendón á flor do millo, o que aquí son os *pabóns* e *cencenos* en Rianxo. Nas nosas brañas a espadana é o lirio amarelo (*Iris pseudacorus*), ó que se refire Sarmiento, pero tamén son espadanas as *Typha Latifolia* de vistosas flores tubulares, que están colonizando extensións enteiras dos humedais de Dodro. O Padre Merino chámalles espadanas ás dúas. As follas semellan espadas, de onde toman o nome (lat. SPHATA) e botábanse no chan para facer as alfombras o día do Sacramento. Rosalía deixounos lirios e *pensamentos sombrizos* cubrindo o *campo de Cornes*. Os que están no Evanxeo de Mateo (*Ollade os lirios do campo...*) non sabemos con certeza se son as nosas espadanas ou algunha das outras flores que adornarían os campos galileos. Ás *Brañas de Laíño* poden vir os pintores a

encher as súas paletas co verde esmeralda dos herbais, o roibén que tinguere as marxes dos esteiros, os cobres das canabeiras secas ou nos illós dourados das campías cando é o tempo dos lirios e espadanas.

Espiño. Espiñeira

Espiñeira é abundancial e como *espiños* designamos diferentes especies botánicas que teñen espiñas (do latín SPINU). Algunhas empréganse como patróns para enxertar pereiras. Xa nolo contou Sarmiento. A pereira brava (*Pyrus pyraster*) dá peros, peras pequenísimas, astrinxentes, que só se dan comesto de moi maduras. O abruño ou ambruiñeiro bravo (*Prunus spinosa*) ten nos froitos azuis de Patinir. O espiño albar (*Crataegus monogyna*), que nos regala a neve en primavera, é o *albespí* dos trobadores da Provenza e tamén o deixou Eusebio Lorenzo, como agasallo nos seus versos: “*Que o tempo nunca ancore nos teus ollos como ancora no espiño na pel das miñas maos ou no poema*”. Aguirre chámallo *estirpo*. En Irlanda é morada das fadas. De quedaren algunhas por aquí andarán entón pola **Espiñeira** de Bexo, en **Espiño**, preto de Vigo, onda a desembocadura do Sar e no *Castro de Traxeito*, ou máis ben definitivamente desorientadas nalgunha das derradeiras carballeiras do occidente.

Esteiro

No rego de Manselle, no de Tarrío, no San Lufo, no vello río das *Maulas* que se demoran debuxando meandros caligráficos polos lenzos alagados das brañas, entra auga do río grande co fluxo das mareas e inunda prados e ribeiras formando esteiros, palabra que deriva do AESTUARIU latino e de AESTUS, ‘marea’. No *Tumbo de Santa María de Iria*, do século XV, fálasenos dunha “Ponte d’Esteyro pequena, que esta junto con o río do Sar”. Non a hai agora. Longos esteiros son as desembocaduras do Sar e do Ulla pero nós, como topónimo, témolo abaixo da *Avesada* e na braña de Tallós: **O Esteiro**. Ó espazo que queda entre os dous esteiros chamábanlle

os mareantes do Ulla *O Corredor de Laíño*. No **Esteiro de Tallós** bañábanse os desa aldea e os de Reboiras pinchando desde as ponlas alabeadas dos ameneiros. Os de Dodro, no *San Lufo*; os de Lestrobe, no río do Pozo ou *das Maulas* e no Sar; na *Brañiña* ou no *Redondo* os de Imo e Bexo ... Iso si, había un certo temor a meterse no río grande o 25 de xullo, porque se dicía que pasaba o Apóstolo arrasteando pesadas cadeas que tiraban sen remedio dos avezados nadadores. Nas terras que beirean os esteiros ou estuarios do Ulla, turbas negras, depósitos aluviais do cuaternario que foron acugulando sen presa as marés do tempo, mestúranse as augas salgadas atlánticas coas doces orixinando complexos ecosistemas ricos en nutrientes como consecuencia da acción de diferentes microorganismos e bacterias. Ese intercambio da lugar a unha gran variedade de especies animais e vexetais. Antes que viñera a moda de ir á praia ós areais de Tanxil e de Barraña, os vrans na braña podían ser versos dun poema de Pavese. A auga salgada do mar chega ata os esteiros de Dodro e de Laíño nas grandes cheas de agosto, e viñan na *acqua alta* xentes de toda a Terra de Iria e de fóra dela a patuxar na herba das campías anegadas e a tomar os baños salúíferos durante nove días. O simbolismo dos nove baños ou das nove ondas foi tratado por diferentes autores (Alonso Romero, Bouza Brey, Rodríguez López...) e dáse noutros lugares do occidente atlántico, sendo o máis coñecido o ritual de fertilidade da noite de San Xoán na praia de A Lanzada. Nove son tamén os días que o río grande tarda en devolver os afogados.

Ó longo esteiro do noso río Ulla chámanlle Baltasar Porreño, no *Nobiliario del Reyno de Galicia* (de fins do século XVI), e despois Sarmiento, *A Ría de Padrón*. En todo caso, *esteiro* é sobre todo topónimo costeiro, da beiramar e aquí estamos a tres leguas do salseiros do mar da Arousa por máis que a Lei de Costas nos queira facer mariñeiros terra adentro. As cousas como son.

Estivada

Estivadas son terras incultas, cavadas e rozadas, nas que se queiman os terróns para despois plantar. Con ese sentido están no verso rosaliano “*Cal na cinza das grandes estivadas*”. A palabra é por tanto sinónimo de *roza* ou de *avesada*. Na opinión de Gonzalo Navaza procede do latín STIPES, ‘estaca’, tronco, de onde nos veu *estirpe*, aínda que o seu significado orixinal fora o de ‘terreo cercado’ (“As estibadas ou estivadas. Nota etimolóxica”). Sarmiento esclarece os traballos que se fan nas estivadas: rozar, queimar, labrar e sementar. Eladio Rodríguez, nunha das acepcións do término, explica que eran predios comunais cerrados con terróns, sebes ou valados, que se distribuían entre os veciños pero que volvían a ser do común unha vez vencido o prazo estipulado. Na parroquia de Dodro, *estivada* é palabra viva na fala cotiá como sinónimo de toxeira, terreo particular no monte, o que en Laiño chamamos *revoltas*. Están preto das aldeas, por debaixo do monte comunal pero designan sempre propiedades individuais, precisamente para distinguilas das que son de todos. **A Estivada Verde, O Agro da Estivada e As Estivadas e A Estivada** son de Bexo. **A Estivada e A Costa Estivada** están no monte *Valouta*. **A Estivada** é da braña de Tallós, de Lestrobe e de Imo, **O Agro da Estivada** de Teaió, **A Estivadiña do Río** do Rialíño e **A Estivadiña** de Revixós e Lestrobe.

Estroídos

Estroído é arcaísmo, sinónimo de destruído, tanto en galego coma en castelán (aparece no *Calila e Dinma* e no *Conde Lucanor*) pero ignoramos cal poida ser a súa relación con este topónimo **Os Estroídos**, de Dodro, se a hai.

Exo

Seguramente **O Exo**, preto da aldea de Bexo, sexa sinónimo de *exido*, co significado de curral, horta, quinteiro. A palabra acabou tomando outras acepcións moi próximas entre si, pero os eixos, exidos, eixidos, enxidos ou *enxidros*, como por aquí se chaman, (do latín EXITU, ‘saída’), pechados ou non, están polo común arrimados ás casas e son terreos cultivados de pouca extensión, pero non mousías. Horteloxos, eirados e cacheiros minúsculos nos que se plantan hortalizas, legumes... O *Elucidário*, de Joaquim de Santa Rosa dá-nos aínda algúns outros sinónimos: *facendíña*, *quintalsiño*, *hortexo*, *conchouso*. No *Libro de Notas de Álvaro Pérez, notario da Terra de Rianxo e Postmarcos* (1457) falando da nosa aldea lemos: “enjido e asento rrasonable, para morar hun labrador eno dito lugar de Terrío”. Hai en Rosalía versos para os enxidos primeiros nos que folgou de nena e para o final: “*É que a morte queme/Para o seu enxido*”. ☺→



Fabeiro. Fixo. Fexós

Fabeiro é diminutivo de *faba* (*Phaseolus vulgaris*), palabra que procede directamente do latín e tería que ver co cultivo desta leguminosa ou coa proliferación dalgunha variedade silvestre dela. **O Fabeiro** e **O Muíño do Fabeiro** están en Susavila e deben ser antropónimos. **O Fabeiriño** é da braña de Lestrobe. Da mesma familia pode ser **Fixó** (de PHASEOLUS), en Tallós, á beira do concello, onde está agora a fonte rodeada de castiñeiros, e **Fexós** en Bexo. En *A Toponimia de Trabada* de Xulia Marqués hai un *Fijo*, que fai vir de “*fixus*”, cravado, fixo; pero este, os veciños pronúncian claramente como *Fixó*. *Faba* está en Aguirre, e tamén *fabeiro*, apelido que debe de ser orixinario da comarca, “*o que vende fabas*”. Na *Fitotoponimia* de G. Navaza é sinónimo de *fabal*. Pitágoras prohibía o seu consumo por lembraren os xenitais do home e máis as portas do Hades, que polo visto son lisas e, coma as fabas, tampouco teñen nós.

Fabraxil

A forma xermánica –GILDUS orixinou en galego os finais “–xilde” e “–xil”, cun significado de ‘imposto, contribución’. **Fabraxil** está no monte de Manselle e sería un antropónimo. Máis escura é a procedencia do primeiro elemento do nome, quizais de FRAUJA, señor.

Fervenza

En realidade o nome ten que ver co son da auga cando ferve ou cae desde unha certa altura. Deriva de FERVENTIA e de FERVERE, ‘ferver’. En Sarmiento, “escuma ou cachón que fai a auga cando se precipita contra unha pena”. É sinónimo de abanqueiro, cadoiro, cachón, freixa. Escoitámolo tamén como *frevenza* dependendo de quen o pronuncie. **O Agro da Fervenza** está en Teao onde hai **A Frevenciña** e **As Frevenzas**. **A Fervenza** é da Devesa. Na escuma das fervenzas dos nosos primeiros regueiros nacían aveláñas brancas.

Fieiteira. Folgueira. Folgosa

De diferentes palabras latinas proceden estes fitotopónimos (FILICTU, FILICTARIA, FILICARIA...) pero todos teñen unha mesma orixe: a voz *feito* ou *fento*, FILIX en latín (*Pteridium aquilinum*). Feitos e toxos, molime, apañábanse para estrar as cortes. Que a cocción de raíz mata as lombrigas está en varios dicionarios pero como sempre o padre Sarmiento apunta ademais, entre outras curiosidades, que mesturándoa con seixos calcinados fai vidro verde. **A Fieiteira** está arriba de Castro e do lado de riba da Dea da Igrexa, **Filgueira** é de Susavila, Revixós, Paizal e Lestrobe, **A Folgosa** é de Vigo e **Folgueiras** de Bexo. **Folgueira**, **Folgueira Aberta** e **Folgueira de Fóra** son de Manselle, **O Monte Feitoso** está detrás de Traxeito e **O Campo dos Feitos** en Bustelo do Monte.

Figueira

A figueira (*Ficus Carica*) é a FICARIA latina. **A Figueira Lixosa** atópase arriba de Bustelo. O adxectivo é sinónimo de 'sucia', 'manchada', quizais porque esas foran as características dalgún vello exemplar desaparecido. Da mesma aldea é **Figueira Cova**. No Catastro de Ensenada o río de Manselle é o río de **Figueiras**. Queda aínda en Rial de Lagoa un muíño con ese nome: **O Muíño de Figueiras**. A figueira está presente na mitoloxía de case todos os pobos. Na tradición cristiá, Eva tápase cunha folla de figueira ó ser expulsada do Paraíso e Xudas afórcase na árbore despois da traizón. No "Nobiliario del Reino de Galicia", de fins do século XVI, Baltasar Porreño, falando das bondades das veigas de Padrón, dinos que "o piñeiro de Italia e a laranxeira medran ó lado de carballos e palmeiras e que as vides salvaxes se enredan nos troncos das figueiras xigantes". Rosalía, máis íntima, non se esquece na despedida das *figueiriñas* que prantou.

Finxó

Nos documentos medievais atópase adoito o termo *finco*, a propósito dunha leira que quedou fixada a nome de alguén e pasou a ser da súa propiedade. En Asturias *finxu* é 'extrema', 'marco', de FIGERE, 'fincar'. No *Elucidario*, *finco* é 'escritura pública', documento auténtico. A palabra *finca* sería tamén da familia léxica de *Finxó*, se esa fora a súa orixe. En Teaió hai **Finxó de Riba** e **Finxó de Baixo**.

Focos

Emparentado con covo, cavorco, fochanca, nomes todos que se refiren a barrancos ou depresións profundas do terreo. Puidera ter que ver con tobos ou raseiras. Do lat. FOCO. **Focos** é de Manselle.

Fonte. Fontenla. Fontán

Da voz latina FONS proceden as nosas fontes e, como se poderá ver, están abundantemente representadas na toponimia menor. *Fonte* é manancial que nace da terra. Hainas *de mergullo* cunha poza na que se enche o cántaro ou *de cano*. A auga de traída chegou ás nosas aldeas fai algo máis de corenta anos. Antes había que ir buscala varias veces ó día ás fontes con sellas, baldes e caldeiros de cinc. Agora todas as fontes son públicas pero antes facíanse constar nos cupos e documentos. Toda a riqueza e as propiedades de alguén resumíase na documentación medieval coa expresión “montibus cum fontibus”. Cando o vran é moi seco por aquí lémbrese sempre que *en setembro arden os montes e secan as fontes* e agárdase que veñan as pancadas do trono e que co seu rebumbio as abran. Abelardo Moralejo dedícalle ó tema un extenso artigo no que enumera máis de cen topónimos da familia. Non figura a nosa *Fontaliña*, diminutivo de *Fontal* que no dicionario de Estravís vén como “relativo ás fontes” e noutros “o que pertence ás fontes”. *Fontán* (*Fontao* na Galicia oriental) vén sendo ‘lugar de fontes e mananciais’. Formouse desde FONTANUS. *Fontenla* é ‘fonte pequena’, ‘manancial’. Non imos agora aquí a ir describindo unha por unha as características ou a calidade das augas das nosas fontes. Citaremos o nome dalgunhas e acougaremos á beira doutras.

A Fonte Primeiral, na estrada que vai de Laíño a Rois, é obra recente e converteuse en encrucillada de festas e celebracións. En Lestrobe, marcando o límite do concello, está **A Fonte Vilar**, de auga fresquísimas, adornada polo estrambótico escudo municipal. No seu libro sobre o Convento dos Carmelitas de Padrón cóntanos Beiró Piñeiro que se chamaba **Fonte do Arcebispo** porque a mandou facer o prelado Alejandro Bocanegra. Tiña fama de ser curativa sobre todo para os que padecían de retención da orina. O chafariz magnífico da **Fonte do Palacio** está situado no centro xeométrico do patio da residencia arcebispal con tazas e tornos, coroada por un Santiago peregrino. En Lestrobe, **A Fonte de Santa María** é unha amena paraxe e tiña lavadoiros que servían de pasais para cruzar polo *camiño do Santiaguño*, pero hai outras fontes coma **A Fonte**

de Riba, **A Fonte dos Enfermos**, na que os veciños poñían unha tona de eucalipto (sería antes de carballo) para recoller as augas mornas, medicinais, **A Fonte de Murillas** (antropónimo, talvez desde MOR, ‘pedra’, ‘montón de pedras’) ou **A Fonte do Ouro**, preto do Castro, que espertou a imaxinación das xentes que soñaron tesouros e maxias fabulosas ó pé dela. Ó pé da **Fonte de Bonita Raza**, que estaba do lado de baixo da *Pedra Ventureira*, tivo a súa casoupa un ermidaño de longuísimas barbas. Xa non hai **A Fontiña**, que estaba para alá da *Praza*, ou **A Fonte do Gorgollón**, arriba do *Castro*, no monte comunal, fervenciña que verquíaa as súas augas sobre unha corredoira, encanada despois para diferentes lugares da aldea. A paraxe coñecida como **A Fonte de Hermida** figura nos documentos vellos. Para as Torres a auga baixa por unha longa canle de pedra. Tamén a ten *O Pazo de Bendaña*, en Vigo, onde había unha **Fonte de San Xosé** cunha gran pía de auga, e do lado de riba del está aínda **A Fontenla**.

De Vigo é **A Fonte da Parrocha** (antropónimo, *parrocha* é “videira” no Padre Sobreira, ‘xouba’ en case todos os dicionarios, “órgano xenital feminino” entre nós e no Frampas II de E. Rivas). En Dodriño temos **Fonte de Campos** e **Fonte García**. **A Fonte de Susavila** está na aldea. A auga da **Fonte Navenlla**, corre polos agros do Rialíño e Paizal, onde hai tamén **Fonte Cruz**, **A Fonte Vella** e **A Fontiña de Riba**. En Pexegueiro hai **A Fonte Marica**, **A Fonte Valiño** e no alto do monte, **A Fonte Sobreira**, que é de onde vén a traída. En Traxeito teñen **A Fontiña do Ouro**, **Fontelacova** e **A Fonte dos Salgueiros**. Na aba do monte de Reboiras hai unha **Fonte Raposa**, na que beberá o *golpe* despois de asaltar os galiñeiros e piteiras da redonda. Na aldea hai **Fontán de Riba** e **Fontán de Baixo**, humedais e **A Fonte**, no medio das casas. En Tallós, onda a escola, está tamén **A Fonte**, e do lado de baixo da estrada **A Fonte da Estivada**, agora encañada. Na paraxe denominada **A Fonte de Eiró**, na **Fontiña de Santa Clara** escoa aínda un fío agónico de auga arriba do *Cruceiro de Gradín*, pero na propia aldea hai outra **Fonte de Eiró**. Deita aínda **A Fonte do Brañeiro**, en Tarrío, no fondo dunha escaleira señorial de pedra á que lle deu sombra unha nogueira centenaria derrubada polo

ciclón Hortensia en 1984, e ten inscrita a data da súa construción: 1910. Na **Fonte de Vera** (do latín VENARIA, polas veas da auga) en Tarrío, na corredoira de Gradín, de augas cristaiñas, perseguimos anguías imposibles. No *Pazo*, na *Casa dos Romay*, está **A Fonte de San Antonio** á que chegaba a auga por unha cañería de pedra agora desaparecida. Do lado de riba da aldea está **A Fonte** e moi abaixo dela, cara o surleste, queda **A Fonte das Hortas**, labirinto de caneiros nas campías. Como tiñan boa rega eran das que daban a mellor herba. **O Rego da Fonte das Hortas** atravesa a estrada abaixo das *Lameiriñas* e, despois de saír por un boqueirón de pedra, pérdese por regos e gabias ou vai a zorro polo *Prado* e por *Solaíño* abaixo. Entre Sar e Rial de Lagoa corría a enxurrada da outra **Fonte Navenlla**. Hai tamén **A Fonte de Rial**, de augas recentes, na aldea dese nome, sobre a que dispuxeron o basamento e a cruz dun vello cruceiro. Está **A Fonte de Sar** na aldea e moi arriba, no alto do monte, **A Fonte do Encanto**, nas *Antas de Granada*, onde peitea os seus cabelos dourados unha moura. En Manselle hai **A Fonte do Souto**, enlousada, ampla e acollidora baixo latas centenarias, **A Fonte da Caguenla**, no medio das casas e **A Fonte do Río** do lado de riba delas. Na ladeira do monte da aldea había outras: **A Fonte do Monte**, **A Fonte das Nespras**, **A Fonte Pregueira**, **A Fonte dos Teixugos**, **A Fonte dos Sapos**...

O Sábado Santo acéndese o lume novo, bendícese a auga na pía bautismal e lévana os veciños para as casas. Na igrexa de San Xián de Laíño esa auga collíase na **Fonte da Sagrada** que está no camiño que vai da igrexa a Manselle. Na mitoloxía irlandesa é a auga recollida nos pozos sagrados o día do Venres Santo a que ten semellantes virtudes medicinais e serve para abenzoar fogares e animais. **A Fonte da Dea da Igrexa**, ten nos laterais cadanseu motivo decorativo vexetal de trazos esquemáticos. Minimalismo dos nosos canteiros. Se na Devesa temos **O Agro da Fonte** e **O Carballoso da Fonte**, é porque as hai. Tamén a hai na aldea; **A Fonte da Devesa**, que vén desde *O Agro do Monte* por entubado de barro. En Teao están **Fontecova de Riba**, **Fontecova de Baixo**, **Fontenlas**, **Fontes**, **Fonte Barreira**, **A Fonte Vella**, **A Fonte**, **A Fonte de Puzallos**, **A Fonte do Corro Auvello** (?) que é da eira onde están os hórreos e **O Pozo da**

Fonte. En Bustelo hai **A Fonte Grande**, **A Fonte de Baixo**, **A Fonte das Lameiriñas**, **A Fonte da Agua Limpa**, que vén do Treito, **A Fonte do Couto**. Había aínda **A Fontiña**, que xa non existe. Na aldea de Imo hai **A Fonte de Resúa**, **A Fonte da Rochiña**, **A Fonte do Souto** e **A Fonte da Aldea de Riba** (no *Preinventario* dise que nela se practicaron ritos bautismais pagáns) e no *Alto de Ribada* unhas leiras levan por nome **A Fonteliña**. En Bexo, no medio da aldea, está **A Fonte de Chan de Viña** e, do lado de riba da estrada, **A Fonte da Costiña**. Cara o vendaval da aldea hai **A Fonte do Rialíño**. Nas leiras que miran cara o Ulla encanouse **A Fonte dos Lebexiños**. **A Fonte da Mina**, **A Fonte do Rego das Escuras**, **A Fonte Galiña**, **A Fonte do Conde**, **Sefontes** (*debaixo das fontes*), **A Fonte de Pereiras**, **A Fontaliña**, **Rial da Fonte**, **A Fonte Vallota**, **A Fonte do Ouro** (onda as mámoas) e **A Fontiña** son tamén da aldea.

Nas brañas de Bexo, en *Angueiro* (*Anqueiro* na fala nosa) está **A Fonte Mineral** ou **A Fonte do Mineral**, nunhas campías preto do río. Pedro Gómez de Bedoya na *Historia universal de las fuentes minerales de España* do ano 1765 dedica media ducia de páxinas a comentar as propiedades destas augas “cuyo caudal sale a Oriente a borbollones, fría y muy clara, manando la cantidad de agua, que puede hechar una teja, quando llueve bien”. Di que o sabor é astrinxente e que bañando nela unha moeda de prata ponse denegrida. Afirmo que contén nitro e vitriolo, que curou dos herpes ó cura de Láíño e que sandou a un impedido que puido abandonar as muletas. Gregorio de Hermida e Diego Ballesteros del Mazo (donos dos Pazos de Lestrobe e Tarrío respectivamente) saíndo a cazar por estas paraxes, bañaron alí un cabalo con sarna e mandaron tamén que se metera na fonte o criado, que tiña unha úlcera antiga nunha perna. Sandaron os dous. Se os señores se bañaron non se nos conta, que gardaban máis en segredo as súas doenzas que a xente do común. No curioso *Tratado de las enfermedades más frecuentes de las gentes del campo* (1776), na táboa “De las fuentes marciales o vitriolicas”, figuran tres no *Reyno de Galicia*, entre elas *La fuente de Layno, en Bejo*, a cinco leguas de Santiago. Está tamén a nosa fonte no *Tratado práctico de la gota* (1791) onde se fala das *marabillosas* propiedades das súas augas para

curar a enfermidade e no *Manual Geográfico Administrativo de la Monarquía Española* de 1844, apartado de “Aguas Minerales”.

Pisamos unha terra inzada de augas soterradas, furada coma unha peneira aquí e acolá polos infinitos borbullóns dos mananciais. Rosalía, que viviu tamén neste país de auga, nun dos seus recontos de ausencias despídese antes que nada dos ríos e das fontes. Era amante delas e hai un poema no que dorme á súa beira. Cecais a espertara na madrugada o ruído cantareiro na canle de pedra do vello torreón dos Hermida para escribir eses versos. Eusebio Lorenzo, no primeiro poema do seu primeiro libro, promete “*A eternidade para aquel que xorde en primavera de dentro das fontenlas*”.

Formariz

Aínda que a aldea xa é do concello de Rois, hai casas novas e agros de **Formariz** que están en Dodro. Procede do nome propio xermánico *Fromaricus*, composto de FROM/FRUMA, ‘o primeiro’, ‘valente’, e REIKS, ‘poderoso, rico’. Sería por tanto propiedade dalgún nobre importante de época sueva.

Formigueira

Pola **Formigueira**, que está na braña de Dodro, soñarían nun tempo as verdes formigas. O **Formigueiro** é un rechán no alto da Chisca, onde están as mámoas, na divisoria dos concellos de Dodro e Rois. O nome, formado a partir do FORMICA latino, debeulle vir de que as había en abundancia. Coñécense doce mil especies delas e está escrito que han de acabar devorando a cidade de Roma.

Fornos

Procede do latín FURNUS, ‘forno’, construción abovedada de pedra ou ti-xolo na que se coce o pan. Atanor. De primeiras faise brasa dabondo

dentro, con leña de toxo ou de carballo, para que quenza ben, ata que as pedras roxan (Otero Pedrayo comparou con elas as cores do solpor) pero cómpre darlle tempo aínda que viren brancas e chispeen ó riscalas co garabullo ou que fagan estalar as follas do basallo de loureiro. Entón é o intre xusto de introducir a bola ou a empanada, e de pórllle a porta tapándoa con barro, bosta ou coa propia masa. Ende que a fornada está disposta agardamos o milagre do pan, a seiva nutricia coa que nos vimos sustentando desde o Neolítico. Somos homes e mulleres de pan, *sanandreses*. No Popol Vuh, o libro sagrado dos maias, os deuses creáronnos con pan de millo. Pero volvendo ó que estamos, os nomes que imos ver poden referir a fornos nos que se cocía ou a lugares que polas súas características orográficas (sitios fondos, agachados, resgardados ...) os lembraran. Non todas as casas tiñan fornos, por iso os había comunais. Chámalle Aguirre *forneiros*, “casa onde hai varios fornos para cocer os veciños”. Menos comúns na toponimia son os fornos dos oleiros, os das telleiras ou os das ferrarías. Pola similitude con eles, díselles ás mámoas *fornos* e *forneiros dos mouros*, e *cocedeiras* ás chantas que as forman. O topónimo **Tras dos Fornos**, ó lado da aldea de Castro, é revelador porque conservamos ademais o nome do camiño que subía desde Sar, **A Tafona**: casa onde se coce e vende pan, panadería. Hai **Os Fornos** en Paizal e **Os Forniños** en Traxeito, en Reboiras e en Teairo. **O Forno**, **Forniños de Riba** e **Forniños de Baixo** son de Bexo. **Os Forniños** son de Teairo. No Libro do notario Álvaro Pérez, en 1457, lemos dun “forneyro de Terrío”, e debía facer boas coceduras pois aínda queda un arrecendo a pan quente polas ruelas da aldea.

Foxo. Refoxo. Fuxiños...

A partir do latín FOVEA, ‘rego’, gabia, burato, no latín tardío FOGIU. *Vedro* veunos do adxectivo latino VETUS, ‘vello’ (que deu tamén *vedraio*) e designa así mesmo o monte que se volve a roturar para sementar o cereal. Os foxos eran trampas para lobos, fochancos, covas para atrapar alimarias, aínda que tampouco hai que desbotar outros signifi-

cados que teñan que ver coa forma cóncava do terreo. Tamén se usaron para coller teixugos. A palabra está moi presente na documentación medieval. En portugués *refojo*, apelido orixinario desta comarca, é ‘caverna onde se refuxian as feras’. **Foxovedro, Foxovedro de Baixo e Foxovedro do Souto** (FOGIU VETERU), fican por Manselle. Eligio Rivas comenta *vedro* como nome dos montes que se botan a cereal e se deixa que descansen uns anos. Para Joaquin Caridad os topónimos coas formas *vedro, vedra* non son latinos senón hidronímicos celtas derivados de divindades dese panteón (*Virus, Allovira, Virrore...*). **O Refoxo** está en Bexo. De Bustelo son **Os Fuxiños e O Foxo da Cabirta**, cecais porque se poñía unha na cova para atraer ós lobos, aínda que podería ter que ver con pedras montadas ou cabalgadas. Polo demais *cabirta* é voz viva hoxe, se ben menos usada que *craba* ou *cabuxa*. Falou Castelaio do *chorar dos cabirtos* nas feiras e parece que foi el mesmo quen deseñou a figura “O Cabirto” da *Cerámica Celta* de Cesures. **O Agro dos Foxos** é de Imo, e **As Brañas de Fexacos** (aldea xa de Rianxo que tamén se denomina *Foxacos*) son de Teaio. **Foxos** está entre Traxeito e Pexegueiro e **A Carballeira de Foxos** cara o sur do castro. O petróglifo da *Foxa Vella*, non lonxe de nós, un dos principais do veciño concello de Rianxo debérase chamar do *Foxo Vello*, que así o din os veciños.

Frágadas

Fraga é voz que se perdeu na fala como tamén *fragueiro e fragoeiro*, o que corta madeira no monte e comercia con ela. Usouse entre nós e non a esqueceron os máis vellos. Na maioría dos dicionarios *fraga* está como bosque de diversas especies arbóreas con matagal e maleza abundantes no que se fai dificultoso avanzar. Do latín FRAGUS, ‘fraga, bosque cheo de maleza’, e máis remotamente de FRANGERE, ‘romper’, crebar, polo accidentado da topografía na que se atopan. Verbo desta última acepción menciona Eladio Rodríguez a voz *fragada*. En Crespo Pozo *fraga* está por lugar apenedado. Para Vicente Feijoo e outros autores ten o significado

de 'pedra', no sur de Ourense e norte de Portugal. As nosas **Frágadas** esdrúxulas, florestas ou pelouros ancestrais, están entre Paizal e Traxeito.

Franxiño

Xulia Marqués en *A toponimia de Trabada* cita *Franxeira*, e di que é vocábulo alleo, de orixe escura. Apunta dúas posibles: *franxa*, do francés “frange” (cabeceira, lindeiro...) ou de FRANGERE, ‘partir, quebrar’. Serían terras partidas, divididas. **O Franxiño**, para alá do río de Pexegueiro, pode que tamén teña esa procedencia ou que estea relacionado con freixo (na documentación medieval anótase a árbore como *fraxinario*, *fraxino...*).

Freixo

Na braña de Dodro, á beira do río, está **O Freixo** e en Teaió, **O Muíño do Freixo**. A palabra chegounos desde o latín FRAXINUS, presente no seu nome científico, *Fraxinus excelsior*. Quedan aínda no concello fermosos exemplares de freixos á beira dos regueiros. É moi prezado en ebanistería porque permite unha talla moi fina e a súa madeira usouse tradicionalmente para facer os eixos cantareiros dos carros. Cántannos en Bustelo que desde a aldea se escoitaban cantar os carros do Araño, a seis kilómetros de distancia. Rosalía escoitaba o “*chirrar dos carros da Ponte*” desde o seu refuxio de Lestrobe. Nas Eddas nórdicas o freixo *Ygdrasil*, a árbore da vida, é o eixe arredor do que xira mundo. Tamén dixo que o escoitara xirar, coma o dos nosos carros, o explorador Olav Bjaaland cando chegou con Amudsen ó Polo Sur.


Froxé

Froxé é de Castro e seguramente está vencellado co nome xermánico FRAUJA, ‘señor’, ‘dono’, persoa que manda, a partir do que se forma *Forxán*.

Funchal. Fiúns

Fiunchal e *funchal* son leiras de *fiúncho* (*Foeniculum vulgare*), unha planta olorosa moi coñecida porque se utiliza tradicionalmente para condimentar as castañas cocidas. A asociación non é causal, pois ten propiedades carminativas para aliviar os gases, e as sementes empréganse na elaboración de alcohois anisados.

En grego *fiúncho* é *maratón*. O campo onde se celebrou a famosa batalla entre gregos e persas que lle daría nome despois á carreira olímpica era polo tanto “un campo de fiunchos”, un **Funchal** coma o noso, que está do lado de baixo de Eiró, onde hai tamén **O Funchaliño**. Quizais **Fiúns** abaixo de Dodro sexan predios con fiunchos, ou quizais non. ☺→



O desaparecido Pazo de Bendaña. Vigo



Gabeadas

Terras gabeadas son aquí terras traballadas á gabea. É voz perfectamente viva entre nós, onde *gabear* é cavar co sacho un corruchos dunha leira a onde non da chegada o arado ou un tallón para plantar nel. Gabéase tamén debaixo das viñas porque non entra a maquinaria. O millo de gabea era o que se botaba nas terras máis fondas e daba as mellores colleitas. Tería a mesma orixe que *gabia*, do latino CAVEA, porque en realidade non se gabea sen orde senón facendo gabias ou regos. **As Gabeadas** están arriba de Imo.

Gaián

Gaián e **Sobre Gaián** son de Traxeito. Para Menéndez Pidal (*Toponimia Prerrománica Hispana*) *Gayán* é antropónimo derivado de *Gaius* ou *Caius*, que daría tamén Jaén.

Gaiteira

Gaiteira, nalgúns dicionarios, dise da muller de vida licenciosa xa entrada en anos e tamén da vaca de cornos finos (Constantino García: *Glosario...*). Hai a *Nepeta cataria* ou *herba gaiteira*, pois que a comen os gatos, pero tense por especie rara en Galicia citada polo Padre Merino tan só no Courel. Si que abunda, e moito, en Dodro outra moi afín, olorosa, a *Calamintha nepeta* ou *nébedas*, coa que se condimentaban as empanadas, as cazoladas e os guisos. **A Gaiteira** está arriba da *Fonte Primeiral*. Se, como parece, efectivamente tivera que ver coa gaita, entón procedería do xermánico GAITS, ‘cabra’, porque se usa a súa pel para facer o fol. É moi probable que así sexa posto que é antropónimo común mesmo en feminino. Aquí non sabemos del, pero si en aldeas de Rois que lindan con nós. “*Has de cantar,/ meniña gaiteira*” dinos Rosalía no arranque de *Cantares*.

Nas respostas do Catastro de Ensenada figuraba un tal Luciano Rey, gaiteiro e labrador de Laiño. Mestre de mestres gaiteiros foi Cesáreo Rodríguez, nado en Lestrobe, homenaxeado por Xosé Manuel Budiño na emigración arxentina, onde morreu. O noso gaiteiro, agora retirado, Tomás Abuín, foi o fundador de “Airiños da Nosa Terra”, formación coa que se mantivo por máis de trinta anos, pero xa antes tocara con “Os Rosales” de Asados e estivo presente na inauguración do monumento a Rosalía no Espolón de Padrón, en 1957. Contounos que cando foron á Coruña para homenaxear a Gala, a filla da escritora, un dos mantedores do acto, afectuoso en exceso, dirixiuse a ela coma “Dona Galiña”, o que provocou a hilaridade dos presentes. Omitimos o nome.

“*Unha vez era un gaiteiriño que ía polo monte. Queres que cho conte...?*”. Mentres responderas que si, a historia encetaba de novo: “*Unha vez era un gaiteiriño que ía polo monte. Queres que cho conte...?*”. Agardando, agardando, o tempo andado, tivemos a certeza de que iso era todo. Non é pouco nin moito. É o que hai.

Gandra

Páramo, terreo liso, inculto, pobre. A palabra *gándara* remóntase á noite dos tempos, retorromano ou alemán para Moralejo, preindoeuropeo para Menéndez Pidal, prerromano na opinión de Corominas, lévase discutido bastante sobre ela e sobre a súa distribución na Europa occidental. En xeral hai coincidencia en que a raíz CAND/GAND equivale a ‘pedra’ ou a ‘terreo pouco fértil’. Para Sevilla Rodríguez sería voz xermánica, de GRAND, ‘moer’, co significado de ‘lugar de gravas e areas’. Gándara en Aguirre é tamén monte baixo inculto, maleza. Hai **A Gandra** en Bustelo e Teaio e en Imo, preto do Redondo, de horizontes abertos cara o río, pero non longal. En *A Cova da Granda*, antes de chegar á *Praia das Cunchas* teñen os de Rianxo outra variante do mesmo étimo. É unha das estacións rupestres máis importantes da comarca pero na literatura especializada deron en chamarlle *Os Mouchos*, non sabemos por que.

Garabados

Para Eladio Rodríguez *garabato* é sinónimo de *garabullo*. No Nomenclátor hai varios *Garabatos*, que na opinión de Gonzalo Navaza serían sitios nos que se recollía garabullos, leña miúda para o lume. Tamén comenta a posibilidade de que teña que ver co portugués *gramata*. Nos eidos incultos de Dodro abunda a grama (*Cynodon dactylon*), herba ruín e invasiva. Francisco Villar (2000) relaciona o topónimo *Garabato* co radical hidronímico indoeuropeo AB-/AP-, ‘auga’. Pode que *garabados* teña relación con *garabelo*, que é voz viva como ‘cesto pequeno con aro’. Nalgunhas aldeas de Dodro houbo cesteiros que ían vender ás feiras de Padrón. No dicionario de Carré chámasele *garabelos* a cada un dos montonciños de herba que se fan cando se roza, o que nós chamamos *mandos* ou *panadas*, se son máis grandes. **Os Garabados** están na Veiga de Les-trobe.

Gato

Cova do Gato queda abaixo de Dodro e **Gato Vello** no monte da Devesa. Do latín GATTUS. No *Tombo de Toxosoutos* está como apelido e como alcume (*Fernandus Petri dictus Gatus*). Pénsase que o animal foi introducido polos romanos en Galicia de modo que os restos anteriores que se atoparon nalgún castro próximo (Achadizo, Cabo de Cruz) posiblemente sexan de gato montés. Será na Idade Media cando se produza a súa expansión para evitar as pragas de ratas que propagaban a peste. Os topónimos poderían proceder do morfema preindoeuropeo GAT que designa covas, oquedades, rochas furadas pola erosión (Román del Cerro, 1998) ou vados, lugares de paso.

Globada

Aglobada é 'auga levada' (AQUA LEVATA en latín), canalización de auga para conducila ás fontes, ás presas ou ós muíños. Por aquí tamén se encanaba nos montes das aldeas para regar o millo nos vrans. Como *Agua Levada*, ou *Levada* figura en varias localidades do Nomenclátor. No monte de Cordeiro, da outra banda do río, había pozos para o millo coma os nosos: *Agua Lavada*. Da mesma procedencia son Igualada en Cataluña ou Agolada (Pontevedra). *Levada* é 'canle para a auga' nos dicionarios e nos Açores chámanse así aínda os canais que atravesan o bosque de laurisilva. **A Globada dos Romeu** e **As Campías da Globada** están no monte de Traxeito e **Globadín** preto de Formariz. Din algúns veciños **A Golbada**, e hai quen lle chama así ó monte.

Goio

Designa un covo fondo no río ou no mar. Do latín FOVEA, **O Goio do Seixo** estaba no esteiro de Tallós, á beira do Pinal da braña. Había unha poza onde a altura da auga permitía arrimar as barcas cando na baixamar non podían subir polo esteiro. Chamábanlle a este os de Cordeiro, **A**

Gabia dos Ballesteros, porque os donos do *Pazo de Tarrío* tiñan unha casa entre os piñeiros da que aínda quedan as ruínas. Tamén había **O Goio** no río do Rialíño, á beira do *Muíño Novo*.

Goriño. Gorille

Hipocorístico de Gregorio. **O Agro do Goriño** está no monte de Eiró e **Gorille** en Imo.

Gorgoso, Gorgollón

O Gorgoso era unha das insuas do Ulla, despois da desembocadura do Sar e antes da *dos Cabalos*. Tema onomatopeico relacionado co *gorgullar* dos mananciais, do latín tardío GURGA, ‘pantano’, e de GURGULIONE, ‘borbollón’. Na *Toponimia de Marín: Gorgas, Gorgoso, Gorgollón...* (E. Rivas, 1982). O mesmo autor (2007) cita *Gorgoso* desde *gorga*, paso estreito entre montes. De Lestrobe é **A Fonte do Gorgollón**.

Gradín

Na *Toponimia de Sarria*, A. Díaz Fuentes faino proceder de *Gratinus*. Está tamén na de Trabada (Xulia Marqués) onde se cita a Piel explicando que “é un nome persoal usado por pagáns que se volveu común entre cristiáns”. Será, xa que logo, antropónimo medieval o noso *Gradín* que está cara o nacente de Tarrío. No Libro de Notas do notario Álvaro Pérez, *Sueyro Gomes de Soutomayor* afóralle a *Fernando de Bustelo* e á súa muller *María do Picadiço*, moradores en Teayo, “a leyra de vjna de Gradín, que está ena outra chousa da orta que foy de Pero do Souto” coa condición de que cada ano lle dean “o terço do viño” que recollan e a obriga de cavalas e labralas “por maneyra que se non perdan por mengua do bon lavorío”...

Granxa

A partir de GRANUS, ‘gran, cereal’, acabouse formando GRANIA, da que proceden as palabras galegas *granxa* e *graña* con significados idénticos. Correspóndense coa VILLA GRANEA tardorromana. A primeira delas pervive na fala común mentres que a segunda quedou unicamente na toponimia. Os monxes do Císter difundiron as granxas pola Europa medieval. Unha granxa era unha explotación agrícola dependente dun mosteiro na que vivía unha familia cos seus traballadores e criados que se encargaban de traballar as terras e de subministrar unha parte da colleita ós monxes propietarios delas. As nosas granxas pagarían os seus froitos seguramente ó Mosteiro de San Martiño Pinario do que dependían moitas terras da comarca. No Rialíño hai **A Granxiña**, **A Granxa de Amaro** en Castro e **A Granxa** en Lestrobe, Manselle e Imo.

Guindeiriñas

Ademais da cereixeira brava ou cerdeira (*Prunus avium*) da que proceden as das nosas hortas, o *Prunus cerasus*, guindeiro ou guindaleiro, é a árbore das guindas, citado por Sarmiento. Habíaas por estas terras. Aínda que a distinción por veces non estea clara, acudimos á *Flora* do Padre Merino, onde nos explica que este último se cultiva nalgunhas zonas de Galicia e que os froitos son de sabor acedo. **As Guindeiriñas** están en Teao e non son, desde logo, topónimo frecuente. A etimoloxía non é segura aínda que pode vir do alemán WIKSINA na opinión de Corominas.

Gundil

Antropónimo, nome de posesor xermánico. A base etimolóxica GUND-, que está en J. Piel e noutros autores, significa ‘loita, combate’. A terminación en “-il” é característica da toponimia medieval. Sarmiento recolle varios exemplos. **Gundil** e **Sogundil** están abaixo da aldea de Tarrío. No *Tombo de Toxosoutos* escribía un notario de *Lainio* chamado *Johannes*

Guntadi un 12 de marzo de 1232 e nun pergameo dos fondos de Oseira e Melón de 1085 (Romaní, 2007), rexístrase un *Gundesindu* con propiedades “in villa Lestrobe”. Os dous nomes teñen o radical que comentamos. ☺→

H

Hespicio

Na paraxe de *Moure*, **O Hespicio** (Hospicio, do latín HOSPITIUM) está cara o vendaval da aldea de Castro, nunha zona moi poboada desde a Idade do Ferro, na que se multiplica o número de topónimos, preto do vello *Camión Real*. Os veciños veñen mantendo a tradición de que houbo no lugar unha casa de acollida para orfos ou un albergue para pobres e mendicantes. Na *Geografía General del Reino de Galicia*, Carré Aldao explica que foron uns carmelitas “que vivían dispersos en Rianxo” os que solicitaron da Marquesa de Parga terreos en Padrón para a construción do Convento do Carme a principios do século XVIII e crearon na vila un hospicio entrementes se realizaban as obras (Beiró Piñeiro). O certo é que Laíño era daquela da xurisdición de Rianxo e uns anos máis tarde un frade do convento foi o que fixo as trazas para a igrexa de San Xián, pero non contamos con outros datos que nos permitan facer afirmacións certas a respecto do noso topónimo. A Casa dos Pobres de Imo debeu servir tamén de acubillo para ofrecerlles unha auga tépeda ou unha cunca da caldo quente ós méndigos (*Preinventario*).

Hórreos

Os hórreos son construcións adxectivas da casa rural galega destinadas sobre todo a gardar e secar o millo, pero tamén se botan neles outros cereais, as nentellas ou a herba da semente. A palabra chegou desde o latín HORREUM, 'graneiro'. Aínda que hai citas en diferentes autores romanos e atopamos unha representación nas Cantigas de Santa María, o inicio da súa expansión coincide coa do millo americano, a partir de mediados do século dezaoto. Boa proba do seu arraigo é o número de nomes que lle damos: sequeiros, caroceiros, paneiras, cabanas, canizos, piornos, canastros, graneiras, cabazos, cabaceiras, celeiros... con case todas as permutacións vocálicas posibles. Os máis grandes pertencen a varias familias. Temos constancia dalgúns con unha ducia de donos. Os espazos entre as cepas usáronse como celeiros, pombais, poleiros, para arrombar as achas ou os carozos e nun moi vello da *Eira de Mallar* de Reboiras había lacenas para o mel. Aínda que as reformas que se fixeron con bloques, uralitas, ladrillos e ata esvaídos cores pastel, alteraron ás veces a súa fisionomía orixinal (hai algún con antena de televisión) son moitos os que seguen a gardar o millo nos outonos. En Láño dicímoslle *hórreo* ou *hórrio* pero en Bexo é *graneira*, e *garneira* para alá da *Paradegua*, onde teñen o segundo máis grande do país, na Reitoral do Araño.

Dúas agrupacións interesantes están en Imo, na *Lavandeira* e na *Eira das Cabanas*. Os da *Lavandeira* forman un dos mellores conxuntos do país, con doce construcións cos penais orientados cara o sur, que é a máis habitual para evitar a exposición ó vendaval nos amplos laterais. Presentan gran homoxeneidade, con soleiras de cantaría e tornarratos corridos, sobre muros transversais a modo de soportes e os claros levan balaústres de madeira separados por columnas de pedra. Teñen tellado a dúas augas, de tella do país, apoiado nunha cornixa e rematan en cruces e cantacucos. Probablemente algúns foron feitos a mediados do século XVIII polos mesmos canteiros que ergueron a Igrexa de San Xoán. Na *Eira das Cabanas* (que hórreos son), xa falamos de que as houbo nun tempo, hórreos de vergas e corres de carballo ou vimbios cubertos de

colmo con forma troncocónica aperucándose ata pecharse por enriba. Agora forman un conxunto dunha gran calidade sobre todo na labra dos remates.

Todas as aldeas do concello teñen hórreos, algúns en hortas e leiras particulares pero os máis deles están nas eiras, desde construcións sinxelas ata obras de mestres canteiros de excelente calidade. A arqueóloga Beatriz Pereiras catalogou máis de douscentos no concello. Se ben non é cousa de enumeralos aquí, non queremos deixar de citar algúns: O máis grande que é o da Eira das Pías de Bexo con sete claros, o de Sónora en Bustelo, sólido e elemental na súa arquitectura, o da Miguensa, cun gran pasadizo en forma de arcada de medio punto e o da Eira de Baixo (con arcos para resgardar os cans que vixiaban a colleita) en Castro, o de Raúl da Pincheira en Sar, pois ten inscrita unha das primeiras datas que rexistramos: 1787 e conserva os vellos cargaburros que sostían o cume, o de Rosa da Richalda, no Rueiro, sobre unha entrada adintelada que da acceso ás hortas, o da Reitoral de Laíño, dos máis vellos, os das aldeas de Vigo e de Traxeito nas que hai exemplares ben fermosos... **A Eira do Hórreo**, no medio de Tarrío ten dous, un deles derruído co basamento de cantaría que xa ninguén lembra en pé. Na entrada da aldea hai outros dous en ángulo recto e chámase o lugar **Onda os Hórreos**. No *Barrio de Riba* de Lestrobe oito exemplares de características diversas danlle nome á **Eira dos Hórreos**. Dinos algún veciño que o lugar figura nos cupos vellos como *A Horta dos Brotes* (a palabra ten o significado de ‘gromo’, ‘xema’. Eligio Rivas, en *Frapas I*, faina sinónimo de ‘abrotas, asfódelos’). Hai no concello 18 reloxios de sol (Beatriz Pereiras, 2009), a maior parte deles en hórreos.

Na *Geografía del Reino de Galicia* de Carreras Candí, dísenos que a Santa María de Dodro ben podería chamárselle “a parroquia dos hórreos, pola abundancia deles, que revelan a riqueza agraria do término”. Como vimos de ver todo o concello os ten. No *Libro das Viaxes e dos Soños* os canteiros de Pontedouro, herdeiros dunha raza de navegantes, levantaron os hórreos “para gardar as inmensas colleitas e por tal foron

admirados”. Pontedouro e Sernanselle son toponimias que Eusebio Lorenzo e Anxo Angueira inscribiron na xeografía máxica destas terras.

Horta

Moi abundante na toponimia, *horta* deriva do HORTUS latino, ‘xardín’, propiedade cerrada, designando un terreo pequeno próximo á casa, para cultivar legumes, hortalizas ou dedicado a árbores froiteiras. Habería unha milleira delas se se recolleran todas. Nin que dicir ten que estas son tan só unha pequena mostra: **As Hortas**, **A Horta de Baixo** e **A Horta da Pousa** están en Paizal; **A Horta da Aldea**, no Bustelo de Paizal; **Hortas de Riba** e **Hortas de Baixo**, no Rialíño; **A Horta**, en Pexegueiro e **A Horta da Fonte**, en Traxeito. **A Horta do Campo**, **A Testa da Horta** e **As Hortas** son de Bexo e **Entre Hortas** de Imo. **As Hortas de Baixo** están por Bustelo do Monte; **A Horta do Cura**, na Aldea da Igrexa; **A Horta da Casa**, **A Horta do Val**, **A Horta das Cabanas** e **A Horta dos Casais**, en Manselle; **A Horta do Pozo**, **A Horta do Liño** e **A Horta do Pintor**, en Eiró; **As Hortiñas** e **Tras da Horta**, en Vigo; **A Horta da Eira** e **A Horta de Riba**, na Devesa. **A Bouza da Horta** é de Castro; **A Hortiña** e **O Agro da Hortiña** son de Teaio; **A Horta da Fonte**, **A Horta do Palacio**, **A Hortiña** e **A Horta do Campo** son de Lestrobe. **A Fonte das Hortas**, **A Horta das Coles**, **A Horta de Baixo**, **A Horta Pequena do Señorito**, **A Viña da Hortiña** e **A Viña da Horta** están en Tarrío. **A Horta de Romay** ou **do Señorito** é a do Pazo de Tarrío porque despois dos Ballesteros foi propiedade desa familia. Na aldea había tamén **A Horta da Roupa**, claustro vexetal, *hortus conclusus*, no que ninguén lembra tendal algún. Era enxido ateigado de árbores froiteiras, pomariño á beira das casas onde o número de propiedades era tal que nunca sabiamos de certo de quen era a froita que se collía, o que atenuaba un pouco a culpa. ©M→



A IGREXA

Do latín ECCLESIA, 'assemblea dos cristiáns', despois pasou a designar o lugar onde se celebra o culto. **A Igrexa** dálle nome ó grupo de casas arredor do templo parroquial de Santa María de Dodro, do que falaremos máis adiante.

IMO

Ó pé do monte *Padronelo*, **Imo** agarda polo río. É o nome dun dos núcleos de poboación máis importantes do concello, na parroquia de San Xoán de Láíño. Ata alí chega o Ulla dereito coma un fuso despois de canear preguiçeiro buscando acomodo entre as xunqueiras de Dodro e de Campaña, pero párase un algo, dubidando, a contemplar as feitura da aldea, e ende pasando a cimbra do Redondo, vira e revira aínda antes de enfiar cara o mar anchuroso das dornas e das illas. Afirmo G. Navaza que é sen dúbida hidrónimo prerromano e comenta a posibilidade de que *Dimo* (localidade de Catoira) sexa o resultado da aglutinación da preposición “*de*” co nome *Imo*. Entre os bens doados polo bispo Xelmírez no ano 1115 ó Mosteiro de

San Martiño Pinarío encontramos “sanctum Iulianum de Inno (Imio) cum suis tertiis et cum omni censu et debito nostre ecclesie”, aínda que se está a referir neste caso a *San Gíao de Laíño*. Desde a *Bouza* inxel de Imo vi-xiaba o poeta Avelino Abuín de Tembra as dilatadas brañas dos Laíños, “*pozas de augas quentes, encoradas entre xuncos...*”. A *Lavandeira* e A *Eira das Cabanas*, das que vimos de falar, constitúen dúas ben fermosas concentracións de hórreos. A aldea é populosa de xentes, con rúas cubertas de emparrados, fontes xenerosas, altas hortas muradas e pombais antigos que resisten como poden os embates do tempo agardando pombas novas que non veñen. Algúns restauráronse recentemente. Imo foi de casas señoriais. A dos Ferreirós, fabriqueiros da igrexa parroquial, a dos Aguirre, de ascendencia vasca, con aparceiros que lles pagaban renda en moitos lugares destas parroquias ata non hai tanto. As leiras de millo botábanse ás medias, o centeo pagábase por toldáns (medio ferrado). Desta familia, eran Luís Aguirre del Río, nado en Lestrobe, autor do primeiro dicionario galego, o que nos guía da man por estas follas cegas, e Sixto Aguirre, *paseado* con Camilo Díaz Valiño en Palas de Rei nos días erráticos do inicio da guerra civil. Matouno a mesma longa man sinistra do fascismo que a Moncho Reboiras corenta anos despois, nacionalista tamén, veciño desta aldea de Imo. Na súa memoria, desde a cumieira de *Con Pólvora e Magnolias*, berrou o poeta Méndez Ferrín reclamando a liberdade para o noso pobo: *No vento de mazán que se desfraga...*

Indiano. Andeano

Os emigrantes retornados de América ou *indianos* investiron na compra de terras e negocios e acometeron tamén a remodelación suntuaria das súas vivendas con edificacións inspiradas na arquitectura colonial americana ou no eclecticismo e nos modelos decorativos característicos do modernismo de principios de século. Hai en moitas delas xardíns, balconadas, miradores, galerías e, sobre todo, cuartos de baño, algo insólito na Galicia rural daquel momento. Grazas a eles construíronse por Galicia adiante gran número de escolas públicas e outras obras sociais coma a nosa *Escola*

de Tallós. Por estas terras, *indiano* non é voz que se use e preferimos chamarlles *americanos*. Castelao sacoulle punta ó tema no óleo *O Regreso do Indiano* e en textos de *Cousas* coma “O pai do Migueliño” ou “Chegou das Américas...” e amosou outras facetas menos afables do mesmo. Está claro que esta **Revolta do Indiano** que está en Salvanxe era propiedade de alguén que volveu da emigración. Debe ter a mesma etimoloxía **O Rucheiro do Andeano** (*andiano* e *endiano* son variantes que recolle o dicionario de Sobreira). En Dodro consérvanse algunhas casas de indianos coma a do Brañeiro en Tarrío ou a do Reboiras de Manselle, cunha fontíña na que se representa un americano ben traxeado, cun paraugas aberto, expectante, nun recanto do Souto, agardando pola chuvia de abril.

Inferniño

No inferno é onde o cristianismo sitúa as almas dos que morreron en pecado. Aquí está en diminutivo. Pode porlle nome a un fondal ó que non é doado chegar. Tamén se lle chama inferno á planta inferior do muíño, a que queda por debaixo do tremiñado, onde xira o reducio. Procede do latín INFERNU e este noso é unha paraxe de labor, abaixo de Teaió: **O Inferniño**. Está tamén en moitos versos de Rosalía, con tenrura ás veces, pero sen adobíos nin requilorios, “*hai infernos na memoria*” escribe en *Follas Novas*.

Insua. Ansuíña. Insuela

Insua chegounos a partir do latín clásico INSULA, mentres que ILLA procede do latín vulgar ISCLA. *Insuela* deriva do diminutivo INSUELLA e tanto *Ansuíña* coma *Insuíña* serían xa diminutivos romances (E. Rivas). *Insua* é o termo usado entre nós e non sempre fai referencia a lugares completamente rodeados de auga, senón a penínsulas, brazos dun regato ou sitios parcialmente inundados á beira de correntes de auga. Para Crespo Pozo *illas* son as do mar e *ínsuas* as dos ríos. **A Insua de Bexo (A Insua)**,

está no Ulla, pasado o *Redondo*, despois de que o río vire cara os mares do sur e pertence tamén ó concello de Rianxo. **A Insua** son hoxe leiras na braña de Lestrobe á beira dun dos meandros que describía o vello curso do Sar, río de Santiago ou do Arcebispo, que das tres maneiras se chamou, e **As Insuas** están á beira da desembocadura. **A Insuela** está en Sar, no río de Manselle; **A Ansuíña**, a carón do mesmo río, abaixo de Rial de Lagoa; **As Insuas** e **As Ansuíñas**, no monte de Manselle; **As Insuas** á beira do rego da Devesa e **A Insua** no rego de Vigo, augas abaixo de Traxeito. En fronte da braña de Imo estaba **A Insua** na que se probaban ós bos nadadores e diante da de Dodro, **A Insua das Bestas** e **A Insua de Campaña**. Anxo Angueira cita na *Pensa Nao* un ronsel delas no Ulla: *A Dos Cabalos, A de Cheta, A dos Sesenta, A Cacharela, A Do Medio...* Desapareceron coa chegada dos barcos areiros e son agora insuas perdidas coma a de San Barandán, submersas, pero podemos aínda soñar con elas e dicir desde o polrón do *Redondo*, no que o Ulla tira de compás para que dea volta a auga, que acolá, *por este río acima*, estaban as nosas insuas.

Inverniz. Verniz

Verniz é antropónimo de raigame xermánica do monte de Teaio. **Verniz e Sobre de Verniz** son de Bexo. **O Pozo de Verniz** é de Castro e usábase para regar as leiras de millo. Documenta Sarmiento no seu *Onomástico etimológico de la lengua gallega* máis de corenta topónimos rematados en -IZ, pero non figura o noso máxico **Camiño de Inverniz**, que invita ó camiñante a pisar a súa umbría. Hai aínda **Inverniz** e **O Alargo de Inverniz**. A algún veciño escoitámoslle *Alverniz* e *Enverniz* a outros. Caen estes nosos nomes polo monte de Pexegueiro, xa preto de Formariz, que tamén é da extensa familia de vocábulos que nos deixaron os xermanos. Todos eles son, na opinión do profesor Piel, derivados de HIBERNUS, ‘inverno’ e designarían pastos invernaís para o gando. @w→

Dies maraucois


**SELLO QVARTO, DIEZMA
RAVEDRIAÑODENUEVTESES
CIENFOSISESENTA Y NVO.**

Oa sea la deaem oracura va quella de los serrados de san que
 linda de o dem ara poxe norais con beze deati de Juan azei
 do oureiro le cano de Pedro azei el uieño coniente con las del
 Poncego y pore. de paaua a conel souto de otre larrua = Camitas
 de la merced a a congo que poneja Juan azei doze goe mo go
 to a lleba a sem ora aum dos serrados de san de marca porei nor
 azei conel a go da bouca que porze Pedro de ayrenco y porei seorne
 con beze deati de Juan Rubio coniente de a oeste a a guerra
 porei bencaua con las terras de on bo de benco = Camitas de la
 terra de bouco que sepeja a el mismo Juan azei de sem oracura de
 quella de azei serrados de san linda porei norais y le cano con el azei
 a a congo y porei bencaua conel camino que va de a la baia de
 el mayn = Camitas de azei mas porzei a beze de azei con la
 de Imo de que el caua poseedor de hq Juan azei congo e mo de
 sem oracura de azei serrados de azei mo que ma de vedemar
 ca porei norais con beze deati de Juan Rubio coniente de a oeste a a guerra
 porei bencaua con las terras de on bo de benco = Camitas de la

Foro de 1661. Casa do Fino. Imo.



Para alá do Río de San Lufo, a Igrexa de Santa María de Dodro. Desde Vigo.



Labego. Lebexiños

Eligio Rivas en *Niveis primitivos* recolle *labagal*, ‘lamagorza perenne’ e considera que a orixe está nos temas hidrónicos precélticos NAV, LAV, co significado de ‘predios encharcados’ primeiro, e despois de ‘depresión entre montañas’. Nos dicionarios de portugués *lavajo* é ‘pantano’, charco, lodazal. *Labega* en Aguirre é ‘arado’, significado que ten *labego* nalgúns dicionarios portugueses. Pode que sexa *Lamego*, a partir de LAMECUM, nese caso de *lama*, substantivo prerromano. **O Labego** son terreos abaixo de Tallós, encharcados e enlamados, e tamén no Rialiño. En Bexo temos **Os Lebexiños** e **A Fonte dos Lebexiños**, que podía ser variante do mesmo tema (*Lavexiños*) ou derivado de *lebedoiro*, lugar que rezuma auga (*Elucidário*), como así ocorre aquí. Moi próximo hai outro nome con connotacións semellantes: *A Lamosa*. Eses e outros topónimos afíns son moi frecuentes en toda a zona baixa do concello dadas as súas características de proximidade ó río e escasa altitude.

Ladride

Do latín LATUS, lado. Arriba da *Fonte Primeiral*, á dereita da estrada que vai a Rois, está **Ladride**, terreos na ladeira do monte. *Ladril*, nalgúns dicionarios, e *ladral* noutros, é o conxunto das táboas ou canizas que se colocan ós lados do carro entre os fungueiros para arrellar a carga. Se son máis altas chamámoslle *canizas*.

Lagares

En ocasións, o topónimo refírese a lugares enchoupados, pero aquí quizais teña que ver co significado máis común da palabra. Avalan esta hipótese varios nomes situados preto: *As Viñas*, *Os Bacelos*, *A Latiña*, así como outros que aparecen no xa citado libro do noso notario. Do latín LACUS, ‘depósito para líquidos’. Os vellos lagares das aldeas nos que se esmagaba o viño eran de pedra e quedan nalgunhas casas exemplares ben conservados. Están **Os Lagares** na recta de *Solaíño*, entre Tarrío e Reboiras. **Tralagar** ou **Traslagar** é de Imo e **Solagares** de Dodriño.

Lagarteira

Lugar onde abundan os lagartos, do latín LACERTA, **A Lagarteira** é o nome dunha área de monte enriba de Eiró. En Eligio Rivas (2007) *lagarteiro* é terreo onde lle dá moito o sol. Por aquí escoitamos a crenza e o relato pormenorizado de como o lagarto ataca ás mulleres, sobre todo cando están menstruando. Recóllea Risco entre outros moitos autores. Seica Rosalía lles tiña moito medo, segundo contou unha das súas fillas. Nós non llo tiñamos e sabiamos as palabras secretas que os facían asomar polas fendas dos valos para ollarmos as súas cores oceladas. Ó *lagarteiro* (*Falco tinnunculus*) decímoslle por aquí *peneiriña* porque se cerne sobre a presa coma cando se peneira.

Lagos. Lagoa. Lagoso

Pequena acumulación máis ou menos permanente de augas, sitio húmido. Do latín LACUS, ‘lago’, e de LACUNA, ‘lagoa’, con perda do “N” intervocálico. Serían pucharcas, lugares enchoupados, frecuentes na nosa toponimia. **Os Lagos do Monte**, **Os Lagos** e **Os Laguños** están en Teaió. Na braña de Dodro hai **O Lagoso**. **O Agro do Lago** está na Devesa, **A Laguna** e **O Rechán da Laguna** (castelanismo por *lagoa*) coroan as dorsais montesías de Bustelo, onde agora brúan xeneradores eólicos colosais, estadeas de poliéster. **Rial de Lagoa** é unha aldea de San Xián. Verémola cando lle toque. Abaixo dela está **A Lagoa** que lle debeu dar nome. Búscana en van as garzas estraviadas que soben polo vello río de *Figueiras*. **As Legoiñas**, arriba de Imo é vacilación por *Lagoiñas*. **A Lagoiña** está do lado de riba de Reboiras e **As Lagoas** no Rialiño. *Circo na lúa, lagoa dura, circo no sol, lagoa mol* é refrán vello para predicir o tempo nestas terras palustres de oucas e xunqueiras que beirean o Ulla. Nos versos de Eusebio Lorenzo “*Os vellos cazadores/atrucesan os lagos dispersos na memoria*”.



O val de Laiño desde Valouta

LAÍÑO

Entre Santa María de Dodro e **San Xoán de Laíño** está a parroquia de **San Xián de Laíño**. San Xoán fórmase máis tarde, mediado o século XVIII. Antes había unha única, a de **Laíño**, que pertencía ó concello de Rianxo e abranguía as dúas actuais. Todas as citas que facemos fan referencia a ela. No século XIX, xa despois da separación, figura como *Os Laíños* no dicionario de Sebastián Miñano, no de Madoz e na obra de Rosalía, en Padrón y las inundaciones e no poema “As torres do oeste”: “*A iaugua corría polo seu camiño, i eu iba ó pé dela preto dos Laíños*”. Hoxe a denominación *Os Laíños* caeu en desuso. Co nome de Laíño adoitamos falar agora das aldeas de San Xián e co de Imo das de San Xoán, pero aínda queda quen as chama *Laíño de Riba* e *Laíño de Baixo*. Para que así siga a ser, no título deste noso traballo quixemos facer referencia ás dúas freguesías co vello nome de Laíño.

Os primeiros datos que rexistramos sobre Laíño son do ano 1099. Trátase concretamente dun preito entre o Mosteiro de San Martiño Pinaro e un Mosteiro de Taragoña sobre a vila de Laíño, onde se di que por unha sentenza dun vicario de Santiago, a dita vila pertence a San Martiño e foi dada por un abade chamado *Xoán*. Do ano 1115 é o documento que xa citamos ó falar de Imo. Con motivo da consagración da igrexa do Mosteiro de San Martiño, o Arcebispo Xelmírez dóalle propiedades en diferentes lugares incluída a terceira parte de *Sanctum Iulianum de Inno*: “Sanctum Iulianum de Inno (Imio) cum suis tertiis et cum omni censu et debito nostre ecclesie”. En 1131 figura “portionem meam de Lainio” no testamento de *Diego Muniz*, sobriño de Xelmírez. En 1247, no Tombo de Toxosoutos *Dona María Pelagii dicta Leyna* co seu fillo *Martino Petri dicto Leyno* dóanlle ó mosteiro de Toxos Outos varias herdades en Sta. María de Roo recibindo a cambio anualmente dez cuarteiróns de pan (Pérez Rodríguez, 2004). Parece probable que os alcuños se refiran a xentes con ascendentes nestas terras. De 1325 é un arrendamento que lle fai Xoán Mariño, escudeiro, a un tendeiro de Santiago das súas posesións na nosa fegresía (Sánchez Sánchez, 2008)). En 1398 Gonzalo Sánchez de

Bendaña e Álvaro Núñez de Isorna encomendan a Diego Álvarez de Soutomaior, “mentres fora obediente e fiel vasalo” ...) o señorío e vasalaxe de varias fegresías entre as que está *San Gíao de Layno*. Diego Álvarez de Soutomaior era bisneto de Paio Gómez Chariño e pai de Paio Gómez de Soutomaior, quen lle deixa *Layno* en testamento, en 1454, á súa dona. Volveremos sobre isto cando falemos do seu *Pazo de Tarrío*. Boa parte dos documentos que citamos e outros que non podemos esmiuzar aquí están no Arquivo Histórico Diocesano de San Martiño Pinario. Gerónimo del Hoyo, anota que eramos 130 fregueses en 1606. Lemos nas memorias do visitador arcebispal:

«En treinta de abril de 1606 visité la iglesia parrochial de San Julián de Laíño, incluso en la jurisdicción de Rianjo. Vale la fábrica de la dicha iglesia cinco ferrados de centeno y dos ferrados de mijo y dos reales en dinero, que se pagan por una heredad cuando se labra. (...) Presentación del monasterio de Sant Martin: en sus meses solía llevar desta presentación sesenta primicias y ahora las llieba todas.»

Como apelido, *Laíño* esténdese sobre todo polo Barbanza, en especial polos concellos de Boiro e Lousame e pola Terra de Iria. Diago Lainez, foi o pai do Cid Campeador. A fins do século XV O Gran Capitán combateu na vila de Laino (hoxe Laino Castello), na Calabria italiana.

A etimoloxía de *Laíño* non foi aínda develada e así vai seguir despois destas liñas. Cabeza Quiles aventura un hipotético poseor *Lalinus*. En Catoira Gonzalo Navaza explica un monte *Laíñas* como antroponímico ou como derivado de *lagenas* e do diminutivo *lageninas*, ‘laxes, laxiñas’. O nome *Laín*, formouse desde *FLAVINU* (García de Diego e outros autores) e inclúese entre os descendentes da *gens Flavia* que deu tres césares a Roma (Godoy Alcántara...). Resultaría plausible pensar que estas ribeiras verdes foron terras dun propietario desa familia, de nome *Lainus*, procedente da veciña Iria Flavia. No *Diccionario da Lingua Portuguesa* de 1789, Rafael Bluteau explica que a voz *lama* é debedora do alemán “*laim*”.

Quizais *Laiño* que é terra de lamas, lameiriñas, lamegos e lameiros teña tamén aí a súa orixe. Non desvariamos máis. Ou si. En euskera *Laiño* é un dos dos nomes da *néboa*, e hai días de invernia que amañecemos submersos nela, coa poalla nos ollos, translúcidos case, coma sombras atrapadas no interior dun mundo de alabastro.

Lama. Lameiriñas. Lamosa

Lama e sinónimo de lodo, ceno e designa terreos pantanosos e enchoupados, charqueiras. É unha familia de topónimos con presenza moi notoria sobre todo na zona sur do concello, o que se explica tendo en conta as características que xa comentamos: terreos baixos situados case ó nivel do mar, proximidade do Ulla e abundancia de regatos e de fontes. Piel di que partindo dese significado pasou a designar o de “pradeira húmida no verán”. Aínda que *lama* era palabra usada polos romanos en xeral hai coincidencia entre os autores ó entender que é voz anterior, indoeuropea ou procedente do ilirio. Acabamos de ver que tamén podería ter orixe no antigo alemán. Eligio Rivas fala dunha raíz prerromana alternante LAM/LEM/LIM co significado de ‘pegallento’. É característica do noroeste da Península e foi extensamente estudada por Menéndez Pidal e por outros autores. Para ir desde Tarrío ata a Igrexa pásase por **A Lama** e hai que subir **A Costa da Lama**, despois de pasar *O Empalme*. Abaixo da aldea están **As Lameiriñas**. **O Lameiro** está en Bexo; **Solamas** e **As Lameiriñas**, en Dodro. **Lamas de Martinco**, **A Lameira**, **Lamonciño** e **A Lama** son de Traxeito. Hai en Bustelo do Monte **A Lameiriña** e **A Fonte da Lameiriña**, onde teñen a arqueta, que recolle augas que veñen do Treito. **Solamosa** é de Teaio, **Lamas** é da veiga de Lestrobe e **A Lamela** haina na veiga e nuns cacheiros do lado de riba da estrada. **A Lamosa** é de Tallós. No *Libro de notas de Álvaro Pérez*, Sueyro Gómez de Soutomayor, señor de Laiño, afóralle a *Diego Caluo* “toda a herdade que jas por poer agora ena Lamosa”.

Catro na cama, catro na lama, dous parafusos e un que lle abana, repetiamos de nenos coma un mantra, a ver se dabamos coa resposta da

adiviña, pero claro, era unha vaca metafísica e escorregadiza, sen corpo. “*Antes do que eu/ Houbo outros sapos/Que descubriron o ceo/A min só me foi dado/ O coñecemento da lama*” (Ramón F. Reboiras).

Lapela. Lapilló

Derivados de *lapa* (*rocha*) que é palabra aínda viva nalgunhas partes de Galicia. Non aquí, pero está na toponimia. Provéen da raíz prerromana LAPP, ‘rocha plana’, desde a que formou o latino LAPIS, ‘pedra’. Distinguían os romanos entre días faustos e infaustos que marcaban con pedras negras e brancas respectivamente (*lapillus*). Tería o mesmo étimo o monte Lapido, en Herbón. Nos dous extremos de Lestrobe están **A Lapela**, que figura no *Tumbo de Santa María de Iria*, e **Lapilló**. Pola *Lapela*, onde agora está a pequena ponte que vai dar á esquina do campo de fútbol de Padrón, había lavadoiros e os nosos veciños vadeaban o *Río Vello* (O Sar) arremangados cando non había marea alta. Tamén pasaban os carros.

Latíña. Sualata

Lata é o nome que por estas terras lle damos ó emparrado das viñas feito de canas, paus ou varas. Con este significado recólleo o dicionario de Aguirre del Río. É palabra pola que ten querencia Anxo Angueira, o poeta de Manselle. Os camiños das aldeas de Dodro estaban case todos cubertos de latas para dar no vran sombra de sombra e piñas de uvas moscateis no outono. Resisten aínda nalgunhas aldeas. As carreiras que se fan agora son de aramio e as máis delas están nas hortas. Aplícase tamén ó entramado dos tellados das casas. Non entre nós. No dicionario de Rafael Bluteau “*latada*” é o ‘tecido que forman os ramos da parreira’. A palabra procede do indoeuropeo SLATTA, ‘cousa delgada’, e do céltico LATTA, ‘vara’. **A Latíña** está en Lestrobe e **Sualata** en Bexo. Trabes e caneiros, paus de parede a parede, pousados en cans e canzorros ou enfoscados nos machinais das casas, dos alpendres e pallais, pés dereitos, chantos, estribos, turros, gradicelas de paralelos e meridianos de arame que simblan coas

pingueiras do orballo da mañá, tensados en calculado equilibrio para termar das vidras e das constelacións. Latas: Mecánica celeste.

Lavadoiro

A etimoloxía da palabra está no latín LAVARE, 'lavar'. Hai en Bexo **O Lavadoiro**, coma en case todas as aldeas, aínda que non sempre se deixe ver na toponimia. O lavadoiro de Lestrobe é o máis grande de todos con dez pedras a cada lado. *Lavadoiros* eran as pedras planas, lancheiras, dispostas nas marxes dos regatos, nas que se lavaba a roupa. Nos anos trinta, coa República erguéronse gran número de fontes e lavadoiros en Galicia. Moitos foron remodelados despois nos anos sesenta e marcados coma pol-dros do monte co xugo e as frechas da Falanxe. Outros permaneceron como eran antes, coas pedras luídas polas mans lenes do tempo e das lavandeiras. Na aldea de Tarrío cando había defunto lavábase no **Lavadoiro do Río de Baixo**, hai que supor que porque estaba máis oculto e recollido, no fondo dunha angosta corredoira cerrada de hedras e cangrozas. No San Lufo había varios. Á beira do **Lavadoiro do Cura** bañábanse os meniños nas augas milagreiras para curalos do *mal do aire*. Polos lavadoiros do río do Regueiro, en Lestrobe, subíase cara o *Santiagoño do Monte*.

Lavandeira

Podería relacionarse co tema anterior, pero hai quen pensa que denominaría lugares onde reborda o curso das correntes e que tería que ver entón coa base hidronímica prerromana NAV- presente en toda Europa formando parte da raíz de numerosos ríos. Formaríase por disimilación desde *Navandeira*. Temos **A Lavandeira** en Dodriño, en Teaio e en Bexo. **A Lavandeira** de Imo reúne un dos conxuntos de hórreos máis fermosos da comarca e hai tamén un lavadoiro, por se aínda non estaba entrambilicada dabondo a súa orixe. Para representar as súas *Lavandeiras*, Maside, o pintor universal de Cesures, aquí á beira nosa, recolleu nun lenzo todas as

cores da primavera desta Terra de Iria. As lavandeiras (*Motacilla* sp.) son dos primeiros paxaros que acoden a picotear nos regos despois que se labra, movéndose nerviosas coma salgaritas. Dise que a ave tomou o nome de que lle deu de beber a Xesús cando estaba na cruz.. “Era unha noite de lúa/era unha noite clara,/eu pasaba polo río/de volta da muiñada./Topei unha lavandeira/que lavaba ó par da iauga” é o inicio dun romance tradicional galego que fala das *lavandeiras da noite* ou *lavandeiras da lúa*, mulleres agoirentas que presaxian a morte. Tamén hai lavandeiras que viven no fondo dos ríos lavando pebidas de ouro.

Lavanqueira

Seguramente se podería incluír no apartado de topónimos anterior. Para Eligio Rivas (*Natureza, toponimia e fala*) o topónimo *Labancos* entronca coa raíces precélticas LAV, NAV, que designan lugares alagados. Tamén menciona a voz *labanca* como pedra grande, desde unha base LAV, ‘pedra escorregadiza’. Quizais proveña de aí o noso nome. En Corominas o nome do *lavanco* ou *alavanco real* (*Anas platyrhynchos*), que aniña e vive na zona entre os canedos, procede de NAVA, ‘lugar pantanoso nun despo-boado’. Son a especie de pato máis común e chámanse noutros lugares *azulóns*. **A Lavanqueira** está na braña de Tallós e nos anos sesenta, cunha gran chea do Ulla, quedou varado nela un cetáceo tan enorme que ben podía ser a balea de Xonás. Un dos libros máis documentados sobre o tema, *Cetáceos, focas e tartarugas mariñas das costas ibéricas* publicouno un veciño noso de Dodro, Antonio Piñeiro Seage, en colaboración con X. M. Penas Patiño.

Laxe

Aínda que proceda do latín hispánico LAGENA, ‘pedra plana e lisa’, é moi probable que se orixinara nunha primitiva raíz preindoeuropea LAB, ‘esvarar’. *Laxe* é unha pena grande que sobresaí do terreo. É moi abundante en toda Galicia, tanto na toponimia menor como nos nomes das nosas al-

deas. **As Laxiñas** e **A Laxe Escorregadiza** (xogaban a esvarar por ela os rapaces cando andaban coas ovellas no monte), están en Bustelo, **A Laxe**, no monte que está detrás da Devesa, e na aldea de Lestrobe; **Portelo da Laxe**, en Bexo; **Portiño da Laxe**, no monte de Pexegueiro; **As Laxes** en Susavila e **O Muíño da Laxe**, no Rialíño.

Leira

É palabra plenamente viva na fala para designar calquera terreo de labor. En Aguirre *leira* é “terreo de labradío, herdade” e *leiro*, ‘herdade pequena’. Para algúns autores as nosas *leiras* entroncan co céltico LAR ou LARIA, ‘chaira de terreo’. Para outros chegaríannos desde as formas latinas LIRA ou GLAREA, ‘grava’, pedregullo, areal á beira dun río, pero é tema sobre o que aínda se porfía. **Leiras Longas** están en Dodro, **Leiras Grandes** en Bexo, **As Leiras do Hórreo** en Pexegueiro.

LESTROBE

Os topónimos coas terminacións en “-obre, -abre, -obe” (Bañobre, Xiabre, O Grove...), xa citados polo Padre Sarmiento, foron estudados por Menéndez Pidal e Abelardo Moralejo entre outros. Hai unha extensa análise na obra de Francisco Villar *Estudios de celtibérico y de toponimia prerromana*. Aínda que se segue a debater sobre o asunto (Untermann, 2007), admítase actualmente que os citados nomes procedan do tema celtibérico BRIG, ‘poboado fortificado situado nun outeiro’ (relacionado con outros radicais próximos: BRIS, BRIGA, BURG...) equivalente ó OPPIDUM dos romanos. Enriba de Lestrobe existía un vello castro do que falou Murguía en *El arte en Santiago*, obra asinada no lugar en 1874. Como xa comentamos (vid. *Castro*), probablemente **Lestrobe** foi unha *villae* romana, a carón da gran civitas iriense. Despois, sobre *A Torre Alta das Ameas* medievais (Martínez Barbeito, 1986) debéronse erguer as de Hermida. Para Blanca M. Prósper, no seu libro *Lenguas y religiones prerromanas del occidente de la Península Ibérica*, o lexema

toponímico procedería do bretón *lestr*, ‘barco’, pero admítese con máis probabilidade (Moralejo, 1977 e outros) a referencia á *lesta* ou grama de olor (*Anthoxathum odoratum*) presente noutros topónimos próximos: Lestido, Lestedo... *A Veiga de Lestrobe* arrecende na ceifa a cumarina, *lesta*, herba recén segada. Sarmiento dinos que a planta se poñía entre a roupa contra a couza e para perfumala, que lle daba un sabor singular ó tabaco e que se botaba no chan das igrexas.

Se ben as vacilacións son constantes, escribimos o topónimo con “B”, Lestrobe, tal como aparece no Nomenclátor e nos documentos máis antigos que coñecemos. Están nos fondos do Mosteiro de Oseira do Arquivo Histórico Nacional (Romaní Martínez, M. e Otero Piñeiro, Pablo S., 2007). Son tres escrituras de finais do século XI, cando xa a sé episcopal se trasladara a Compostela pero aínda se refiren todos á *Sé Iriense*, secundaria daquela. Lestrobe pertencía nese momento á parroquia de Santiago de Padrón, non a Dodro. En 1074 e 1085 *Sisnando* e a súa dona *Sontra* venden terras “in villa Lestober territorio Iriense sedis” (no segundo documento, figura como *Lestrobe*) e nun escrito do ano 1098, *Rodrigo Geulaz* vende tamén propiedades en diferentes lugares de *Lestrobe*. En 1204 *Dona Guntroda Arias de Padrón* manda que a enterren no Mosteiro de San Martiño Pinario e déixalle entre outros bens a súa herdade de *Lestrobe* (*Colección Diplomática Galicia Histórica*, 1901). Nos pergameos da Serie de Bens do Arquivo Universitario, nun documento de 1284, cítase un tal “Boubea de Lestrobe” e noutro de 1330 a “Gonçalvo Fernandez de Lestrobe, scudeiro”. *Francisco Eanes*, que morreu 1374 era sobriño do poeta Juan Rodríguez del Padrón e tiña casal en *Lestrobe*. En 1445 *Pedro Bermúdez de Montaos* déixalle á súa dona *Leonor de Castro* as súas herdades no Couto de Lestrobe (Rubio Martínez, 2008). No *Tumbo de Iria* (López Alsina, 2004), de mediados do século XV, establécese que a igrexa de Iria “ouveuse o dezemo da quinta de Lestrove”.

De Lestrobe era Luís Aguirre del Río o autor do primeiro dicionario galego no ano 1858 (*Diccionario del Dialecto Gallego*), pois cando o de F. X. Rodríguez saíu ó prelo en 1863 xa estaba aquel rematado e encadernado, aínda que non chegou a ver a luz. Publicouse agora recente-

mente grazas ás follas que custodiaba o bibliófilo Justo Cortizo, quen tamén se encargou da edición das súas poesías completas en castelán, en colaboración con Avelino Abuín de Tembra. De Fortunato Cruces xa falamos antes (vid. as voces *Angueira* e *Liño*). Filla de emigrantes de Lestrobe na Arxentina, foi a actriz e locutora de radio Maruxa Boga, que entrevistou a Castelao no exilio. No Piñón de Lestrobe tivo alfar Hipólito Castaño, oleiro de renome, continuador da tradición da *Cerámica Celta* de Cesures. Dinos Borobó en *O novelo dos anacos* que Lestrobe foi viueiro de barbeiros e de músicos con bandas coma a do Silleiro ou a do Carrandán que non esqueceron os veciños. Hai unha foto dun orfeón da vila no *Almanaque de Galicia* de 1909. Trataremos de reflexar, en diferentes lugares destas páxinas, o que Lestrobe foi para Rosalía, pero quizais é o título dun artigo que Sebastián Risco publicou na *Galicia Emigrante* de Luís Seoane, “Pouso en Lestrobe”, no que se falaba da chuvia, da paisaxe, da saudade... o que mellor resume o que queremos expresar. Un pouso, iso foi Lestrobe para ela: un pousadoiro, no que descansar da súa axitada existencia. “*Malia tan tristes mudanzas, consecuencia dos incesantes cambios da vida e do inflexible paso do tempo, Lestrove segue sendo un lugar onde se goza dunha alegría e sosego incomparables*” (Rosalía de Castro: *Padrón y las inundaciones*. Asinado en *Lestrove* en 1881).

Limpadoiro

Limpadoiro é a eira na que se aventa o gran. Dise tamén *alimpadoiro*, do latino LIMPIDU, limpo. Logo de mallar o centeo e o trigo peneirábanse coa *erguedeira* na que se aventaba o cereal. Na *Eira de Mallar* de Bexo consérvanse os postes de pedra paralelos entre os que se dispuña. Despois *cribábase* ou *escribábase* con cribos grandes. A avea non, porque era para sementar coa *herba portuguesa*, para darlla ás vacas. Os cribos antigos eran de coiro, coma os pandeiros, pero cheos de buratos. Máis tarde fixéronse de rede igual que as peneiras pero estas teñen o cedazo máis miúdo e empregábanse só para a fariña. Para separarmos o *óleo*, a *fariña munda* e branca, esfarelada coma as auras outonais finísimas do Ulla, *barutábase*

entón no *baruto* ou sirgo, moito máis tupido. Aínda se criba hoxe o millo para separar a miudanza de carozo en casas de Dodro, se ben xa deixou de ser traballo comunal. Antes si que o era e os limpadoiros debían de estar ben aireados para que o vento levara lonxe a muíña. **O Limpadoiro** está cara o poente das casas de Manselle. Se algunha vez se usou para o que vimos de comentar xa non o lembra ninguén e hoxe son terras que se botan a millo coma as outras.

Liño. Liñoso. Liñares

O liño (*Linum usitatissimum*) é unha planta cultivada da que se obtén unha fibra téxtil que tivo moita importancia na economía tradicional de Galicia. Empregábase para a elaboración de lenzos, camisas, mantelerías... Foron numerosos os teares en toda a Terra de Iria ata que no século XIX a competencia coas industrias emerxentes do continente fixo que fora decaendo, recuperándose despois un pouco nos tempos difíciles da posguerra. Os romanos usaban liño galego para as súas velas e chegou a competir cos lenzos de Flandria. No dicionario de R. Bluteau distínguense tres tipos de liño: o *mourisco*, o *canamo* e o *gallego*. O noso, o *galego* ou *manso*, era o de mellor calidade. O *mourisco* era o liño bravo, silvestre. “*Sementei millo miúdo/na horta do arcebispo/sementei millo miúdo/saiume liño mourisco*”. “*De onde ves María?/Veño da montaña/ de ver o meu liño/se botou bagaña*” son cantigas de noso coma todas as que citamos, escoitadas en xuntas, fiadas, ruadas, foliadas e regueifas que se facían por estas aldeas. Polo *Tumbo de Iria* (López Alsina, “De Santa Eulalia de Iria a Santiago de Padrón”) sabemos que no século XV a igrexa de Iria recibe o “dezemo da quinta dos labores do trigo et linno da vila de Padrón”. No século XVIII o Catastro de Ensenada anota 252 tecedores na comarca de Padrón. Nas respostas do catastro aparece sempre entre os produtos principais das parroquias de Dodro e tamén a liñaza que é a semente da planta. Os datos que temos de fins dos século XVIII e do século XIX son dispares tendo en conta as fontes consultadas pero indican que tivo unha gran importancia na zona. En 1794, Francisco Cónsul, nun extenso tra-

ballo sobre o seu cultivo e manufactura (*Memoria físico-económica sobre el mejoramiento de los lienzos en Galicia...*), explica que os lenzos da comarca de Padrón destacaban pola súa brancura, superior ás demais, “xa fora polo seu temple, polas boas augas” ou polo uso adecuado das lixivias. Eugenio Larruga (*Memorias...*, 1787–1796) fala de cincocentos vinte teares na Vila e Partido de Padrón e de cento cincuenta no Couto Redondo de Dodro e Lestrobe. Lucas Labrada na *Descripción económica del Reyno de Galicia*, de 1804, dá conta de setenta e catro teares na Xurisdición de Padrón, nos que se ocuparían unhas cento cincuenta persoas. Na *España Geográfica* de Francisco de Paula Mellado (1845) dise de Dodro que produce 250 arrobas de liño, *que hai moitos teares para lenzos e que se fan encaixes ordinarios*. Tamén Eladio Rodríguez apunta que o liño destas terras era dos máis estimados pola súa calidade. Desde as Torres de Hermida, despois do diluvio, en *Padrón y las inundaciones* dinos Rosalía que *non se ven máis que roupas de liño branqueando ó sol sobre os ribazos*. Nos primeiros anos do século pasado Fortunato Cruces, o escritor de Lestrobe, lembra desde Buenos Aires os xogos infantís *por antre o liño e nos ameneiros* da súa aldea natal (*Cousas Gallegas*). A palabra procede do latín LINU e do latín vulgar LINARE, ‘liñar’, e está moi representada en toda a toponimia de Galicia. **A Horta do Liño** en Eiró, **Liñoso** e **As Cortiñas de Liñoso** á dereita da estrada, antes chegar a Imo, **Liñares** en Dodriño e Lestrobe, onde hai **A Fonte do Liño** son testemuñas dunha actividade artesanal que permanece viva no recordo das xentes. Había pozos e pozas do liño en Pexegueiro, arriba da aldea, preto do *camiño sacramental*, en Traxeito detrás das casas e en *Prado Novo*, como os había no monte de *Baixo* en Susavila, na *Lamela* de Lestrobe (no *Pozo das Marañas*, que así se chama a madeixa do liño) e no *Agro do Río* en Manselle. Da outra banda do Ulla, nas *Pedras do Liño*, metíase a planta a amolecer.

“*Anda, vai, sementa ti. Que non deixe de haber flor azul deste liño cando eu finar e pase a primavera por Manselle*” di Anxo Angueira que lle dixo *María de Mariño*.

Lirico

O **Lirico** son toxais de riba do Rueiro. Recolle a palabra o Padre Sobreira (*Vegetables*) como “*nichela*, gramínea do centeo”. José Luís Pensado (1974) relaciónaa coa portuguesa *lerica* (“planta que nasce nas searas e produz unhas sementinhas pretas; ervilhaca”, no dic. de C. de Figueiredo), *leriquia* en Franco Grande (2ª ed.). No *Dicionario Xerais* identifícase cunha gramínea, o xoio (*Lolium tremulentum*), que invade o cereal e no *Estravís* dise que é semellante á vicia. Algunha das súas variedades inza os nosos campos nos anos de escaseza polo que tamén se lle chama “herba da fame”.

Lobetos. Lobéns

Os **Lobetos** está no monte de Teairo, **A Barreira dos Lobos** en Bustelo do Monte e **Lobéns** abaixo do *Mirador* de Lestrobe. Seguramente deriven de *lobo*, LUPUS en latín, pois os *lobetos* son as crías. Foi animal temido polas nosas xentes sobre todo polos estragos que causaba no gando. Raramente chegaban a estas aldeas de baixo pero era doado escoitalos ouvear hai anos nas de monte. En todo caso, os encontros coa fera sempre se contaban coma un suceso extraordinario. Son moitos os ditos e refráns nos que aparece: “Na terra dos lobos hai que ouvear coma todos”, “O lobo tira ó monte”, “Verlle as orellas ó lobo”... Durante o século XIV o arcebispo Berenguel de Landoira, que lle deu nome á Berenguela, a torre máis fermosa de Galicia, mandou que unha vez por semana, desde a Coresma ó San Xoán, se organizasen batidas contra os lobos nas parroquias, co cura á fronte dos fregueses. Sería cousa de velas. O que si vimos de rapaces é que cando se mataban raposos paseábanos coma trofeos pendurados nun pau, pedindo polas portas. Iso mesmo facíase noutras parroquias cos lobos abatidos. Moi preto nosa, en dous lugares diferentes, na Capela do Santiaguíño do Monte e na Fonte do Carme de Padrón cincelouse na pedra un encontro imposible: O apóstolo Santiago bautizando a Lupa, raíña de

lobos ou madama de lupanares, señora de terras na Iria de hai dous mil anos.

Lodeiro

Lameiro, lodazal, iso é *lodeiro*. Do latín LOTUM, ‘lodo’, lama, arxila e de LUTARIO, ‘lodeiro’, onde abunda o lodo. Son nomes que adoitan ir asociados a terreos encharcados e fangosos. Temos o topónimo **O Lodeiro** en Lestrobe, Dodro, A Devesa e Teairo e **O Agro Lodeiro** arriba de Traxeito. Sarmiento non aclara cal sexa a árbore chamada “*lodeiro*” ou lamigueiro que identifica co *lotus* homérico, aínda que pensa que poida ser o ameneiro.

Lomba

Lomba úsase para nomear a parte alta dos cumios dos montes cando é redondeada e de inclinación moderada ou a calquera altura con esas características por similitude coa curvatura do lombo, LUMBUS en latín. **A Lomba das Pozas** é o cume do monte de Bustelo e **O Lombo da Bouza** está en Imo.

Longas

Leiras longas, extensas, de moita lonxitude. Do latín LUNGU. **O Longuíño de Baixo** e **O Longuíño de Riba** están en Bexo, **As Longas** e **Primalonga** (a primeira delas) en Tarrío e **O Longuíño** nas brañas, **As Longas** en Imo (nun foro de 1661), **Agro Longo** e **Cortiña A Longa** en Teairo, **Pedra Longa** en Manselle, **Agro Longo** e **As Longas** na Veiga de Eiró, dividida nunha restra de propiedades tan alongadas case coma os camiños que accedían a elas. En todos os casos facemos xorda a cosoante sonora: *Loncas*. *Largas de Fóra*, en Teairo, debe de ter o significado contrario; ancho, amplo.

Loureiro

O loureiro (*Laurus nobilis*) é árbore común en Galicia. Pasou á nosa fala a través do latín vulgar LAURARIU. Úsase na cociña tradicional galega para facer o escabeche das sardiñas, cocer os cachelos ou afumar os chourizos. Atribúenselle propiedades máxicas como protector e purificador dos fogares. En Delfos a pitonisa entraba en trance masticando follas dos loureiros do bosque sagrado de Apolo. No século VI San Martiño de Braga en *De Correctione rusticorum* advertía contra estas e outras supersticións intentando evanxelizar ós suevos: “*Que esperan estes infelices atentos sempre ó voo das aves (...) a acender velas ás pedras, ás árbores, ás fontes (...) poñendo loureiros na entrada das casas*”. Mil catrocentos anos despois as nosas xentes santíguanse ó pasar diante dun cruceiro pero tamén seguen a poñer loureiros nos pinches dos tellados para celebrar o albroque. Nese sincretismo pervivimos. **Os Loureiros** está en Bustelo e **Sosloureiros** debaixo das *Melreiras*, entre Tarrío e Tallós, e parece claro o seu significado, aínda que Joaquín Caridad di que veu desde un prerromano *Solorius*. **Os Loureiros** e **Os Loureiros da Fame** son leiras na braña de Lestrobe, terras ermas, de herbas ralas nas que non daba medrado nada. O poeta Ramón F. Reboiras lémbrese nos seus versos do *tempo dos loureiros e da roupa limpa nos aramios*.

Lourenzo

Antropónimo, este noso **Lourenzo** sería dono duns labradíos en Bexo. San Lourenzo morreu asado nunha grella no ano 258, reinando o emperador Decio. Como se di que foi queimado con cascas de ovo, non deben botarse estas ó lume. Rosalía escribe da carballeira compostelá que leva o nome do santo: “*San Lourenzo, o escondido, cal un niño antre as ramas*”.

Louride

Lourido derivouse de LAURUS, 'loureiro', pero Cabeza Quiles prefire a xénese oronímica facendo alusión a lugares pedrallentos ou canteiras. Procedería entón dunha hipotética raíz céltica LAR/LOR co significado de rocha ou pedra. É sinónimo de pálido, dourado, pero tamén equivale a outeiro ou pena grande. **Louride** e **O Cruceiro de Lourido** son topónimos de Dodro.

Lucenza

Aínda que proceda de LUCENTIA, 'claridade', hai acordo en que debeu orixinar NACENTIA, 'o que brota do chan', asociado co nacemento de fontes e mananciais. En Sarmiento, *lozenza*, *lucentia*: 'crepúsculo'. Na **Lucenza**, nas *Antas de Granada*, sitúa unha tradición xa esquecida de Laíño *A Fonte do Encanto*. Porfían os que a viron desde estas vellas aldeas que, sinalando o seu emprazamento, na ladeira do monte de Sar, había unha estraña luz acesa todas as noites do ano.

San Lufo

A primeira cita que atopamos sobre **O Río de San Lufo**, **San Luf** (Madoz) ou **San Lufe** (Catastro de Ensenada) está no Padre Sarmiento, na súa viaxe de 1754, e transcribímola literalmente:

«A Vigo, y aquí la casa del Marqués de Abendaña y su fecha 1643; y antes está el río o riachuelo de San Lufo, porque río arriba está una ermita de San Lufo. Hay aquí la superstición de bañar los niños enfermos en este río. Llévanle con camisa, báñanle tres veces, y después dexan ir la camisita por el río y le ponen otra nueva. Si la camisita flota, dicen ser señal de que vivirá el niño, y si se va al fondo, que morirá.»

Ata aquí a descrición minuciosa do frade bieito andarín e ilustrado. A práctica do baño salutarífico repítese con pequenas variantes noutras localidades. Aquí realizábanos Camila a Cabaza e a súa filla Pelegrina, pero había mulleres doutras aldeas que coñecían o ritual, coma Obdulia Reboiras, de Tarrío. Facíase nun recodo do río, á beira do *Lavadoiro do Cura*. arriba da ponte que daba acceso á aldea. Fala Madoz dela no seu dicionario. Acudía xente de moi lonxe a curar os meniños do *mal do aire* e contan os que o lembran que quedaban despois as beiras do regueiro cheas de camisiñas brancas. F. Alonso Romero achega probas de que tamén se practicaba en Irlanda e na Bretaña francesa, só que alí a camisa deixábase secar e púñaselle ó neno coma un talismán contra todo tipo de enfermidades. No río Mau, en Salamonde (Portugal) relata Eligio Rivas un ritual semellante no que a camisa se bota ó río desde o alto dunha fervenza dicíndolle “na viagem para o mar a doença levarás que esta crianza atrás”. Cuevillas cóntanos que en Tui se deixaba nun cesto a roupa dos nenos enfermos e se botaba polo Miño abaixo, cunha vela acendida. Se a vela se apagaba...

Na lembranza comunal dos de Dodro ficou inscrito gravado o día en que, fartos dos abusos do Marqués de Bendaña, botárono ó río de *San Lufo* dentro do palanquín no que o portaban á misa de domingo na igrexa de Santa María. Guindaron o *xigante* ás augas ó pasaren pola ponte do San Lufo, para porlle fin, aínda que fora simbolicamente ó dereito de perxada, o “*ius primae noctis*”, que non foi abolido ata a Constitución de 1812. Do lado de baixo da actual estrada xa cambia de nome o río e chámase *Río do Cabalo* porque disque os levaban a beber os feirantes que fan para a Pascua. Tamén se coñece como *Río de Vigo*. O nome do santo debe de ser xermánico, emparentado coa partícula “*ufe/ulf*”, lobo. Algúns nomes da historia medieval de Galicia levan esa terminación, coma o bispo Ataúlfo que se enfrontou a un touro bravo en Iria para librar da acusación de sodomía, ou Ulf o viquingo, apodado *O Galego* que arrasou as terras de Iria nos albores do segundo milenio. Non hai no Nomenclátor ningún Lufo coma este noso, que cheira a voz antiga, telúrica, rego de ondas caladas, que veñen desde os primeiros mananciais do mundo. A ca-

pela tampouco sabemos dela, pero temos que supor que xa non estaba a fins do século XVIII, porque non a cita o visitador do arcebispo nos libros parroquiais. Acaso sexan unhas ruínas entre Vigo e Dodriño. Ou se lle cadra non, porque hai quen di que a figura do santo estaba enterrada no río, baixo as areas do *Prado do Cura* e quen cavou co legón para buscala. Si que sabemos que a tradición perviviu ata tempos recentes e que foron moitos os rapaces ós que bañaron en secretas noites de luar nas augas milagreiras do San Lufo, e deberon aboiar as camisas porque entre nós andan. @w—

M

Maceira

De antigo, é árbore cultivada nas nosas hortas. Hoxe perdeuse a palabra na fala de Dodro e foi substituída por *mazanceira*, pero queda na toponimia. Mazá vén do latín vulgar MATTIANA, de MALA MATTIANA, nome dunha variedade famosa delas, chamadas así na honra de *Caius Matius*, tratadista de agricultura que viviu no século I a. C. citado por Plinio. Entre as castes máis prezadas da Terra de Iria están a reineta, a tabardilla, as santiaguesas, as de San Pedro, os repinaldos, as tres en cunca... Falounos o padre Sarmiento das mazás camoesas en relación coas posibles raigames galaicas de Luís de Camoens. En moitas das nosas casas usábanse os lagares do viño na fabricación de sidra para consumo familiar, tradición que se perdeu completamente. **A Maceira** é de Vigo e **As Maceiras** están antes de entrar na aldea de Manselle. Á beira delas hai unha gran pedra ergueita. Cóntannos que xurdiu alí da noite para a mañá para marcar as estremas e porlle fin a preitos e discusións entre os veciños. Un pouco máis adiante está **A Cancela da Maceira**. Na mitoloxía céltica o Rei Artur retírase a unha illa mítica poboada de maceiras, Avalón, do céltico “*abal*”, “*apple*” no inglés moderno, ‘mazá’.

Madeiro

Madeiro, do latín MATERIA, é o tronco groso que se usa como soporte para cortar ou fender achas. Está **Madeiro** na veiga de Lestrobe, á beira do vello Sar, quizais referido a unha pontella feita de madeira para cruzar o río. Aparece o noso topónimo como *Madeyro* no *Tumbo de Santa María de Iria*. Eligio Rivas inclúe a palabra entre as que se formaron desde a raíz prelatina alternante M-T, da que as formas máis comúns son *meda* e *medeiro*, coa que podería confundirse. No Vocabulario de Crespo Pozo *madoiro* é un rego que atravesa diagonalmente as terras labradas para escorreren as augas. Hai aínda o tema xermánico MOTHS, ‘valor’ que explicaría, na opinión de Piel, antropónimos coma *Modeiro* que poderían dar lugar ó noso nome.

Magóns

Magóns está arriba de Pexegueiro, e pode vincularse co *mallón* que nos dicionarios de Eladio Rodríguez e de Isaac Alonso Estravís é o linde ou a estrema dunha terra de labor que se deixa sen traballar para lle dar paso a outras herdades ou simplemente terraplén, desnivel do terreo. Temos en galego *mogo* e *magalón* co significado de *marco* que separa propiedades. Carré fainos sinónimos de *madarrón*, o que nós chamamos *arrós*, e *cómaros* no interior de Galicia. Como tan só temos marcos por estas terras do noroeste, Eligio Rivas pensa que sexa voz sueva, MARKO, pero fala tamén dunha base oronímica alternante M-K. Dise por aquí que *De marco a marco non hai arco*, indicando a dereitura das divisorias cando algún dos estremeiros trata de modificalas en beneficio propio, e cóntanse historias de aparecidos nas que o morto volve a poñer ben a pedra que cambiou nesta vida para poder descansar en paz na outra.

Malladoira

Malladoiro en Aguirre é a eira onde se malla. **A Malladoira** está do lado de riba de Dodriño, nunha paraxe da que se sacou pedra para facer casas do concello e de fóra del. O nome designa unha antiga eira de mallar coma as que había en todas as aldeas: **A Eira da Malla** de Reboiras, a de Bexo... Na de Traxeito seica tiñan un gran pote enterrado para que fixera máis ruído ó bateren. Deriva do latín *MALLEARE* e de *MALLEU*, ‘martelo’. En Dodro mallouse ademais no alto da *Paxareira* ou no *Bosque*. Os máis vellos lembran que antes se facía á man usando os *manlles*, longas varas rematadas nunha peza de coiro coa que se batían as meses. Despois veu a malladora manual, cunha roda enorme que movían varios homes ata que por fin chegou o progreso con aquela *Lister* dos Vigo e con outras semellantes que deberon entrar nestas nosas aldeas atronando o mundo. Cando despois dunhas cantas voltas de manivela e varias explosións acababa arrancando e todo se enchía da poeira dourada do cereal sentiamonos tan asombrados coma Aureliano Buendía a primeira vez que seu pai o levou a ver o xeo.

Malveira. Maloeiro

A fins do século XVIII o arcebispo *Malvar*, cuxo nome ten que estar emparentado cos que comentamos, costeou a estrada de Santiago a Pontevedra, a “carrileira” ou “Plantío real”, no que se plantaron en ringleira trinta mil árbores nas marxes (chopos, carballos, vides, árbores froiteiras...) ademais de miliarios e reloxo de sol, dispostos para proporcionar *sombra e amenidade ós viaxeiros* (Vigo Trasancos: “Camino de Iria Flavia”). A nosa **Malveira** está na braña de Dodro e debeu ser terreo onde abundaran as malvas. A máis común delas é o *malvavisco*, *Malva silvestris* (do latín *MALVA*), de flores pentámeras purpúreas que fechan no lusco-fusco, pero hai varias especies do grupo que son relativamente frecuentes na zona, algunha cultivada nas hortas. **Maloeiro** é nome do monte de Pexegueiro. Nos documentos medievais ás veces as malvas son

maloes (Navaza, *Fitotoponimia*). Con malva, fiúncho, romeu, herba de Santa María, menta e tomelo facemos nós a auga para lavar a cara na mañá de San Xoán, o día que baila o sol na corda frouxa do horizonte e se sentan as xacias no beiril das fontenlas a mirar como pasa o tempo na flor da auga, que tamén debe de pasar para elas.

Mámoas. Mamuelas. Mamoiñ

A arquitectura megalítica introdúcese seguramente en Galicia nalgún momento do V milenio antes de Cristo desde a zona norte de Portugal e está representada en todo o noroeste por miles de túmulos funerarios, tumbas colectivas que presentan exteriormente a forma dun montículo de terra ou mámoa (en latín MAMMULA, ‘mama’). No interior, a cámara funeraria propiamente dita está constituída por grandes bloques de pedra, adoptando en ocasións a forma dun dolmen (do bretón, ‘mesa de pedra’). Son as manifestacións máis ancestrais da nosa arquitectura e teñen a súa representación aquí no concello, aínda que nalgúns casos conservamos tan só o nome. Así ocorre con **As Mamuelas**, arriba de Teairo, ou con **As Mámoas**, abaixo de Dodro e de Tallós. Nestas últimas tiñamos nós unha leira chea de seixos e croios que tintineaban ó batermos co sacho no arrendo do millo, pero non se lle sacaban, porque se dicía que senón secaría tamén o cereal. Eran sen dúbida restos da masa tumular. **Mamoiñ**, en Teairo, terá tamén relación con estes nomes.

En Bexo, abaixo da *Paradegua*, á beira do antigo *Camiño Real*, hai catalogadas catro mámoas. Dúas están moi deterioradas pero as outras presentan o seu perfil característico e conservan as pedras chantadas que constituían a estrutura poligonal. A paraxe chámase *O Tombo* (*A Tumba*). Comentarémolo. Están descritas brevemente nas fichas do Arquivo de Xacementos Arqueolóxicos de Galicia. Un pouco máis arriba, a moi pouca distancia, no monte Picoto, xa no concello de Rianxo hai un importante número delas. Rodríguez Casal (*O Megalitismo, a primeira arquitectura monumental de Galicia*) reproduce nunha foto varios “microlitos e puntas de frecha en seixo cristalizado” e Luís Monteagudo

amosa debuxos do mesmo enxoval nun artigo sobre as mámoas da Zapateira (A Coruña), sen especificarse en ningunha das publicacións a que xacemento de Bexo se refiren. Dous microlitos dos túmulos de Bexo que se conservan no Museo do Pobo Galego aparecen debuxados no artigo de Felipe Criado “Aportaciones al estudio de la economía megalítica. Análisis de microdesgaste en instrumentos líticos”. No monte da *Mina*, á dereita da *Fonte Primeiral*, hai unha mámoa moi removida, da que falaremos ó comentarmos o topónimo. Outro grupo está no alto da Chisca, preto da estrada que foi antes *Camiño Real*, na linde dos concellos de Dodro e Rois, sen catalogar en ningún deles, de momento. Puente Míguez e Ruibal del Castillo relatán unha lenda na que se fala de que no *Campo da Chisca*, a uns cen metros dos túmulos, había enterrada unha pel de touro e tesouros sen conto. Un vello que levaba *O Libro* e dous mozos que se achegaron para desenterralos, viron “unha cousa” que se arrasteaba polo chan e fuxiron espantados sen saber o que era. Nós tampouco o sabemos. Xa dixemos máis arriba que *As Antas de Granada* sen dúbida se refiren a un monumento megalítico desaparecido. Onde si sabemos con certeza que había un dolmen é no *Mós* de Imo, derrubado para facer un alboio. Falamos del á parte. Algunhas mámoas fixeron de marcos de separación entre as propiedades e así se recollen na documentación medieval. En moitos casos (Bexo, *A Mina*, *A Chisca*...) están á beira de antigos camiños, circunstancia apuntada por varios especialistas no estudo do megalitismo. As nosas, coma todas as demais, foron saqueadas en busca de riquezas que en realidade non ocultaban e presentan o característico *cono de violación* na súa parte alta. A moitas acudíase co sacho nunha man e na outra co *Ciprianillo* ou *Libro de San Cipriano*, grimorio que contén o roteiro de centos de lugares de Galicia onde se dicía que se ocultaban tesouros. Alén diso describe con detalle os conxuros necesarios para que mouros, trasnos, damas, fadas, ananos e toda a caterva de moradores do trasmundo revelasen os seus tesouros. Á romaría do *San Sidrán*, en Catoria, van andando aínda xentes de Dodro. Cibrán, segundo unha tradición popular apócrifa, facíalle as beiras a Santa Comba, a padro-

eira dos nosos veciños de Cordeiro, os da outra banda, e antes de santo foi mago, así que debía saber do conto.



Manselle desde A Cancela da Maceira

MANSELLE

Manselle, unha das aldeas máis fermosas de San Xián de Laíño, con boas mostras de arquitectura popular en casas, hórreos, fontes e pombais, ficou agora encinchada por AVES e *Vías Rápidas* que non levan a ningures. O máis probable é que sexa antropónimo xermánico cun final en “-elle” que se repite noutros semellantes (Macenlle, Marselle...), pero valoraremos outras posibilidades. *Mansilla de las Mulas* escríbese a miúdo *Mansiella* ou *Mansella* na documentación medieval. No relato da peregrinación do Señor de Caumont a Compostela de 1417 aparece como *Manselle* (Váz-

quez de Parga, 1981). Curiosamente, os copistas que elaboran o noso catastro en 1958, ás veces poñen *Mansilla* por *Manselle*. Son varias as posibles filiacións que se dan para a *Mansilla* leonesa que acaso sexan válidas para a nosa aldea. Para Asín Palacios derivaría do árabe AL MANSAF, ‘na metade do Camiño’, algo así coma o topónimo *Meana*, que existe entre nós. Alarcos Llorach propón AL MANZILA, ‘pousada’, e outros autores prefiren o latino MENSA, ‘mesa’, por estar situada nunha zona alta e rechán. Pénsase que quizais proceda de *pequena mansión* (lat. MANSIONE). As mansións serían poboacións menores dunha vía romana colocadas regularmente para servir de descanso e permitir o relevo dos animais. Nós, como xa dixemos, entendemos que por aquí podía pasar o ramal dunha calzada romana que conectaría Iria co Barbanza. Case todos os significados coinciden en que sexa unha parada, un alto no camiño. O noso topónimo podería terse formado tamén a partir da forma latina MANSUS. Os *mansos*, fronte á reserva situada arredor da casa do señor, eran terreos cedidos a colonos a cambio dunha renda ou terras que posuía un mosteiro.

Manselle, coma outras aldeas que asentan nesa fronteira entre dous mundos, a aba do monte e o arranque do val, ten unha riquísima microtoponimia, moita dela incardinada maxistralmente por Anxo Angueira na trama da Pensa Nao. Preto do *Valo de Manselle*, na *Horta do Val*, ten casa o poeta. Que fale el: “*Manselle é este recuncho ó pé do Caldebarcas que oe o bruar do mar de Corrubedo nas noites de inverno e que olla o Ulla, os trapos das dornas derrotadas, a alta Arousa de agosto deitada sobre a braña...*”

María

María e **María do Rei** son topónimos da braña de Bexo á beira do Ulla. **A da Marica** eran toxeias no monte de Manselle, entre *Balranco* e *A Poza*. **O Campo de Santa María** e **A Fonte de Santa María** están do lado de riba de Lestrobe. **María**, a nai de Xesucristo, é nome hebraico (*Miriam*), aínda que hai quen pensa que provén do antigo Exipto. Signi-

fica *excelsa, sublime*. Como nome de persoa é o máis empregado ó longo do tempo polas galegas, con todos os seus hipocorísticos (*Maruxa, Marica, Mariola...*). No Nomenclátor a advocación de *Santa María* repítese en 721 das nosas parroquias e tamén aparece como nome de posesor (*Casal de María, Vilar de María, Fontemaría...*), pero non ha ser frecuente atopalo coma aquí nin sequera na microtoponimia. O segundo elemento do término adoita facer referencia a terras de reguengo que dependían directamente do Rei, pero tamén é apelido destas parroquias e podería ser antropónimo. *Miñato, miñato, /que levas no papo? /Leite chamado. /Quen cho callou? /María do Rei. /Cálate, cálate, /que eu llo direi !* é unha cantiga popular de entre nós que se repite con variantes noutros lugares de Galicia.

SANTA MARÍA DE DODRO

Nun dos tres Pergameos Irienses do Mosteiro de Oseira que se conservan no Arquivo Histórico Nacional (Gallaecia, n^o26), nunha venda do ano 1098 fálase da vila de Lestrobe (daquela pertencía a Padrón) como “currentem ad Sancta Maria Virginis”, é dicir lindando coa parroquia de Santa María que debía ser a nosa de Dodro, á que Lestrobe pertence agora. Así o interpretan Miguel Romaní e Pablo S. Otero, que analizan os documentos.

No que toca ó templo parroquial de **Santa María de Dodro**, constitúe para María del Carmen Folgar de la Calle, unha das primeiras obras de Simón Rodríguez e presenta algunhas das peculiaridades que definen o seu estilo.

En 1719 encargáronselle ó mestre compostelán as trazas do templo, sendo adxudicada a realización das obras a Pedro Blanco. O edificio presenta planta de cruz latina con unha soa nave de dous tramos, cruceiro de un e capela maior rectangular, rematando nos laterais en senllos nichos con bóveda en forma de vieira.

No interior destaca sobre todo o retablo maior. A intensa decoración contrasta coa sinxeleza do propio recinto, a profusión de dourados

imponse nun espazo reducido, o uso de diferentes planos provoca a sensación de movemento e de inestabilidade, xogos de luces e de sombras... Na opinión da profesora Folgar sería o primeiro retablo deseñado por Simón Rodríguez, arredor de 1740, data do inicio das obras, sendo quizais o entallador Manuel de Leis. Consta de basamento e dous corpos. O inferior está formado por cinco rúas separadas por columnas con fuste moi decorado e capiteis corintios, presentando no alto os típicos cilindros do autor. O segundo corpo está dividido en tres rúas separadas por pilastras con pequenas columnas na base. No centro, a imaxe da Virxe e nos laterais, enormes volutas con anxos portadores de palmas. Remata o retablo a figura do Pai Eterno, tamén característica nas trazas do artista.

Contratáronse os catro altares colaterais a Francisco de Lens e Juan Domínguez de Estivada. Nos brazos do cruceiro figurarían un dedicado á Virxe das Neves, con Santa Lucía e Santa Bárbara ós lados, que se conserva completo, e outro a San Antonio de Padua, acompañado de Santiago peregrino e San Roque. Os outros dous estarían baixo a advocación da Dolorosa e do Nazareno. Son imaxes de vestir, a primeira de Antonio Fernández, a última, semicompleta, con torso, o que non é usual, adornada cos atributos da Paixón e da Santa Face, obra da etapa final do gran escultor Xosé Gambino (Álvaro López, López Calderón).

No exterior, a fachada de liñas elementais non se atén ás trazas orixinais de Simón Rodríguez. A porta presenta marco moldurado e pilastras caixeadas, cun frontón triangular partido con fornela que resgarda a Virxe da Asunción. A torre do campanario é de tres corpos, coroada por un cupulín con pináculo, configurando un todo harmónico e equilibrado.

Á tardiña, *coa borra do solpor*, desde as veigas de Dodro, a silueta do campanario de Santa María forma parte dun horizonte que nos é familiar, Ángelus de Millet ou estampa miniada dun códice imposible, o de *As moi ricas horas do Marqués de Bendaña*.

Margaride

As margaridas (*Bellis perennis*) teñen o seu étimo no latín MARGARITA, a partir dunha palabra grega MARGARIDES que significaba *perla*, e esta, desde unha forma do sánscrito. Margarita foi nome moi usado en Roma. **Margaride** é máis tardío. O noso está en Imo. Hai quen lle chama margaridas ós *pampillos* amarelos (*Coleostephus myconis*) pero non o son. Disque houbo unha raíña castelá que os confundiu con inmensos campos de azafrán.

Martiño. Martiñán. Martinco

Martiño procede do nome romano *Martinus* (de Mars, deus da guerra) e Martiñán de *Martinianus*. Segundo Ana I. Boullón, Martiño e Martín están entre os patronímicos máis usados na época medieval. J. M. Piel intenta explicar o termo *martiños*, recollido na documentación medieval (nas cantigas de Afonso X: “o que foi con medo dos martiños”) referido a combatentes do exército dos mouros durante a Reconquista, temidos polos cristiáns, sen chegar a conclusións claras. O San Martiño celébrase o 11 de novembro. Arrofían os días, é tempo de castañas, de abillar as perfiás para probar o viño novo e de xogar ó trompo. *Polo San Martiño trompos ó camiño*.

San Martiño está na veiga de Lestrobe, á beira do Sar. Cítase no *Tumbo de Santa María de Iria* (J. L. Pensado): “Cabo do cabeceiro de San Martinno”. **Martiño** está en Revixós e en Traxeito, onde tamén está **A de Costas de Martiño** e **A Lama de Martinco**. **O Agro de Martiño** é do monte da Devesa e **Cal de Martiño** de Manselle. **Martiñán** e **Martiñán de Riba** están fronte a Teairo e **San Martiño** preto dos *Castros de Bexo*. Estivemos alí no medio do monte, buscando as ruínas dunha capela que levaba o nome do santo e que está na documentación medieval e nos libros de fábrica de San Xián de Láño, a onde pertencía ata o século XIX. Collemos anacos de tella moi grosa, de factura rudimentaria e pareceunos escoitar voces arcaicas de frades soletreando letanías entre as

urces, pero soubemos despois que a primitiva **Capela de San Martiño** estivera na propia aldea e talvez estas do monte foran posesións do mosteiro compostelán ou restos dos castros de Bexo. Entrando polo lado de riba, despois de pasar a escola, hai unha casa que se chama *A da Capilla*, ou *A Capilla*, na que se atopou unha imaxe do santo (“Avelán”, 1993) que se recolle no *Preinventario etnográfico da Parroquia de San Xoán de Laiño*. Despois estivo no lintel do portalón do curral da *Casa do Roquiño*. Fáltalle a cabeza, vai vestido cunha casulla ornamentada e porta o báculo bispal na man dereita e o libro na esquerda, atributos que se repiten noutras representacións. San Martiño de Tours, que viviu no século IV d. C., primeiro foi soldado e rachou a súa capa para compartila cun pobre, como se pode ver no frontón que coroa a fachada de San Martiño Pinario, mosteiro ó que pertencían durante a Idade Media estas e outras terras do concello. Aínda sendo contrario á doutrina gnóstica, parece que intercedeu en Tréveris diante do emperador para evitar a execución de Prisciliano.

Mazadoiro. Macicos

Mazadoiros eran asentos de pedra a carón das portas das nosas casas que noutro tempo se empregaron para mazar o liño. Tamén se batía nel nas eiras cos *mazóns*. Tan só atopamos esa acepción precisa no *Glosario* de Constantino García e no dicionario de Estravís pero é fóra de dúbida que ese é o seu significado. Do latín MATTEA, ‘maza’. O **Mazadoiro da Laxe** de Lestrobe era un longo banco corrido, de pedra, á beira da estrada que ben podería exemplificar o que dicimos se non se tivera perdido. Nos píos, cun *macico* ou *mazo*, pisábase o carozo do millo, o gran e o toxo novo para llos dar ó gando. Sería polo tanto sinónimo de *pisón*. Nas ferrerías, situadas á beira dos ríos, había tamén grandes mazos para traballar os metais batendo na zafra. No dicionario de Eladio Rodríguez o *macico* emprégase para abrir os ourizos das castañas. En Franco Grande son *macicos* as follas dos pinos pero tamén se denominan así diferentes ferramentas de carpinteiros e toneleiros ou os mazos dos carreiros cos que se

apretan as rodas dos carros. Se lle cadra ten que ver con algunha destas acepcións comentadas o topónimo **Macicos** que está alá alto no monte da Devesa.

Medeiro

Unha vez apañado o centeo e a avea facíanse monllos para levalos ó *medeiro*, onde se erguían medrucos con eles e, ende pasado un tempo, estendíanse polo chan a secar. Cada casa erguía a súa meda ata que chegaba o intre de mallar. A malla realizábase alí mesmo ou acarrexábanse ata as eiras das aldeas. **O Medeiro de Gradín** estaba en Tarrío. **O Medeiro** está na subida ó Castro de Traxeito e **Os Medeiros** un pouco antes, do lado de baixo da estrada e tamén en Bexo e en Teaio. *Meda* provén do latín MEDA, ‘morea’, pila de forma cónica. Algúns autores pensan que se formou desde unha base oronímica MED. Quedounos en monumentos megalíticos como *medorras*, *medelas* e noutros que teñen igual disposición piramidal. O monte Meda, cara o nacente das terras de Dodro, é do concello de Padrón e *preside*, para o escritor Anxo Angueira, *a república xeográfica destas terras de Iria*.

Meitelle

Debe de ser tamén nome de posesor medieval formado desde MEIC/MEIT + ELLUS. En Meitriz, para algúns autores, MEIT procedería da forma xermánica MATH, ‘poderoso’. Quizais tamén aquí. A terminación “*ellus*” é diminutivo latino que daría o “*-elo*” galego e está presente noutros nomes da toponimia maior coma a nosa aldea de Manselle. **Meitelle** está arriba de Traxeito.

Melreiras

Quizais nas *Melreiras* abundaran os *melros* ou merlos (*Turdus merula*), un dos paxaros que máis proliferan pola zona, coa súa cor negra acibeche

nos machos (as femias teñen sempre cores menos vistosas para pasaren desapercibidas nos niños) e o peteiro amarelo laranxa. Arróubanos co scherzo do seu canto que asemella unha risa maliciosa entre as silveiras. De todas as formas o topónimo podería estar relacionado con *mel*, do latín *MELLE*. *Ameleyras* son para Sarmiento as *apóutegas*, parásito comestible da carpaza (*Cytinus hipocistis*). Di que lle chaman en Rianxo *veituriños* e que hai moitas en Leiro. De habelas aquí, como temos que supor, tamén as comerían *nenos tristes*. No concello de Laxe hai *As Melgueiras*, que en portugués é sinónimo de *cortizo*. A *melga* é unha gramínea semellante á alfalfa que se usou coma forraxe. Eligio Rivas di que a *melga* era a *herba medica* por ser orixinaria da rexión da Media, en Asia, pero noutro momento cita a raíz céltica *BEL/MEL*, ‘o que encanta, narcotiza’. O topónimo podería derivar da raíz indoeuropea *MEL* (Pokorny), co sentido de ‘brando, mol’. Hai demasiados significados que se cruzan e ó mellor chegaba co primeiro, pero en todo caso, na estrada que vai de Tallós a Tarrío, son nome fermoso estas **Melreiras**, que enfeitiza.

Na braña de Lestrobe hai **Os Melchos**. Con seguranza non sabemos cal sexa o significado. *Melca* nos dicionarios está como ‘gramínea cultivada’. Poñemolo aquí por proximidade fonética con algunha das posibilidades anteriores.

Menor

A Eira da Menor está en Castro. En *A Toponimia de Trabada* Xulia Marqués fala dun sentido pexorativo pero non sabemos se aquí o tiña. Do latín *MINORE* supoñemos que este eirado lle correspondería nas partillas á máis pequena dos herdeiros. Desde a Idade Media, *Dona Maior* foi nome relativamente común que se lle puña á filla primoxénita nas familias nobres, pero tamén as máis humildes tiñan o sen recanto na toponimia.

Merosas. Morazón. Morouzos...

Merosas e *morouzas*, nos dicionarios, son montóns de pedras miúdas nunha terra de cultivo. Ese é o significado que tamén nós lle damos a *merosas* e *morosas*, palabras emparentadas con *morea*, montón de cousas sen orde, que está ben viva na lingua oral. Parten todas da base prerromana MOR, 'pedra', 'monte', 'montón de pedras'. **O Monte do Morazón**, que está detrás da Paxareira e **O Monte Morouzos**, arriba da Chisca, serían, pois, montes redundantes e **As Merosas** da Veiga de Eiró e **A Morosa** de Lestrobe, lugares onde había pedras amoreadas. **A Moradiña** de Susavila e **A Morada** de Lestrobe, na opinión de Eligio Rivas (*Toponimia de Marín*), procederían da mesma base oronímica.

Mescosa. Mosqueiros

Se fora *A Moscosa*, contra o que poida pensarse, non é topónimo raro. Sarmiento fala dunha *Laxe do Mosqueiro* na que como batía moito o vento mareiro refrescaba os animais e espantáballe as moscas. A palabra *mosca* vén do latín MUSCA. **A Mescosa** está en Teaió, pero hai veciños que pronuncian **A Amescosa**, o que pode indicar calquera outra procedencia que non coñecemos, mesmo relacionada coa partícula indoeuropea AM, 'auga, canle' da que xa se falou. **Os Mosqueiros**, no alto do monte, entre O Rialíño e Lestrobe, deberían ofrecer menos dúbidas, pois *mosqueiro* é lugar no que hai moitas moscas.

Mesoute

Tal vez se refira **Mesoute** a un pequeno planalto arriba de Imo, un rechán no alto, coma unha pequena meseta. Eligio Rivas para o topónimo *mesa* supón unha raíz preindoeuropea MES, 'rocha', monte. A palabra *mesa* vén do latín MENSA.

Mexiño. Meixoadela

O **Mexiño** está en Tallós. Quizais teña relación con *mexo* e se refira ó enxuro ou ó zudre das cortes que baixaba polos camiños, pero máis probable é que sexa da familia de *ameixa* (diferentes variedades de *Prunus*) que formou topónimos coma *Mexeira* ou *Meixide*. Aguirre anota *ameixa* e *ameixeira*. Sarmiento explica que en Galicia usamos tres palabras para referirnos a elas: ameixa, cirola e bruño. Cita a Plinio dicindo que a árbore *myxa*, de onde procedería a palabra, é orixinaria de Damasco, de aí *damascena*, unha das variedades, que podería estar na etimoloxía do nome. Nós chamámoslle *ambruíños*. Unha das opcións que se baralla para *Meixoeiro* é a de mesón, pero podería derivar de *ameixoar* (lat. AD MANSIONARE), 'xuntar as ovelas', 'recoller as galiñas', co que podería ser sinónimo de aprisco ou curral para reunir o gando. En Dodro o *mexo de can* é unha solanácea de froitos vermellos rechamantes, abondosa nos camiños e nas hortas. Para **Meixoadela** que queda no alto do monte de Pexegueiro deben valer estas mesmas consideracións.

Mimoseira

A **Mimoseira** queda no medio da aldea de Lestrobe e, como se pode supor, era terreo inzado de mimosas (*Acacia dealbata*). As **Mimosas** estaban do lado de riba do Campo de Chenlo. Son árbores ou arbustos moi invasivos procedentes dos Mares do Sur que se adaptaron ben nas nosas latitudes. Desde o mes de xaneiro forman vistosas e arrecendentes illas de flores amarelas nalgúns lugares do noso monte.

Millo

Como se sabe, o millo é orixinario de América Central e chegou a Galicia a principios do século XVII, entrando polas Rías Baixas e adaptándose perfectamente ás nosas características climáticas, pero é a mediados do século XVIII cando se estende con forza por estas terras. Dinos Murguía que xa

en 1834 se pagaba renda nese cereal. No dicionario de Sebastián Miñano (1826–29), a obra máis importante desas características, antes de que Madoz elaborara o seu, dise dos Laíños que eran terras de moito millo e excelentes pastos, pero non apropiadas para o cultivo da vide. Hai millo en Rosalía para encher o claro dun hórreo. “*Buscaime antre os millos*”, “*Meu santo San Antonio/ daime un homiño,/ anque o tamaño teña/ dun gran de imillo*”, “*¡Canta, paxariño alegre,/ canta!/ Canta porque o millo medre*”... Xa non corren polo Ulla as velas que a escritora viu e que foron desaparecendo por volta dos anos cincuenta (“*que inchadiña branca vela/ antre os millos corre soa*”), pero podemos escoitar aínda coma ela a “*música das verdes canas/ do millo das nosas veigas*”. Que-dounos pouco representado na toponimia porque as leiras xa tiñan nome de seu antes que chegara o cereal. Temos **O Agro do Millo** en Eiró e **Os Millos** no Rialíño. Desde a época dos castros cultivábase aquí o *paínzo* (*Setaria italica*) ó que se chamaba *millo* (lat. MILIUM), pero despois deuse en chamar *millo miúdo* para non confundilo co *millo gordo* (*Zea mays*), *mijo grueso* ou *maíz* nas nosas respostas de Ensenada (1752), que chegaba de América, ó que os portugueses denominaron tamén *milho grosso*, polo gran tamaño das espigas e dos grans. Crespo Pozo comenta que se nomeou *millo d’ Indias* o novo, e *millo dos paxaros* o miúdo, que daba unhas espigas pequeniñas. O cambio foi importante porque a nova planta tiña rendementos moito máis altos. Substituíu ademais ó centeo e ó trigo e fixo posible un rápido crecemento da poboación, transformando (xunto coa pataca que entraría máis tarde) radicalmente a paisaxe agraria galega. Servía para a alimentación animal (palla, pabóns, carozos, espigas) e os casulos usáronse para facer colchóns, máis baratos que os de la. Antes que nada estercáse, restíllase e despois de labrar, grádase coa grade e zórrase co canizo. Unha vez sementado o millo todos os traballos están destinados a eliminar as malas herbas, milláns e saramagos: decreoar, sachar, arrendar, darlle a cava. Ducias e ducias de hórreos inzan as nosas eiras e hortas agardando a milleira, o tempo de esfoliar e colleitar o cereal. Despois ficaba neles ata que se debullaba pola lúa de marzo. Tamén o recolle Aguirre na súa arquiña, graneira das palabras.

O millo ensenhou estas terras fondas e lenturentas de Dodro e dos Laiños durante os dous últimos séculos. Afixose ben a elas, e nós a el. Quizais non precisaba rega pero agradecía. *A folla do millo verde/tenche moita picardía:/colle o orballo da noite/para beber polo día.* Por se acaso fixémoslle pozos e canles para atendelo na seca dos vrans. Falamos deles por estas follas adiante. Coidábase como se coida un meniño. Aínda hoxe o botamos cun cordel e seguimos a dar voltas arredor dos seus pés totémicos coma nunha danza ancestral. As xentes destas ribeiras do Ulla, labradores de seu, naceron coa rabela do arado na man, e sospeitan que o mundo teña a forma dunha gran mazaroca e que o sol sexa en verdade un vello arado de pau abrindo sucos invisibles nas outas campías celestes.

Mina

No monte que está arriba de Tarrío e de Reboiras, á dereita da *Fonte Primeiral* está **A Mina** ou **A Mina de Resende**. Como xa falamos consérvase alí unha mámoa semidestruída, á dereita do camiño que sobe para o cume e foi vía de paso para as aldeas de Dodro. Queda á beira da Vía Rápida do Barbanza. Sacouse terra da masa do túmulo na parte norte e presenta tamén un gran *cono de violación*. Non amosa restos de cámara. Agora medran no tomo videiras bravas que dan uvas dos mortos. A uns trescentos metros, preto doutro posible enterramento, atopamos no chan hai máis de vinte anos unha pequena machada de man de finais do período megalítico, quizais pertencente a un enxoval funerario. Comentaba o padre Sarmiento que a xente lle chamaba *minas* ós enclaves onde había mámoas porque pensaban que nelas podían atopar tesouros. Dentro desas mámoas, continúa explicando, só se encontran carbóns e cinzas e algúns cascotes de olas cinerarias. Durante un breve tempo houbo aquí realmente unha pequena mina da que se sacou cuarzo para as cerámicas de Catoira pero o nome é anterior. **A Fonte da Mina** está no alto de Bexo, enriba do *Lodeiro*, no rego das *Escuras*. Chamámoslle tamén minas ós pozos e galeirías que se escavan para sacar auga. Moitos nomes teñen aí a súa orixe. Había unha en *Moure*, en Castro e nas da horta das Torres dos Hermida

(fala delas Rosalía en *Padrón y las inundaciones*) dinnos que tivo que se agachar un irmán de Xosé Batalla, fuxido coma tantos despois da guerra civil. Outros, os que puideron, escaparon ó Xiabre. *Resende* ou *Rosendo* é *Rudesindus*, nome xermánico, cerimonioso coma todos eles, de RUD/ROD, ‘victoria’ e SIND, ‘camiño’ ou ‘expedición militar’. San Rosendo fundou o Mosteiro de Celanova alá polo século IX e foi bispo de Iria. Como “S. Rudesindus Episcopus Yriensis” está representado nunha imaxe da Colexiata que se lle atribúe tradicionalmente ó mestre Xosé Ferreira.

Minquenla

A Minquenla; tal era o nome dun pequeno bosque comunal de carballos, acibros e loureiros, abaixo de Tarrío, que desapareceu coa concentración. Nos cupos vellos figura un propietario chamado *Juan Manquenla*, apelido agora desaparecido das cartas onomásticas galaicas. *Mangoleteiro* e *manguelo* son palabras próximas ó antropónimo coa transformación acostumada da consoante sonora en xorda e dise así da persoa descoidada e lacoeira, dun lacazán e un mangante. Tamén ten o significado de díxomedíxome, que leva e trae contos e maledicencias. Máis un nome para o alcumario dos de Dodro.

Miradoiro

O Miradoiro de Penas, ou **O Mirador,** que están en Lestrobe; **O Miradoiro** ou **O Mirador,** en Bustelo ou arriba da Devesa e **O Mirador da Paxareira,** en Vigo, teñen todos magníficas vistas da paisaxe. Algúns son nomes moi recentes. Provéen da palabra ‘mirar’, MIRARE en latín.

Moitos

Desde o latín **MULTU**, **A dos Moitos**, é topónimo que está no monte de Manselle. Os veciños confirman que é unha paraxe de monte na que son moitos os propietarios.

Molareda. Molar

Levan o nome de **A Molareda** terras de monte arriba de Tarrío e de Sar e **Molar** é do Rialíño. Formáronse a partir do latín **MOLLUS**, ‘suave’, ‘brando’, que, como vimos, Julius Pokorny trae do radical indoeuropeo **MEL**. Concordan a maioría dos autores en poñelo en relación con vexetais que presentan este calificativo: toxo molar, herba molar... Apunta Gonzalo Navaza a posibilidade de que teña que ver co molime ou estradura, que tamén lle chamamos así ó toxo brando e ó feito que se bota no chan das cortes para facer boas chotas de esterco. En Aguirre atopamos *molime* coa acepción normal e con outra curiosa: “usábase para alfombrar as habitacións”. Tamén define *molimal* e *molimada*. Poderían ser terreos brandos, de terra mol, fondos e de boa calidade. *Molanqueiro* dise da persoa indolente e frouxa, de carácter feble.

Mondelo

As raíces xermánicas **MUND/MOND** significan ‘protección’. Puidera ser derivado do radical preindoeuropeo **MUND**, ‘monte’, prominencia, **Mondelo** que está abaixo de Teao.

Monte

Un *monte* é unha elevación natural do terreo ou un espazo cuberto de árbores e de vexetación que medra de maneira espontánea (do latín **MONS**). Temos o topónimo **O Montiño** en Lestrobe, Bexo, Imo, Castro, Manselle e Revixós. **O Agro do Monte** é da Devesa, **Os Lagos do Monte** de Teao, **O Agro do Monte**, **A Boca do Monte**, **O Monte do Vilar**, **O**

Monte de Penas, **O Monte das Pedras** e **O Monte Fontecova** son de Lestrobe. **O Alargo do Monte** está arriba de Eiró, **O Monte de Romay** en Tallós e **O Monte de Fontán** en Manselle. Moitos máis haberá dispersos por un concello coma o de Dodro que é dos que máis masa forestal ten de toda a provincia, en relación coa súa superficie. Sirvan estes coma exemplo.

Despois están os montes algo máis grandes para os nosos ollos, que son sempre de nenos diante deles, aínda que ningún supera os seiscientos metros. Escribía Ramón González Alegre (*Por entre el arpa y la saudade*) que ó pé da Igrexa de San Xíán de Láño, as montañas tocaban realmente as nubes, pero en verdade aquí todas teñen unha dimensión humana e trazan como longas e suaves catenarias a liña do horizonte, lombos apacibles de poldros arcaicos, puidos polos ventos e as auroras, plastilina nos dedos longos do tempo. *O Xiabre*, ó que nós lle chamamos *Monte de San Sidrán*, Fujiyama agora coroado de xigantescas cerdeiras brancas de polietileno, o monte que máis vemos os de Dodro fronte nosa, fica fóra destas terras de auga, cara o sur, coma unha gran búsola de pedra marcando a meridiana. Se desde esta banda do río albiscamos nubes grisallas acuando cara o cume, é sinal de que vai pingar a tella. *Cando no Xiabre hai touca, chuvia pouca ou moita*, é refrán recollido en San Xoán de Láño (Vázquez Saco, 2003). **O Monte Fieitoso** queda arriba de Traxeito, **O Monte dos Estremos** en Paizal (*estremas* son as lindes das fincas e *estremeiros* os colindantes), **O Monte Salgueiral** é o de Susavila, **O Monte do Morazón** está detrás da Paxareira, e despois del, **O Monte do Medio**. **O Monte das Tobías** é o de Bustelo de Paizal. Existía unha curiosa tradición na Arousa recollida por Bouza Brey (*Etnografía y Folklore de Galicia*) co nome de *As Noites de Tobías*, na que os recen casados se absteñen de manter relacións sexuais durante tres noites tal como fixera o personaxe bíblico. Nós non soubemos de quen a coñecera. No **Monte San Gregorio** (a ermida foi construída por un cóengo con ese nome, do grego GREGORIOS, ‘esperto’, vixiante”), que está enriba de Lestrobe, do outro lado do cume (xa no Concello de Padrón) feriu Santiago a pedra co bordón para facer brotar da fonte a auga máis fría e delicada de

Galicia. Cóntao Ambrosio de Morales na súa viaxe de 1572 e sabemos que o Padre Flórez, autor da *España Sagrada*, sandou con ela de contado dunhas raxeiras de ventre. Polas caivancas douradas do **Monte Fontecova** nace a outra *Fonte do Ouro*. **O Monte Valouta** xa dixemos que cerraba polo norte o noso val. Nas súas faldras para misteriosamente a néboa destas terras baixas. De vello, o pintor francés Claude Monet adoitaba viaxar a Londres tan só para contemplar as brumas da cidade. Nós podemos subir nalgúns amencerres invernaís ó alto do noso *Monte Valouta* para ver como se espreguiza lentamente o Ulla, coma un Támesis nebuloso, oculto baixo as néboas dun mar branco, de mármore. **O Monte Caldebarcas** e **O Monte de Pinas** quedan detrás de Manselle e de Castro, tímidos, ó socairo do nordés, coma as alvarizas. No medio deles, a cabalo entre as terras de Dodro e as de Buxán está **O Monte Morouzos**. Ende subindo ó **Monte do Treito** (**O Treito**), vese arder na distancia o carburo azul da Arousa e cara o nacente del, no alto do **Monte da Lomba das Pozas**, escoitábase na anoitecida o canto abrouxador de milleiros de arráns nas brañas lonxanas de Laíño, cando arráns había. *Polas brañas de Laíño vintecinco xastres van, con agullas e tesoiras para capar unha ran*. Renxen as palmelas oxidadas do solpor na ladeira angular do **Monte Carboeiro** ó pasaren as follas dos días e das noites. Desde *As Murallas* milenarias do **Monte dos Castros de Bexo**, labaradas de pedra, o viaxeiro británico Aubrey F. G. Bell, lembrou as paisaxes de Cumberland e Escocia, contemplando a ría da Arousa, “cercada coma un lago por montañas púrpuras inzadas de breixos”, de paso por estas terras esquecidas do pór do sol hai pouco máis de cen anos.

Morgade

Contra o que poidera pensarse semella non ter que ver con vinculeiros nin morgados senón co nome medieval *Mauricatus*. **Morgade** está cara o le-vante da aldea de Manselle.

Mós. Moas

Os lugares que levan este nome e outros similares presentan elevacións redondeadas parecidas a unha *moa* (MOLA en latín). **Mós**, no monte de Sar, é terreo apenado onde abundan desde logo laxedos desas características. **O Outeiro de Mós** é de Manselle. O outro **Mós** é do monte de Imo e houbo no lugar un dolmen ata os anos sesenta, cando se escachou para facer coa pedra un alpendre na aldea. Debía ser moi grande, polo que contan. Chamábanlle **A Caseta de Mós** ou **A Casa de Mós**. Para non quedaren ó ventimperio, gorecíanse nel os rapaces cando chovía e andaban co gando no monte. Crespo Pozo e outros autores falaron da relación entre estes topónimos e as mámoas. **O Agro de Moas** estaba na ladeira do monte que baixa da Chisca. **O Río das Moas**, na braña de Dodro descríbeo Madoz dicindo que

«non ten outras augas que as do Ulla, medra e mingua como consecuencia das mareas estendéndose en varias direccións unhas duascenas varas e coa maré alta admite barcas de carga de vinte quintais que non poden ser descubertas na súa navegación ata chegar á beira.»

É o que se ve para alá do San Lufo, abaixo da Cancela Abrea, entre *A Xerpa* e *O Lodeiro*, é os poucos que fan acordanza do nome chámanlle aínda **Río das Maulas** ou río do *Pozo* e din que era de moitas e boas augas. O que non sabemos é se o nome foi deformación do que citamos antes ou era este o orixinario. *Maula* é persoa que engana e se queixa sen razón, aparentando unha dor que non ten.

Mouchos

Ademais da **Devesa dos Mouchos** que lle dá nome a unha das aldeas do concello, **Os Mouchos** nomean unhas leiras de Bexo. O moucho (*Athene noctua*) é unha rapaz nocturna aínda que se pode ver ó entardecer. O

nome provén do latín NOCTUOLU. Vive nas fragas, ruínas abandonadas, nos muros das igrexas e non é ave de bo agoiro. Rosalía lembra o cantar popular: “*Eu ben vin estar o moucho enriba daquel penedo: ¡Non che teño medo, moucho, moucho, non che teño medo!*”

Moura. Moure. Mouros

Vimos de falar hai unhas poucas páxinas da base preindoeuropea MOR(MAR/MAUR), ‘pedra’, ‘monte’, que para Eligio Rivas (1982) explicaría a orixe dos topónimos que queremos comentar. Nembargantes, hai outros autores que os fan proceder de MAURI (xenitivo de MAURUS), nome medieval documentado procedente dun alcume étnico, relacionado coa pel do propietario. **Moure** (do lado de riba da coroa do castro de Imo, onde houbo unha mina de auga que escavaron os Aguirre de Imo), **Mourán** (en *Salvanxe*, para alá de Tallós), **Agra Moura**, en Vigo e **Mouriños** (no monte de Manselle) serían así antropónimos, pero tamén poderían ter que ver coa cor escura das terras. De todos xeitos son etimoloxías nas que se produciron a miúdo interferencias, cruces con outras palabras foneticamente próximas coma *mouros*, *amor* e mesmo *morte*, que deron curiosas etimoloxías populares (dicía Baldinger que a homonimia é “o pesadelo do etimólogo”). O imaxinario dos galegos que busca unha explicación, racional ou non, para as ruínas dos castelos e tumbas antiquísimas que se multiplican pola nosa xeografía, entendeu que foron construídos polos mouros, seres mitolóxicos que viven aínda soterrados neles e en determinadas épocas do ano, sobre todo na noite de San Xoán, ou baixo certas circunstancias, nos deixan entrever as súas maxias. Eis a explicación tradicional de moitos deses nomes, a do **Agro do Castro de Moure**, poñamos por caso, escoitada ós veciños de Castro. En realidade, tan só en casos tan claros coma **A Coroa da Raíña Moura**, na propia aldea, ou **A Eira dos Mouros** de Bexo, foran estes imaxinados ou non, poderíamos afirmar que son derivados do maurus latino, ‘moro’, ‘habitante de Mauritania’. Polo demais, é certo que a aceifa de Almanzor que arrasou estas terras no ano 997 tivo que provocar un forte impacto entre

os nosos, sobre todo se atravesou por estes casaríos, como apuntamos noutro lugar do traballo, pero o que resulta claro é que os nomes de lugar dos que tratamos nada teñen que ver cos mouros pois sabemos que historicamente apenas se detiveron nesta terra verde e chuviosa á que non se afacían porque lles amolecía os ósos.

Muíño

Queda un único muíño de vento de planta circular, solitario e comesto polas silvas arriba da Aldea da Igrexa, á esquerda da estrada que vai para as aldeas de riba, **O Muíño do Vento**. Non era de abanos fixos coma os que se restauraron nos concellos veciños de Valga e de Catoira, senón que levaría unha cuberta móbil cónica, cun entramado xiratorio de madeira, movido por unha xugada de bois, que permitiría carear as aspas tendo en conta a dirección do vento. O movemento transmitíase a un eixe e a unha ou dúas pedras de moer. Sería moi interesante ver de restauralo pois destas características son poucos os que se conservan no país. Chéganos noticia, no intre de revisarmos estas liñas dos restos dun posible muíño de aceite en Sar. As pedras conservadas por Raúl Rodríguez, o propietario, podían ser efectivamente a pía ou alxorxe e a mola olearia dunha almazara (Fernández de la Cigoña, 2003), pero é arriscado facer conxecturas ó respecto pois as plantacións de oliveiras para produción de aceite, aínda que perviviron nalgúns lugares da provincia de Ourense, foron prohibidas en Galicia desde a época dos Reis Católicos (Cid Babarro, 2009). Agora temos outros muíños de vento xigantes, os xeneradores eólicos, no *Pedregal*, na *Muralla*, na *Lomba das Pozas*. Están no Canto XXXIV do Inferno de Dante que cre ver ó mesmo Lucifer entre as néboas daquelas latitudes, baixo a forma dun gran muíño que fan xirar os ventos. Ofrecémoslle ás empresas eléctricas o chan, o aire, a liña do horizonte e por riba pagámoslle pola electricidade que producen á nosa costa. O negocio é redondo. Son os vellos muíños de maquiá, ó grande, e os maqueiros seguen a ser os de sempre. Pero meténdonos en fariña, e volvendo ó rego dos muíños, é palabra que vén do latín serodio MOLINUM, abreviatura de

SAXUM MOLINUM, que designaba a moa (de MOLERE, ‘moer’). En Teaio **A Muíña** ten esa etimoloxía. A *muíña* é a casca miúda do cereal cando se aventa.

Os muíños de Dodro son de río, os máis usuais en toda Galicia. Hai catro ou cinco ducias nos regatos do concello, case todos en ruínas, aínda que algún se restaurou nos últimos anos. Son hidráulicos e aproveitan por tanto para movelos a forza da auga. *O Muíño troula, troula. A auga faino troulare...* Dous son os tipos fundamentais, os máis deles son de canle que é o conduto de pedra polo que discorre a auga, e os outros de pozo ou cubo, un recipiente onde se acumula para aproveitar mellor a súa caída. Nos dous casos a corrente move o reducio que fai xirar o eixe e este move á súa vez a moa ou capa que tritura o gran contra unha pedra fixa, o pé. *A foriña* xa moída recóllese nunha caixa. A secreta enxeñaría dos muíños foise perfeccionando a través dos séculos con infinitos elementos que non podemos describir aquí: farneiro, quenlla, moega, tenxadoiro, segorela, feridoira, vara, buxa, argolas, ra, traque, ollo, sartego, inferno, aliviadoiro... Moitos muíños eran de varias casas. No Catastro de Ensenada chámanse *de hermandad, sin maquila e de pedra negra* (os máis habituais, pois os de pedra branda ou *albeiros* empregábanse para moer o trigo). Nos cupos e documentos das herdades especificábase que días da semana e a que horas se podía ir moer a eles, así de día coma de noite. Outros eran de maquí e entón había que pagar unha cantidade en gran ou en fariña por usalos.

Subindo desde *O Pozo Bastón* cara a aldea de Bustelo polo río do *Treito*, ó que os de Bustelo lle chaman río de *Bouzas* na parte alta e río dos **Muíños** máis abaixo, temos **O Muíño dos de Xesús, O do Agro Novo** que era de cubo, **O de Ventura, O do Carballo**, tamén de cubo e **O de Francisco**. Despois virían **Os Muíños Vellos** que compartían veciños de Bustelo e de Campelo, do outro lado do río, **O dos Lagarios** (Olegarios) e outro **De Ventura** que xa estaría nas leiras de *Bouzas*. No rego de *Pena*, cara o nacente de Bustelo, en Crebantavaras (de CREPARE, ‘crebar’, e de VARA) hai **O Muíño de Carme de Pedra**. No rego de *Manselle*, que se chama río *Figueiras* no Catastro de Ensenada, o pri-

meiro é **O do Señorito** ou **De don Pepe** (o médico que está na Pensa Nao, antepasado lonxano da nosa familia) de cubo, con dous reducios e cunha presa no *Pozo da Morada*, despois **O do Cubo**, en *Cal de Martiño*, **O da Soutela**, a carón do *Lavadoiro*, **O da Rúa** ou **Suaviña**, **O de Reboiras**, **O de Sar**, **O de Bertiño**, **O de Neto**, **O de Xácomo**, **O do Can**, **O de Rial** na aldea dese nome, e despois dela, **O do Batán**, **O de Chacón**, **O de Figueiras** e **O da Veiga**. Están case todos nos Interrogatorios de Ensenada onde ademais figuran estes outros: *O de Ferreiros*, *O de Somoza*, *O de Figueiras do Medio*, *O da Penseira*, *O do Pumariño*... **O Muíño da Ponte Quinteira** está abaixo do Rueiro. **O Muíño do Bacelo**, en Reboiras, é de cubo e tiña caixa de bolas e gonzo. No rego de Pexegueiro hai **O Muíño do Souto** e **O de Cabanelas**. Lisón Tolosana recolle a historia dun veciño desa aldea que volve de noite do muíño conversando coas ánimas da Santa Compañía, pero non cae na conta ata que un dos mortos da hoste lle dá unha labazada. Hai relatos orais semellantes doutros muíños nosos. No rego de Vigo, que nas aldeas de riba, no Catastro de Ensenada se chama río do **Portancho** e en Dodro río de **San Lufe**, temos **Os Muíños do Portancho**, **O de Ferreirós**, **O de Paizal** e **O de Deza** ata O Rialíño. Á beira das casas está **O Muíño da Aldea**, e despois do salto de lus do *Ribeiro*, viña **O Muíño da Recambariña** ou **Da Crabeira**, **O Muíño da Laxe**, **O Muíño Novo**, **O Muíño do Labego** ou **Do Cubo** (derrubado pola Vía Rápida do Barbanza). En Bustelo había **O Muíño de Taboada** e **O dos Estremos**. Ó sur da estrada temos **O Muíño do Fabeiro**, **O Muíño do Souto**, **O Muíño do Cuco**, **O Muíño da Malladoira** e **O Muíño de Baixo**. Nos interrogatorios de Ensenada figuran moitos deles e outros que xa non existen ou trocaron o nome (*O da Pereiriña*, *O de Susavila*, *O de Tras da Pereira*, *O do Saltiño do Crego*...). Cítanse tamén en Dodro, no *Regato do Covelo*, *O Muíño Redondo* e *O do Covelo*. **O Muíño da Devesa** está nesa aldea, e abaixo dela hai un de cubo, **O Muíño de Valentín**, dos mellores conservados do concello. En Teaio no río de *Carballós* hai **O Muíño de Polo**, **O Muíño de Carballós** (de cubo), **O Muíño de Castaño** (de cubo), **O Muíño da Frevenciña** e **O Muíño de Mariño** (de cubo). No río que baixa desde o


Campo da Chisca ou río da *Arregañada* hai **O Muíño de Riba**, **O Muíño do Freixo**, **O Muíño Pequeno**, **O Muíño de Lixó**, **O Muíño Tellado**, **O Muíño de Baixo** e outro **Muíño de Mariño**. En Bexo hai **O Muíño do Rego de Escura**, e no río de Rial, **O Muíño de Riba**, **O Muíño do Rial de Baixo**, **O Muíño de Avelino** que era de nora, tirado por un cabalo, **O Muíño** e **O Muíño do Petouto** ('outeiro', 'picouto'). No río de Imo ou *da Lavandeira*, temos **O Muíño das Mourañas**, **O Muíño Novo**, **O Muíño da Richalda**, **O Muíño das Señoritas**, **O Muíño Farraco**, ('saco', 'fardel', do lat. FAR, FARRIS, 'fariña'), **O Muíño Cagadoiro** (ademais do significado máis obvio, *cagadoiro* podería aplicár-selle a un saco ou a un recipiente furado que perde o que contén, neste caso a fariña), **O Muíño Vello**, **O Muíño Pontello** e **O Muíño de Lago**. **O Muíño de Fidel** e o do **Regueiro**, agora destruído, están do lado de riba da aldea de Lestrobe. Gonzalo Gayoso Carreira, na monumental *Historia del papel en España, cóntanos* que no ano 1759 estaba en activo no Couto de Lestrobe un muíño de papel ordinario e de estraza, que “polas curtas facultades do seu dono só fabricaba unha pequena cantidade de resmas ó ano”. Puido ter sido o de Fidel pois o outro era de menores dimensións e os outros dous que houbo á beira da estrada eran xa eléctricos. Durante os séculos XVIII e XIX sería o único existente en toda a Terra de Iria e da Arousa ata a fábrica do Faramello. O papel elaborábase a partir de trapos vellos, sobre todo de liño, macerados en lixivia, machacados no batán dos muíños ata deixalos reducidos a unha pasta que se botaba en moldes. Cóntanos o Padre Sarmiento que foron dous galegos, en 1470, os que construíron os primeiros muíños de papel en Basilea e en Alemaña.

Falta o muíneiro, bailan os ratos. A algúns muíños leváronlles a capa ou o pé e as paredes estomballadas son tan só muradellas a carón das correntes faladoiras de noutrora. Aínda así boa parte dos que comentamos mantéñense ergueitos e poderían recuperar doadamente o aspecto que tiveron. Xa non troula a auga neles, o tempo quedou varado nos reducidos oxidados e nas canles de pedra orceladas medran brións, feitas e cou-selos vellos pero todos arrecenden aínda a *foriña* munda e por entre as

fendas das pedras centenarias escóitanse ecos antigos de amores e muiñadas.

MURONOVO

Como **Muronovo** non está recollido no *Diccionario Geográfico de Madoz* (1845–1850) e xa dixemos que a actual estrada de Padrón a Ribeira é de 1864 (proxecto de Celedonio Uribe), temos que supor que a pequena entidade de poboación se orixinou despois desas datas. *Muro* formouse desde unha base prelatina alternante MOR/MAR, ‘paredes, morea’ (Eligio Rivas) pero pasounos desde o MURU latino, para defender as vilas, mentres que PARIES serían as paredes das edificacións. *Novo* veunos do latín NOVU. Hai tamén **Muronovo** en Bexo. ☺☹→



O Muíño de Valentín. A Devesa.

N

Nabal

Nabal é terra onde se sementan nabos (*Brassica napus*), do latín NAPU, planta da familia das crucíferas cunha raíz grosa comestible. Están en Rosalía en máis dun verso: “*Tecín soía a miña tea, sembrei soía o meu nabal*” e no Catastro de Ensenada cítanse entre os diferentes cultivos das nosas hortas. Seguimos a cultivar nabos, pero non aproveitamos a raíz senón as follas, as *rabizas* ou *nabizas*, e tamén os grelos que son os xenos ou renovos que botan ó seu tempo. Á semente das rabizas, e en xeral, se é miúda, á de calquera outra planta, chamáselle *nebiña*, e ha de ser da mesma familia léxica que *nabo*. Nalgúns casos podería haber confusión co tema prerromano NAV – do que xa falamos que ás veces é un hidrónimo e outras equivale a ‘llanura rodeada de montañas’ pero aquí non. **O Nabaliño** está en Bexo, entre Tarrío e Reboiras e no monte de Manselle e **O Nabal** en Tarrío, en Reboiras, en Susavila, en Dodriño e en Teairo. En Bexo hai **O Nabal de Riba** e **O Nabal de Baixo**.

Nadelas

É topónimo de varios lugares da provincia de Lugo, e na parroquia de Queiruga, en Porto do Son, está Porto Nadelas. Torres del Río na *Toponimia do Concello de Porto do Son*, citando a I. Cajanto di que procede de NATELLA, ‘filliña’. O noso **Nadelas** está en Eiró. Quizais algúns deles sexan mananciais ou fontes onde as augas nacen.

Naranxo

A laranxeira foi árbore traída de oriente polos árabes. O nome chegounos desde o persa NARAG. As fabulosas *laranxas da China*, por máis que reais, formaron parte tamén do xardín frondoso das árbores imaxinarias. “Naranjas chinas, limones agrios, la popelina del boticario” foi letanía exótica cantarexada polas eiras vagantías. De facérmolle caso ó refrán, nestas terras as laranxas son un dos praceres nocturnos prohibidos: *Pola mañá ouro, pola tarde prata. Pola noite mata*. O cardeal Jerónimo del Hoyo, cando visita o arceprelado de Iria no ano 1607, fala de que é terra na que se dan moitos limóns e laranxas, e algunhas limas. Eladio Rodríguez di que eran moi saborosas as laranxas da comarca de Padrón e que viñan navíos ingleses e franceses a mercalas a Galicia nos séculos XVI e XVII. **O Cruceiro do Naranxo** está en Dodro, **O Naranxo** é topónimo de Castro e de Pexegueiro e está no Nomenclátor, aínda que non é forma normativa. Nas soidades de Deíá, en Mallorca, onde empezaron a ver luz estas follas, soñou o poeta Robert Graves cunha ninfa das laranxas.

Navenlla

O topónimo **A Fonte Navenlla** (ou *Fonte Navella*) estaba na corredoira que ía de Rial a Sar e baixaba por ela unha enxurrada de auga nos invernos. En Paizal queda á man dereita do río. Eligio Rivas (*Niveis primitivos*) explica *nava* como tema preindoeuropeo co sentido de ‘lugar llano entre montes’, a partir dunha raíz NAB-, ‘auga’, con alternancia na

vogal. Non ten dúbida en que é tema hidronímico. En portugués *navalhao* é ‘terreo húmido, de herba, entre searas’. Para Joaquín de Santa Rosa de Viterbo, no *Elucidário*, “*nava*” é “campo raso cercado de bosques” e cita *As Navas de Tolosa*. De seguirmos a Joaquín Caridad tería relación co nome xermánico Ana, con perda do “A” inicial, como ocorre en *Ponte Nafonso*. Noutra publicación de Eligio Rivas (*A auga na natureza*) esténdese sobre a partícula indoeuropea ANA, ‘auga’, que está no Guadiana e noutros ríos e puidera estar na nacencia da nosa fonte. Cita unha *Anna Velha* en Olhao (Portugal). *Fontana* no *Gran Diccionario Xerais* é “construcción para facer saír a auga”. *Fontana vella* podería ser outra posible explicación.

Nespras

As nespras, nésporas ou avespas (*Vespa vulgaris*) son insectos semellantes ás abellas pero que máis raramente viven en comunidade. Os topónimos **As Nespras**, **A Fonte das Nespras**, **As Nespras do Campio** e **As Nespras do Medio** están abaixo da *Cuca*, no monte de Manselle. A nespereira (*Mespilus germanica*), é unha árbore cultivada que lle dá nome a outros topónimos galegos semellantes, pero por aquí non existe en estado silvestre.

Niveiro

Dinnos que **O Niveiro** era o alcume dun médico de Manselle e que estas terras no monte da aldea debían ser del. Os *neveiros* eran pozos rudimentarios feitos en lugares umbríos nos que se gardaba a neve nos invernos, acuñándoa ben no fondo ata deixala empedernida. Despois cubríase con feitos ou palla de maneira que se conservara ata á época estival para ser empregada na conservación dos alimentos ou na elaboración de xeados por parte das castes máis acomodadas. Aventuramos que o alcuño do médico lle viñera de aí, de que tiña *niveiros* no monte, pois se ben é certo que


aquí neve non temos, podería traerse doadamente dos altos de Bustelo e do Treito onde son máis frecuentes as nevaradas.

Nogueira

Do latín vulgar NUCARIA, e de NUX, noz. De nome científico *Juglans regia*, é árbore apreciada pola súa madeira en ebanistería e polos seus froitos, as noces. Dicía Plinio que a sombra da árbore era tan espesa e densa e producía dores de cabeza, crenza que segue existindo aínda hoxe entre os nosos veciños. Está o topónimo **A Nogueira** ó pé da aldea de Pe-xegueiro, en Castro e tamén nos versos finais dos “Arquivos da infancia” de Eusebio: “*Todo isto recordo/ como se aquela hora/ contemplase ao abrigo da nogueira/ ou nos ollos dun neno que amañece dormido*”.

Nordés

Nordés son leiras en fronte de Paizal, no sopé do monte *Valouta*, preto do *Casote do Rueiro*, orientadas cara a ese punto entre o norte e o leste cardinais. O nome terá que ver co vento así chamado que é predominante en Galicia sobre todo na primavera e no verán. Os labregos e mariñeiros galegos eran xa peritos en ventos e climatoloxías antes das predicións do *Meteosat* e coñecían (amais do *nordés*, que lle deu nome a unha importante revista de poesía dos anos oitenta e noventa), nortadas e coriscos que tollen e aterecen, ventos ávregos, travesías salgadas que ventan dos crepúsculos, terreiros ventos soáns, vendavais toleiróns, suradas mornas... Velaí unha copla que nos achega a sabencia popular: *Asubía que vai vento/tamén eu asubiaba/cando era do teu tempo*. Todos os poetas falaron co vento. Na casa dos poemas de Rosalía ten abertas de par en par portas e ventás. Eusebio deixounos recado para el: “*Dicede-lhe ao vento que me aguarde/(nunha) rua qualquer/em qualquer nubem/de ca para lá, ouvindo/como lenta música as últimas/voces do estío*”. ☺→




Outeiro

Outeiro é unha pequena elevación do terreo, unha lomba ou unha pena, rocha grande que sobresaen nunha zona rechán ou no alto dun monte. Chéganos desde o latín ALTARIUS, a partir de ALTUS, 'alto', e está moi presente na toponimia. **A Revoltiña do Outeiro** e **O Outeiro** están en Imo; **Os Outeiros**, **Os Outeiros de Pinas**, **O Outeiro Merendeiro** (do lat. MERENDA) e **O Outeiro de Isón** (para E. Rivas Iso, Isorna, Ézaro... orixínanse desde a partícula hidronímica IS, que lembra co seu son o correr das augas) están na aldea de Bexo. **Os Outeiros do Castro** son desta aldea. **Sououteiro**, **O Portelo do Outeiro** e **A Arregañada do Outeiro** son de Teairo. **O Outeiro de Parente** (se o significado é o que parece, directamente desde o latín, 'pertencente á familia') está en Manselle, **O Sisto dos Outeiros**, en Pexegueiro; **A Revolta dos Outeiros**, en Paizal e **O Outeiro dos Corvos**, en Lestrobe. **Os Outeiros do Aire** están arriba de Sar; **O Outeiriño** arriba de Eiró; **O Agro dos Outeiros**, no monte de Tarrío; **O Outeiro** e **O Alargo do Outeiro**, en Reboiras; **O Outeiro** en Revixós; **Suouteiros**, **O Outeiro da Casota**, que podería indicar un xacemento me-

galítico, a mais **Os Outeiros do Tren** (pedras con trazos que semellaban as vías), en Bustelo do Monte.

*«Detrás do outeiro da pedra furada había unha viña
que o vello plantara. Veu a craba e roeu a viña que o
vello plantara detrás do outeiro da pedra furada.
Veu a corda e atou a craba que roera a viña que o
vello plantara detrás do outeiro da pedra furada.
Veu o lume...»*

Nunca demos co final desta historia de berce, interminable. Quedabamos antes durmidos ó pé dos outeiros brancos do sono. “Branca saía (a lúa) tras dos outeiros” en Rosalía, que alá no alto das súas queridas Torres de Hermida tiña tamén un **O Outeiro Blanco** co que soñar. ©

P

Padiño

Pode ser antropónimo medieval, en Bexo, onde temos **Padiño, Padiño dos Leandros, Padiño dos Morenos, Padiño de Baixo e O Aagriño de Padiño**. *Padinho* é topónimo portugués e supónselle esa orixe. Cóntanos Cunqueiro que Roldán tivo amores cunha serea, que pariu un neno nas praias de Sálvora, e por ser fillo do Paladín Roldán, foi coñecido como *Palatinus*. Del descenden os Padíns galaicos e os Mariño de Lobeira. Hai outras versións. Sempre as hai.

Padronelo

O **Padronelo** é o monte que está detrás da aldea de Imo. A estas alturas aínda está por dilucidar a etimoloxía de Padrón coa que debe estar emparentado este topónimo que se repite en diferentes sitios de Galicia e do norte de Portugal. Perdeu peso a teoría de López Ferreiro de que o nome procede do *Pedrón*, a ara romana á que quere a tradición que se atara a barca apostólica, pero non hai dúbida de que algúns microtopónimos con ese nome están asociados con aras ou miliarios romanos e en ocasións con

dolmens (Monteagudo García, 2005 e outros). En Chaves dez cidades da Gallaecia bracarense levantaron o *Padrão dos Povos*, na honra de Vespasiano, o emperador que lle concedeu a cidadanía romana ós habitantes de Iria. Para outros autores podería facer alusión a *pedras de término* (estudadas por Ferro Couselo), grandes marcos que delimitaban terras ou comarcas. Consérvanse tres exemplares do século XII no concello de Padrón (Guitián Castromil e Guitián Rivera, 2001). Na inscrición da que se atopa ó norte da aldea do Pedroso, nun lugar no que conflúen catro parroquias e dous arciprestados, podemos ler: “Ano de 1156 no primeiro día das calendas de setembro coa autoridade do Emperador e de todos os asistentes poño este *pedrón*”. Cecais a procedencia do nome veña de ser a vila do Padrón Santiago (como *cortem de villa Patrono* figura nunha doazón do rei Ordoño II no ano 912), pero esa desde logo non pode ser a orixe do noso *Padronelo* nin a de moitos outros. Menos probable parece que sexa topónimo oronímico, paraxe onde abundan grandes pedras e rochedos, aínda que en Padrón hai un enorme outeiro sobre o que se edificou o Convento do Carme (Cabeza Quiles, 2008). Quédanos por comentar a opinión que defende o prestixioso filólogo Joan Corominas de que son sitios onde hai encrucilladas, cruces de catro ou máis camiños (o *quadrivium* do latín clásico, o *carrefour* francés), do celta *petru*, catro. No alto do monte crúzanse o *Camiño Real* que ía da Chisca a Bexo co camiño que sube a Teairo. No *Tumbo de Santa María de Iria* hai un *Paderne*, que xa non se conserva, na veiga de Lestrobe. **A Poza do Padronelo e O Padronelo de Riba**, os nosos Padróns pequenos, están ó pé do monte da *Cruz do Abelán*. Ir ó *Padronelo* para os de Imo é facer a derradeira viaxe, porque na aba do monte teñen o camposanto.

PAIZAL

Paizal é o nome dunhas das aldeas de riba, na parroquia de San Xián de Laíño e **Peizal** son leiras de labor en Dodro, á beira do Ulla. O *paínzo*, como xa dixemos, deu en se chamar *milló miúdo* coa chegada do millo americano. Agora, ónde vai que non se bota. Son moitos os que se lem-

bran del e din que se parecía ó alpiste dos paxaros. O pan de broa antes era de paínzo. Abelardo Moralejo, que estudou en detalle a os topónimos galegos sobre o cultivo dos cereais, relaciona o nome *panicum* con PANIS, ‘pan’ e co verbo PASCII, ‘alimentarse’, de maneira que sería tanto coma “cereal de pan para comer”.

Palleiro

Palleiro é un gran montón de palla (do latín PALEA), de forma cónica que se fai despois de mallar. Tamén os había de herba seca. Deixalo ben ergueito e equilibrado, sen que quede penso, ten a súa ciencia. **Os Palleiros** están en Teao e abaixo de Pexegueiro, do outro lado do río que era onde se poñían. Érguense coa palla xa trillada ou coas canas do millo, en facendo a milleira.

Cinco Palmos

Ó leste da aldea de Tallós está **Cinco Palmos**. O palmo era unha medida lineal, a distancia entre o dedo pequeno e o polgar, pero usábase tamén como unidade de superficie e para cubicar madeira, con distinto valor en cada comarca de Galicia. Aquí puidera ter sentido metafórico e un punto irónico por mor da escasa superficie do predio ou da edificación, pois queda aínda unha pequena casa de pedra. No *Tumbo de Santa María de Iria*, as herdades desta igrexa en Lestrobe mídense en *margees, cóvedos e varas*. Ata que se implantou o Sistema Métrico decimal no século XIX usáronse patróns antropométricos: palmos, cuartas, pés, leguas....

Palomeira

É outro dos topónimos cos que nos agasalla o *Castro de Traxeito*. Nun espazo reducido, arredor del, atopamos máis de dúas dúcias de nomes o que dá idea da súa intensa ocupación ó longo dos séculos. Este **Palomeira** está na fondura da encosta, á beira da estrada. Estudámolo á parte de

pombal, que veremos máis adiante, porque hai autores que defenden a procedencia desde unha base prelatina PAL, ‘pradeira inclinada e escarpada’ (Hubschmid, en *Enciclopedia Ling. Hisp.*). As formas correctas galegas referidas ó lugar no que viven as pombas serían *pombar*, *pombeiro* e *pombal*, a partir do PALUMBA latino. Rosalía usou indistintamente *pomba* e *paloma*, *palomare* e *pombal*. Corominas pon en relación o topónimo catalán *Palomeres* con lugares nos que se apostaban os cazadores de pombas trucazas (Bruguera i Ligeró, 2006).

Panasqueira

As terras onde abunda o *panasco*, que Aguirre anota como “terrón seco”, son *panasqueiras*. Outros dicionarios apuntan a idea de que se pode queimar para usar a cinza como fertilizante. Tamén está como prado ou como ‘herba basta e áspera que se usa para pasto’. *Panascaes* no *Elucidário* son campos cheos de herba que se non labran. Menciona Sarmiento a palabra pero pouco sabemos da súa orixe, aínda que Corominas faina proceder do latín PANNUS, pano. **A Panasqueira** está na veiga de Lestrobe.

Parada. Paradela

A Paradela, no monte, á beira do rego de Manselle, é descanso no camiño á Chisca. **As Paradas** detrás da Aldea da Igrexa, no Rueiro e **As Paradiñas** en Eiró, formaríanse a partir de PARATA, ‘parada’, descansos orográficos. Están asociados case sempre con antigos camiños. No *Elucidário* hai un significado curioso que ten que ver cun privilexio medieval, o “dereito de parada”, polo que os señores podían perseguir os servos e *paralos* lonxe das súas xurisdiccións.

Paradegua

O **Alto da Paradegua** e **A Paradegua**, están no monte de Bexo, na divisoria actual entre Dodro e Rianxo. É atalaia magnífica, lugar privilexiado no que as diferentes civilizacións que por aquí pasaron foron deixando as súas marcas coma os canteiros nas pedras. A uns poucos metros vense as murallas imponentes dos *Castros de Bexo* e as mámoas da *Fonte do Ouro, O Tombo*, no concello de Dodro, e do lado de riba as de Rianxo coroando o espiñazo requeimado do monte de Burés. Por aquí debía transcorrer algún desvío da *Vía per loca marítima* pois era o paso natural para o Barbanza, xa se viñera de Laíño ou de Rois, aínda que non o contempla ninguén nos seus estudos. Sarmiento percorreu estes camiños debullando coma unha ladaíña os nosos nomes pero non citou este. Pola Paradegua, no *Alto de Bexo*, pasaba o vello *Camiño Real*, no que a sombra de Xanquinto amedrentaba os camiñantes (José Antonio Durán: *Crónicas*). As historias sobre o bandoleiro mítico, que inmortalizara Valle Inclán no *Jardín Umbrío*, permanecen vivas na memoria dos de Laíño. Enfrontouse a el *O Artilleiro*, que foi da nosa estirpe, diante da taberna de Tallós, a pistola. Na *Toponimia de Catoira* cita Gonzalo Navaza *Fondegua e Portodeguas*. Talvez o primeiro elemento do noso topónimo sexa PARA, ‘pedra’, que se repite en moitos outros lugares do país (*Parafita, Paradanta, Paracova...*) e nese caso estaríamos diante dunha “pedra de eguas”, unha laxe cun petroglifo perdido con grabados de eguas ou cabalos. Aínda que foron un mesmo territorio ata mediado o século XIX, puidera servir como *pedra de término*, marco de separación entre o val do Ulla e as terras de Rianxo (J. M. Piel cita un *Padrao de Légua* en Portugal). Máis improbable é que fora unha “parada de eguas”, descanso para as postas, lugar de recambio para os animais fatigados despois de subir a costenta xepadeira, ou unha parada de sementais, que as había. *Egua* formouse desde o latino EQUUS, pero CABALLUS semella ser de ascendencia céltica, e quizais pararan tamén aquí as eguas romanas para ser cubertas, non polos ventos mareiros do océano como nos conta Plinio,

senón polos garañóns poderosos que brincarían ceibos nas faldras penedías dos castros de Bexo.

Parafita. Paramiñatos

Aínda que nalgunhas ocasións este topónimo se asocia con menhires do período megalítico ou con miliarios romanos o máis habitual é que sexa unha pedra fincada, chantada no chan (lat. PETRA FICTA) cumprindo a función de delimitar unha comunidade ou un territorio. Sería entón **Parafita** un marco de término, no camiño que vai desde *O Alto de Ribada* ata Castro. O certo é que están sempre asociados coa rede viaria romana ou medieval. **Paramiñatos**, onda o serradoiro de Teaio, debe de ter a súa orixe tamén no PETRA latino. O miñato (*Buteo buteo*) é a máis común das nosas rapaces.

Paramos

O substantivo *páramo* designa un terreo alto, sen vexetación, chan e moi venteado. Pénsase nunha xénese prerromana, despois, do latino PARAMU. **Paramos** é nome de Traxeito. Está pouco representado na toponimia maior pero debe de abundar na microtoponimia, e na memoria quedáanos o das Bronté, desacougante, arrecendente a breixos e queirogas.

Paredes. Pardellas

As Paredes están na veiga de Manselle, e son topónimos referidos a restos de construcións en ruínas. Chegou a nós desde PARIETE, en latín. **As Pardellas** e **As Pardelliñas** de Bexo terán tamén que ver con paredes, paredóns ou muros derruídos. *Pardelleiro* e *pardiñeiro* valen por casarelos arruinados e estartelados. No dicionario, Aguirre, chámalle *pardiños* ós canteiros.

Parolada

Botar unha parolada é ter unha conversa intrascendente, palicar, falar por falar, pero quizais o topónimo **Parolada**, de Salvanxe, sexa alteración de *Paralada*. *Pedra lada*, *petra lata*, que figura en Sarmiento. Na opinión de J. L. Pensado trátase dun arcaísmo no que está presente o adxectivo LATUS, substituído despois por *amplus*.

Pasante

Díaz Fuentes na *Toponimia de Sarria* entende que a forma correcta sería *Espasande*, a partir dun posuidor medieval, *Espasandus*. No noso caso, coma outros topónimos con significado próximo: *Paso*, *Pasaxe*, *Pasal*, *Pasadoiro*... **O Pasante** terá que ver con *pasar*, do PASSARE latino, pois está no alto de Castro, a carón dun camiño ó que se accedía desde a aldea polo *Portelo do Castro*.

Patrimonio

Patrimonio é o conxunto de bens que herdamos dos antepasados. **O Patrimonio** (do latín PATRIMONIUM) está de riba da aldea de Castro. En Dimo (Catoira) cítano tamén Gonzalo Navaza, referido a propiedades herdadas en oposición coas compradas. Nós temos arriba de Tarrío *Comparede* (terras mercadas) mentres que estas que tratamos serían do patrimonio familiar.

Paxareira

Entre Reboiras e Vigo, na aba do monte, preto de onde estivo o campo de fútbol de *Morazón*, no ano 1963 inaugurouse unha granxa cinexética que criaba perdiz vermella, colín de Virxinia, colín de California, faisán común e faisán inglés. Desde aquela pasou a se chamar **A Paxareira** (do latín clásico PASSER, ‘gorrión’, ‘pardal’, e xa na lingua vulgar PASSAR, ‘paxaro’). Nós mirabamos as aves exóticas desde fóra da redilla sen espentenexar,

con ollos arregalados, e soñabamos, coma o *Papageno* de *A Fruta Máxica*, con telas tamén nas nosas xaulas e gaiolas. A fins dos anos sesenta trouxeron corzos e cervos. A Arca de Noé. Hoxe dedícase a outros usos do común e fíxose unha gardería para os meniños. Ás veces algún distráese, e pinta nos cadernos de raias paxaros que non son deste mundo de brañas e lameiros.

Pazo

Os pazos galegos construíronse, como se sabe, sobre todo en época barroca, nos séculos XVII e XVIII e moitos deles parten de construcións medievais anteriores. En realidade proceden case sempre das mansións e das *villas* romanas do Baixo Imperio. O pazo é a vivenda por excelencia da fidalguía galega. Tanto *pazo* como *palacio* formáronse a partir do PALATIUM latino, ‘mansión señorial e suntuosa’. O nome venlle do primeiro que o emperador Augusto tivo nun dos sete outeiros de Roma, o *Palatinum*. *Palacio* é tamén forma galega culta, aínda que non frecuente. Decía Otero Pedrayo que acaso os pazos galegos lembrasen as feituraas do compostelano de Xelmírez. Esta ribeira do Ulla é terra de Pazos, de señoriais torreóns asentados nas abas e cotarelos dos nosos montes. Os pazos de *Os camiños da vida* miraban todos para o pór do sol. Os nosos descansan nas ladeiras mornas do mediodía, á raxeira do sol, ollando cara ó sur, coma se esperaran a chegada inminente de alguén polo mar da Arousa. Na primeira publicación por entregas da obra de Valle Inclán *El Embrujado, Comedia Bárbara en tres jornadas* (1912), don Pedro de Bolaña baixa pola gran escaleira da solaina do pazo “que visten de oro las mazorcas esparcidas por la balaustrada, secándose al sol y oreando al viento de Laíño”. Un ano despois, na edición definitiva, Don Ramón trocou algúns nomes desta beira norte da Arousa polos do Salnés e nesa confusión andamos aínda hoxe, mesmo para o lugar do seu nacemento, sobre o que o escritor de noso, Avelino Abuín de Tembra achegou datos fundamentais. Dámosvos agora algúns dos nomes que tiveron os nosos pazos. **O Pazo de Tarrío (A Casa de Romay ou Do Señorito), As Torres de Hermida (O**

Pazo de Hermida, A Durmida) e O Palacio (O Pazo Arcebispal de Lestrobe) foron recuperados nestes últimos anos. Da Torre de Vigo (O Pazo de Vigo ou A Casa do Marqués) quedan restos das paredes e a capela. Do vello Pazo de Laíño, que estaba abaixo da aldea de Tarrío, no Paso (O Pazo), estas serán as primeiras novas que teñades.



O Pazo de Tarrío.

O Pazo (O Pazo de Laíño)

Abaixo da aldea de Tarrío houbo un pazo antes do que foi dos Balles-teros. Xa non queda lembranza del pero unha lenda esquecida di que un porco ha de encontrar fozando no lugar tesouros soterrados. Conservamos o topónimo: **O Pazo** (O Paso, foi sempre para nós co seseo característico

da zona), onde hoxe está o Colexio Eusebio Lorenzo Baleirón. A Eusebio houbéralle gustado a coincidencia e faríalle graza que agora leve o seu nome o lugar onde tiñan palacio os descendentes do trobador do mar, Paio Gómez Chariño, a quen el cita no seu primeiro libro de versos: “*E é gran coita de morte a do mar*”. Paio Gómez de Soutomaior era tataraneto daquel primeiro señor de Rianxo que lle gañou Sevilla ós mouros. Tiña torre en Rianxo, no Castelo da Lúa, e en Lantaño, pero debía ter tamén o seu pazo na nosa aldea de Tarrío. Corría o ano 1403 e cóntanos Ruy González de Claviño que Paio foi enviado á corte do Gran Tamerlán, no corazón de Asia, con outros cabaleiros de Castela e regresou con dúas princesas que alá tiñan cautivas, como agasallo do Emperador dos mongois para o Rei de Castela Enrique III, pero namorouse dunha delas, María de Grecia, e ocul-touna das iras do rei en San Sadurniño, en Cambados, e cecais aquí, no seu Pazo de Láino, e refuxiaríanse os amantes entre os escuros loureiros e as abeláns. O Romance do Conde Láino, o *da barba orballada*, que citamos máis arriba debe referir eses amores. A historia andou en boca de trobadores e xogares que lle dedicaron doces versos e mesmo o poeta Celso Emilio Ferreiro escribiu sobre o tema. Herdou Láino o seu fillo, o Mariscal Sueiro Gómez de Soutomaior, que debía ser home de temperamento forte na Galicia convulsa do século XV. No *Recuento de las Casas Antiguas del Reino de Galicia* Vasco Daponte refírenos que era a súa “casa de cuarenta de á caballo y cuatro fortalezas”. Relata noutro lugar como Sueiro alardeaba diante de Gómez Pérez das Mariñas, despois de arrasarlle o seu pazo de Miraflores, dicindo: “cortar e queymar, que no an de ir cortar a Láino” e refire tamén como este se vingou: “fuese a Santiago y tomó gente suya y del arzobispo y fuele a quemar la casa de Láino, y cortole la huerta, y corriole la terra”. Imaxina a escea Álvaro Cunqueiro (*El pasajero en Galicia*): “Quizás una tarde de sol como ésta, en un mayo tan gentil, ardían Manselle, Rial, Dodriño, Reboiras, Lestrobe, Rebixos... y camino de Padrón, Gómez Pérez das Mariñas levantaba la visera para mejor contemplar cómo en las brañas de Dodro y en la verde valiña de Láino todavía humeaban las hogueras de la venganza”. Sueiro debía estar moi seguro da fortaleza da súa casa grande de Tarrío, o que nos pode dar

idea da súa importancia. Se estivera calado... Non ficou pedra sobre pedra, pero ás veces, centos de anos despois, sen que o souberamos, os arados removían os restos das vellas tellas coloradas da casa forte dos Soutomaior. Podemos velas aínda se remexemos nos coudrullas das leiras. Por un foro de 1562 que citamos máis arriba (vid. *Chousa*), sabemos que se conservaba nese ano o nome do *Pazo de Layño*, cinco anos antes de que os Ballesteros construíran o seu, pero tivo que ser derrubado entre o ano 1457 e xaneiro de 1460 en que Rodrigo de Luna trata de compensar a Sueiro pola perda, “por quanto (...) avedes rescebido e recibistes muchos daños en vuestra fazenda, e especialmente vos fueron derribadas las vuestras casas de Laynno e Simes, e robados e presos e rescatados muchos de vuestros vasallos”. Algúns dos documentos medievais que citamos sobre os topónimos estan tirados do *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos* (1457) foron escritos aquí no **Pazo de Laíño**, en Tarrío, e empezan así: “Enos ditos paaços de Leyño...”. E noutra nota: “eno dito lugar de Terrío, que he ena freigresja de San Gíao de Leyño (...) desde lo porto de Souereyra fasta el agua que vén para o paço”. O notario da fe dos foros, doazóns, vendas que o señor destas terras, Sueiro Gómez de Soutomaior, lles facía ós seus vasallos. Fernando Tato Plaza, o autor da edición que comentamos, era amigo de Eusebio Lorenzo e coma el foise novo de máis. *Morre xoven o que os deuses aman*.

O Pazo de Tarrío (A Casa de Romay)

Polo que nos conta Martínez Barbeito (*Torres, Pazos y Linajes de la Provincia de La Coruña*) o fidalgo Antonio Ballesteros del Mazo e a súa dona María Cardama levantaron o **Pazo de Tarrío** en 1567 e fundaron vínculo e morgado con bens que posuían en Santiago e en San Xián de Laíño. Por volta do ano 1666, o do incendio de Londres, ardeu tamén o pazo. O capitán Antonio Ballesteros, Consultor do Santo Oficio e Rexedor da Cidade de Santiago, virouse tolo na súa torre de Tarrío e prendeu lume á casa e ós papeis da facenda, ocasión que aproveitaron os xesuítas para reclamaren que se lles dera en foro o lugar de Chousiños,

preto de Santiago, sobre o que tiña dereito a familia dos Ballesteros, ofrecéndose a duplicar o seu arrendo. A existencia dun contrato do ano 1626 outorgado a favor destes polo arcebispo Frei Agustín Antolínez púxolle fin ó preto. O escudo dos Ballesteros figura na parede norte con dúas béstas cruzadas, unhas vieiras e cinco estrelas en cruz. A familia deu personaxes ilustres. Algúns dos seus membros están enterrados na catedral compostelana e Luís López Ballesteros, do Pazo da Golpilleira en Vila-garcía, foi Ministro de Facenda con Fernando VII, o que usaba *palató*. Ese mesmo rei quedou prendado da beleza da herdeira do Pazo de Tarrío, que pasaba longas tempadas en Madrid. Chamábase Josefa Ballesteros e os retratos da época describena como de “singular donosura”. Era filla de Diego Antonio Ballesteros, alcalde de Padrón, pero o caso é que ela preferiu casar con Bernardo González a quen a historia coñece como Cachamuíña, o heroe da nosa Guerra da Independencia. A pesar de todo, os franceses acabaron entrando no pazo e arramplando co que nel había. A finais do século XIX, cando a familia veu esgotado o seu patrimonio, cambiou de mans. Foi despois dos Romay. Aínda se lle di *A Casa de Romay* e *A Horta de Romay* ou *Do Señorito* á propiedade murada que recorre a aldea de Tarrío de norte a sur. Os máis vellos do lugar sempre dixeron que fora cárcere da *Inquisición*. Seica levaban os presos en ringleira a tomar unha raíña de sol á *Cortiña da Arcai*. Ata os anos sesenta deuse escola nel e fomos nós de nenos, pero daquela era xa unha ruína. Agora o dono é Juan Ramón Quintás, un prestixioso economista que participou na elaboración do Estatuto de Autonomía de Galicia, e a casa volve recuperar algo do seu antigo esplendor. *Outros ecos habitan o xardín*. Hai estatuas de alvarado mármore e rumores de voces recentes nos sendeiros, coma un Bomarzo aquí entre as néboas esfiañadas do Ulla.

O Pazo de Tarrío é un belvedere sobre o dilatado val. Ten planta angular e unha torre cadrangular de amplas ventás, cun potiño e unha cheminea monumental. Nun ameno recanto da horta que dá ó norte da casa, entre pés de herba luisa e limoeiros, coma quen entra no pavillón dun soño, descemos por unha breve escaleira a unha fermosa pérgola de cantaría, enlousada de pedra e cuberta de enramadas latas. Enriba dos

dous canos dunha fonte cantareira que deitan nuns lavadoiros, unha fornela abucinada acubilla a imaxe de San Antón. Xa se sabe que o santo era casamenteiro e as mozas destas aldeas que querían casar atábanlle cunha fita as sacras mans de pedra e rezábanlle baixiño polas noites.

A Torre de Vigo (A Casa do Marqués. O Pazo de Vigo)

Hai unha foto antiga do Pazo que foi dos marqueses Bendaña, na aldea de Vigo. Acaso fora o día do San Campio, a festa grande de Dodro, porque hai moita xente asomándose á balaustrada da torre maxestosa. Antes chamábanlle **A Torre** ou **A Casa do Marqués**, pero como o ditador viñera en ocasións a ela pasou a ser *A Horta de Franco*. No *Pinal do Marqués* facían noite os pascueiros que levaban os cabalos á feira de Padrón. Onde antes había piñeiros mansos xigantescos medrou despois un bosque de acacias negras. Nos primeiros anos da posguerra **A Torre de Vigo** foi desmantelada pedra a pedra e trasladada a Meirás para compracencia daquela corte das marabillas. A balaustrada do Pazo de Dodro dispúxose sobre o muro de contención da explanada que está diante do edificio co que “la vista del Pazo de Meirás quedó así muy mejorada” (*Franco visto por sus ministros*, Ángel Bayod). Sánchez Cantón dinos que había en Dodro unha importante biblioteca que debeu marchar coas pedras. Os canteiros que participaron na demolición lembraban a fermosa fonte e os canzorros cos mastíns labrados no granito. Acaso soñen, alá desde as Mariñas, con volver algún día á pedra matricial dos montes de Dodro de onde foron arrancados. Ángel del Castillo (*Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*) chámalle **Torre e Pazo de Dodro** e di que, aínda que xa existía a principios do século XVI, o edificio fíxose despois en estilo barroco compostelano, dos séculos XVII e XVIII. O *Couto Redondo de Dodro e Lestrobe* foi da xurisdición do Marqués de Bendaña. Martínez Barbeito desenreda a súa xenealoxía que se remonta a don Marcos Fandiño, proxenitor tamén dos señores da Torre de Goiáns en

Boiro. Na segunda metade do século XVII, don Carlos de la Torre Romay e Soutomaior, xentilhome de boca do rei enfeitizado Carlos II, herdou a casa e torre de Dodro e a Torre do Monte en Padrón. A súa filla Xoana casará co segundo marqués de Bendaña, don Xoán Benito Piñeyro e Ulloa. A partir de aí pertenceu a esta familia. Nos cuarteis das cinco pedras armeiras que ostentaba pódese reconstruír a historia do Pazo de Vigo e a de todas as liñaxes que con el emparentan: a flor de lis dos Florín, o enreixado dos Valadares, a torre dos La Torre, o piñeiro dos Camaño, as faixas dos Ribera e a serea nadando sobre as ondas dos Mariño. Xa se sabe que o primeiro da estirpe naceu na illa de Sálvora, da unión carnal dun fidalgo deste reino cunha serea de fermoso rostro. Relátao o licenciado Molina, no século XVI, na súa *Descripción del Reino de Galicia*. Cando Sarmiento chegou aquí polo enlousado *Camiño Real*, deixou escrita a data que veu na entrada: 1643. Resta agora un escudo daqueles cinco inaugurais e os muros da que foi Capela de San Xosé coa bóveda de pedra de cantaría, as cornixas traballadas así coma algunhas ménsulas no interior e unha imaxe moi fermosa do santo co neno Xesús que precisaría restauración. Consérvase a canle de pedra que traía a auga para o pazo desde preto da *Pedra Redonda*. Do lado de riba da horta murada, á beira da Fontenla, un topónimo lembra o lugar onde o señor destas terras administraba a súa xustiza: *A Picota*. Polos interrogatorios do Catastro da Ensenada sabemos que os de Dodro pagábanlle vasalaxe (catro ferrados de centeo, unha galiña e oito maravedís de vellón) e luctuosa cada vez que morría alguén. Hai veciños que lle chaman aínda *O Marquesado da Pernada*, e habería de seguro *marquesiñas*, cos seus peños que endexamais se calzaran. Por iso queda na memoria colectiva dos de Dodro aquel día en que o marqués non puido chegar á misa dominical e perdeu os dereitos, porque fartos dos seus abusos botárono ó río de San Lufo. No *Índice de Pleitos sobre mayorazgos, estados y señoríos* do *Consejo de Castilla*, hai un pleito “sobre tanteo del señorío, jurisdicción y vasallaje”, do ano 1751 entre os veciños de Santa María de Dodro e don Andrés Vicente de Ulloa, marqués de Bendaña.

«Na capela, onde a lentura do barroco prende en ouros ultramarinos e exercita as súas mazás e os seus acios ubérrimos, arrecende a marea baixa, a incenso, a cera (...) Nas súas estancias, cheas de vento e saudade, vibrou un tempo a fidalga voz antiga; as bicudas xerras sargadelas, nun XVIII con frautas e spinettas (...), cando a señorial repostería aromaba a tarde de fornadas (...) ¡Canela de Ceilán! ¡Moscada das Molucas! ¡Fiuncho e loureiro dos ribazos de Rianxo!»

Son palabras Urbano Lugrís, nun artigo sobre o pazo publicado en *El Museo de Pontevedra* en 1956, pinceladas de luz que nos regala o pintor e poeta que debuxou romarías e catedrais submerxidas, pero o torreón soberbio dos marqueses proxectou tamén, coma todos, as súas longas sombras crepusculares, agora difuminadas na distancia.

As Torres de Hermida (O Pazo de Hermida. A Durmida)

As Torres de Hermida están en Lestrobe, na ladeira do monte *San Gregorio* e chámanlle os veciños **A Durmida** (A do Hermida). No Nomenclátor os topónimos con este nome figuran sempre coa forma normativa, sen “H”. Así aparece na lírica profana galego-portuguesa pero nas *Cantigas de Santa María* e nun gran número de documentos medievais, podemos ler tanto “ermida” coma “hermida”. No noso caso escíbese “Hermida” en case todas as fontes que consultamos incluído o Catastro de Ensenada. Mantémolo por tanto.

O edificio está formado por un corpo central e dúas torres laterais presentando na fachada de poente un balcón con balaustrada sobre ménsulas de pedra. Hoxe destínase a turismo rural. Martínez Barbeito explícanos que en 1614 Xácome de Luaces comproulle a un cóengo de Iria a finca chamada *Torre Alta das Ameas* e fundou un morgado que abran-

guía o pazo e máis as súas terras. Xa desde fins do século XVII está vence-llado á familia dos Hermida. Descansaron nel ilustres visitantes coma Gaspar Melchor de Jovellanos. No século XIX Gregorio Antonio de Hermida casou con María Josefa de Castro, filla dos señores de Arretén e tía por tanto de Rosalía, que pasou aquí longos períodos da súa azarosa vida e seguramente se sentiu acollida como en ningún outro sitio. Hai cartas e textos asinados en Lestrobe. En *Padrón y las inundaciones* describe xa daquela a ruína da casa patrucial e lembra os *alegres días* da infancia. Lestrobe foi refuxio e retiro cando morreu súa nai no vran de 1862. O escritor Méndez Ferrín, que califica o enclave como “memoria viva de Galicia” e “santuario do republicanismo” fantasiou baixo a sombra das latas do pazo, alí onde *o pámpano coa rosa se alía*, os amores da nai da escritora co poeta francés Gérard de Nerval. As vidras sarmentosas do enlatado, encastrado nos lenzos da fachada ata a restauración recente, eran dos anos cincuenta. *Uvas e granito*. En Lestrobe naceron os fillos xemelgos de Rosalía, Ovidio e Gala, o 2 de xullo de 1871 e foron bautizados na igrexa de Santa María de Dodro. Pasou na quinta os meses do vran de 1873 e entre 1879 e 1881 tivo a súa residencia permanente na casa dos Hermida. Sabemos que aquí compuxo moitos dos seus poemas. En “Como chove miudiño” segue o curso caprichoso da branca nube, e xogando con ela vai nomeando un por un os lugares queridos: Lestrobe, Laíño, A Ponte, Caldas, Adina, O Souto de Padrón, o Palacio, Valga, San Lois. Para cerrar o ciclo, a viaxe vital remata no útero materno, *A casa grande* da Arretén, agora triste, solitaria, na que se demora en longos versos... Esas son as vistas que nos ofrece o Pazo. Despois herdaría Lestrobe Xosé Hermida, curmán de Rosalía e amigo de Castelao. Debuxouno e describiuno o escritor de Rianxo en máis dunha ocasión coas longas brancas barbas e a mirada alucinada. “Usaba camisas de liño tecidas no país. Mantíñase de leite, de boroa e de sol. Deixou as terras á ventura ou consinteu que a choiva pingase dentro do pazo. As anduriñas entraban a facer niños por tódalas fiestras”. En *Sempre en Galiza* dinos que era “dono do pazo de Lestrove, e da pobreza mais limpa de todo Padrón”. Debeu de ser un personaxe curioso este fidalgo de Lestrobe, retratado por Nicasio Pajares na

novela *Atorrántida* (1929), que tentou entrar na catedral de Santiago armado cunha carabina para matar ó apóstolo, escribía enfervorecidas prosas revolucionarias e louvaba nos seus versos “os contornos indecisos” das viúvas de Padrón. Cántannolo Borobó e José Antonio Durán. Acabou vendéndolle o pazo ó seu curmán Xosé Vázquez Batalla. O 26 de marzo de 1930 celebrouse nas vellas torres dos Hermida o Pacto de Lestrobe, unha reunión clandestina das diferentes forzas republicanas, constituída por máis de cincuenta persoas, entre as que estaban Vilar Ponte, Casares Quiroga, Abad Conde e o xoven pintor e poeta Luís Seoane. Asistiu así mesmo o alcalde de Dodro naquelas datas, Manuel Pérez, dos de Pan, de Imo. O obxectivo era instaurar o réxime republicano e conseguir un estatuto de Autonomía para Galicia. O anfitrión serviu de vixía desde as altas Torres por se había que fuxir cara ó Barbanza. Catro anos máis tarde rendéronlle homenaxe os seus correligionarios e o artista Camilo Díaz Valiño recolleu os nomes dos presentes naquela xuntanza histórica nun cartel ilustrado de inspiración masónica que se conserva no pazo. A República acabou chegando pero a autonomía non, e as aspiracións autonomistas tivo que recollelas de novo, e defendelas despois, o nacente Partido Galeguista. Díciase que Rosalía escribía á sombra dun gran érbedo que había na finca, aínda que a filla Alejandra sempre dixo que non era certo porque súa nai seica lle tiña medo ós lagartos. Marina Vázquez, a actual propietaria, conta que seu pai, fillo do vello republicano Xosé Vázquez Batalla, cando a árbore secou, fixo unha fonda cova e enterrouno con respecto coma se dunha persoa se tratara. Con aquel non tiveran tantas atencións, sepultárono a carón da Igrexa de Santa María de Dodro, pero extramuros do camposanto, fóra do sagrado.

Está Lestrobe na síntese do periplo vital rosaliano por estas terras, nese triángulo máxico de nomes que inicia e pecha o poema do “*ubi sunt*”. “*¿Dónde están?, ¿que deles foi?*”. “*¡Padrón!... ¡Padrón!... Santa María... Lestrobe... ¡Adios! ¡Adios!*”.

Rosebud... Intres antes de morrer, Rosalía pediu un ramallo de pensamentos e mandou que se abrisen as ventás para poder ver o mar, pero estamos certos de que na bóla de cristal que rolou sobre as táboas

puídas do cuarto da Matanza un día de xullo de 1885, ficaron a xirar para sempre as follas louridas das carballeiras de Lestrobe, arremuiñadas polos ventos ávregos da Arousa, arredor da silueta familiar das Torres dos Hermida.



O Palacio. Lestrobe

O Palacio (O Pazo Arcebispal de Lestrobe)

O Pazo de Lestrobe, **O Palacio**, foi a residencia de recreo dos prelados composteláns. A idea foi do arcebispo Bartolomé Raxoi e Losada que era home de grandes empresas. Ordenou levantar o Seminario de Confesores que leva o seu nome na Praza do Obradoiro e pouco antes de morrer tiña en mentes facer un gran canal desde Padrón para levar o mar a Compostela. Despois da revolta irmandiña, o vello castelo da Rocha Blanca en Iria era unha ruína. Raxoi, por permuta de bens e de rendas patrimoniais,

entre os anos 1751 e 1772, decidiu adquirir para a mitra en Lestrobe a casa, a capela e os terreos dos Quiroga, unha familia de Lugo, cerrando todo o recinto con murallas. Outro arcebispo, Felipe Fernández Vallejo remodelou o edificio por completo, fixo unha nova capela comunicada interiormente co pazo e levantou unha fonte diante quedando obrigado a darlle servizo diario ós veciños. No patio celebrouse cada ano a festa dos Afrixidos, arredor do chafarís da fonte coroada por un Santiago peregrino. Os oito tornos cumprían a función de repartir o caudal. Ó pé dela Álvaro Cunqueiro soñou efémeros encaixes de auga sobre as pedras verdedouradas. Cara o suroeste, sobre sete arcos de pedra interiores, levántase unha balconada desde a que hai unha vista incomparable das brañas e veigas de Lestrobe. No alto da fachada do edificio represéntase o escudo de armas do prelado Vallejo que lle encargou as obras ó arquitecto Pérez Monroy. Este trazou tamén a escaleira principal e os retablos da capela. O seguinte período construtivo produciríase no episcopado de Rafael Vélez que mandou abrir unha porta exterior para a capela. Desta época data a imaxe da Virxe das Dores, obra de Manuel de Prado, de formas clásicas e harmónico contraposto, que se converteu en modelo iconográfico do neoclásico galego. No Palacio de Lestrobe pasaron longas tempadas os arcebispos, descansando ou despachando os asuntos eclesiásticos. Aquí morreron dous, Alejandro Bocanegra que viñera para se repor dunha enfermidade en 1782, e o ultraconservador Frei Rafael Vélez, xa mencionado, que escribiu en 1850 o famoso *Preservativo contra la irreligión...* Nun artigo de 1913 (*La Ilustración artística*) lembra a Condesa de Pardo Bazán a vasta cheminea do palacio, símbolo do poder e da opulencia da mitra compostelá, a gran mesa de pedra das merendas e nunha ringleira de asentos, su as latas, imaxina os persoeiros da arcebispal corte agardando departir co prelado, cos ollos entornados, a voltear nerviosos os polgares, mentras a súa ilustrísima, no entanto, vai ensopando o biscoito esponxado, bañado en branco azucre, nunha xícara sostida por unha mancerina de prata repuxada. No ano 1855, coa desamortización, o madrileño Bernardo Arbizu mercou o pazo. Xa no século XX estaba en mans de Manuel Lorenzo del Río, veciño de Padrón, que en 1916 llo volve a deixar en testa-

mento á mitra compostelá baixo unha serie de condicións que desde logo non deberon cumprirse, como que se lle rezara unha misa diaria na igrexa de Padrón ou que en cada aniversario, a perpetuidade, se repartiran duascientas cincuenta pesetas entre os pobres. Agora, restaurado polo arquitecto Fernández Albalat, está convertido en hotel, pero xa antes Rosalía o deixara preservado na campá de cristal dos seus versos: “*I o Palacio, serio e grave, icanto en pura luz se baña! Tal parés pesada nave que volver ó mar non sabe se encallou na fresca braña*”.

Pé

O topónimo *Pé* seguido da preposición “*de*” e acompañado dun substantivo é frecuente na microtoponimia (*Pé da Viña, Pé do Monte...*), e nestes casos equivale a “*baixo de*” ou “*preto de*”. Entre outras moitas acepcións ten tamén a palabra o significado de tronco ou talo, referido a especies vexetais e o de poste ou piar. Son pés os de millo, os que terman do hórreo, que nós chamamos *potros*, as pedras do muíño... Os *pés de boi*, ou *brisos* (*Oenanthe crocata*), umbelíferas que inzan as Brañas de Laíño, son extremadamente velenosas, moi semellantes á mortal cicuta que Sócrates bebeu na noite ática. O topónimo **Os Peñños** está en Teaió, a carón das casas e **Pé Redonda** son leiras de monte, arriba da Vacariza, aldea xa de Rianxo pero con algunhas casas e propiedades no Concello de Dodro. Quizais se refira a unha pena con esa forma ó pé da ladeira. Vacarizas (de VACCARICIA, e de VACCA) eran explotacións de gando vacún aínda que tamén se identifica o nome con lugares que foron curtidoiros, tanoiras. Houbo porto na Vacariza para atracaren os barcos que non podían chegar a Cesures. O nome cítase na *Historia Compostelana* e na *Crónica de Santa María de Iria*.

Pedra. Pedregal. Pedrouso

Todos os topónimos deste grupo formáronse a partir do latino PETRA, ‘pedra’ e son indicativos evidentes das características do relevo. É unha

das palabras que máis representación ten na toponimia de Galicia acompañada as máis das veces por adxectivos ou complementos que a singularizan. **Pedra Facha**, en Bexo, é unha pedra fendida, partida ou escachada. **O Pedroso**, **A Costiña das Pedras**, **O Agro da Pedrosa** e **Pedride** son tamén desa aldea. No cume do monte da Devesa hai **O Alto da Pedra Vixía** (de VIGILARE). **O Pedragal**, **A Pedra Cadeira** (lat. CATHEDRA, 'asento'), **As Pedras de Matachín** (o que mata as reses, do lat. MATTARE, pero tamén, en Corominas, 'danzante popular' do it. MATTACCINO, 'bufón, tolo', con sentido despectivo, alcume) están en Bustelo; **O Pedragal** e **As Pedras**, en Teairo. En Dodro hai **As Pedras**, preto do Ulla, **As Pedras de Boullón**, no río mesmo, e **Os Pedridos**. Les trobe ten **A Pedra Ventureira** (do latín VULTUR, 'voitre') na **Rechanza**, arriba do *Mirador* e **A Pedra Palangana**, (quizais, dinos Corominas, desde o ibérico PALAGA, 'pebida de ouro', polas bacías que empregaban os buscadores das áreas auríferas) cunha oquedade a xeito de almofía, **O Pedrazal** e algúns outros penedos curiosos, que aínda que non conteñan a voz *pedra*, pedras son, coma **A Arca de Noé**, debaixo do *Mirador*, cara o lado de Dodro, talmente unha pétrea barca varada na ladeira do monte, ou **O Escorregadoiro**, unha laxe onda os lavadoiros da aldea pola que se deixaban esvarar os pícaros. Arriba de Manselle hai **Pedra Longa**. **Pedra Arosa** (étimo moi discutido, do que xa se ocupou Sarmiento, acéptase comunmente a orixe desde 'areosa') está no monte de Sar; en Tarrío, **A Pedreira**, **O Pedrouso**, **As Pedras da Arcai** e **O Pedregal**. **Pedras Negras** está arriba da Fonte Primeiral; **O Pedrousiño** en Traxeito; **Pedra Fesa** (fendida) é do monte da Aldea da Igrexa e ten o mesmo significado que a *Pedra Facha* de Bexo ou que pedra gallada. **O Río do Pedragal**, de augas algareiras, vai dar no Té, abaixo de Teairo. Arriba da aldea está **O Pedragal de Teairo**.

Falaba Otero Pedrayo de que había "queixumes non entendidos na soedade dos cotos graníticos" cando os canteiros ferían a pedra para arrancar "a flor do penedo". Arriba de Reboiras están **A Pedrigosa** e **A Pedreira**. Para traballala, á pedra cómpre buscarlle o andar e a da *Pedreira* era branda, cun gran que permitía unha labra moi fina. Contá-

banos nosa avoa Amancia que alá polos anos vinte, mentres apañaban a herba nas brañas de Laíño, resoaban por todo o val do Ulla os picos e as cuñeiras dos canteiros no monte da *Pedreira* e preguntábase aínda onde irían aquelas mans... Non hai resposta para a pregunta eterna do *ubi sunt?* Talvez o único que podemos facer é formular ben as preguntas. Máis nada. Perdéronse para sempre as mans aquelas como se han perder as nosas pero deixáronnos as flores dos penedos nos caligramas da laxe de *Bouzabadín*, nos postes que coma menhires megalíticos sustentan as latas das nosas viñas ou na filigrana barroca dos campanarios, nas balaustradas, nas lumieiras, nos potiños das casas... Tamén se preguntaba Rosalía se serían de pedra os santos do Pórtico, pero xa sabemos que é pregunta retórica, ela ben sabía que non.

As pedras exerceron sempre unha estraña atracción sobre o ser humano, talvez porque vemos na súa materia duradeira a permanencia que nos falta. Pasan unhas xeracións e veñen outras e seguimos a xogar coma nenos cos mesmos seixos na beira dos mesmos ríos, a facer coas casas, cos templos, coas estatuas e coas tumbas, o que fixemos sempre: modelar as duras pedras para deixar nelas a nosa impronta, e movelas, coma Sísifo, dun sitio para outro.

Pedra Redonda

Dinnos que o lugar no que se atopa chámase *A Alla*, supoñemos que pola abundancia de allos bravos (*Allium* sp.). Gonzalo Navaza, na *Fitotoponimia* comenta esa posibilidade para topónimos semellantes. Ovo abisal froito do parto dos montes, **A Pedra Redonda** que está arriba de Vigo, no camiño que vai á *Mina*, é un outeiro ciclópeo, un petón xigantesco puído cara o nacente coma unha esfera celeste. Poñémola á parte porque o merece. Nas proximidades dela atopouse unha cabeza toscamente labrada nun bloque granítico que se conserva no Museo Arqueolóxico de A Coruña, probablemente do período castrexo. *A Pedra Redonda* ten na súa superficie, coma os penedos do *Santiaguíño do Monte* e coma moitos outros, covas ou cazoletas formadas pola erosión das augas, que a tradición

popular quere que sexan as pegadas do cabalo do Apóstolo e noutros lugares de Galicia as marcas que deixou a burra da Sagrada Familia na fuxida a Exipto. O que está claro para as nosas xentes é que as pedras colosais que polos montes paran só puideron quedar varadas neles despois da chuveira bíblica do Diluvio Universal. Terra de xigantes. Ó pé da *Pedra Redonda* os xeólogos non dubidan.

Peixeira

Esta **Peixeira** de Imo, do lado debaixo da *Costa de Ribada* puidera ser *Peiceira*, con seseo *Peiseira*, terreo no que se botou paínzo. A non ser que fora propiedade dunha pesca ou peixeira de Rianxo que viñera establecerse aquí.

Pelai

Con Paio, **Pelai** é unha das formas patrimoniais galegas de Pelaxio, do grego PELAGIOS, home de mar, mariñeiro. Está na *Veiga da Senra*, entre Tarrío e Rial.

Pena. Penal

Case se perdeu a palabra na fala cotiá pero temos *penedo* como pedra grande ou rochedo, e *penal* que designa as lousas que tornan as augas nos tellados ou cada un dos testeiros dun hórreo ou dunha casa. Pena, é voz de raiceiras celtas, de PENN, ‘pedra, cabo, alto’ ou de *pinna*, ‘amea, pluma’, que non hai acordo aínda sobre iso. Gardounola Aguirre no seu dicionario. **O Alto de Pena, Os Agros de Pena, A Portela de Pena, As Covas de Pena, Os Cotos de Pena e O Rego de Pena** están en Bustelo, **O Monte de Penas, O Miradoiro de Penas** están arriba de Lestrobe e **O Penedo** na mesma aldea. **O Agro da Pena**, é de Teao, onde tamén hai **O Penal**, no medio das casas.

Penceiras

Serían tanto coma “lugares nos que se bota paínzo”, do latín PANICIU, a etimoloxía máis probable e máis aceptada. Outra posibilidade é que se formara a partir de PINU (*pinicea, pinza, pinceira*), como propón J. Piel para *Pinza*, en Viana do Bolo. **As Pinceiras, A Cova das Pinceiras, O Pozo da Pinceira** en Bustelo son aínda hoxe labradíos nos que en tempos se sementaría o cereal. **As Penceiras** de Sar é ben certo que son agora terras de monte pero están a carón das de labor, polo que é fóra de dúbida que antes foron áreas de cultivo. Hai **As Penceiras** en Manselle e en Lestrobe: “Iten o seu quinnon do resío da Prinçeyra” (*Tumbo de Santa María de Iria*). Falaremos de aquí a pouco de *quiñóns* ou partillas porque é nome da nosa toponimia. *Resío* ou *rosío, axeito*, é voz que usamos como espazo exterior pegado a unha casa ou a un muro sobre o que o titular fai valer os seus dereitos, pero antes aplicouse tamén ó terreo que rodeaba unha herdade. Eligio Rivas (2007) pon en relación algún dos nomes que comentamos con terreos en pendente, pensos. Entón serían con “S” que é como nós os pronunciamos: *Penseiras*.

Pensado

A de Pensado é unha paraxe de Revixós. Aínda que parece claro que aquí se está a falar do dono do predio, *pensado*, coma *penso*, do latín PENDERE, ‘pender’, é o que está desequilibrado, en pendente, o que non se mantén horizontal e cae ou carga para a un lado. Escolleu esa metáfora poderosa Anxo Angueira, a da nao que, aínda *penza*, mantén viva a esperanza, como símbolo da resistencia fronte o fascismo.

Pereira

As Pereiras están en Susavila, **A Pereiriña** en Dodro, **As Pereiras** e **Supereiras** en Bexo, **Pereiriñas** abaixo de Tallós, en Castro e en Bustelo e **A Cruz do Pereiro** no Rialíño. Pode que haxa nomes que fagan refe-

rencia a pereiras bravas ou *peros*. Desde logo en Tallós habíaas e en Bustelo hai aínda hoxe vellos exemplares destas árbores no lugar; pero algúns destes topónimos formaríanse desde *pera*, derivado do PETRA latino, sendo por tanto *pedreiras*, *petrarias*.

Perna

Perna de Ovella é nome curioso de Castro. *Perna* chegounos directamente do latín e ovella de OVICULA. Non saben os veciños de onde pode vir o topónimo e nós tampouco, como non sexa que lembrese a extremidade do animal.

PEXEGUEIRO

É unha das aldeas da parroquia de San Xián de Láño na caeira do monte das Casas do Porto, que son xa de Rois e quedan do outro lado. Seguimos o informe da Dirección Xeral de Patrimonio onde se nos fala da “variedade e complexidade das edificacións” da aldea, así como da gran calidade técnica dalguna delas e dos trazos de arquitectura culta que se poden atopar no acabado de piares, potíños, ménsulas ou chanzos de escaleiras. Valórase tamén a posibilidade dunha recuperación integral do conxunto malia que certos elementos como as pavimentacións non respondan xa á tipoloxía popular. No libro do notario Álvaro Pérez (1457) hai un *Afonso Grande de Pegigeyro*. **Pexegueiro** significa “lugar de pexegos” e vén de PERSICUM, aludindo á procedencia da froita. Decía o escritor inglés G. K. Chesterton que os pexegos lle sabían mellor desde que sabía procedían da lonxana Persia. Da aldea de **Pexegueiro**, de *debaixo da Fonte Sobreira*, é German Calvo Bustelo, autor do poemario *Emigrantes*, que soubo das mágoas da saudade na Galicia de ultramar.

Pía

A **Eira das Pías** está no medio da aldea de Bexo. As pías fórmanse de xeito natural nas pedras como consecuencia da erosión, pero as das casas son pedras cóncavas, escavadas polos ciceles destros dos canteiros. Calquera das dúas puido orixinar estes topónimos. *Pía* está en Aguirre como 'pozo' ou 'pilón'. Empréganse para lle dar de beber ó gando ou para botar as sobras da cociña. A maceira do porco e o fregadoiro eran tamén pías de pedra. Os píos foron aquí altos e cilíndricos cunha oquedade para machucar co pisón o millo, o toxo novo ou os carozos. Provéen do latín *PILA*, morteiro.

Picallo

No *Gran Diccionario Xerais* e no de Eladio Rodríguez aparecen *picallo* como conxunto de cousas miúdas e de escaso valor e *picallada* co mesmo significado, que sería moi próximo ó que entre nós ten *ciscallada*. *Picaños* son os restos que quedan despois de cortar madeira nos montes e é tamén un dos infinitos nomes que se lle dá en Galicia á folla do piñeiro. Chámalle así nalgunhas aldeas do Barbanza. En Laíño dicímoslle picóns, picos en Lestrobe, garuma en Rianxo, buízas en Buxán... O topónimo **O Picallo** está para alá de Traxeito, no monte, á beira dos labradíos.

Picho

Cando había marea alta ata **O Pichiño** que está no *Labego*, na beira do esteiro de Tallos, chegaba *O Paguche de Salvanxe* co seu bote de velas brancas cargado de berberechos, tocando o corno polo medio das canaveiras. Cargábaos no carro dos bois e levábaos a vender polas aldeas. A peseta o caldeiro. Tamén viña con eles *Pedro O Montañés* que era da outra banda. En Aguirre del Río *picho* é caño, canal, e procede do diminutivo latino *PICULU*, 'condución de auga desde un manancial'. *Pichel* é unha xerra de estaño coa boca estreita para sacar o viño das pipas.

Tiñan sona por aquí os picheleiros de Santiago. *Espiche* é un torniño de madeira que lle metemos ás perfias para probar o viño antes de abillalo. Hai tamén **O Picho** en Susavila. Ás nosas aldeas de riba viña *O Picho de Cornes* acomerar as vacas, conque podería ser antropónimo, se ben este suposto propietario do que falamos moitos posibles non tiña.

Pico

O Pico do Porto recólleo o Topográfico arriba das Casas do Porto, que son de Rois. Formouse a partir dunha raíz céltica BICC/BECC, da que procede BECCUS, o peteiro das aves. Despois estendeu o seu significado e pasou a ser cume, *punta de pedra* ou *punta dun monte*.

Picota

Derivada do francés “*picot*”, **A Picota** era un piar de pedra ou un poste de madeira, cun burato para poñer o pescozo, no que se azoutaba e se expoñía á vergoña pública a aqueles que incurrían nalgunha falta. Despois das Cortes de Cádiz ordenouse por fin a súa demolición por seren símbolos do réxime feudal, pero aínda hoxe *estar na picota* é estar exposto á opinión de todos. A tradición conservou o nome infausto do cadafalso onde o Marqués de Bendaña azoutaba ós reos da súa xurisdición na aldea de Vigo, do lado de riba da *Torre*, á beira da *Fontenla*. Nas respostas do Catastro de Ensenada exprésase que *posuía a regalía de poñer xuíz* no seu señorío. Castelao cóntanos en *As Cruces de pedra na Galiza* que os cruceiros de capela ou de Loreto de Noia e de Rianxo “lembran a figura dos *rollos e picotas* de Castela – ditos *pelouriños* na língoa galaico-portuguesa –, que moitas veces remataban en capeliñas i eran siños de xurisdición penal ou instrumentos de castigo”.

Píldaro

Descoñecemos cal sexa a orixe deste nome que está en Teaió, **O Píldaro**. Quizais se refira á píldora dourada (*Pluvialis apricaria*) que forma grandes bandadas nos meses invernaís ou a algunha outra ave limícola semellante que se deixara ver pola zona. No Frampas I de Eligio Rivas *píldrón* é o animal que mordisquea a herba aquí e acolá ou a persoa que a deixa mal segada. *Píldra* en portugués, pero tamén entre nós (ou *píltra*), é popularmente leito, cama.

Pinal. Piñeiro. Piñeirós...

O piñeiro do país (*Pinus pinaster*, subsp. *marítima*) é probable que se introducira en Galicia desde o norte de Portugal a partir do século XVI. É o que máis extensión ocupa no noso concello, aínda que nos anos cincuenta e sesenta se repoboou con *Pinus insignis*, o que aquí chamamos *Pino encina*, procedente de California. Máis raros son os *Piñeiros mansos* (*Pinus pinea*), solitarios, de amplas copas, que dan os grandes piñóns. Habíaos enormes en Paizal e queda aínda un. O pinal ou piñeiral substituíu ós soutos e ás antigas carballeiras pero os seus brotes resisten aínda no estrato inferior dos nosos bosques en forma de *noceiras* e *tropezas* que son os nomes nosos das formas arbustivas do carballo. **O Pinal da Braña** está ó lado do esteiro de Tallós e refírese a el Rosalía nun verso que xa citamos ó falar da Braña (“*véxote aló nas brañas, xa no pinar espeso*”) pois non houbo outro na zona. **O Pinal** e **O Campo do Pinal** quedan á saída de Lestrobe, á dereita da estrada que vai a Dodro. **O Pinal da Costa** está no monte *Fontecova*, arriba de Paizal; **Balagón dos Pinos**, preto de Formariz; **Pinos Bastos** (mestos), entre Teaió e a Devesa; **O Agro do Pinal** e **O Agro do Piñeiro**, na Devesa. **O Piñón** de Lestrobe debe facer alusión ó froito, ou como quere J. M. Piel pode ser creación popular tomado de PINIUS que deu un nome persoal, *Piniolus*, común nos documentos medievais. **Piñeirós** está preto da Igrexa de San Xián de Laíño; **Piñeira**, en Manselle, é lugar de piñeiros, pero Aguirre faino sinónimo de *piña* e apunta

tamén *piñeiro*. **Piñeiro de Riba** e **Piñeiro de Baixo** son de Teairo. Todos os que comentamos son nomes comúns na toponimia galega. Máis raro é **Piñoto** en Paizal que non está no Nomenclátor nin nos dicionarios pero si *piñota*, “arrebatiña, alborozo que se produce cando se lle botan moedas ou doces a un grupo de nenos”. Dinos Eladio Rodríguez que a facían os preladados á porta das catedrais ó tomaren posesión do cargo e que de aí procede o costume. Nós chamámoslle *pillota*, pero o noso topónimo seguramente sexa da familia léxica de *piña*, porque *piñota* é o corimbo floral de certas plantas (Estravís) xa que lembra a forma das piñas. Non sabemos se se refiren a ela ou non as *flores do verde pino* ás que lle cantaba Don Dinís. Rosalía, coma el, tamén escolleu para os seus versos *pinos* e *pinares* pero son formas que hoxe non se admiten no galego.

Pinas

O **Monte de Pinas** é o nome xenérico que se lle da ó monte que está enriba da aldea de Sar. **Pinas de Casal** e **Pinas de Alborés** (antropónimo, para E. Rivas orixinouse no preindoeuropeo ALB, ‘altura’, mentres que en opinión de E. Bascuas estaría en relación co radical hidronímico ALBA). **Os Outeiros de Pinas** están na ladeira de *Carboeiro*, en Imo. Na opinión dos especialistas, este topónimo formouse a partir do latín PINNA, ‘pena’, ‘pedra’, e antes do céltico PENN/PINN, ‘rocha’, ‘alto’, que xa comentamos, e non de *pinus*. É monte no que abundan penas, laxedos e outeiros.

Piolla

A Piolla son leiras arriba da aldea de Susavila. O nome pode ter que ver co piollo (PEDUCULU en latín) pola abundancia deles ou denotar terras pobres e ruíns. De feito hai topónimos afíns: *Piollosa*, *Porto Piollo*... Moi abundante na zona é a *Pedicularis sylvatica* ou *Herba piolleira* de flores rosáceas ou púrpuras. *Piolla* é tamén o mofo que se cría na roupa húmida.

Pionxeira

A Pionxeira dá nome a uns prados e humedais na braña de Tallós, abaixo de Salvanxe, á beira do río. O nome fai alusión á abundancia de *menta poenxo* (*Mentha pulegium*), da familia das labiadas, cultivada desde tempo inmemorial polo seu arrecendo. Outra variedade que se pode atopar na zona é a *amenta de auga* (*Mentha aquatica*). Pero sen dúbida a máis común de todas é a *Mentha suaveolens*, *menta brava* ou *mentrestes* que medra á beira de todos os camiños de Galicia. As cultivadas son híbridos. Empréganse na elaboración de infusións, caramelos e licores coma o Píppermint. O noso veciño Luís Aguirre define o *poenxo* como nardo silvestre. Vaites.

Pipa de Barco

A Pipa do Barco está en Teaio. Hai un *Pero Pipa de Leyño* no libro do notario Álvaro Pérez e puideron ser estes, terreos seus. O medio bocoi ou pipa é un recipiente para gardar viño e leva entre nós cincocentos litros. As máis usadas son as medias pipas. “*Barco*” puido formarse desde a raíz céltica BARG/BERG, ‘altura’ que xa comentamos máis arriba. Por haber, hai a posibilidade de que algunha pedra lembre a forma dunha nave.

Poito

Poito ou *pucho* é o becerro ou *xuvenco*, o xato, a cría da vaca, pero descoñecemos cal sexa a relación con **O Poito** que está en Imo, indo para Castro. En *Natureza, toponimia e fala* Eligio Rivas recolle *apoitá* como sinónimo de apóutega.

Polaina

Do francés POULAINÉ, a *polaina* era unha peza de coiro que cubría a perna desde o xeonllo ata o pé para protexela dos toxos cando se ía ó monte. Despois formou parte do traxe tradicional galego. **A Polaina** es-

taba nun arró que tiña esa forma, detrás do *Castro de Traxeito*. Así nolo contaron os veciños dos que tamén recolleemos esta copla: *Polainas, miñas polainas/non me vou de aquí sin elas,/que me preguntan as mozas/todas as noites por elas.*

Pomar. Pormariño

Pomar é un terreo con árbores froiteiras, sobre todo maceiras. En latín POMUM era ‘froita comestible’. O **Pumar** ou **Pomar** foron unhas leiras de millo entre Sar e Rial de Lagoa a carón dun arró con mazanceiras, **Pormariño** é da Veiga de Dodro e **Sipumares** (debaixo dos *pumares*) de Manselle. Hortos de Pomona, a deusa romana dos froitos e dos breves xardíns. *Poma* e *mazá* quedáronnos na arquiña das palabras antigas que nos deixou Aguirre, pero *pomar* non. É topónimo sobre todo de Galicia e da zona norte de Portugal. Hai unha fermosísima canción de Madreus que se titula “O pomar das laranjeiras” e o Diccionario da Lingua Portuguesa de Rafael Bluteau (1789) recolle a expresión “pomareiras mans”, que ben seguro lle había gustar a Rosalía. Onde estaría o Pomar das *campanas* lonxanas que escoitaba?

Pombal

Os romanos distinguían a COLUMBA ou pomba, da pomba brava, PALUMBA. Desta palabra acabaron derivando as pombas comúns, ás que chamamos agora *palomas* usando un castelanismo. As do monte por aquí son *trucazas*, *pombos* noutros sitios. Os pombais ou *pombares* son as construcións nas que crían. Poden presentar diferentes tipos de plantas pero adoitan ser circulares con cuberta cónica ou cunha única vertente a modo de ferradura. Case todos teñen unha cornixa arredor para se pou-saren os pichóns. A primeira representación dun pombal, coma a do primeiro hórreo, está nas *Cantigas de Santa María*. Na Idade Media é frecuente na documentación (*palumbario*, *palumbeyro*, *paumbeyro*...), pero será durante o período barroco cando se produza a súa expansión

sobre todo en pazos e reitorais. Desa época é o magnífico exemplar que temos no Palacio Arzobispal de Lestrobe. Hai outros, no Pazo de Hermita, en Manselle, en Teaio, *O Pombal do Cura* na Reitoral de San Xián de Laiño, os de Imo (os da Casa dos Aguirre, que se din feitos polos canceiros que ergueron a Igrexa de San Xoán, *O Pombal das Señoritas*, *O Pombal da Viña...*), o de Manselle de curiosa estrutura octogonal, o de Castro de planta cadrada con tornaventos, *O Pombal da Xaniña*, *O dos de Mateo* ou *De Teodoro* en Paizal, os de Teaio... De varillas de metal e de madeira, de formas coloniais e modernistas, era o da horta do Brañeiro, na *Banda*. Beatriz Pereiras catalogou vinte pombais no Concello de Dodro. Na toponimia, **O Pombal** está en Lestrobe, onde estourou hai anos o almacén pirotécnico; **O Pombariño**, en Teaio e no Rialiño, e **Tras do Pombal** tamén nesa aldea. Houbo un tempo en que se escoitaban desde as veigas os arrulos e zureos das pombas nos pombares das nosas aldeas. Agora tan só entra e sae o vento polas súas alfiestras derrotadas.

Ponte. Pontella. Pontecela

Desde o latino PONS, ponte, formáronse esta palabra e os seus derivados. *Pontella* é unha ponte pequena de madeira ou de pedra para cruzar un regato. **A Pontella** e **O Agro da Pontella** son da Braña de Bexo e **As Pontellas** de Lestrobe, preto do Sar. Hai **A Pontella** tamén no rego de Pezegueiro, arriba da aldea, por onde cruzaba o *camiño sacramental*. **Pontecela**, abaixo de Imo, polo que nos din, sería unha ponte de poldras ou de pasais. **A Ponte Quinteira** está no rego de *Tarrío*, entre a aldea e O Rueiro. Xa veremos o seu significado e tamén o da **Ponte do Portancho**, en Traxeito. Ceán Bermúdez foi quen primeiro que asegurou que na Ponte de Cesures traballara o Mestre Mateo, que despois levantou o último pórtico do occidente, a semellanza dunha ponte de tres arcos, para que durante séculos pasara baixo eles a marea das humanas xentes.

Porto. Portelo. Portancho

A división infinita do agro galego provocou moitos dos atrancos seculares da nosa agricultura pero tamén esta toponimia bulizosa de valos, arrós e portelos para cruzar por eles. En latín PORTUS significaba ‘lugar de paso’. O porto de montaña sería o sitio por onde mellor se podía cruzar. As Casas do Porto están no límite de Concello de Rois pero o monte que queda cara o nacente delas pertence a Dodro e no topográfico chámase **O Pico do Porto**. O porto de mar é o lugar de entrada das embarcacións. Os ríos vadeábanse polos portos, para o que se dispuñan pasais ou se enlousaba o fondo para pasaren os carros. Os romanos, nalgúns portos, cobraban o PORTORIUM que gravaba o tráfico de mercadorías (Ferreira Preigue, 1988). *Porta*, co cambio de xénero, veu en designar ‘paso nun muro, entrada da casa’ e ‘portelo’ un acceso de entrada a unha propiedade nun muro ou nun arró.

O carballo da portela, ten a folla revirada, que lla revirou o vento unha mañá de xiada. Portelos, portelas, portiños e portiñas son diminutivos que inzan a toponimia menor de Galicia. Velaí van os nosos. Todos son con “O” pechada, sempre que non que se indique o contrario. **O Portancho** que é ‘porto’ ou ‘paso ancho’, PORTU AMPLU e está antes de chegar a Traxeito. **O Portanchiño** son as leiras que están ó lado da **Ponte do Portancho**. **A Cruz do Portancho** era de pedra e derrubouse cando se fixo a estrada actual nos anos cincuenta. Hai dous muíños á beira da ponte, **Os Muíños do Portancho**. Tamén desa aldea son **As Portas**, **A Casa das Portas** (as dúas con “O” aberta), **O Portelo do Agrelo** e **Portedegude**. En Pexegueiro hai **O Portiño da Laxe**; no Rialíño, **O Portelo**, e **Os Portiños** no Bustelo de Paizal. **O Portelo da Arcai** estaba en Tarrío; **O Portelo da Veiga de Eiró**, nesta aldea; **O Portelo de Fontán** e **O Porteliño** son de Reboiras e **A Porta** da veiga de Manselle. En Bexo hai **O Portelo da Laxe**, **O Portelo do Agro**, **O Portelo de Baixo** e **O Portelo de Riba**. **A Porteliña** e **Portela da Camba** están en Imo e **Porteliñas** en Bustelo. En Teaió hai **Trasporto**, **O Portelo do Outeiro** e **Porto Sanguíño** (*Porto Sanquiño*). **O Portelo das Pescas**, en Tallós, vi-

rían vender a xouba as de Rianxo. Ata aquí chegaban as peixeiras coas panelas á cabeza. Recorrían as aldeas repartindo o peixe e levaban de volta patacas, pan, mazarocas de millo. Ás veces facían noite nas nosas casas. **Portorromeu**, para alá da aldea, podería ser antropónimo ou referido á abundancia desa planta olorosa, *Rosmarinus officinalis*, presente nas hortas das nosas casas. Cando, no século XV, o señor de Laíño Sueiro Gómez viaxou á corte do Gran Tamerlán, o emperador das estepas de Asia ofreceulle como presente un testo cunha pranta de romeu. O romeu é especie vulneraria e tonificante, úsase na cociña como condimento e débemola ter sempre preto das cortizas porque é preferida das abellas que son xente caprichosa. Non é mal sitio para botar unha cabezadiña o que nos recomenda Rosalía: “*durmindó antre o romeu i o espriego*”.

O Portugalo ou Portugalo son revoltas do monte de Sar. A cidade de Porto foi primeiro *Portuscale*, topónimo do que naceu o nome do país: Portugal. A antiga *Cale* estaba na marxe esquerda do Douro, na actual Vilanova da Gaia. Aparece no *Itinerario de Antonino*, no *Cronicón* de Idacio e en San Isidoro pero segue habendo desacordo sobre o que ese *cale* significa. Hai quen quere ver a raíz “*cal*” nos *callaicos*, citados en Estrabón e noutros autores clásicos, primitivos habitantes do noroeste, que como se sabe acaban dándolle nome a Gallaecia. Anotaba o Padre Flórez na *España Sagrada*, entre outras curiosas interpretacións, que os gregos lle chamaban *calaico* á cor verde do mar. Tal vez sexa *cais*, ‘embarcadoiro’, pero barállanse posibilidades como ‘rocha’, ‘elevación’, ou ‘canle’, que lle acaerían mellor ó noso topónimo porque está nunha encosta pola que corre un regueiro. Agora mesmo estase a *facér* o desmonte nas toxearas na zona para que pase o *Ave* que vai unir os dous *Portuscale*, aínda que aquí, no noso Portugal pequeniño, parar non para.

Porto, Portelo e Portalaxes están na braña de Dodro. Hai tamén un **Porto**, abaixo da *Brañiña* en Laíño. *Portalaxes* está por fronte da *Telleira de Cordeiro*, ó lado do *Agro da Tella*. As tellas chegaban á outra beira do río en vagonetas e pasábanse nas lanchas. Tamén cruzaba a xente e as mercadorías. Cando se mercaba gando do outro lado as vacas atravesaban a nado agarrándoas pola corda desde as gamelas, coma en Bo-

nanza. Había por tanto un pequeno enclave portuario. A palabra pode derivar do latín PORTARE, ‘portear’, ‘transportar’, pero non habería que descartar que se pagara algún imposto e que fora “*Portaxe*” no canto de *Portalaxes*, ou mesmo *Porto (das) laxes*. Nun documento de 1266, cítase “per portaticum de oeste” referíndose a un *portádego* ou *portasgo* que pagaban as naves ó seu paso polas Torres de Oeste. Podemos ler no *Tumbo Vermello de Lope de Mendoza* de 1435 que os baixéis que pasaban a Padrón, se eran de ferro, pagaban un quintal, e se de sal, un cuarto, e os barcos de peixe pagaban cada un segundo a súa vontade. Á entrada dalgunhas cidades cobrábase a *portaxe*, imposto para poder entrar nelas a vender produtos, e tamén á entrada das pontes. Pagaron pontádego ou fielato os de Dodro na *Ponte de Santiago* en Padrón. Explicao Antonio Fraguas con detalle nun artigo sobre o Catastro de Ensenada: “catro maravedíes por cada cabalería, un real por cada carro cargado de xéneros, catro maravedíes por cada carro de leña e outros catro por cada carneiro ou porco, coa excepción dos días de domingo que son feiras francas”.

Pouso. Pousadoiro. Pousocovo

Pouso e *Pousadoiro* (do latín PAUSA, ‘parada, descanso’, e PAUSATORIUM, ‘onde se para’) serían ‘altos no camiño’, ‘paradas para descansar’, pero non sempre se refiren simplemente a contextos orográficos. Na toponimia maior tivo o significado de *pousada*, *albergue*. Os nosos *pousos* e *pousadoiros* son case sempre valos ou arrós acondicionados para pousar a carga. Acarrexábase a herba desde as campías ou desde a braña comunal, as mulleres na cabeza e os homes ó lombo, en cestos do aro, feitos cunha táboa e con corres de carballo ou de salgueiro retorcidas no lume. Descansábase nos pousos, primeiro no **Pouso da Avesada** e despois no **Pouso da Arcai** se se viña cara a Tarrío. Habíaos tamén en *Solaíño*, no *Pazo*, en *Gradín*, na *Cascalreira*. En Reboiras, quedaba un ó lado do Concello, outro en fronte da escola, e para aquí da aldea, **O Pouso das Melreiras**. En Bexo tiñan **O Pouso do Cancelo**, **O Pouso dos Covelos**, **O Pousiño**, entre tantos outros. Cada aldea tiña os seus, estaban situados á

altura xusta para arrimar o feixe e non ter que volver facer forza para erguelo. No *Elucidário* portugués no *pousadouro* “depón o peso o camiñante ou xornaleiro”. **O Pousadoiro de Aldariz**, os veciños sitúano en Bustelo, vindo do *Treito*, no medio do camiño que baixaba desde Aldariz, que está para alá da *Muralla*, cara a Padrón. Dun lado ou doutro, debía de estar preto da linde dos concellos de Dodro e Rois. Facíanse *manigotos* ou *billardos* de leña de toxo, e baixábanse a vender ás panaderías de Padrón, a patacón cada un, parando a descansar nos pousadoiros. Por Aldariz, *vila Elderici*, antropónimo xermánico composto de HILD/ALD guerra, e RIC, ‘poderoso no combate’, baixábase ás terras do sur do Barbanza. A aldea xa non é do noso concello. Supoñemos que os terreos que no monte levan o nome de *pousos* serían recháns para descansaren os animais ou arrós onde pousar o feixe de batume. **A Pousa, Tras da Pousa e A Revolta da Pousa** son do Rialíño; **O Pousadoiro**, de Formariz; **O Pousadoiro do Medio**, de Bustelo. **O Pouso** é do monte de Manselle; **A Pousa** de Imo; **O Pousadoiro de Ríba e O Pousadoiro do Medio**, de Teaio. **Pousocovo** está en Bustelo. **Pousocovo dos Castros e Pousocovo dos Salgueiros** no monte de Pexegueiro. *Pousacovo* é outra variante. Había pousadoiros, pousos, pousafoles e poios nos camiños, nas fontes, nos muíños, e facían tamén esa función de *pausatorium* as mesas dos cruceiros para pousar os cadaleitos. A acepción está entre os topónimos viarios que estudia Elisa Ferreira Priegue no seu traballo sobre os camiños medievais de Galicia. No *Tumbo de Iria* (López Alsina, 2004), do século XV, cítase un *Juan do Pousadoiro*, ermitán, que *chantou castiñeiros* no *Santiaguíño do Monte*. Xa Castelao falara dos pousadoiros dos cruceiros galegos e bretóns nos que se paraba a rezar un *paternoster* ou un responso.

Pozo. Poza

Pozo formouse a partir do latín PUTEUM, ‘fochanco’. Ademais de nomear unha perforación no solo para a extracción de auga ou unha paraxe máis profunda nun río ou nun regueiro, na nosa toponimia os pozos son tamén

presas, construcións artificiais para empozar as augas pluviais e as dos mananciais, a fin de conducilas ás vivendas ou para a rega dos agros de millo. Coa do **Pozo dos Viturros**, no Rueiro, regábanse no vran as leiras de Tarrío e de Eiró. Había pozos para o millo por case todas estas aldeas. **O Pozo de Verniz** e **O Pozo de Castro** estaban arriba desta aldea. Os de Bexo regaban desde **O Pozo do Rial** ou desde **O Pozo de Sinxeiras**, os de Imo no **Pozo Buguiño** (quizais da familia de *bugallo*, do lat. BACA, ‘baga’ e GALLEA, ‘agállara’, ás que nós chamamos “cocos”), os de Teaio tíñanos nos pozos de **Portarribó** (de RIVUS BONUS), **Fontebarrosa** ou **Carballós**, os de Traxeito estaban no **Pozo de Anterregos** e no de **Revixón** e os de Manselle nos pozos de **Enterregos**. Arriba de Sar había seis ou sete, dous nas **Antas de Granada**, outros en **Mós** e os principais no **Portogalo**. Íase subindo monte arriba, abríndoos un por un e caía a auga a cachón ata chegar ás veigas. Cando se baixaba tapábanse de novo e ende esperando un tempo a que encheran subía outro veciño. As aldeas organizaban perfectamente as quendas, por iso en Teaio lle chamaban a *auga adiada*. Regábase ata ben entrada a noite e de madrugada, asegurando así a colleita de millo mesmo nos anos de máis seca. Eran tempos duros de esforzo comunal nos que todo traballo era pouco.

Pozos e pozas son moitas veces terreos enchoupados por estaren fondos ou situados á beira dos ríos. Nos regos ou en pozas chamadas *liñadoiros* mergullábase o liño para que lle apodrecera a casca e despois dun longo proceso no que se secaba, mazaba, espadelaba e se fiaba na roca obtíñanse as *mazarocas* de fío e as *marañas* ou madeixas que se lavaban aínda nos pozos e se deixaban a clarear. “*Tal como a neve, albeas, / As roupas i as marañas*” (Rosalía). **O Pozo das Marañas** estaba na *Lamela* de Lestrobe. No monte de Manselle había **Os Pozos de Balranco** que eran tres e tiñan lavadoiros. *Enagaban* neles o liño os da Chisca, levábano en billotos e despois íase á tardiña a ver que estivera ben mergullado. **Os Pozos de Aguadelo** estaban no mesmo monte. **Suviñas do Pozo** está en Bexo, **O Pozo** e **O Río do Pozo** son da braña de Dodro. Na braña de Lestrobe hai **O Pozo da Xerpa**, na Devesa **A Poza** e **O Agro dos Pozos**, en Eiró **O Pozo Brañeiro** e en Manselle **O Pozo de Hermisende**, antropó-

nimo xermánico co final en SINTH, ‘camiño’, que como é ben sabido ponlle tamén nome a unha aldea de Zamora na que se fala aínda galego. **Os Pociños** están abaixo de Rial de Lagoa, á beira do río, **O Monte da Lomba das Pozas** en Bustelo, **Os Puzallos** e **A Fonte dos Puzallos**, son puzarcas, arriba de Teairo. **Arriba do Pozo**, **A Poza**, **A Poza de Riba** e **O Pozo Novo** son de Imo. **A Poza**, recova fonda, lamagal, é do monte *Va-louta* e do de Traxeito, arriba da *Globada*. **O Pozo do Rueiro** estaba no medio da aldea de Traxeito, **A Poza da Arcai** abaixo de Tarrío, **O Pozo do Conxeiro** arriba de Eiró, **Sopozo** entre Tarrío e Reboiras, **O Pozo da Brañiña**, no río grande, na braña de Imo, **O Pozo Viturro** e **O Pozo de Cabodeiras** na de Bexo. Eran estes últimos perigosos polas correntes do Ulla. No *Esteiro de Tallós*, á beira do *Pinal* había pozos que se dicía que non tiñan fondo. E non o terían. Explica Méndez Ferrín (*Consultorio...*) que son comúns en Galicia e no norte de Portugal estes pozos ou *pegos* (do grego PELAGOS, ‘mar’), “tan profundos que non se dá chegado ó fondo, mesmo se se lles fai unha sondaxe con sete sedeños” e que “constitúen as portas do máis alá, do outro mundo”. Poderíamos imaxinar aquí, entre os doces ameneiros da braña, nos goios charquentos e nas tremas sen cabo dos esteiros, o cadro de Corot no que Orfeo regresa con Eurídice dos infernos por alagados bosques, a lira na man en alto, perseguidos polas sombras glaucas da morte.

Pozo Bastón

O Pozo Bastón está entre os concellos de Rianxo e Dodro, no río Té, arriba da Ferrería e abaixo de Bustelo. Hai veciños de Bustelo que din que é de Dodro e outros que de Rianxo. Nalgunhas edicións do topográfico está en Dodro pero os de Rianxo sempre dixeron que era seu. Aínda que así sexa, por se acaso, poñémolo. *Bastón* aquí é antropónimo, nome dunha familia rianxeira de vello. O *capitán Bastón* aparece citado nas *Memorias* do Cardeal del Hoyo como fundador da capela de *Nuestra Señora de la Cruz* que precedeu á da Virxe de Guadalupe. Para Corominas orixinouse no italiano *bastione*, ‘bastión, construción defensiva’. Podería ter que ver

co caxato ou bastón (BASTU). Conta a lenda dun soldado do Araño que serviu na guerra de África e coñeceu un mouro que lle dixo que no *Pozo Bastón* tiña el encerradas tres fillas e que lle ofrecía o que quixera se llas traía. Deulle tres bolos de pan e explicoulle o que tiña que facer con eles. Infortunadamente a un dos bolos sacoulle un anaco a muller do soldado cando os levou á casa. Xa no pozo, foi tirando os pans un por un á auga e foron saíndo as fillas do mouro, a cada cal máis fermosa. Como ó último pan lle faltaba unha rebanda, a moza saíu coxa, caeu e na caída arrastrou ás outras que aínda seguen alí. Tamén na fonte do San Andrés de Teixido se bota o pan na fonte do santo e, se afunde, non é boa cousa. San Martiño de Dumio xa predicaba contra os que botaban pan ás fontes (“panem in fontem mittere”). Vicente Risco (1962), cóntanos unha historia análoga na *Fonte de Ana Manana*, abaixo de Ourense, só que en vez de pan, emprégase queixo para tentar romper o encanto. Relata Mar Llinares (*Os Mouros no imaxinario popular*) outra historia recollida en Asados, na que se di que no *Pozo Bastón* afogaban os mozos que acudían a bañarse porque os enfeitizaba unha serea que peiteaba os seus cabelos dourados cun peite de prata.

Prado

Prados e praderías son campías onde medra a herba para o gando. O nome formouse como resultado do PRATUM latino. **O Prado** e **O Prado dos Tarríos** son campías abaixo de Tarrío e do Muronovo. **O Prado** haino en Dodro e na Aldea da Igrexa. **Pradonovo**, **O Pradiño** e **O Pradiño da Veiga** están por Paizal e Rialíño; **Pradonovo** en Traxeito; **Prada** e **A Corredoira de Pradiña** en Castro e en Imo, e **O Pradiño** no monte do Rueiro. No **Prado do Cura**, que é do igrexario (do latín CURA, ‘coidado, atención’), á beira do río de Vigo dise que está soterrada unha imaxe do San Lufo. Hai prados de herba treviña en Rosalía, “*Prados, ríos, arboredas, pinares que move o vento...*”, no poema dos adeuses.

Presela

A Presela son predios situados no desnivel que vai desde Traxeito deica o río. O nome é diminutivo de presa, procedente do latín PRENSUS (“AQUA PRENSA”) e tería que ver con pequenas presas para regar as leiras ou para abastecer un muíño, usando terróns ou pedras para facer un valiño que retivera as augas.

Puntal

O Puntal do Bicaño, na *Insua de Bexo* e **O Puntal da Porca** entre *O Pinal* da braña e o río de *San Lufo*, son topónimos usados polos mareantes do Ulla, pequenas prominencias do terreo ou puntas de terra que se adentran nas augas do río. Procede do latín tardío PUNCTA, ‘ferida causada por arma punzante’. ©w→




Quinteiro. Quintáns

Xa nos detivemos máis de vagar na descrición dese proceso que se desenvolve ó longo da Idade Media polo cal se van formando diferentes núcleos habitables arredor das vilas e volveremos sobre el cando falemos destas. Quintas, quintáns e quinteiros, derivados de QUINTUS, son un exemplo do que falamos. *Quinteiro* é o barrio dunha aldea, un rueiro, un terreo baldío, aberto e público, entre as casas ou nos arredores destas, unha praza ou o corral dunha casa (Aguirre) cerrado cun muro, que todos eses significados ten. En portugués “quinta” é casa de xente rica no campo. Hai unha amplísima explicación destes termos nos comentarios de J. L. Pensado sobre o *Onomástico* de Sarmiento. Como *quintana* tamén é *praza*, xogaba Borobó coa repetición na que se incurre ó dicir *Praza da Quintana*. En realidade, ó perderen os nomes o seu sentido orixinario, idéntica redundancia dáse en centos de topónimos: Rio Sar é tanto coma *Río Río* e Deserto do Sahara vén sendo *Deserto do Deserto*. Na aldea de Tarrío temos **O Quinteiro de Riba** e **O Quinteiro de Baixo**. Tamén outras aldeas os teñen: Bexo, Imo, Teaio... Entre Tarrío e O Rueiro está **A Ponte Quinteira**; **O Quinteiríño**, en Teaio, e en Lestrobe, **Quintáns**. “Cando ó

salir do sol polo quinteiro douraba fontes, lagos e campiños”, dinos Rosalía. Hai quen fai recuar os vocábulos ata a agrimensura romana. Procede dun imposto no que se cobraba a quinta parte da colleita que tivo plena vixencia na Idade Media por estas terras. Son moi comúns as referencias documentais. No *Tombo de Iria* (López Alsina, 2004) Fernán de Castro, veciño de Lestrobe declara que “pagaba a quinta das herdades que lavrava a os mordomos dos arçobispos et ao cabidoo de Santiago”. Preto de nós chegou a darlle nome a unha xurisdición enteira. A Quinta e Valeirón foron territorios dos arciprestádegos de Amaia e Iria durante séculos. Cóntao Clodio González Pérez no seu documentado libro sobre o Concello de Rois. Cando no século XVII empezaron a escasear os soldados voluntarios, foi obrigatorio que acudiran por sorteo un de cada cinco. Eran da mesma *quinta* os que ían no mesmo ano.

Quiñós

Quiñóns, do latín QUINIONE son cada unha das partes nas que se divide unha herdanza. Así figuran na documentación medieval. Daquela, é sinónimo de *partilla*. Reparamos na perda do “N” na formación do plural que agora non se dá no occidente de Galicia. **As Quiñós** están abaixo de Castro. 

R

Rabudas

As *peras rabudas* son duras e agres, de aí vén o dito *pasalas rabudas*. Á pega (*Pica Pica*) chámasele *pega rabuda* ou *rabilonca* e ás papas cando son espesas díselles *papas rabudas*. A palabra, explícanos Eladio Rodríguez que designa tamén dificultades, penas, infortunios. **As Rabudas** eran leiras que estaban entre Eiró e Reboiras. Talvez o adxectivo aplicado a unhas terras teña un significado semellante a *bravo*, que xa comentamos, no sentido de que sexan dificultosas de traballar, pero máis probable é que lembren un rabo pola súa disposición lonxitudinal. Ese debe de ser o significado de boa parte dos topónimos galegos desta familia. Rabo é o latino RAPU, ‘nabo’. Na Idade Media correu a voz en Portugal de que eran rabudos os descendentes da casa real e que nacían con cauda, pero abertas as tumbas rexias de Alcobaça polo rei don Sebastián, comprobouse que non.

Rañadas. Rañadoiros

É etimoloxía moi discutida pero coinciden case todos os autores en relacionar estas palabras co verbo rañar (latín tardío ARANEA, ‘raña’), insis-

tindo en que se refiren a zonas desgastadas pola erosión. **Rañadoiros** é unha área de arboredo arriba da Aldea da Igrexa e **As Rañadas** son terras de labradío, abaixo da estrada, en Revixós. No *Tumbo de Toxos Outos* hai varios documentos do século XIII sobre a aldea de Rañó (*Ranioa*) en Leiro (Rianxo). En Aguirre *rañadoiro* é lugar para rascarse e *raña* é sinónimo de *picaña*, ferramenta para remover terras pesadas, significados que se repiten noutros. Estravís e Eladio Rodríguez consideran unha acepción para *rañadoiro* que podía servir para algúns topónimos: “prado de secano no monte de mala calidade”. Eligio Rivas fai derivar eses nomes do tema preindoeuropeo RA/RO, ‘rascar, rañar, roer’, designando lugares comestos polos animais, rapados. No dicionario de Carré chámase *raños* ós froitos dos capudres (*Sorbus aucuparia*) e *rañadoiro* ó terreo onde os hai, pero é planta do interior de Galicia, que nós non temos. En Dodro dise que *comer e rañar, todo é empezar*. Nós chamámoslles *raños* ás *grosellas* casteláns (*Ribes uva-crispa*) que se cultivaron en moitas hortas e botaban unhas bagas minúsculas case transparentes, coma pingueiras de luz atravesadas por veas irisadas.

REBOIRAS. Rebolido. Reborido

Reboiras é o nome dunha das aldeas de San Xián de Laiño e debe proceder do nome latino do carballo (*Quercus robur*), pasando polo abundancial do latín vulgar ROBORIA. Estudouno Joseph M Piel. Sería tanto coma *lugar de carballos*. **Rebolido de Riba** e **Rebolido de Baixo**, en Pexegueiro, e **Reborido** en Bexo son nomes da mesma familia léxica. O rebolo ou cerquiño (*Quercus pyrenaica*) é un carballo que ten nas follas unha pubescencia branca pero, aínda que só abunda na Galicia oriental e interior, tamén se lle chama así noutros sitios ós carballos noviños. Hai quen o deriva directamente de ROBUR, entendendo que ROBULLUS é un diminutivo e quen o fai vir de *repullus* (Corominas), ‘gromo’ ou ‘renovo’ dunha planta. Hai indicacións interesantes no dicionario de Aguirre: *reboira* está como ‘rebolta’ (camiño de volta, o máis longo), *Reboleiro* é sinónimo de *rebolo* e de carballo, e *reboredo* é ‘carballeira’. *Roborar* nos dicionarios é

‘confirmar’, ratificar, e *robora* ou *rebora*, recólleo Eligio Rivas (*Natureza, toponimia e fala*) coma ‘documento que acredita unha venta’. Explica Gonzalo Navaza en *Rebordechán. A Nosa Memoria* que a forma *robore* debeu usarse ata a Baixa Idade Media en ambientes latinizantes ou eclesiásticos, e que despois se perdeu, quedando tan só na toponimia, mentres que na oralidade perviviu *carballo*. *Della Rovere* foi liñaxe de príncipes e papas italianos, por iso o pintor Rafael representa ó gran Xulio II nunha cadeira decorada con landras. O apelido *Reboiras* que se dá case exclusivamente na comarca é sen dúbida nativo do concello de Dodro e, de momento, non deu papas pero si cregos, frades e leigos ilustres. Todo se andará.

Recemelo

Así figura no Catastro de 1958. Ora ben, como ocorre con outras palabras xa moi alleas á fala actual, os veciños fornecen outras variantes: *Rosomelo*, *Rusomelo*. Quizais estea formado pola partícula xermánica WRIKAN (REC), ‘perseguir, vingar’, e pola terminación MEREIS (“*-miro*, *-milo*, *-mil*”), ‘ilustre, célebre’. Desde esta procedencia que comentamos, Piel anota diferentes antropónimos moi semellantes ó noso: *Recemel*, *Rosomil*, *Recemiro*... **Recemelo** está antes do *Castro de Traxeito*, nunha zona que debeu ser ocupada durante séculos polo numerosos que son os seus topónimos. É nome oloroso, que arrecende.

Redondo

Fai referencia a lugares que teñen esa característica na súa topografía, por ser a forma da aba dun monte, a curva dun vieiro, o meandro dun río. A filiación está no RETUNDUS latino. Para Eladio Rodríguez é ‘terreo adevesado, delimitado’. No meandro do **Redondo**, abaixo de Bexo, o río Ulla retórcese coma unha corre de carballo ó lume, xira de vez, bifúrcase sorteando insuas de altas herbas e cabalos e despois fecha as pálpebras de auga para deixarse ir abandonado cara a morte salgada do mar. Peirán das

brumas, ata *O Redondo* subían nos anos oitenta barcazas fantasmais na luz náufraga das madrugadas cargadas de *Winston* de contrabando. **O Redondo** dálle nome a uns cacheiros na *Fonte de Santa María*, en Lestrobe. **A Redonda** é topónimo desa aldea, de Paizal e Traxeito. **A Pedra Redonda** está en Dodriño, **A Cortiña Redonda** en Bexo, **Redondelo** en Teaio e en Castro, **O Redondiño** en Pexegueiro e na braña de Imo e **Redondiños** en Susavila.

Regadío

De RIGARE, regar. **O Regadío** son leiras que están arriba de Bustelo. Nos anos setenta enxeñeiros sen nome do franquismo, atravesaron estas terras de brañas e lameiros cunha quenlla fantasmal para regalar, **O Canal do Regadío**, un empresa de faraóns da que aínda sobreviven restos coma osamentas calcinadas no medio das veigas, en homenaxe á estupidez humana. Decía Schiller que “contra a estupidez ata os propios deuses loitan en van”. Ó mellor precisamos regos e gabias, canles para ordenar este mundo de auga que nos escorre entre as mans.

Reitoral

O nome vén do latín REGERE, ‘dirixir’, por ser o cura quen rexe ou dirixe as almas dos fregueses. **A Reitoral** é a casa do cura da parroquia. Hai reitoral en Imo, coa entrada enlousada, escaleira de pedra e solaina. A de Laíño acábase de restaurar para Centro de Día. É un edificio amplo, de proporcións paxegas, á beira do adro. Accédese por un camiño enlousado e cuberto por unha lata en arco. Destaca a imponente escaleira de cantaría que comunica a planta baixa co piso superior e a cheminea tamén monumental. Cara o poente, rodeada por un alto muro, esténdese a *Horta do Cura*, na que se poden ver un pombal circular e un hórreo de cinco claros. A Reitoral de Dodro seica antes estivo na última casa da aldea de Revixós. A actual, a carón da igrexa parroquial, cara a horta, ten unha escaleira e un potiño, mentres que na fachada pola que se accede ó adro

mostra un balcón sobre ménsulas reformado en cemento. Comunica directamente coa sancristía a través dun curioso pasadizo elevado, con bóveda de canón, sobre un camiño que beira a cabeceira do templo.

Relosa

Entre outros significados, *rela* é a suxidade que se forma na roupa, nos animais ou na pel das persoas por non lavarse. É sinónimo de roña ou cotra. No dicionario de Eladio Rodríguez e no de Franco Grande *reloso* dise da persoa descoidada, que non se lava. Estes toxais chamados **A Relosa** que están do lado de riba do *Castro de Traxeito* poderían ser leiras *relosas*, sen limpar, cheas de maleza. Hoxe non o son. Con todo pode ter calquera outra procedencia que descoñecemos.

Retorta

De TORQUERE, ‘dobrar, torcer’. Camiño que describe unha ou varias curvas moi pronunciadas. Co prefixo “*re*” viría do latín TORTA, ‘torcida’, revirada. **A Retorta** son fincas de Bexo, de Susavila, do Muronovo e das aldeas de riba.

Revirente

Revirente é topónimo de Bexo, preto da Braña. Quizais o seu étimo proveña do latín VIRARE, ‘virar’, e teña que ver coa forma revirada dun camiño ou sexa nome derivado dalgunha particularidade orográfica. Coas mudanzas da concentración parcelaria agora non podemos sabelo.

REVIXÓS


Ignoramos cal sexa a etimoloxía da aldea de **Revixós**, en Santa María de Dodro pero ha ser a mesma que a do topónimo **Revixón**, no monte de Traxeito. Comentamos algunhas foneticamente próximas. Talvez emparentado con ROBUR, ‘carballo’, con *rebo*, ‘racha de pedra miúda que se

pon nos valos para asentar as máis grandes’, ‘forra’, voz moi usual nesta terra de canteiros, ou con RIBJO, ‘costela’, palabra da que Corominas fai derivar *ripa*, táboa estreita que se emprega no entramado das teitumes. Outra posibilidade sería que se formara desde RIVU, ‘río’, pero na aldea grande de Dodro, río, o que se di río, non hai, nin regueiro, aínda que estea na copla: *Aldea de Revixós que boas rapazas cría, aquel reguño de auga que vén da Fonte García.*

Revolta

Quizais se orixinara desde a forma latina REVOLUTA, polas voltas ou curvas nos perfís dos montes ou nos camiños. Esta é a explicación que encontramos en case todos os autores pero non a que dea conta das nosas revoltas. *No Gran Dicionario Xerais* equivale a “terreo de monte onde se sementa cereal”. Navaza explica que nun principio a palabra servía para denominar terras de labor gañadas ó monte e dedicadas a cultivo, tendo polo tanto connotacións semellantes a terras cavadas, anovadas, rozadas... É un dos topónimos máis rendedoiros no concello e entre nós describe áreas de monte particular para diferenciarlos do comunal. Todas as leiras de monte son revoltas, e se confinan cos terreos públicos, están cercadas por valos. As *revoltas* son, pois, en Láino as propiedades forestais de cada veciño. Chámanlles *estivadas* os da parroquia de Dodro. En Bexo hai **A Revolta** e **A Revoltiña**. En Imo **A Revolta**, **A Revolta de Lois**, **A Revolta de Riazós**, **A Revoltiña da Veiga**, **A Revoltiña** e **A Revolta dos Outeiros**. Nas aldeas de riba (Traxeito, Paizal, Pexegueiro e O Rialíño) temos **A Revolta do Frade**, **A Revolta da Marica**, **A Revolta da Roxa**, **A Revolta Vella**, **A Revolta da Leña**, **As Revoltiñas**, **A Revolta da Pousa**, **A Revolta dos Estremos**, **A Revolta de Romeu**, **A Revolta dos Outeiros**, **A Revolta dos Pinos** e **A Revolta de Deza**. En Revixós e Susavila hai **A Revoltiña**. **A Revolta** e **A Revoltiña** son de Bustelo do Monte. **A Revoltiña** é de Teairo. **A Revolta do Carballo** é de Sar e de Castro. **A Revoltiña**, **A Revolta de Riba**, **A Revolta de Gonzalo**, **A Revolta de Bustelo** e **A Revolta Nova** están arriba de Ta-

rrío, da Aldea da Igrexa, de Eiró e de Reboiras. Estas que relatamos representan tan só unha pequena mostra do grande número de revoltas que hai nos montes de Dodro.



Aldeas de riba. O Rialíño, Paizal e Traxeito

RIAL DE LAGOA. O RIALIÑO

Como *Rial da Lagoa*, cítase no padre Sarmiento, dándolle nome a unha das aldeas de San Xíán de Laíño, á beira do río de Manselle. **O Rialíño** é tamén aldea da parte alta da mesma parroquia, a carón do río que ha ser de Vigo ou de San Lufo. Está sen artigo no Nomenclátor. Debe levalo. **O Rial**, **O Agro de Rial**, **O Río do Rial**, **O Pozo do Rial**, **O Muíño do Rial** e **O Rialíño** están en Bexo; **Riais** en Pexegueiro, á esquerda do río, e **Surrial**, abaixo de **Rial de Lagoa**, que é como lle chamaron as nosas xentes. En xeral interprétanse estes topónimos como derivados de RIVU, ‘río’. O significado primitivo de RIVALE era o de “persoa que loita polas augas dun río” pasando despois a significar ‘rival, adversario’. Aguirre de-

fine *rial* como ‘lugar en onde se orixinan moitos ríos e regatos’. Por último hai aínda un grupo menor de lingüistas que se deciden polo latino REGALE, ‘o do rei’, para distinguir os terreos de señorío real ou *de reguengo* dos que serían propiedade dos señores.

Riazós

Riazós (*Riasós*, con seseo) está situado a medio camiño entre Imo e Bexo e quizais teña que ver co RIVU latino, ‘río’. Sarmiento (*Onomástico...*) explica que a voz *Riazó* vén do latín RIATICO e que se pode atopar nos documentos. Rosario Álvarez, estuda nun artigo publicado nas *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega “Frei Martín Sarmiento”* a distribución en Galicia dos topónimos *Riazó* e *Riazón*, pero non menciona o noso. *Edelmiro Bascuas* (2002) fai derivar *Riazó* e *Riazor* do diminutivo romance RIVACEOLUM, ‘río pequeno’, do RIVUS latino, pero aquí é dos poucos lugares onde non o hai, nin pequeno nin grande.

Ribada. Ribalta. Ribela...

A orixe de *Ribalta* está en RIPA ALTA, ‘beira alta’, mentres que *Ribeira* procede do latín vulgar RIPARIA. **Ribalta** e **Ribaltiña** son nomes da *Veiga de Lestrobe*, de lado do Sar. **A Costa de Ribada** e **O Alto de Ribada**, en Imo teñen a mesma etimoloxía. *Ribada* está nos dicionarios como ribazo, noiro, socalco, arró para soste o terreo en pendente, terroiro cortado vertical sobre un camiño. **Ribela** está debaixo de Bexo tamén nunha costa e **O Ribeiriño** é do Rialiño. **Sobre las Ribas**, en Imo, que aparece nun foro de 1661 como *Souto de Sobre Larriva*, preserva unha sintaxe arcaica que se usou sobre todo na prosa notarial do medievo. Está no *Tumbo de Santa María de Iria* (“Sobre la Branna”) e na barcarola de Johan Zorro, trovador da corte do rei Don Dinís, que mandou *lavar* barcas novas “en Lixboa, sobre lo mar”.

Río. Rego. Regueiro...

Galicia, *o país dos mil ríos*, multiplícase en regueiros, regos, regatos, arroios, caneiros, canles, gabias, esteiros... e cada aldea é unha pequena *mesopotamia* nestas terras que levan tantos nomes de auga. *Río* veunos desde o RIVU latino, 'rego' ou 'canle', pero non coñecemos aínda con seguranza a procedencia do substantivo "*rego*" que semella chegar desde unha primitiva base prerromana REK(U), 'rego', gabia, da que se forma RECARIU, 'regueiro', regato. Estas dúas últimas palabras están en Aguirre. Non é doado ver de distinguir entre ríos e regos nesta terra. Sabemos que o Ulla é río e que é rego o de *Arnelas*. O resto están no medio e son "correntes continuas de auga" como se definían nas vellas enciclopedias escolares. Comentaremos á parte o río de *San Lufo*, o río Sar e o río Ulla. A este dinlle *mar* as nosas xentes e parecíao, antes que se afondara o seu leito, cando nas grandes marés de agosto o mar grande da Arousa alenta forte e sobe por esteiros e campías. Un brazo del, na *Insua de Bexo*, chámase **O Río Vello**, nome que tamén se lle dá ó antigo curso do Sar. Os demais, ríos, regos, regatos ou regueiros son estes que citamos.

Desde a Cuca baixa o **Río de Manselle**, souril, de augas rebuldeiras que movían os reducios de máis dunha ducia de muíños, e despois de pasar pola aldea, por Rial de Lagoa (onde é **Río de Rial**) e polo Muro novo achégase ó pai Ulla convertido xa en esteiro, cegado agora por touticeiras e xunquedos. No Catastro de Ensenada chámase **Río de Figueiras** e hai aínda un muíño para alá de Rial que leva ese nome. **O Regueiro** é de Pexegueiro, de Lestrobe e de Imo. **O Regueiro da Tomada** está no alto da estrada que vai á Chisca. **Tras do Rego** é labradío de Manselle e **Enterregos**, na mesma aldea, son revoltas de monte. Outro **Tras do Rego** hai en *Salvanxe* (Tallós) e **Os Regos** en Teairo. Polo **Rego das Escuras** (ou **O Rego da Escura**) de Bexo subiu o Padre Sarmiento hai douscentos cincuenta anos e deixou recollida a crenza de que polas noites había pantasma. *Escuras*, no dicir de Crespo Pozo, son corgas e encañadas. Hai en Bexo, **O Rego**, **O Río do Rial** e **O Rego dos Campelos** que desemboca onda *A Insua*. **O Rego de Imo**, na aldea chámase **Río da Lavandeira** ou

Río Ancho e tivo lavadoiros. **O Rego da Devesa** ten diferentes nomes en cada tramo: **Río da Arregañada** (*Regañada*, no catastro de Ensenada), **Río da Lavandeira** e **Río do Muíño Pequeno**. Recibe pola dereita as augas do **Rego do Abelán** e do **Rego do Ferro** (no topográfico **Rego do Porto**) que eles chaman **O Regueiro de Portarribó**. Abaixo da aldea conflúen nel **O Rego do Pedregal** e o **Río de Carballós**, dito **Rego das Albariñas** máis abaixo. **O Rego de Pardiñas**, **O Rego dos Mirlos** (merlos) e **Riocovo**, onde nace **O Rego de Pena**, están por Bustelo, así coma o **O Rego do Campo do Treito**, ou simplemente **Rego do Treito**, ó que os veciños chaman nun tramo **Río de Bouzas** e noutro **Río dos Muíños** pola abundancia destes. Son correntes inquedas de fervenzas e remansos, de augas fragorosas e limpas que baixan dando choutos ata a *Ferreiría*, no Araño. **O Río de Tarrío**, antes é **O Regueiro** arriba do Rueiro e despois de mover o reducio do *muíño da Ponte Quinteira* pasa por detrás da aldea (á que quizais lle dá nome) cara a *Solaiño* para converterse en *esteiro* entre os canavais da braña. **O Río das Moas** ou **Das Maulas** está na braña de Dodro; **O Regueiro** baixa desde o monte de *Penas* de Lestrobe e **O Rego**, agora encanado, pasaba a carón da Praza. Hai un extenso estudo sobre topónimo *Arnela* e outros aíns en Edelmiro Bascuas, desbotando a súa relación con *area*. Para el, coma para algúns autores, “*ar*” e “*arn*” son radicais preindoeuropeos co significado de corrente de auga, e despois “*codia dos castiñeiros e carballos*” ou “*cortiza de árbore usada como canaleta para conducir a auga*”. Están eses temas hidronímicos no Arnoia do Ribeiro ou no Arno florentino, e tamén no noso **Rego de Arnelas** que baixa cos seus pés de auga ata as billas das casas da aldea de Tarrío.

Rocha. Rucheiro. Soarrucheira...

O Rocho, en Teao e **Trala Rocha** e máis **A Carballeira de Trala Rocha**, en Bexo son topónimos que denotan laxes grandes ou penedos. Rocha deriva do *ROCCA* latino. **A Rucheira** (A Rocheira) está en Revixós, en Manselle e en Traxeito, onde hai **Soarrucheira**. Algún deles podería ser

Arrucheira, que na pronuncia dos veciños non queda claro. *Arroxreira* en *Natureza, toponimia e fala* de E. Rivas é “terreo estéril” con moita pedra. Por aquí decímoslle *cantar a rucha* ó derradeiro canto do paxaro, cando sabe que vai morrer, e *arrocheiro* está nalgúns dicionarios e tamén no de Aguirre como arrieiro que usa o ‘arrocho’, pau curto co que se apretan as cordas das cargas. Así e todo parece probable que sexan abundanciais, lugares onde había pedra. En Pexegueiro temos aínda **O Rucheiro** e **O Rucheiro do Andeano**. No dicionario de Carré *rocheiro* é o nome do oco que queda no chan despois de arrancar unha árbore, porque deixa á vista as rochas. Como vemos o substantivo *rocha* consérvase na toponimia aínda que se perdeu na fala. Na Iria constelada do medioevo, erguíase un dos palacios máis fermosos de Galicia: *A Rocha Blanca*, con torres almeadas, patios de laranxeiras e chans historiados de azulexos, rodeado por un foxo con ponte levadiza. Agora a distancia no tempo dulcifica para nós os seus contornos e soñámolo coma unha acuarela detrás das torres piramidais da colexiata, na ladeira do que foi monte Miranda, pero os Irmandiños que o derrubaron vírono con outros ollos.

Rodeiro

O topónimo *Rodeira* refírese ó camiño que van facendo as rodas do carro, ROTARIU, mentres que *Rodeiro* tería que ver con outeiros ou montes de cumes chans ou redondeados (Cabeza Quiles). **O Rodeiro** está no monte de Manselle.

Roxofrío

É probable que proceda da voz latina ARRUGIU, arroio. Este **Roxofrío** que está na *Veiga da Senra*, entre Rial e Tarrío e sería tanto coma *Regueiro Frío*.

Rozas. Rociña

As Rozas (*As Rosas*, con “O” pechada) son leiras situadas arriba de Imo, en Teairo e abaixo de Manselle. Xa falamos destes topónimos ó comentarmos outros similares: cavada, estivada, vesada. Todos aluden a áreas deforestadas, limpas de matagal e arboredo para dedicalas ó cultivo. Rozar, de RUPTIARE, que acabou dando RUMPERE, equivale a ‘romper, traballar o chan para facelo laborable’. Hoxe, para nós, ten o significado de apañar a herba coa gadaña. Á beira do rego de Tarrío, entre a Banda ó Rueiro, na penumbra verdeal dos carballos centenarios de **A Rociña** regueifan os derradeiros vichelocregos de ouro.

RUEIRO. Rúa

A Cortiña da Rúa é de Tarrío, **O Muíño da Rúa** de Manselle e **A Rúa** é o nome dun quinteiro da aldea de Imo. Non se sabe con certeza a etimoloxía da palabra, seguramente desde o RUGA latino, ‘ruela’, calexón, que primeiro foi ‘engurra’. Para algúns autores puidera ser galicismo. **O Rueiro**, arrabalde de Tarrío, en San Xián de Laíño, arriba da *Ponte Quinteira*, aldea pequena ó pé da rúa, entre *A Rosiña* e *A Bretá*, tráenos á memoria aquel verso de Xosé María Álvarez Caccamo: “*Camiñan os cervos polos rueiros con pés de neve...*” Tamén o hai en Lestrobe. ☺→

S

Sagrada

Do latín SACRATUS, **A Sagrada** en Vigo e **A Fonte da Sagrada**, da que xa falamos, no camiño da igrexa de San Xián a Manselle, eran propiedades do igrexario. Hai topónimos semellantes noutros lugares de Galicia: *Fonsagrada, Fonsanta, Fonte Bieita...* *O sagrado* é o adro das igrexas. *Eno sagrado, en Vigo, /bailava corpo velido* (Martín Codax). O motivo foi escolleito polo noso poeta de Manselle para intitular un dos seus poemarios: *Fóra do sagrado*.

Salgueiro. Salgueiral

Xunto cos ameneiros son as primeiras árbores que medran á beira dos nosos ríos e regueiros. Non ten boa sona o salgueiro (*Salix atrocinerea*) por ser árbore moi invasiva. Da codia dalgunhas especies sácase o ácido acetilsalicílico (*aspirina*) e tamén se empregou para curtir peles. Os mareantes de Porto en Cesures usaron a casca dos nosos salgueiros para *encascar* ou tinguir as redes. Vendíase nas feiras. Moitas casas das nosas teñen aínda vimbieiras (*Salix viminalis*), que son parentes do salgueiro

afeitos á man do home, pois úsanse para atar as viñas despois da poda e para facer cestos e garabelos. Había no concello quen se dedicaba a ese oficio e aínda queda quen os sabe facer. Nas brañas de Imo pódense ver vimbieiras moi vellas, altísimas, a forza de non podalas. O salgueiro é das primeiras árbores en botar a flor. *En xaneiro xa a abella pon o pé no salgueiro.* O **Salgueiral** son leiras arriba da aldea de Susavila; O **Salgueiriño** de Revixós; **Os Salgueiros** de Paizal e do Rialíño. **A Fonte dos Salgueiros** está arriba do Portancho, na estrada de Pexegueiro, **Pousocovo dos Salgueiros** é do monte desta aldea, despois do Viveiro forestal, e **Os Salgueiros** está na parte alta do monte de Manselle. No *Tumbo de Santa María de Iria* (Pensado, 1976) hai unha leira “enna marcada de Salgueyros de tres covedos”. Tamén os hai en Rosalía: “*Ó par da brisa temprada que antre os salgueiros corría*”.

Salvanxe

Os topónimos cataláns *Salvanet*, *Salvanyà* ou o francés *Salvagnac* proceden seguramente do antropónimo latino SALVIANUS. Poderían terse formado desde SILVANUS ou a partir de ALBANIANUS, ALBANUS precedidos do artigo IPSE (*Toponimia de la Baja Ribagorza Occidental*, Carlos Ángel Rizos). Quizais o noso **Salvanxe** que lle dá nome a varias casas e agros entre Vigo e Tallós estea emparentado con eles.

Samil

Formouse desde un antropónimo medieval, *Salamirus*, composto polas formas xermánicas SALA, ‘salón, habitación principal da casa’, e MEREIS (“-miro, -milo, -mil), ‘célebre’. Dieter Kremer (“Galicia Germánica”) explica que é un nome común no medieval, gótico, e cita variantes del, algunhas, deturpacións que acabaron nos santorais: *Saamil*, *Samir*, *Salamir*, *Zaramil*, *Sanamil*, *Sanmir*, *Sanmil*, *Sanmiro*, *Samiráns*, *Xamiráns*. **Samil**, terras de *Salamiro*, é topónimo de Rial de Lagoa.

Samprón

Sempron(*ius*) é nome moi común na epigrafía romana (260 rexistros nas páxinas da *Hispania Epigraphica*), inmortalizado despois en *La Celestina* de Fernando de Rojas e figura en diferentes lápidas atopadas no norte de Portugal: Braga, Chaves, Bragança (Rodríguez Colmenero, 1997). No *Onomasticon Cataloniae* de Coromines faise derivar *Samprón* dese nome latino. Dalgún *Sempronio* deberon ser **Samprón**, **O Monte de Samprón**, **Samprón de Baixo** e **Samprón de Riba**, terreos que foron comunais, á dereita da estrada, entre Dodro e Lestrobe, onde abundan os nomes de raigame xermánica.

Sanguíñeira. Sangañide. Samburiña

O sanguíño (*Frangula alnus*) é un arbusto de madeira flexible e froitos vermellos, negros na madurez, moi abundante nos nosos montes. A codia é vermella, de onde colleu o nome, *sanguineus*, e usouse como remedio contra a sarna e como tintura, polo que pon nos libros. **Sanguíñeira** (pronunciado *Sanquiñeira*) nomea uns labradíos en Teao, onde tamén hai **Sangañide** (*Sancañide*) que pode ser da mesma familia. Sarmiento sinala algúns derivados. Formáronse os dous a partir de *sanguinetum*. De **Samburiña** que está na braña de Imo non encontramos ningunha referencia. *Sambuguino* ou *Sangumiño* está en varios dicionarios como pertencente á familia dos *Cornus*. Xa falamos máis arriba desa árbore. Este último topónimo seguramente terá que ver entón co *sanguíño* ou co *Sambucus nigra*, sabugueiro ou bieiteiro, común en toda a comarca.

Santiagoño

O Monte do Santiaguíño, *do Burgo* ou de *San Gregorio*, compárteno o concello de Dodro e o de Padrón e como se pode supor está relacionado co apóstolo. *Santiago* formouse na Idade Media a partir de *Sancte Jacobe*. O 25 de xullo celébrase a súa festa e tamén a de Galicia e faise romaría no

Santiaguíño do Monte. Os lugares do culto xacobeo están en Padrón pero a escasos metros da linde dos dous concellos. No alto do monte, nuns penedos coroados por unha cruz está o chamado “altar do apóstolo” e a “cama de Santiago” porque as pedras adoptaron as formas do corpo do santo ó deitarse o nelas. Das virtudes da auga da *Fonte de Santiago* xa falamos pero non das pinturas que hai no seu interior “pintadas al fresco, con ornatos un tanto groseros del estilo romano o pompeyano” (Carré Aldao). Enriba da porta posterior da capela, onde se garda imaxe do patrón, está o escudo de Rodrigo de Luna, enterrado no seu ceo de pedra, no altar maior da colexiata de Iria. **O Santiaguíño do Monte**, antes do culto apostólico, todo indica que debeu ser centro de rituais pagáns antiquísimos.

Sanxide

Antropónimo medieval. A terminación en “*ide/ido*” non é infrecuente: Melide, Meixide, Teixide, Maside... O elemento final apórtanolo unha vez máis o filólogo J. M. Piel, –GILDUS, imposto, contribución’ e cita *Sangilde* e *Sangidos* en Portugal. **Sanxide** está en Susavila.

Sanxumil

Está en Piel como *Sanjumil*. Ás veces como *Seixomil*, que popularmente se interpreta como “mil seixos”. **Sanxumil**(ou *Xanxumil*, no dicir doutros veciños) está entre Dodro e Lestrobe. Explica Abelardo Moralejo que *Sanxumil* non é nome de santo, senón de propietario xermánico *Sungemirus* e despois *Songemirus*, onde SUNJA significaría ‘verdade’. O elemento final volve ser MEREIS (“–*miro*, –*milo*, –*mil*), ‘célebre’. Di que é nome gótico, que acabou substituíndo “*son*” por “*san*”. O santoral aumentou algunha que outra vez á conta da vacilación fonética.

SAR

Sar, auga que corre, desde moito antes de que Heráclito a convertera en símbolo eterno da fugacidade das cousas, é voz precelta, quizais no noso caso referida ós mananciais que nacen do lado de riba desta aldea da parroquia de San Xián. **Sar** é lugar de torrentías e enxurros e ten fonte de augas abundantísimas e frescas. En 1462 o abade e o prior de San Martiño afóránlle a Martín de Carás e á súa muller, moradores de Padrón, polas súas vidas e tres voces “*as casas chamadas de Saar e o casal de Marici*”, en Imo, na fegresía de San Xiao de Laiño por renda anual de sesenta maravedís de moeda branca.

Polo río Sar subiu a barca apostólica de pedra en noite de escurada entre peixes de fósforo que relumbran aínda. Para explicar as cheas invernaís que asulagaban as veigas de Padrón e de Lestrobe as xentes de Iria imaxinaron deusas fluviais de longas cabeleiras e monstros disformes verquendo auga polas fauces (Murguía: *Galicia*). Rosalía escribiu sobre as avenidas do Sar en *Padrón y las inundaciones* e contounos que de nena lle amosaban as torres da vella cidade romana submersas nunha lagoa das veigas. A fins dos anos cincuenta cambiouse o antigo curso do río e trazouse este río **Sar** de agora con cartabón e tiraliñas pola veiga de Lestrobe abaixo pero resisten as liñas cimbreantes da vexetación dos vellos meandros e podemos ver aínda o leito antigo do mesmo Sar que ollou Rosalía. Cítao Pomponio Mela no sec. I d. X, dicindo que a través do territorio dos *Praesamarchi* corren os ríos *Tamaris* e *Sars*, nados non lonxe, e que o *Sars* desemboca preto das *Turris Augusti*, aínda que sempre se identificaron estas coas Torres de Oeste. Na *Foz do Ulla*, onde se xuntan os dous ríos (a Bisria da *translatio*) buscan agora os arqueólogos os vestixios das torres. Hai copia dun escrito do rei Ordoño II do ano 912 (Colección Galicia. Tomo 3. Universidade de Alcalá) no que lle fai doazón ó mosteiro de San Martiño Pinario de varias propiedades en Padrón (*uilla Patrono*)... *per ipsum flumen Saris*. O orixinal máis antigo coñecido de momento é de 1109 (*Pergaminos irienses en los fondos de Oseira y Melón del AHN*) onde se cita “discurrente fluvio Sar”. Cantouno Avelino Abuín nas

Roldas de Compostela, “*Santa María de Sar, /ten recendos de avelaira (...)* O Sar garrido namora a chaira” e cantouno Bernardino Graña que foi mentor de poetas novos no Instituto de Padrón, pé das súas augas. *Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen*. Xa estaban no Códice Calixtino o Sar e o Sarela, *cubertos de enramada*, dos que se despide Rosalía. Alá polo século XIII, Johan Airas, un burgués de Santiago, deixounos nas súas cantigas unha pastor que cantaba “*quando saía la raia/ do sol, nas ribas do Sar*”. O **Agro de Sar** é da Devesa dos Mouchos e **Sardeiriñas**, que está ó pé da aldea de Bexo, acaso teña tamén esta base hidronímica que tratamos.

Saramagosa

Como abundancial o padre Sarmiento anotou *Saramagal*. A nosa **Saramagosa** para polas abas do *Castro de Traxeito*. O *saramago* (*Raphanus raphanistrum*), de pequenas flores amarelo verdosas, é especie sen aproveitamento agrícola que enche os campos incultos. “*Foi a Castilla por pan, e saramagos lle deron*” (Rosalía). Está tamén en Aguirre. Parece que procede do árabe SARMAQ.

Sebreiras

Do lado de riba de Bustelo, en Traxeito, **As Sebreiras** é lugar onde abundan as *sebreiras*, sobreiras ou corticeiras (*Quercus suber*). Confirmannolo os veciños, pois primeiro pensamos se sería bosque de acivros, pero non. Hai **A Sobreira** en Imo e en Bexo, **O Rego Sebreiro** arriba da *Paxareira* e **Fontesobreira** no alto do monte de Pexegueiro. De aceptarmos a opinión do Padre Sarmiento “o porto de Souereyra”, arriba de Tarrío, citado no libro do notario Álvaro Pérez, refírese á mesma árbore, cousa que considera difícil de admitir J. L. Pensado tendo en conta as leis que rexen a evolución fonética. Abunda na España mediterránea pero tamén se pode ver en Galicia, sobre todo na zona central e oriental. A codia rugosa a partir dos dez ou quince anos empeza a ter un grosor consi-

derable e aproveitábase para facer os cortizos das colmeas ou as zapas dos bocois.

Sedela

A Sedela (con “E” pechado) queda na braña de Tarrío, para alá das *Avesadas*, onda *O Agro de Baixo*. *Sedela* ou *sedenla*, de *seda* (lat. SETA) é o fío co que se ata o anzol para pescar, ‘corda’ en *Frapas I* de Eligio Rivas. *Sedeño* é ‘corda grosa, adival’. As leiras de campío da *Sedela* entestan no *Esteiro* e hai unha pontella cumprida de pedra para pasar á braña. Virá o nome de que se deixaran tanzas ou sedelas no regato para pescar anguías? Podería ser *Cedela*, por mor do seseo, pero estamos nas mesmas, tampouco adiantamos gran cousa.

Seixo

Seixo é voz viva na fala, moi representada no Nomenclátor, derivada do latín SAXUM, ‘penedo’ ou ‘rocha’. Corominas retrocede ata unha base prerromana SASSO. O seixo ou cuarzo e unha das súas variedades, o pedernal, foron usados polo home prehistórico para facer algunhas das primeiras ferramentas que coñecemos. O Pico Sacro, que se ve desde Bexo e desde outros puntos do concello, débelle o seu perfil característico a unha veta de cuarzo de varios kilómetros de lonxitude da que forma parte. **O Seixo** está en Bexo e no monte da *Mina*, arriba de Eiró. Os nomes, que están abaixo de Tallos, son antropónimos: **O Prado do Seixo**, á beira do *Pinal da Braña* e **O Goio do Seixo** ou **O Pozo do Seixo** no *Esteiro*. De Tallós é *Moncho do Seixo*, Ramón F. Reboiras, que mira como chove nas Brañas de Laíño a través dos vidros embazados das fiestras de Madrid. No seu primeiro libro en galego regalounos haikús fermosos a ritmo de cumbia e sementeira.

Semiogo

Hai dous topónimos semellantes no Nomenclátor, *O Miogo* en Monforte e *Ver de Miogo* en Nogueira de Ramuín. O noso, dito **Semiogo** ou **Semiogue** está na braña, entre Dodro e Tallós. A partícula “se” vale por ‘debaixo de’, coma en *Sefontes*, e “meogo” é forma medieval documentada que significa ‘no medio’. Referido a unha propiedade monacal, na veciña Catoira, rexistra Gonzalo Navaza *Casal de Mogos*. O nome aparece citado como *Casal de Moogos* no documento máis antigo atopado ata o momento no noso concello, unha escritura de venda redactada en galego no ano 1436. Conque así, non deberíamos desbotar a relación con *moogo*, ‘monxe’, na opinión de Carolina Michaëlis e doutros autores, o apelido certo de Pero Meogo, o trovador que nos deixou cervos e augas avoltas nas fontanas frías como símbolos imperecedeiros do encontro de amor.

Senra. Seara

“Chousas e searas cando vos verei”. Están no alalá decimonónico *Lonxe da terríña*, que inmortalizou á zanfona Faustino Santalices. *Serna*, *seara*, *senra* son topónimos frecuentes, moi usados na prosa do medievo, e descenden dalgunha base preindoeuropea sobre a que de momento non hai acordo. Eligio Rivas propón SEN, ‘monte alto’, e a forma celta ARA que significaría ‘terreo de labradío’. Cabeza Quiles parte dun hipotético SENARA céltico (que cita Corominas), ‘campo de cereais’. Sarmiento faino derivar de SEMINARE, ‘sementar’. En todos os casos vén sendo “campo sementado aparte dos demais” ou herdade de monte que se dedica a cultivar centeo ou trigo, sinónimo de ‘estivada’, ‘cavada’. Aguirre define *senra* como “campo, prado ou herdade” e *seara* como “terreo coa mes en verde”. Este matiz recólleno outros dicionarios. **A Senra** está en Bexo e en Dodro e **As Senras** en Dodro, abaixo da estrada, e en Lestrobe. **A Veiga da Senra** é o nome do todo agro que vai de Tarrío a Rial de Lagoa, dividido despois noutros topónimos menores, un deles **A Senriña**. **As Searas** son paraxes do *Castro de Traxeito* e da veiga de Lestrobe. Nalgúns foros

medievais espresábase os “días de seara” que hai que traballar nos campos do señor.

Señora

SENEX era ‘vello’ en Roma e SENIOR, ‘máis vello’. *Señora* é a ama dunha casa. Neste caso, a dos Aguirre de Imo, donos destas terras do **Agro da Señora** na Devesa. Desa familia foi Luís Aguirre del Río o autor do dicionario que citamos a cotío.

Sequeiro

O **Sequeiro** está abaixo de Imo. Deriva do adxectivo latino SICCUS, seco. Nos dicionarios é ‘terreo que queda seco ó baixar a marea’. Ata aquí a marea agora non chega, aínda que si inunda algunhas leiras próximas, polo que podería ser terreo de secaño en contraposición cos da braña. Nalgúns lugares de Galicia dálle nome ós hórreos e a espazos acondicionados para secar as piñas ou as castañas.

Serodios

Os **Serodios** son leiras cara o poente de Manselle, do latín SEROTINUS, ‘tardío’. No Catastro de Ensenada faise referencia en Dodro e en Laíño ó *millo serodio*, de *segunda man* ou de tarde. En realidade viña sendo o que nós chamabamos *millo restebo*, porque se botaba despois da restebo do centeo e da avea, polo San Cibrán, e daba sempre peores rendementos por ser máis cativo, pero permitía unha segunda colleita a fins do outono. *Onde vas millo restebo, alcadar o temperán. Na túa vida o alcadas nin en palla nin en gran.* O temperán sementábase antes e recollíase primeiro. Alternábanse nas terras de secaño: un ano un e ó seguinte o outro. Nos terreos fondíos e húmidos había sempre lentura e non se precisaba facer quendas. *As Avesadas de Riba, O Fondo da Arcai, Liñoso, O Labego*

ou *O Agro dos Carros*, labrábanse para botar ó seu tempo o millo de gabea, que era máis rendedoiro.

Serra

O substantivo primeiro denominou a serra do carpinteiro (en latín SERRA) e despois, pola semellanza coa anterior, pasou a darlle nome a unha cadea de montañas. Son estas, polo mesmo, metáfora da serra de serrar, ferramentas xeolóxicas de carpinteiros xigantes. Esta nosa é unha área de monte arriba da aldea de Imo, **O Agro de Serra**. Como vemos non sempre designa sitios moi elevados.

Sián

O Sián dálle nome a un montiño arriba de Revixós. Talvez desde unha base preindoeuropea SEN/SIN, ‘monte, altura’, que cita Eligio Rivas (1982). Puidera ser antropónimo: *Xián*. Atopáronse no lugar algúns fragmentos de cerámica de diferentes épocas (castrexa, romana e medieval). Inicialmente debeu ser asentamento da Idade do Ferro, ocupado despois en momentos posteriores ata que se formou a actual aldea de Revixós. Está moi alterado e non presenta estruturas visibles. Hai un brevísimo informe sobre o xacemento, do que sacamos parte destas notas, na Dirección Xeral do Patrimonio.

Silveiriña

A silva (*Rubus fruticosus*) gatea polos valos e corredoiras de Dodro e faise dona de baldíos, casarellos arruinados e cortelleiras. Coas amoras elabóranse marmeladas, xaropes e compotas. O nome procede do latino SILVA, ‘selva’, e a súa presenza é sinal de chans fecundos. Recollemos o diminutivo **A Silveiriña** abaixo de Traxeito e **O Agro das Silvas** en Dodro, pero ten que haber máis tendo en conta o que abundan as silveiras. Tamén as hai en Rosalía: “*Non Follas novas, ramallo/ de toxos e silvas*”

sós”. Cítase no *Tumbo de Santa María de Iria* (J. L. Pensado) a “Silveyra do Lonbo” en Lestrobe.

Sisto

Para Isidoro Millán González-Pardo, no seu estudo sobre a toponimia de Pontedeume, o topónimo *Sixto* tería que ver co reparto de terras na época sueva e indicaría un sexto do total dun predio. Lucas Álvarez (*El Tumbo de San Julián de Samos*) fala dun posesor medieval *Sistus* e para Díaz Fuentes, no seu traballo sobre a comarca de Sarria, sería unha parada nun camiño. Eligio Rivas (*Natureza, toponimia e fala*) pensa que ou ben se refire ó *xisto*, rocha de sílice ou máis probablemente a *sestar*, dormir pola noite cos rabaños no monte. Pode ser un posible tema orográfico. **O Sisto, A Costa do Sisto e Sisto dos Outeiros** son áreas de monte en fronte de Traxeito.

Sobre

Precedidos da preposición sobre, SUPER, ‘enriba’. **Sobre Cachada** é do monte que está en fronte de Traxeito; **Sobre Xesteira** e **Sobre da Cruz do Portancho** son de Pexegueiro; **Sobre do Curral** e **Sobre de Verniz** están en Bexo; **Sobre las Ribas** en Imo; **Sobre da Braña** en Lestrobe e **Sobre Albariña** en Teao.

Solaíño. Suouteiro. Sogundil

Todos os topónimos que estudamos aquí van precedidos da preposición “so/su” (o latino SUB), ‘debaixo de’. Os que empezan por “sua” e “soa” proceden de SUB ILLA. **Sorrial, Soigrexá e Suaigrexá** están debaixo das respectivas aldeas. **Solamas** está en Dodriño e Revixós; **Soaviña** (ou **Suaviña**), en Bexo e en Manselle; **Solaíño** é unha ampla zona abaixo de Tarrío, ós dous lados da estrada comarcal. **Somato** está en Imo (‘debaixo do matagal’, do preindoeuropeo MATT, ‘montón de plantas’, e despois do

latín tardío MATTA, ‘terreo inculto’, cheo de maleza, touza); **Sueiras**, **Sualata** e **Sucancelo**, en Bexo, onde tamén hai **Solebre**, que non sabemos se é deste grupo ou non; **Suaveiga**, en Imo; **Suagriño** e **Suaseiras**, en Reboiras; **Suscarballyos** e **Suatorre**, en Manselle; **Suouteiro**, en Bustelo, e **Suouteiro** e **Sovaladiño** en Teairo. **Suarrucheira** é de Traxeito; **Sogundil**, **Sonabal** e **Sopé** (ó pé da *Costa das Lameiriñas* e da *Cascalleira*) están en Tarrío. *Sopé* é a parte inferior dunha costa, onde xa empeza o val, sinónimo de “requeixo”. **Sopozo** e **Sosloureiros** están entre Tarrío e Reboiras e **Suarró**, onda o *Castro de Traxeito*. Tamén hai **Sopé** en Imo, na *Costa de Ribada*. **Sipumares** que está en Manselle, **Sefontes** en Bexo e **Salamosa** en Teairo teñen o mesmo elemento preposicional, aínda que sufriu un cambio na vogal. *Sa, se, sí, so, su*. Todas as permutacións posibles para silabear no parvulario da toponimia. Vainas peneirando o vento. Cantos tombos non terán dado os nomes nosos para seren o que son.

Soleiro

Este *leiro* (leira de pequenas dimensións) que non volvemos a atopar en todo concello é tamén escaso en Galicia. Podería ser sinónimo de *solleiro*, que se usa aínda na fala de Dodro como exposto ó sol, *solío* ou soleado, en contraposición con *avesío* ou *avesedo* que se di das paraxes nas vertentes dos montes que dan ó norte, sen insolación algunha. Con ese significado figura *soleiro* no Vocabulario de Crespo Pozo. Distingue J. M. Piel (1989) entre os derivados de SOLACULUM, ‘lugar soleado’ (Soalheiro, Solleiro, Solloso...) e os do seu sinónimo SOLARIU (Soeiro, Solera...). **Soleiro**, terras ávregas abaixo da aldea de Manselle, deberan pertencer a estes últimos.

Somoza

Se derivara de SUB MONTIA, como se entendeu tradicionalmente, habería que comentalo co grupo que tratamos máis arriba. Para Joaquín Caridad (*Toponimia céltica de Galicia*) sería de raigame céltica a partir da partí-

cula intensificadora “so” e do lexema MOTTUS, un dos nomes da deusa nai (*mater, mother...*) común a todas as linguas. **Somoza** é topónimo de Reboiras e do Rialíño. Temos tamén en Dodro o topónimo **Mosos** ou **Mozos**, que por mor do seseo non sabemos se é dunha maneira ou doutra.

Souto

Canta rula nese souto/canta rula, canta rula/que mañán vas para outro. Do latín SALTU, *souto* é bosque de diferentes especies, despois bosque de castiñeiros e por veces de carballos. Son sinónimos *castañal* e *castañar*. Como bosque mixto figura en varios dicionarios e tamén no de Aguirre. Xa falamos da importancia da castaña en Galicia ata a introdución da patata, por iso os nomes que teñen que ver con ela son dos máis repetidos no Nomenclátor onde se recollen varios centenares só na toponimia maior. Tantos soutos había nesta terra que estremaban uns cos outros (E. Rivas). De aí o dito *Saír dun souto e meterse noutro*. No poema de Rosalía, sobre o que volvemos tantas veces, quedounos o de Padrón: “*Vexo o Souto en parda sombra envolvendo o seu ramaxe*”. **O Souto** está no Rialíño, Bexo, Castro, Dodriño, Susavila, Revixós, Vigo, Tarrío, Pexegueiro, Traxeito, Manselle e Reboiras. **O Soutiño** en Castro, Eiró, Lestrobe e Tarrío. **Soutelo** é de Revixós e de Lestrobe. En Imo hai **A Cortiña do Souto**, **O Souto de Xei**, **O Souto de Deza** e **O Souto de Cabanas**. En Susavila **O Muíño do Souto**. En Vigo **Souto Barreiro**. **A Eira do Souto** en Revixós. En Bexo **Tras do Souto** e **A Cortiña do Souto**. En Manselle **Foxovedro do Souto**, **A Fonte do Souto**, **A Soutela** e **A Souteliña**. **A Souta**, en Castro. Na mesta fraga dos nomes da terra de Dodro, arden aínda nos outonos os ouros vellos dos soutos esquecidos.

Subidas

Subidas e **Desubidas** están na costa do monte de Eiró. Seguramente teñan que ver con subir do latín SUBIRE.


SUSAVILA

Dá nome a un dos lugares da parroquia de Santa María de Dodro. A orixe está no latino SURSUM, ‘no alto, arriba’, de onde derivaría SUSO. **Susavila** polo tanto equivale a ‘sobre da vila’ e está do lado de riba do *vicus*, Vigo, que debeu ser o núcleo orixinario de Dodro. Nun foro de 1457 (Fernández Salgado, 1999) cítase “o casal de Villar de Suso, çerqa de Lestroue, en que morou Sueyro de Lestroue”. Entendemos que se refire á nosa aldea de Susavila e non a Vilar de Suso (Padrón), a nove kilómetros de aquí. Noutro foro de 1550, asinado nos *Pazos de Lestrobe* (Santa María de Dodro) Bernárdez de Castro afora a *Juan Ruçon* e á súa muller o casal de *Vila Suso de Arriba* (Basanta Campos, *Marcas de agua...*).

©w→



A aldea de Tarrío desde A Breta con Castro ó fondo



Tabenla

De acordo con varios dicionarios, *tabenla* ou *tarabela* é un aparato que fai moito ruído para escorrentar os paxaros, formado por unhas rodas dentadas e unhas láminas metálicas que baten nelas. **A Tabenla** está no monte de Imo e pode que en tempos foran leiras cultivadas nas que había espantallos. Moi semellantes son as *carracas* ou *matrículas* que se usaban nos oficios da Semana Santa.

Taberna

A Taberna Vella, arriba da Devesa ten que facer alusión a algunha taberna (latín TABERNA) ou tenda na que se despachaba viño, bebidas e comestibles, aínda que ninguén faga acordanza dela. **Tras da Taberna** é da aldea de Formariz, e hóboas. Polos dous lugares discorría o *Camíño Real* que viña desde A Escravitude, A Meana, Rois, e pasando pola Chisca, onde había unha *venta* (consérvase a casa), seguía despois por Bexo cara o Barbanza. Xa falamos del cando comentamos o topónimo *Abelán* porque transcorría ó pé do cruceiro que aínda leva ese nome. Ta-

bernas, ventas ou baiucas (esta é denominación tardía) debían de ser relativamente concorridas xa daquela. No Catastro de Ensenada detállanse catro tabernas na parroquia de Dodro das que os propietarios “son mercaderes y a un mismo tiempo taverberos”, unha na de Laíño e unha “taverneira e estanquilleira” en Bexo, *Beatriz de Rioboo*.

Tafona

Pasado o *Cruceiro do Bazoco*, no camiño que vai de Sar a Castro, **A Tafona** é a costa que sube ata esta aldea. *Tafona* é casa onde se coce e se vende pan. Ninguén se lembra dela pero tivo que habela porque á beira das casas hai unhas leiras que se chaman *Tras do Forno*. Do árabe TAHUNA, ‘muíño’ ou ‘moa do muíño’. Outro dos significados que se lle dá é, efectivamente, o de ‘muíño movido por cabalarizas’, coma *o de Avelino*, en Bexo. Non son moi frecuentes na nosa toponimia as voces árabes, pola pouca presenza que tiveron aquí.

TALLÓS. Talla. Tállara

Tallas e *tallóns* son pequenas propiedades agrícolas, formadas por mor dos diferentes repartos ou partillas que se foron facendo nas herdades de xeración en xeración. Son habituais nos nosos montes as *medias tallas*, confinando nun mesmo agro con outras enteiras que non se dividiron. As máis das casas teñen preto os seus tallóns e seguen a chamarlle así. Ás veces son simples marxas nun recanto dunha leira máis grande para botar verduras ou legumes. O nome procede do verbo latino TALIARE, ‘cortar, fender, partir’. **Tallós** é o nome dunha aldea da parroquia de San Xián de Laíño, na que está situada hoxe a capitalidade do concello. Nun dos pergameos de Iria do Mosteiro de Oseira dos que xa falamos, o do ano 1085, cítanse herdades “in loco predicto in Taliolo”, que os autores do artigo identifican con Teairo, pero que nós entendemos referido a Tallós. Ó lado está **Talloíños**. **A Horta de Tallós** está na aldea. **Talloncesto** é de Traxeito. **Os Tallos** e **Os Talliños** están en Teairo, **As Tallas** en Tarrío, **O**

Tallo en Bexo, **Tallada** é de Lestrobe e tamén **Tállara** cun sufixo en “-ara” que Moralejo considera prerromano.

TARRÍO

Tarrío é unha das aldeas de San Xián de Laíño, no sopé dun altorelo suave, mirando cara as brañas da cor do limón. As casas arremuíñanse arredor das eiras e apéganse ós muros altos do pazo que foi dos Balles-teros. A Banda e o Rueiro, do lado de riba da estrada, son barrios da aldea. Dúas son as posibilidades que se barallan para dar conta da súa etimoloxía. A meirande parte dos autores entenden hoxe que a documentación antiga proba que Tarrío é forma composta pola preposición *tras* (TRANS en latín) e polo sustantivo *río* (lat. RIVU). Sería entón o seu significado ‘máis alá do río’ ou ‘tras do río’. Podería ser así tendo en conta que preto da aldea, cara o nacente, pasa un pequeno río co mesmo nome, pero hai quen non desbota aínda a idea de que se formara a partir de *tarreo* ou *terreo*, do latín TERRENUS. No libro do notario Álvaro Pérez figura sempre como “lugar de Terrío” e con ese nome aparecen varios veciños no ano 1457: *Pero de Terrío* e a súa muller *María de Terrío* e *Johán de Bustelo* morador en *Terrío*. *A aldea de Tarrío de lonxe parece vila, se non foran os outeiros que ten do lado de riba* é cantiga dos vellos. Nas brañas están **Os Tarríos**, á beira do esteiro que se cruzaba por unha pontelliña de pedra. En Tarrío demorou os seus días breves Eusebio Lorenzo Baleirón: “*Mal coñecín a sombra dos meus pasos, lugares nun relanzo onde medrar a hedra abeirado da chuva do tarrío con névoa cando o outono pasaba de camiño das brañas*”.

TEAIO. Té

Teaio é unha das aldeas do monte de San Xoán de Laíño. Abaixo dela, xúntanse o río da **Devesa** co río do **Pedregal** e os dous van dar ó río **Té** que desemboca na praia da Torre, ó pé do Castelo da Lúa, do trobador e almirante da mar Paio Gómez Charriño, primeiro señor de Rianxo e segu-

ramente de Laíño. En xeral as raíces TAM- (Tambre) e TE(N)- (Te) asóciase a hidronímicos. Edelmiro Bascuas estudando a hidronimia paleoeuropea de Galicia entende que poderían entroncarse coa forma TA, ‘derrreterse, fluír’, ou coa raíz TINA que daría TENA e TEA, sempre con matices relativos ás augas. Nas nosas aldeas, aínda que agora se perdeu, cultivábase na beira das casas o *té bravo* (*Chenopodium ambrosioides*), que se lle daba ós animais e tamén o tomaba a xente. É unha planta orixinaria de México e pénsase que o introduciu en Europa o médico de Felipe II. Nalgunhas follas do topográfico o río do que falamos chámase *Río do Té*. Con certeza é un despiste do topógrafo pero recollemos a curiosidade. No libro do notario de Rianxo de 1457 hai veciños desta aldea: *Pero de Teayo*, fillo de *Gonçaluo de Teayo* e *Fernando de Bustelo de Teayo* casado co *María do Picadiço*. A *Colección Diplomática Galicia Histórica* conserva varios documentos nos que se fai referencia a *Sanctum Martinum de Teayo*, un de 1131, dun sobriño de Diego Gelmírez e outro de 1151, e no *Libro de fábrica de San Xián de Laíño* consta que en Teayo había unha ermida baixo a advocación de San Martiño. Cítaa o cardeal Del Hoyo en 1606. Juan Rodríguez del Padrón no remate do Seu *Siervo libre de amor*, despois da morte trágica dos amantes *Ardanlyer* e *Lyessa* no castelo da Rocha Blanca de Iria, cóntanos que quedaron ceibos polas ladeiras os seus corceles “en testimonio de lo qual, oy día se fallan cauallos saluajes de aquella raza en los montes de Teayo, de Miranda y de Bujan, donde es la flor de los monteros (...) los cuales affyrman venir de la casta de los treze que quedaron de Ardanlyer”.



San Martiño. Procedente da desaparecida Ermida de Teajo.

Teceláns

O **Agro dos Teceláns** é unha paraxe de monte de Lestrobe que debeu pertencer a xentes que tiñan un tear. *Tecelán* é sinónimo de *tecedor*, xa sexa de liño ou de la. A palabra provén de ‘tecer’, *TEXERE* e de ‘la’, *LANA*. Aguirre del Río, que era de Lestrobe, anota *tecelán* e *tecedeira*. Na mesma aldea existe o topónimo *Liñares* e había varios teares e pozas de liño na *Lamela*. No número 24 da revista “Aires da miña Terra”, editada en Buenos Aires en 1908, aparece un debuxo dunha *Tecedeira de Lestrobe*. Tiña que haber moitas coma ela. *Tece tece tecelán, cantas varas tes de lan. Teño unha, teño dúas, teño tres, teño catro... para vestir o meu gato* foi entretemento que nos contaban de nenos mentres nos rebeliscaban na man. Aínda non sabemos agora por que.

Teixugos. Tanxugueira

O teixugo, teixo ou porcoteixo (*Meles meles*) foi un mamífero moi abundante nos nosos montes. Ten unha pelaxe gris prateada polo lombo e a cabeza branca con dúas franxas características. É un gran depredador, de hábitos nocturnos e aliméntase de coellos, bichocas, landras e de plantas, incluído o millo, nas que causa auténticos estragos, polo que é perseguido polos agricultores con trampas, lazos e foxos. Nalgúns lugares de Galicia tocábase o corno polas noites para espantalos. O nome vén do *TAXONE* latino. **Tanxugueira**, ó pé do *Castro de Traxeito* e **Teixugueira** (*taxonaria*) en Pexegueiro, son hoxe leiras labradías nas que criarían os animais como as *raposeiras* son os tobos de raposo. **Os Teixugos, Os Teixugos de Riba** e **O Regueiro dos Teixugos** son áreas de monte arriba de Manselle nas que era doado velos.

Tendaliño

Cabeza Quiles explica que o topónimo Tendal (TENDERE en latín) é frecuente nas vilas mariñeiras como lugar onde se tenden as redes. **O Tendaliño** está en Pexegueiro e **O Tendal** en Revixós e Lestrobe, pero aquí redes non temos, polo que aínda que algúns foran tendedeiros de roupa, pensamos que noutros casos serían sitios aireados para tender o liño a clarear despois de telo metido nas pozas. Botábase en carreiras a secar ó sol durante catro ou cinco días. Unha vez seco levábase en feixes para a casa onde se mazaba. Non está a palabra nos dicionarios históricos pero si no *Diccionario da Real Academia Galega* de 1997 que a recolle con este significado que comentamos e tamén no libro de Xaquín Lorenzo *Os Oficios*, que describe detalladamente todo o proceso. En Pexegueiro, onde temos o topónimo, do lado de riba da aldea, había pozas para o liño e tamén no Portancho. No Vocabulario de Crespo Pozo, *tendal* é a mesa de pedra para pousar a masa á beira dos fornos e no *Gran Diccionario Xerais* está como alboio para gardar o carro e os aveños. As mouras botan o tendal de roupa pola noite e levántano coas primeiras luces da alba para que os mortais non coñezamos os seus segredos.

Tentureiro

Quizais designara predios dedicados a plantas para tinguir (lat. TINGERE) ou pertencentes a tintores e tintureiros. Unha delas, a herba carmín ou *Phitolacca americana* chámase tamén *tintureira* e pódese ver coas grandes piñas de cor escarlata escura, case negra, polos nosos campos e arrós. Figura no catálogo de especies da *Flora Invasora de Galicia*. Nós chamámoslle *granás* pero na *Flora* do Padre Merino recóllese co seu nome máis común: *herba carmín*. Usouse ilegalmente para lle dar cor ó viño, e seguramente na industria do tecido, pero houbo outras destinadas ós mesmos fins que se plantaron por toda Europa occidental sobre todo a partir do século XIV en que empezou a haber unha gran demanda de plantas téxtiles e tintorias. Así ocorreu co *anil* que se sacaba da *Isatis Tinctoria*, antes da

chegada do índigo de oriente no século XVI, ou coa *Rubia tinctorum* e a *Rubia peregrina* que se empregaban para a obtención das tinturas vermelhas (lat. RUBER). A segunda cítaa o Padre Merino na Pobra do Caramiñal e aínda se pode ver nalgúns lugares. Recóllense no dicionario de Cuveiro. Ó **Tentureiro** que está en Dodro vaise buscar barro, xabre para asentear as cocinas económicas, as de ferro ou bilbaínas, que aínda hai quen as pon. Tamén puidera ser que o nome viñera de que se usara o barro como colorante.

Testa

A Testa da Horta está en Bexo e ten un significado análogo ó que xa vimos para *Cabeceiros*. É voz que pasou directamente desde o latín e que se conserva na fala, non só referido á cabeza, senón tamén ás testas das leiras que son as puntas ou cabos onde empezan e rematan. Unhas entestan noutras. De non apareceren os marcos, entón hai que mirar con quen se entesta e quen son os estremeiros e confinantes.

Tomada

As *tomadas* ou *alargos* son áreas do monte veciñal que lindaban coas revoltas pero que pasaron a mans particulares, *tenzas* noutros lugares de Galicia. Son polo mesmo terras aprehendidas, collidas ó comunal, xa sexa entre varios veciños ou individualmente, a miúdo acoutadas con chantas de pedra. Algúns autores pensan que ten que ver coa práctica da *presura* medieval pola cal se ían ocupando os territorios ermos sobre todo nas zonas reconquistadas ós árabes, pero non é o caso aquí entre nós. Aguirre define o termo como “posesión de monte cercado onde se dan patacas ou trigo, ou se deron e está a toxo”, coincidindo con outros. Algunhas son das parcelas forestais máis grandes do concello, coma **A Tomada de Manolo** ou a **A Tomada dos Romay**, as dúas ós lados da estrada que vai a Rois, antes da *Fonte Primeiral*. Son nomes recentes. **A Tomada** e **O Rechán da Tomada** son áreas do monte de Traxeito. **A Tomada** está

tamén arriba da Aldea da Igrexa, na estrada que vai á Chisca xa preto da aldea e no monte de Teairo.

Tombo

En Bexo, **O Tombo** é o nome dunha paraxe de monte na que hai mámoas. Distínguese perfectamente o seu perfil nunha pequena vagoada á esquerda da estrada que sobe á *Paradegua*, por onde debía de ir o antigo *Camiño Real*. A palabra veu da voz latina TUMULUS, ‘montículo de terra, altura, tumba’, significado que lle dá Ferro Couselo. Cabeza Quiles recolle en Reimóndez Portela un ritual que se realizaba no lugar de *O Tombo*, na Estrada, e encontra aí a explicación do topónimo. Trátase de voltear o doente dándolle tombos enriba dunha tumba, agardando que cure e que deixe alí a súa enfermidade. Non temos constancia de que se fixera aquí en Bexo, pero si que se levou a cabo ata datas moi recentes no sartego do *Corpo Santo* que está no altar maior da igrexa de Iria. A mediados do século XIX Fidel Fita en *Recuerdos de un viaje a Santiago de Galicia* explica que acoden as nais cos seus fillos enfermos desde toda a comarca e que postos sobre a tumba “cobrarán saúde e vivirán longos días”. Descríbeo Eloy Rodríguez Carbia no seu libro sobre a etnografía de Padrón: “O sancristán mandábao tombar enriba do sartego do corpo santo e comenzaba o rito do volteo que consistía en darlle sucesivas voltas ó ofrecido sobre cada unha das esquinas”. Unha vez rematado o proceso deixábase a roupa ó pé do cruceiro do adro. O ritual tamén llo practicaron a Rosalía cando era nena. Fálanos Murguía en *Los Precursores* de “el viejo sepulcro sobre el cual la pusieron moribunda y la devolvió viva”.

Torna

Do latín TORNUS, ‘volta’, *tornar* está nos dicionarios como ‘desviar a auga dun rego’. No de Isaac Alonso Estravís “*tornadoiro*” é o “lugar no que se torna ou desvía a auga para unha propiedade”. **A Torniña** son revoltas do monte de Teairo que, se derivan de onde pensamos, deberon de

Torna

regarse en tempos. Regábase desde logo no **Agríño da Torna** de Pezegueiro, onde os veciños confirman que había pozos para tal fin. Á noite íamos *botar a auga* ás campías que quedaban preto das aldeas, tapando o rego principal con terróns, para tornala e desviala encaneirada polo prado abaixo, canto máis tarde mellor, porque así o último regaba a súa toda a noite. A distinción que se fai no dicionario de Valladares (1884) entre *tornar a auga*, en leiras de varios propietarios, e *botala*, en terreos que son tan só dun, non vale para nós. A uns metros do límite co noso concello, en Padrón, estaba *O Agro dos Tornos*. Consérvanse restos duns azulexos co nome nunha rúa do barrio da Trabanca.



As Torres de Hermida. Lestrobe

Torre

No medio da aldea de Bexo hai unha construción de planta cuadrangular que case non destaca entre as casas da aldea. Detrás dela chámase **Trala Torre**. Hai tamén en Manselle **Suatorre**. Torre en galego é casa forte, do latín *TURRIS*, ‘edificio elevado, fortaleza’. As Torres de Oeste en Catoira, a da Lanzada, a de San Sadurniño en Cambados, ou a Torre Moucha de Padrón, formaban desde a Idade Media parte dun complexo sistema para a defensa de Iria e Compostela. Foron atacadas polos Irmandiños. Torres son tamén os campanarios, de onde, *torreiro*, campo das festas, porque se celebraban ó pé deles. Das **Torres da Hermida** en Lestrobe xa falamos. Chamábanse antes **A Torre Alta das Ameas**. O Pazo de Vigo para os veciños da aldea foi **A Torre**. Despois da guerra, cando a derrubaron para levala a Meirás chamábanlle **A Torre do Paveiro**, que era o nome do caseiro.

Tosendes

Antropónimo de filiación xermánica, seguramente desde un *Teodesindus*, *THEUDA* (‘pobo’), *SINTHS* (‘camiño, expedición militar’). Recólleno Sarmiento e tamén Piel e Kremer. **Os Tosendes** son de Reboiras.

Toupente

Toupente son leiras de Bexo das que ignoramos o étimo. De tupa (lat. *TALPA*)?

Tourises

Os Tourises, en Dodriño, deben ser propiedades da familia dos Tourís. É apelido da zona, moi raro no resto de Galicia coa excepción da Arousa. Na primeira viaxe de Sarmiento hai unha “*isla Tourís*”. *Tourís* non ten que ver con *touro* nin é plural de *touril*, semella máis ben proceder do antropónimo hispano gótico *Theodoricus* (Piel, 1989).

Toutón

Tendo en conta que J. M. Piel fai derivar *Tourón* do nome latino *Tauronius* habería que valorar a posibilidade de que proceda do antropónimo *Tautonius*. Tamén podería terse formado este **Toutón** de Castro desde unha base preindoeuropea TOUT, prominencia, emparentado con *toutizo*, terrón grande, morea de terra e materia vexetal que se forma de xeito espontáneo en predios que non se traballan a miúdo.

Toxo. Toxeira. Tixoliño

O toxo, ou toxo arnal, (*Ulex europaeus*) é un arbusto espiñento de flores amarelas que se adapta ben a chans moi pobres pola súa capacidade para fixar nitróxeno. Apañábase para estrar nas cortes e mesturado coa bosta das vacas co tempo convertíase en esterco para abonar as leiras. En Sarmiento hai unha gran variedade deles: *albariño*, *arnal*, *cachá*, *das meygas*, *gateño*, *molar*... *A Guía de plantas de Galicia* de Xosé Ramón García recolle catro especies (*europaeus*, *minor*, *gallii* e *micranthus*), algunha delas con varias subespecies. Antonio Fraguas explícanos no seu traballo sobre o Catastro de Ensenada que nas terras de Padrón se apreciaba moito, e que se cortaba de catro en catro anos. O ferrado de terra de primeira daba catro carros de toxo, o de segunda tres e dous o de terceira. Todas as leiras de monte se chaman *toxeiras*, denominación xenérica, de maneira que os topónimos que recollemos son tan só indicativos e habería centos máis. Discútese aínda sobre a xénese da palabra, para uns o preindoeuropeo TOGIU, TOIU para outros autores. A mesma procedencia ten o nome de mosteiro de San Xusto de Toxos Outos (*Togis Altis*) en Louzame. **Toxo** é topónimo de Bexo, **A Toxeira** de Revixós, de Imo e entre Teaio e a Devesa. **O Agro dos Toxos** está en Imo e **As Toxeiras** en Teaio. **O Tixoliño** está no monte de Manselle. Tamén o hai en Catoira e faino derivar Gonzalo Navaza de “tixola”, pola semellanza dos terreos coa concavidade desta, pero aquí é máis ben unha lomba na ladeira e quizais o noso nome sexa da familia que estamos comentando porque veciños dou-

tras aldeas chámanlle á paraxe **O Toxaliño**. *Quedei deshonrada, mucháronme a vida, fixéronme un leito de toxos e silvas (...)* *Salvádeme, iouh, xueces!, berrei... ¡Tolería!*". Estamos no século XIX, Rosalía non chora; denuncia, berra e fainos unha radiografía do tempo que lle tocou vivir.

Trampa

A Trampa é topónimo de Manselle que se formou desde a raíz TRAPP- /TRAMP- (Corominas), onomatopeia do ruído que se fai ó pisar. Designaría lugares polos que se pasa con dificultade. Xulia Marqués (*A Toponimia de Trabada*) cita varios *Trapa* como 'trampas'. *Trapa* é voz que usamos para designar unha porta de táboas no piso ou no teito para dar acceso a un faiado ou a unha adega, pero que tamén se pode abrir por descoido ó pisármola. *Caer pola trapa* é sinónimo de colarse por ela. Nos montes, algunhas trampas de animais (raposos, lobos, teixugos...) deberon ter unha factura moi semellante ás trapas, con restos de vexetación ocultando unha cavidade na que caerían ó pasar por elas.

Tras

Todos os topónimos que referimos aquí van precedidos da preposición *tras* (TRANS): ó outro lado, máis alá, detrás de. *Trala* formouse a partir de TRANS ILLA. Temos en Bexo **Trala Rocha**, **Trala Eira**, **Trala Viña**, **Tras do Souto**, **Trascortiña**, **Tralo Exo**, **Trala Torre**. Na braña de Dodro **Tras do Agro**. En Castro **Tras dos Fornos**. En Imo **Tralo Corgo**, **Tralagar** (tamén din **Traslagar**) e **Trasnabal**. En Vigo **Tras da Viña** e **Tras da Horta**. En Teo **Tras do Valado**, **Trasporto**, **Tras das Eiras**. En Formariz **Tras da Taberna**. No Rialíño A Dirección Xeral de Patrimonio considera de interese o conxunto de **Tras da Pousa** formado por diferentes edificacións dispostas arredor dun patio: alpendre, palleira, cortes, eira e restos dun pombal. Tamén da aldea é **Tras do Palomar**. Hai en Les-

trobe **Trasmuro**, en Manselle **Tras do Rego** e **Tras do Agro** e en Tarrío **Tras do Pazo** (*Paso*).

Trasaminde

Trasamundus foi un dos reis vándalos. Como xa observamos, os temas xermánicos MUND/MOND indican protección. A raíz tamén xermánica THRASA significa ‘batalla, loita, discusión’. Sería por tanto un antropónimo: ‘o que protexe na batalla’, pero non imaxinamos que escuros exércitos combateron aquí en **Trasaminde**, nas veigas floridas de Rial de Lagoa.

Travesas

Procede o nome do adxectivo TRANSVERSAM, o que está ó través. Eran leiras dispostas en sentido transversal ás outras, ou como se definen no dicionario de Aníbal Otero “herdades pequenas máis anchas que longas con respecto ás colindantes”. **As Travesas**, están cara o poente da aldea de Tarrío. Hai tamén **As Travesas** na braña de Dodro e en Castro e **O Traveso** en Bexo.

TRAXEITO. Treito

Seguramente proceden os dous nomes do latino TRAIECTUS, ‘paso, travesía’. *Treita e treitoiro*, tanto en galego coma en portugués son camiños estreitos. **O Treito**, que está no alto de Bustelo, é paso natural, encrucillada na que se encontran catro concellos: Dodro, Rois, Lousame e Rianxo. *Quadrivium*. Desde estes montes de Dodro e polos cumes venteados do Confurco e do Barbanza, ata a beira do mar, andan as vacas bravas e os cabalos ceibos da estirpe dos de Ardanlier. *Hai foliada no Treito, /que a fan as bestas bravas/coa punta do rabo ergueito*. *Treitar* é voz que se usa aínda para marcar unha liña ou treita na estrema cando se empeza a sementar. Habería que considerar tamén a opinión de Xulia Marqués que, en *A Toponimia de Trabada*, trae

treita desde TRACTA, ‘arrastear’, ‘tirar’, e no dicionario de Aníbal Otero, a *treita* é o camiño que marcan as cousas ó arrastralas monte abaixo. No Vocabulario de Crespo Pozo dinos que *traxeito* significou ‘traballo’ en galego arcaico.

Traxeito é o nome dunha das aldeas de riba de San Xián de Laiño, pola que se cruza desde as terras de Rois ata Laiño e ó lado dela *O Portancho, porto ancho* que xa vimos. Cítase na visita que o cardeal Gerónimo del Hoyo fixo por estas terras en 1606. A propósito da igrexa de San Xián di que “tiene más la dicha fábrica quince ferrados de pan mediado por la tercia parte del lugar de Trageito”. No informe de Patrimonio fálase da dimensión xenerosa das vivendas e do seu carácter homoxéneo con bós traballos de canteiro nalgúns hórreos e nas columnas que sustentan algunhas galerías. En Traxeito, na *Casa das Portas*, arredor dun espazo acondicionado no muro sur que debía cobixar algunha imaxe, hai labradas varias figuras en baixorrelevo: en cada lateral vemos unha cruz patada inscrita nun círculo, na pedra da esquerda hai trazada unha ave que semella un pavo real, símbolo da inmortalidade e da resurrección (San Agustín: *A Cidade de Deus*) e no lintel, por debaixo dunha representación esquemática dunha cabeza humana, aparecen unha media lúa e unha vieira. Foron estes os emblemas do escudo do arcebispo Rodrigo de Luna e están no seu sartego de Iria e na porta traseira da *Capela do Santiaguíño do Monte*. Desde o Santiaguíño a Traxeito hai un camiño polo monte de pouco máis de dous kilómetros. Non sabemos a que viría aquí o prelado, se viña, e para que usaría esta *Casa das Portas* de Traxeito. En Padrón refuxiouse longas tempadas das trifulcas coa Casa de Altamira. A súa vida non parece que fora moi edificante, por máis que a defendera con paixón o ilustre López Ferreiro. “Y entre otras cosas asaz feas que este arçobispo avía cometido, acaesció que estando una novia en el tálamo para celebrar las bodas con su marido, él la mandó tomar y la tuvo consigo toda una noche”, relátanos Diego de Valera, cronista do século XV, contemporáneo dos sucesos, pero segue aparecendo o rumor no Padre Mariana e noutros autores posteriores. O feito ocasionou unha verdadeira revolta popular que obrigou a fuxir ó arcebispo. Escríbese dela na *Crónica de*

Santa María de Iria de Rui Vasques. A súa morte en 1460 no castelo da Rocha Blanca na Arretén acaeceu en circunstancias nunca explicadas.

Trema

Trema é terreo fangoso e alagadizo, lameiro ou lodazal, nas brañas de Bexo. É voz viva na conversa dos máis vellos que ben sabían que cando se ía á herba á braña había que coidar de non afundirse nas tremas. En Aguirre hai *tremesiño* e *tremedal*, bulleiros, paraxes lamacentos tamén nos outros dicionarios. Do latín TREMERE, ‘tremar’.

Trigais

O trigo (*Triticum* sp.) aparece hai oito mil anos en Oriente Medio no Neolítico, asociado ós asentamentos humanos máis antigos. É dos primeiros cereais cultivados. Aínda que empezou a se consumir cocido, a elaboración de fariña, ou *foriña* como a chamamos nós, foi técnica que desenvolveron todas as sociedades. Nos castros atopamos numerosos muíños de man naviformes, despois cos romanos chegaron os circulares, tamén manuais, e a partir da Idade Media emprégase o muíño hidráulico que fai máis doado o traballo. O trigo usouse en Galicia en menor medida que o páinzo ou o centeo, de maneira que ata épocas recentes cocíase normalmente o pan de millo ou *broa* quedando o de trigo reservado para os días de festa. Para festexar como é debido os casamentos bailaban as nosas mulleres con grandes moletes de pantrigo ou roscas na cabeza, chamadas *regueifas*, que acababan repartíndose entre os convidados. O nome despois pasou a designar o propia celebración ou a disputa improvisada entre os que cantaban. Abondosa nas nosas agras é a *herba trigueira* (*Holcus mollis*), de granciños miúdos. **Os Trigais** (de TRITICUM), preto das casas de Bustelo, en Paizal e abaixo da aldea de Tallós, foron pois campos de trigo: *Que cousa é, que fai ondas coma o mar e mar non é?*.

Trobiscos

O trobisco (*Daphne gnidium*) é un arbusto da familia das adelfas, de pequenas flores brancas e froitos vermellos. É planta velenosa que se ten usado como insecticida nos nosos hórreos contra o gorgullo, e tamén por pescadores furtivos para matar as troitas dos regueiros. A procedencia do nome en latín é reveladora: TURBARE, ‘adormecer’. Medraba nos campíos da braña e procurábase non apañala mesturada coa herba porque se dicía que malparía as vacas. **Os Trubiscos** ou **Trobiscos** son unha paraxe no monte de Eiró e **A Trubisqueira** está en Dodro, arriba da estrada, pasada A Cancela Abrea. *Chamásteme trubisqueira/ Herba que o gando non come/ É mellor ser trubisqueira/ Que muller de ruín home.*

Tuande

Piel e Kremer (1976) citan *Toande* entre os derivados do antropónimo *Teodenandus*. A partícula xermánica THEUDA significa ‘pobo gobernado por un señor’ mentres que a segunda parte do topónimo formaríase a partir de -NANDUS, ‘audaz’. Significaría por tanto ‘pobo atrevido’. Moralejo na *Toponimia gallega y leonesa* considérao tamén voz xermánica, e cita *Toande*, a partir dun *Todenandi*, que figura na *Gramática histórica portuguesa* de J.J. Nunes. **Tuande** e **Tuandiño** son toxais entre Imo e Bexo. @w→

U

Ulla

As primeiras referencias que temos sobre o **Ulla** están en Pomponio Mela, no século I d. X. que cita o *Ullam* e o *Laeron*, como os ríos da cidade de *Lambriacam*. Ptolomeo, no século II d. X. fala da desembocadura do río *Vía*. Hai autores que coinciden en identificar este *Vía* co noso Ulla, desde Sarmiento ata Otero Pedrayo na súa *Historia de Galicia*. Ptolomeo sitúa as bocas do *Vía* (*ostia viae*) xunto a Iria Flavia. Para J. L. Pensado *Ulla* deriva de *Ulia* pero é foneticamente imposible derivalo de *Vía*. Na documentación medieval escríbese *Ulia*, *Uliae*, *Ulie*, *Voliam*... Na opinión do Padre Sobreira, o nome do río provén duns mananciais chamados *ulloos* e *bulloós* nos que nace. Cabeza Quiles a partir da cita anterior, entende que procedería de OCULU, ‘ollo, brote’, coma nos *Ollos do Guadiana*. Para Elixio Rivas “*ul*” sería variante da partícula hidrónica indoeuropea UR, ‘auga’. Edelmiro Bascuas parte doutra base preindoeuropea WEL-, ‘xirar, facer xirar’ que parece ser das que ten máis consenso neste momento.

É río de caudal xeneroso, navegable. Cánta auga non terán visto baixar estas aldeas do mediodía cara a bacía salobre da Arousa! E non se

dá cheo. Existe entre nós a crenza de que os que están a morrer agardan que a marea encha para acompañar co ir e vir das augas o seu alento derradeiro. Tamén o río alenta, poderoso, coma unha serpa inmensa, dúas veces ó día, ó ritmo do secreto corazón de auga do outro Mar da Arousa, porque para as xentes do vello Dodro o propio Ulla é Mar (*Agramar* é topónimo da outra banda) e pareceo cando impa nas grandes avenidas dos outonos. Non esquezamos que o Pedrón, a ara protectora dos irienses, está dedicado a Neptuno, divindade do mar. Carlomagno, que as crónicas trougueron a Padrón de peregrino, espetou a súa lanza nel: “infixit in Mari lanceam”. Polo río subiu a barca lendaria xacobeá arredor da que xira boa parte da nosa historia.

Estas ribeiras verdes son un don do Ulla, deste espiñazo de auga que foi vía natural de entrada en Galicia desde a antigüidade. Iria tiña dous portos, o *Murgadán* na marxe esquerda do Sar ó que debían chegar embarcacións pequenas, preto de onde agora está Igrexa de Santiago e o porto exterior para barcos de calado no actual Porto, en Pontecesures. Describe López Ferreiro os restos cerámicos atopados no enclave: vasos aretinos, tazas, pratos, vidros azulados, moedas de diferentes emperadores (de ouro de Tiberio, de prata de Vespasiano, de cobre de Augusto e Tiberio, e outras de Claudio, Trajano, Nerva...), así como variados obxectos de ferro, bronce e pedra. No ano 2008 arqueólogos da Universidade de Santiago realizaron inmersións na desembocadura do Sar, no lugar onde Pomponio Mela situaba as famosas “*Turris Augusti*” e atoparon máis de setenta pezas de cerámica romana e medieval e restos dun muro perimetral na outra beira do río, no concello de Valga. Polo Ulla entraron os normandos desde o século IX. En 851, conta o *Cronicón Iriense* que foron cen as naves que subiron río arriba cometendo toda clase de tropelías nas nosas aldeas. Na crónica árabe *Al Bayán* relátase a chegada do exército de Almanzor en 997 á ría de Iria, no fondo do esteiro. Despois os bispos composteláns Cresconio e Diego Peláez deciden fortificar o *Castellum Honestum*, as Torres de Oeste e nesa tarefa continúa Xelmírez que manda construír en Padrón dous grandes navíos de guerra para se defender de piratas sarracenos e normandos. Habería que velos co

branco velame inchado atravesando as brañas verdecentes. Temos que supor que lle darían certa confianza ás xentes de Dodro e de Laíño naqueles días turbulentos do medievo. En 1164 Fernando II concédelle a Padrón diferentes privilexios que fan aumentar o trafego de naos e baixeis, pinazas cargadas de viño, sal, peixe, saín, froitas, ferro... que pagaban portaxe nas sete Torres de Oeste. Nalgún lugar das *Memorias del Arzobispado de Santiago* Gerónimo del Hoyo, o enviado episcopal, chamalle *Río de Padrón* e cóntanos que a principios do século XVI navegaban por el grandes navíos cargados de toda clase de mercadorías. Dinos Madoz que chegaban embarcacións regulares ata a ponte de Cesures e que estas parroquias vendían os excedentes das colleitas servíndose de barcas que percorrían a *ría*. No século XIX descargábase o liño procedente de Inglaterra e de Riga no porto de Carril para subilo despois en barcazas río arriba. Había barca para cruzar en Catoira e peirán importante na Vacariza, onde atracaron barcos de gran calado pero en *Cabodeiras* (Bexo), na *Brañiña* (Imo) ou no río das *Moas* (Dodro) arrimaban tamén barcas pequenas. Nas ribeiras do Ulla medraron serradoiros e telleiras e navegaron por el ata non hai moito galeóns, mecos, dornas, gamelas e balandros. Están na *Terra de Iria* de Anxo Angueira e na lembranza dos mariñeiros de Porto, pescadores de zamborcas, salmóns, troitas, muxes e robalizas, que din que se podía beber no río co tanque de achicar, de limpas que ían as augas. Cóntannos os de Dodro como collían as sollas sin francada, pisándoas cos pés. No Tumbo de Iria, do século XV, (López Alsina, 2004) detállase que a igrexa de Iria tiña o “dezemo da quinta das lanpreiras des lo porto de Bandín ata Oeste”. Hoxe captúranse cos butróns en Cesures ou nas pesqueiras de Herbón pero o texto fainos pensar que debían collerse tamén pola nosa zona ata Catoira.

Xa falamos máis arriba das insuas do Ulla. Seguimos case literalmente o *Derrotero de las costas de España y Portugal* de 1867 para facernos unha idea aproximada da toponimia orixinaria do río: “Empezamos no canal da *Insua de Bexo* con seis pés de fondo na baixamar e saídos dese paso, vaise despois en demanda do *Medroso*, pedra afundida na preamar. Seguindo esa derrota deixamos de meo *As Pedras de Vilar*, invisibles coa

marea alta, fronte ó *Esteiro da Vacariza* e buscamos Láíño coa proa ó norte, procurando non caer cara o leste para non encallar nos bancos de area da nosa beira. Rebasados os bancos, ó surlleste de San Xoán de Láíño, gobiñase coa proa cara *A Laxe*, pedra sempre visible que está na mesma marxe oriental da ría, navegando a medio canal, levando pola amura de babor o lugar de Dodro e deixando a estribor a *Insua das Bestas*. Pasada esta gobiñase lestenorleste ata chegar á boca do *Rego de San Lufo* e desde aquí faise rumbo lestesurlleste para librar do *Banco do Freixo* que queda a babor de nós. Ponse proa á *Insua de Campaña* que está no medio da ría con canal polos dous lados, enfiando cara o *Río das Maulas* para despois gobernar a media ría, arrimados á costa occidental, deixando de couso a *Insua de Carballo* para alá da desembocadura do Sar”.

As dragas dos barcos areiros espoliaron sen dor o leito do río e cambiaron para sempre a súa xeografía. Antes dábase calo en moitos tramos e podíase vadear coa marea baixa. Agora hai turbillóns, vórtices, profundos remuíños que xiran a contramán das agullas dos reloxios nos fondais cenagosos. Esvaeceron nas néboas do tempo as barcas ledas, as insuas familiares, mudaron os trafegos e os rostos das xentes que vivimos pé dos canavais, pero o mundo, sostido polos mesmos aramios invisibles, segue viaxando de oriente a occidente polas vellas rodeiras de carro de antano: a derrota dos astros, nós, o Ulla inmemorial. Ás veces, centos de anos despois, volven ver a mesma luz do mediodía dos Láíños fragmentos de *terra sigilata*, lucernas nas que se gravou sen pudor o encontro dos amantes, ánforas doutras idades que preservan aínda a borra dos viños especiados, espadas pistiliformes deixadas acaso como ofrenda a estrañas deusas das augas das que xa nin sequera coñecemos os nomes... @w→



O Ulla. Á esquerda As Brañas de Laíño



Valado

Como nos chega desde o latino VALLATU, valado, debe escribirse con “V”. En Dodro é voz ben viva *valo* co sentido de ‘muro feito de pedras’ e tamén *valada*, montón grande de toxos, de achas de leña... *Valo* e *Valado* recóllenas os dicionarios históricos incluído o de Aguirre del Río, designando case sempre cerres ou muros ergueitos con terróns, pero aquí entre nós son cercas de pedra e usáronse tradicionalmente para cerrar as fincas de labradío e os agros do monte. Os outros son *arrós*. **O Valado** e **Tras do Valado** son leiras de Teaio e **Agro Valado** está no monte de Eiró. **A Valada** é paraxe do monte de Traxeito. *O Casal*, na **Valada de Traxeito**, vén descrito na “Relación de inmobles do Concello de Dodro” elaborada pola Dirección Xeral de Patrimonio coma un “conxunto singular” de varias edificacións (casas, hórreos, restos dun pombal) de cantaría e cachote situado na parte alta da aldea. Rosalía usa *valo* e *valado* indistintamente: “*cantas flores silvestres nos valados*” e noutro recanto de *Follas Novas* “*valos que naide atravesa*”. En Manselle o poeta Anxo Angueira soñou un valo comunal feito con versos e con pedras do monte *Caldebarcas*.

Valiñas

O topónimo **Valiñas** está entre as propiedades das aldeas de Sar, O Ria-liño, Teaió, Dodriño e Revixós. Este último pode ser o *Baliñas* que López Ferreiro sitúa no lugar de Lestrobe, citado como unha posible casa de baños ou *balinea* na época romana. Sarmiento fai proceder o nome de BALNEUM pero José Luís Pensado explica que requeriría unha base latina *vallinea* que non hai. Na zona oriental de Lugo, *valiña* equivale a val pequeno, suave, aínda que sexa en altura. As nosas **Valiñas** posiblemente deriven tamén de “vallis” e designen pequenos vales no outro val grande do Ulla, por iso decidimos escribilas con “V”.

Vallota

A *Ballota nigra* é unha planta da familia das labiadas, moi semellante ó *Lamium* pero menos usual. Hai tamén unha subespecie de aciñeira que leva o nome (*Quercus ilex* subsp. *ballota*). Se esa fose a orixe da **Fonte Vallota**, en Bexo, ceais procedera do árabe BELLUTA (*bellota*, no castelán) pero no caso de escribírmolo con “V”, viría sendo “fonte do val alto” coma o topónimo que estudamos a continuación. Gerhard Rohlfs (1985) cita o nome entre os derivados de ALTUS (*Vallota*, *Ribota*, *Silvota*...).

Valouta

Adoita escribirse case sempre con “B”, pero debera ser con “V” pois formouse a partir da palabra latina VALLIS, ‘val’. **Valouta** sería a forma galega de ‘val alta’. Está en feminino, posto que era o seu xénero en latín. Quedounos *Balouta* no dicionario de Aguirre que o atopa na zona de Lalín. Non precisaba tal viaxe; témolo aquí ó norte de nós, como pano de fondo do val de Lafíno.

Veacova. Viachán

A Veacova debeu formarse desde *Viacova*, vietro afondado no monte ou *camiño da cova*, congostra. Cítase nun documento de 1109 do Mosteiro de Oseira sobre unha venda en Lestrobe como *Vias Covas*. Algúns dos via galegos poden tamén ter filiación xermánica: WIGA, ‘loita, combate’. Para J. L. Pensado, no *Onomástico...* de Sarmiento, *Ve* formouse a partir de *Velegia* (así está no Cronicón Iriense, escrito Belegia) e non de *Vía*. O topónimo **Veacova**, como xa dixemos, é de Lestrobe (hai quen pronuncia *A Aveacova*) e **Viachán** está no alto do monte de *Pinas*, en Castro.

Veiga

En case todos os dicionarios está como terreo baixo e fértil, plano e de gran extensión. Engaden outros o matiz de que é un sitio húmido, o que concorda coa que parece a orixe da palabra: a voz indoeuropea BAIKA, “*ribeira*”, do vasco IBAI, río, e co sufixo “-ka”, ‘parte do río’. Son de Bexo **A Cortiña da Veiga**, **O Agro da Veiga**, **A Veiguiña** e **A Veiga de Baixo**, á beira do río grande, onde se recolleron fragmentos de tégulas que poden indicar algún vello asentamento. **A Veiga** é de Dodro, **O Alto da Veiga** está do lado de baixo da estrada e **A Veiga da Cruz** na braña. En Imo está **O Cruceiro da Veiga**, **A Revoltiña da Veiga**, **Suaveiga** e **O Agro da Veiga**. Do Rialíño é **O Pradiño da Veiga**. De Teairo, **A Veiga de Riba** e **A Braña da Veiga**. En Pexegueiro está **O Muíño da Veiga**; no Bustelo de Paizal **A Veiga de Abaixo**, e en Traxeito **A Devesa da Veiga**. **A Veiga de Eiró**, cara ó leste da aldea, ten un **Portelo da Veiga**. **O Agro da Veiga** está en Manselle; **A Veiga Vella**, en Bustelo e **A Veiga de Riba**, en Sar e abaixo de Rial. **A Veiga da Senra** é o agro entre Rial e Tarrío. Se analizamos a localización dos nosos topónimos vemos que todos son efectivamente terreos amplos e fértiles e que só nalgúns casos están en áreas húmidas. É palabra querida de Rosalía que encon-

tramos a miúdo nos seus versos. “*Reina na veiga un prácido sosego*”, “*quedan as veigas sin xente*”...

Veliña

Na toponimia de Catoira topamos co mesmo nome, que G. Navaza supón derivado de *vela* (lat. VIGILARE) ou alteración de *valiña*, diminutivo de val. Cabeza Quiles presenta documentación medieval que reforza a primeira hipótese. Xulia Marqués fai vir *veliña* de *val* co cambio no “A” pretónico por proximidade do “I”. **A Veliña** está no alto da aldea de Lestrobe, non lonxe das *Torres de Hermida*, calados sentinelas de pedra que tamén vixían o val, ás que curiosamente os veciños lle chaman *A Durmida*. Podería ter esta etimoloxía **O Alto da Pedra Vixía** que está no cume do monte, entre a Devesa e Castro.

VIGO

Vigo é unha aldea da parroquia de Santa María de Dodro, da que tivo que ser núcleo importante. No lugar estivo a casa consistorial ata 1906, en que se trasladou a Tallós. Desde a *Torre de Vigo* mandou nestas terras o Marqués de Bendaña. O nome fórmase desde o *vicus* latino (vila, aldea, barrio ou asentamento no territorio máis amplo dunha *civitas*: Iria). Ó tempo que o Imperio Romano foi avanzando, difundíronse tamén os *vicus*. Está recollido amplamente na documentación medieval co sentido de aldea ou pequeno poboamento rural pero faltan aínda estudos máis en profundidade sobre o tema. Os *vicus viarii* funcionaron como paradas, descansos na rede viaria romana. Como tal, a voz perdeuse na lingua oral pero pervive en *veciño* e os seus derivados. Xa dixemos que pensamos que por aquí seguramente pasaría un ramal da Vía XIX, *Per loca marítima*, ou a propia calzada, procedente de Iria, en dirección ó Barbanza. Os *stadia* ou distancias que separaban as mansións das vías romanas, coma o mundo de Risco, son *asegún*. Ningún dos especialistas que escribiron sobre o tema colocou o *Vico Scaporum* (*Vicus Caporum*) no noso Vigo, pero segura-

mente podería estar co mesmo dereito que nos outros. Os *Caporos* cítanos Plinio e Ptolomeo como habitantes de boa parte das terras centrais de Galicia desde Iria ata Lugo e figuraban aínda no *Parrochiale* dos suevos. É terra a nosa habitada desde antigo. No río Ulla, abaixo da aldea de Vigo, dragouse unha machada de tope con asa da época do bronce. No século XV familias compostelás coma a dos Tudela tiñan bens aquí, *Teresa Eanes de Tudela* herdou un casal “enna villa de Bigo” que lle doou ó Mosteiro compostelán de Santa Clara. A mediados dese século un veciño noso, vicario do Convento de Herbón, chamado Frei Xoán de Vigo, decidiu facer un hospital en Padrón “para receber e albergar a los peligrinos y romeros y pobres” que se achegaban á vila xacobea e convenceu ó arcebispo Rodrigo de Luna. Levantouse o edificio ó pé do Sar, xunto á primitiva Igrexa de Santiago, en 1458 e continuou ata o século XIX. Agora que os vellos camiños de Europa volven encherse de peregrinos dirixíndose a Compostela e a Padrón (xa se sabe que *quen vai a Santiago e non vai a Padrón, ou fai romaría ou non*), sería ben convidalos tamén a vir aquí a Dodro, á terra de Frei Xoán de Vigo, que soñou para eles un recanto de verde sombra nas ribeiras daquel outro Sar.

Vilar. Vilox

Xa comentamos que casais, quintas é vilares designan partes que se foron arredando das *vilas* a partir do século XI, ó tempo que se foi ampliando o espazo cultivado e a poboación. A orixe está na *villa* romana, casa de campo ou granxa, que na alta Idade Media galega veu sendo unha explotación agraria e de residencia. Aguirre define *vilar* como ‘casa de campo, aldea’. Non sendo a **Fonte Vilar**, na divisoria co concello de Padrón, os demais vilares están agora a certa distancia dos núcleos habitados, pero ese é desde logo o seu significado, se ben cabe a posibilidade de que algúns sexan antropónimos. **Vilar** está na veiga de Lestrobe e no monte de *San Gregorio*. En 1232 o abade do Mosteiro de San Martiño Pinario cédelle a *Pedro Peláez Sardina* a herdade chamada *Vilar* do lugar de Lestrobe. **O Monte do Vilar** está preto do Santiaguíño e **O Alargo de Vilar** na es-

trada que vai á Chisca, en fronte de Traxeito. **Vilox** e **Agro de Vilox**, que están na Devesa dos Mouchos, seguramente teñan relación cos anteriores topónimos, aínda que Joaquín Caridad, na *Toponimia céltica de Galicia* nos di que a divindade solar celta Vilo, (latinizado en *Bellus*), vencellada coas fraguas e co lume dos fogares, lle deu nome a moitas falsas vilas. O último día de abril acendíanse na súa honra fogueiras lustrais para lles dar fertilidade ás terras e saúde ás xentes.

Vinte

O **Vinte** estaba en Vigo, do lado de riba da casa do Marqués. Foi turreiro de festas e feira, que se celebraba o vinte de cada mes, de onde lle vén o nome. No ano 1760 ingresáronse na *Feira de Santa María de Dodro* do *Couto de Lestrobe*, 101 maravedís por cortaduría e 1751 pola venda de viño (López Pérez, 2005). Feiras grandes eran a de San Xíán de Requeixo en Cesures e, en Padrón, a da Pascua, pero había ademais catro *feiras da casca* e catro de gando. A de Estramunde era o día vintenoventa. *O carallo vintenoventa eche a feira en Estramunde.*

Viña

A etimoloxía está no VINEA latino, ‘plantación de vides’. No libro de Álvaro Pérez cítanse varias viñas, algunhas entre nós. O notario debía ter a man frouxa porque está escrito con moitas vacilacións: “vjna, bjna, vjña, bjña”. Temos o topónimo **A Viña** en Lestrobe, Reboiras, Traxeito, Tarrío, Vigo, O Rialíño e Revixós. Pero hai outras. Algunhas son estas: **O Agro da Viña** é de Reboiras; **Suaviña** de Manselle e **A Viña do Cruceiro** de Eiró. **Tras da Viña** está en Vigo. **As Viñas** son de Imo. **Debaixo da Viña** e **A Viña da Fonte** son de Revixós. **A de Viñas é de Lestrobe**. **Trala Viña**, **A Viña da Eira**, **Suviñas de Fóra**, **Suviñas do Pozo**, **Chan de Viña** e **A Fonte de Chan de Viña** son de Bexo. **A Viña da Fonte** está en Susavila. **A Viña dos Perros** é de Tarrío. Algúns “perros” hai no Nomenclátor que deben relacionarse con *pedra* como *Peralta*

ou *Perafita* nas que se perdeu o “D”. Cara o surleste da aldea de Tarrío, arredor do *Pazo*, onde xa dixemos que estivera o Pazo dos Soutomaior, hai **A Viña da Horta, A Viña da Hortiña, A Viña dos Tarríos, As Viñas**. Sempre se dixo que houbera alí vidras dos mouros enleadas por antre loureiros e abeleiras, espalleres de uvas docísimas coma mel, que as deixaron cando tiveron que fuxir para Mouramía.

Viturros

No **Pozo dos Viturros**, feito polos veciños arriba do Rueiro, recollíase a auga do *rego de Arnelas* e doutras fontes para regar no vran as agras de millo das aldeas de Tarrío, Rial, Eiró e Reboiras. Cedéronse as testas das leiras para a obra comunal e queda aínda o muro de contención da presa e restos esnaquizados das canles polas que baixaba a auga. No Ulla, preto do *Redondo* hai **O Pozo dos Viturros**. *Viturro* é apelido que se concentra sobre todo no noso concello e no de Boiro. No Libro de notas de Álvaro Pérez, de 1457, aparecen varios Beturros.

Viveiro

Na estrada que vai de Laíño á Chisca, no alto do monte *Valouta*. Tamén se lle chama *O Semilleiro* empregando un castelanismo. As formas correctas son *Pebidal* ou *Viveiro*. ☺☞



Igrexa de San Xián e Muíño de Chacón. Desde Rial de lagoa

X

Xácomo

Abaixo de Sar había **O Muíño de Xácomo** e **O Agro de Xácomo**. O nome procede do hebreo Xacob, fillo de Isaac e Rebeca, e significa *calcañar*, porque cando naceu agarraba o pé de seu irmán xemelgo Esaú. A partir de Xacob formouse Jacomus, do que saíron Xacome e Xaime. A quen di que xa comeu, dicímoslle por aquí *Xacomín era gaitreiro e Xabebín, tamborileiro...*

Xaneiro

O Xaneiro e **Carballiños de Xaneiro** están no monte de Pexegueiro. Antropónimo, do latín JANUARIUS, primeiro mes no calendario de Numa Pompilius, dedicado a Ianus, deus bifronte, que mira a un tempo cara o ano que remata e o que inicia, divindade dos comezos e das portas, eixe do tránsito entre os mundos. Do outro lado do mesmo monte, nas Casas do Porto (Rois), *Os Xaneiros* foron celebrados gaiteros destas terras. J.P. Machado, no seu dicionario etimolóxico, explícanos que se lles puña ese

apelido ós meniños abandonados. Nunha nosa cantiga chamámoslles *pitocairos* ós nados en xaneiro.

Xerpa

Xerpa é variante de *serpe*, que nos chegou así directamente desde o latín. **A Poza da Xerpa** está na braña de Lestrobe e **A Xerpa** na de Dodro. Xa falamos delas no toponimo *Cobrega*. Eladio Rodríguez rexistra algunhas crenzas que tamén corren por estas terras, coma a de que as serpes gardan os tesouros dos castros, maman de noite no ubre das vacas ou poden hipnotizar e atraer a outros animais coa mirada, sobre todo ós paxaros. Nas brañas do imaxinario popular agacháronse sempre bichocas xigantescas. No monte *Fontebecha*, que nos asexo desde o outro lado do río, pola noite bailaban as bruxas arredor da auga (Lisón Tolosana). *Becha* é sinónimo de *serpe*, cobra. As *xerpas* relaciónanse con mouras encantadas que peitean os seus cabelos de ouro nos pozos e nas fontes e están asociadas coas lendas de cidades submerxidas. Procuramos non soñar con elas porque seica non traen bos augurios. Estas son as que detallan os fríos libros dos biólogos para as nosas paraxes: a cóbrega sapeira (*Natrix natrix*), a de río (*Natrix maura*), a *Coronella austriaca*, a *Coronella girondica* e a cóbrega viperina (*Malpolon monspessulanus*). Tan só a *víbora de Seoane* (*Vipera seoanei*) é velenosa. Nós tivemos na casa unha *pedra da pezoia* (ou da *pezoña*, como se di noutras terras de Galicia) que se perdeu hai máis de corenta anos. Mollábase en leite e aplicada sobre a picadura das xerpas e doutros bichos pezoñentos extraía completamente o seu veneno. No poema “As torres de Oeste” camiña Rosalía polas brañas, preto dos Laíños, pé da auga que corre “*por antre os herbales,/ profunda e sombrisa,/ cal unha serpente/ de escamas bruñidas*”.

Xesteira

A xesta (*Sarothamnus scoparius*) é un arbusto de flores amarelas que enchen os baldíos de Galicia en primavera. Empregouse para facer vasoiras

(*as de rúa e portal* di Aguirre). As máis finas facíanse de *mesquita* (*Ruscus aculeatus*). Tradicionalmente colócase nas portas das casas e nas cancelas o primeiro de maio porque dá boa sorte e espanta as bruxas. Nas respostas do Catastro de Ensenada entre as diferentes clases de terreo figuran sempre especificados os *gestares*. Temos o topónimo **A Xesteira** na braña de Dodro, en Imo, en Teairo, en Traxeito, en Pexegueiro e en Manselle. **As Xesteiras** son de Bustelo. **A Xesteiriña** está en Traxeito, Teairo e Bexo. **Sobre Xesteira** e **Coto Xesteira** están en Pexegueiro e **A Xesteira de Baixo** en Traxeito. **O Agro das Xestas** estaba no camiño que baixaba desde a Chisca a Manselle por *Balranco*. A palabra *xesta* procede do latín clásico GENISTA, e despois do vulgar GENESTA. Ramón Reboiras, o escritor de Tallós, escorrenta “*os morcegos da razón coa rama dunha xesta*”. Na rosa dos nosos ventos, para alá das terras de Valga, cara o sur-leste, vese desde todo Dodro a mole imponente do monte *Xesteiras*.

SAN XIÁN DE LAÍÑO

A igrexa de **San Xián de Laíño** debeu empezarse cara ó ano 1740 e rematouse en 1745. As trazas deunas Frei Manuel de la Presentación, carmelita de Padrón e foi mestre de obra Manuel de la Torre Ferreiro. A figura que coroa o esquinall dereito debeu pertencer á primitiva construción, así como o oco do baptisterio no que había unha credencia oxival que cita Murguía.

Descoñecemos o autor do retablo principal, aínda que temos que encadrar a obra a finais do período barroco. O equilibrio do conxunto, lonxe dos xogos de masas e volumes da época de plenitude, o gusto polo decorativismo e por unha certa contención e harmonía das formas na que prima a simetría e a estrutura xeral da composición diante doutros factores individuais son claramente recoñecibles aquí. Sempre se considerou afín ó estilo de Francisco de Lens.

O retablo de San Xián de Laíño finalizouse en 1756 e consta de tres rúas diferenciadas. Na central figura San Xián, o patrón da parroquia. O santo veste de cabaleiro, con casaca e polainas e leva un falcón na man es-

querda. No máis alto do retablo, a Inmaculada Concepción, cos pés sobre o crecente da lúa sostida por anxos, aparece entre dúas columnas salomónicas. No corpo inferior un espléndido tabernáculo alberga o sagrario así como unha talla do Neno Xesús coa esfera e a cruz, en idéntico lugar ó tallado por Gambino para Cordeiro. Columnas corintias de escasa éntase decoradas con óvalos, acantos e cintas separan a rúa central das laterais onde están representados o Apóstolo Santiago á esquerda, vestido de peregrino e Xoán o Bautista á dereita, sinalando o Año de Deus.

Os retablos laterais do Divino Redentor e da Virxe das Dores encargados a Francisco Núñez de Boiro en 1764 non deben de ser os dos brazos da igrexa, como se comentou sempre, senón os que enmarcarían ás dúas figuras de vestir que están ós lados da nave central. En todo caso o barroco dos retablos dos lados do cruceiro, aínda que forma un todo unitario co principal, insiste en fórmulas anteriores priorizando máis o xogo de volumes e a teatralidade. Preside o da esquerda a figura de San Bieito, fundador da orde á que pertence o mosteiro de San Martiño Pinario, do que depende Laíño. Moi fermosa é a talla de Santo Antón de Padua co neno. A imaxe central representa a Virxe do Socorro e a da fornela dereita a San Diego de Alcalá, na honra do cura párroco que paga a obra, Diego Gil Taboada, irmán do arcebispo de Santiago Cayetano Gil Taboada. No retablo da dereita ocupa a rúa central unha gran talla de San Xosé. A un lado, Santa Lucía cos ollos no prato e ó outro, Santa Bárbara coa torre que simboliza o seu cativerio.

No exterior a porta é moldurada con orelleiras e enriba dela un arco de medio punto na fornela cobixa a imaxe do patrón **San Xián**. Algúns historiadores vinculan a lenda de San Xián o Hospitalario cos deuses viales romanos protectores dos camiños, pero a súa traxedia repite sen dúbida a de Edipo, dando morte por erro a seus pais e dedicando o resto da existencia a purgar a culpa axudando ós camiñantes na compañía da súa dona. Aínda que a haxiografía nos di que o santo foi cabaleiro, na Terra de Iria, como xa vimos co San Campio, é tradición que foi soldado. *San Xulián de Laíño e máis o de Bastabales, con San Xulián de Requeixo, mira que tres militares*. Nalgunha copla aflora a picaresca popular sobre

os santos e santas da ribeira do Ulla: *Santa Comba de Cordeiro ha de parir un meniño e ha de levar de compadre a San Xián de Laiño*. Se o día de San Xián quenta o sol, entón choverá cando os de Cordeiro, do outro lado do río, celebren a súa festa grande de Santa Comba, porque *Cando San Xián ri, Santa Comba chora*. E non será en balde, porque *Se Santa Comba chora é que o inverno vai fóra*.

SAN XOÁN DE LAÍÑO. Xanico. A Xaniña

San Xoán é o padroeiro dos de Imo. O nome procede do hebreo Yohanan. *Yoh* é abreviatura de Yahve, Deus, e *hanan*, ‘misericordia’. Significa polo tanto *Deus é misericordioso*. Chamado “O Precursor”, porque anunciou a chegada de Cristo a quen bautizou, foi decapitado por Herodes despois de concederlle a petición a Salomé. O seu culto é dos máis antigos do cristianismo. Representase cuberto cunha pel de carneiro como anacoreta, no deserto, sinalando a Cristo coma “Agnus dei, qui tollis peccata mundi”. A súa festa celébrase o día do solsticio de vran, o 24 de xuño, cando o sol dubida por un intre no horizonte, e inicia despois o seu longo camiño de volta polos espazos celestes. Acendemos fogueiras para axudalo a brillar máis porque empezan a minguar os días.

Primeiro había un só Laiño pero, ó facerse pequena a Igrexa de San Xián, o arcebispo manda que se faga unha maior con dúas varas máis de ancho por cada lado. Aínda así en Imo facía falla tamén un templo. Unha tradición oral conta que a primitiva igrexa de San Xoán se empezou a levantar no *Movido da Poza* (*mover* é roturar as terras), arriba do emprazamento actual, onde hai quen di lembrar o esquinal de pedra de cantaría. O caso é que sabemos que en 1765 se estaba construíndo este edificio de agora porque no Libro de Fábrica de San Xián fálase da falta de medios para concluír a obra. O propio Libro da Igrexa de San Xoán Bautista empeza no ano 1771, pero hai asentos algo anteriores. Cando a inspecciona o visitador do arcebispo recén acabada, presenta xa defectos de estrutura, pequenas aberturas na bóveda, sobre todo no arco maior, que necesitan ser reparadas. O templo barroco, de liñas elementais ten un

campanario lanzal de dous corpos que se fixo con posterioridade, perfectamente embutido nos muros. O retablo é neoclásico co San Xoán no centro. *Meu señor San Xoán Bautista/que está mirando na porta/como as mocías de Imo/andan a subir a costa*, é cantiga que recolle Avelino Abuín de Tembra, pero na fornela da entrada non está o santo. Quizais estivera antes. Agora hai unha estatuíña de pedra da Inmaculada, A Virxe da Santa Cruz., que a tradición popular quere que sexa a que estivo na capela da Cruz do Abelán. A Romaría que se celebra no alto do monte faciáase aquí. Os de San Xián, chamámoslle ós de San Xoán, “Os da parroquia de baixo” e eles a nós “Os da de riba”. A denominación Os Laíños que citamos ás veces nestas páxinas está en Rosalía pero non acabou de callar. Hai unha certa rivalidade cordial que debe vir de cando se separaron no século XVIII. Cada un sabe as súas. O ilustre cronista de Imo que vimos de citar imaxinou a escea no Palacio de Lestrobe, diante do mesmísimo prelado Raxoi que, no puño episcopal, ofrecía solemnemente dous picóns ós representantes das futuras parroquias. O que sacara o máis pequeno podería escoller padroeiro, pero a verdade é que o S. Xián estaba xa escollido.

Hipocorísticos, da mesma familia que Xan e Xoán, son **Xanico**, arriba da Dea da Igrexa e **A Xaniña** de Paizal.

Xuncal

O topónimo **O Xuncal** está abaixo de Lestrobe. Xuncais e xunqueiras son formacións vexetais típicas das brañas e de terreos sedimentarios húmidos ricos en limos. Aguirre recolle *xunca* e *xunqueira*. Todas as formas son o resultado do latino IUNCU. *As meniñas de Laíño eu direi como elas son, collen o xunco na braña vano vender a Padrón* é outra versión da nosa copla. Nas xunqueiras medran diferentes especies vexetais, sobre todo carrizos e xuncos. Estes últimos están representados polos xéneros *Juncus*, *Cyperus* e *Scirpus*. Do *Scirpus pungens* (sin. *Schoenoplectus pungens*), especie ameazada de extinción, pódense atopar exemplares nas brañas. O paraíso dos antigos exipcios era un *Campo de Xuncos* sempre verde, un

xuncal coma os nosos. Na *Historia Compostelana* do Arcebispo Xelmírez os viquingos desembarcan no porto de *Juncaria* e matan o bispo Sisnando dunha lanzada no peito da outra banda do Ulla, no predio de *Fornelos*, en Cordeiro, un día de primavera de hai mil anos. Cóntao despois o *Cronicón Iriense*: “normani et frandeses et gens multa inimicorum, veniens de Iuncariis volentes ire ad Hyriam”, pero na *Crónica de Santa María de Iria* identifícase o lugar de arribada co porto da Vacariza que queda da nosa beira. Ás aldeas deste lado do espello do río, arriba das xunqueiras, chegarían as tropelías dos ferros homes do norte. “A furore normandorum, liberanos domine”.

Nun dos seus versos primeiros lembrábanos Eusebio Lorenzo que “*olvido é desamar aquilo que perdemos*”. Para non desamar a terra da que somos, estas ribeiras verdecentes do Ulla, a carón das que tecemos os nosos soños, co xunco recién apañado das brañas e cos nomes de auga que fomos recollendo das xentes boas e xenerosas de Dodro e de Laíño, como mellor soubemos, fomos urdindo este tapiz ó que agora damos cabo. @*—>



A Cruz do Abelán

ÍNDICE

ALFABÉTICO

A	
Abelán 15, 281	
Abelán da Chisca.....15	
Abelán da Cruz.....15	
Abelán de Baixo.....15	
Abelán de Casacas.....15	
Abelán de Lago.....15	
Abelán de Riba.....15	
Abelán do Medio.....15	
Abelán, A Cruz do15, 107	
Abelán, O Rego do264	
Abeleira.....16	
Abeleiras, As.....16	
Abellariza, A.....16	
Abelleira, O Agro de16, 18	
Abelosa.....16	
Aberta, Folgueira130	
Aberto, Agro O17, 19	
Abertos, Agros17	
Abrea, A Cancela75	
Abrigueiros, Os17	
Abuíns, O Agro dos19	
Adoro, O Agro de.....18	
Agordonia.....17	
Agra Chouso.....18, 94	
Agra de Baixo.....18	
Agra Maior.....18	
Agra Moura.....18, 201	
Agrelo 18	
Agrelo, O Portelo do18, 245	
Agrelos.....18	
Agriño da Torna, O.....290	
Agriño de Padiño, O.....213	
Agriño, A Corredoira do101	
Agriño, O.....18	
Agriños, Os18	
Agro Bo.....19	
Agro Bouzas.....48	
Agro da Bouza, O.....19	
Agro da Chousa, O.....94	
Agro da Corguiña, O.....19, 99	
Agro da Corte, O.....19, 102	
Agro da Costa, O.....19, 104	
Agro da Cruz, O.....18 s.	
Agro da Dega, O.....19	
Agro da Devesa, O.....18 s.	
Agro da Eira, O.....19	
Agro da Estivada, O.....19, 126	

ÍNDICE ALFABÉTICO

Agro da Ferreira, O.....	19	Agro de Campelo, O.....	19, 74
Agro da Fervenza, O.....	19, 130	Agro de Castro, O.....	88
Agro da Fonte, O.....	19, 134	Agro de Contimundi, O.....	19
Agro da Graña, O.....	19	Agro de Diante, O.....	18
Agro da Hortiña, O.....	19, 152	Agro de Ferro, O.....	19
Agro da Leña, O.....	19	Agro de Hermida, O.....	18
Agro da Moreira, O.....	19, 25	Agro de Martiño, O.....	19, 188
Agro da Pedrosa, O.....	19, 233	Agro de Miguel, O.....	18
Agro da Pena, O.....	19, 235	Agro de Miguéns, O.....	19
Agro da Pontella, O.....	19, 244	Agro de Moas, O.....	19, 200
Agro da Señora, O.....	19, 275	Agro de Novais, O.....	19, 28
Agro da Silva, O.....	18	Agro de Núñez, O.....	18
Agro da Tella, O.....	III, 246	Agro de Pedro, O.....	19
Agro da Veiga, O.....	18 s., 307	Agro de Reboiras, O.....	18
Agro da Viña, O.....	18, 310	Agro de Rial, O.....	19, 261
Agro das Almas, O.....	23	Agro de Sar, O.....	19, 272
Agro das Brañeiras, O.....	54	Agro de Serra, O.....	19, 276
Agro das Canas, O.....	75	Agro de Teaio, O.....	18
Agro das Mimosas, O.....	19	Agro de Valiñas, O.....	19
Agro das Silvas, O.....	276	Agro de Vilox, O.....	19, 310
Agro das Xestas, O.....	19, 315	Agro de Xácomo, O.....	313
Agro de Abelleira, O.....	16, 18	Agro de Xan Rei, O.....	19
Agro de Adoro, O.....	18	Agro de Xei, O.....	18
Agro de Alonso, O.....	18	Agro do Barro, O.....	18, 38
Agro de Amaro, O.....	19, 24	Agro do Cabazo, O.....	18, 63
Agro de Angueira, O.....	18	Agro do Caldeirón, O.....	19
Agro de Asados, O.....	19	Agro do Campanario, O.....	73
Agro de Baixo, O.....	18, 273	Agro do Can, O.....	19
Agro de <i>Benito</i> , O.....	18	Agro do Carrizo, O.....	82
Agro de Bexo, O.....	18 s.	Agro do Castro de Moure, O.....	201
Agro de Bouzas, O.....	19	Agro do Chalán, O.....	19, 110

Agro do Codeso, O.....	97	Agro Grande, O.....	18 s.
Agro do Crego, O.....	18 s.	Agro Lodeiro, O.....	19, 174
Agro do Cuco, O.....	111	Agro Longo.....	19, 174
Agro do Cura, O.....	18	Agro Maior.....	18
Agro do Escalo, O.....	18, 122	Agro Novo.....	18 s., 28
Agro do Goríño, O.....	18, 145	Agro Novo, O Muíño de.....	203
Agro do Lago, O.....	161	Agro O Aberto.....	17, 19
Agro do Médico, O.....	19	Agro Palleiro, O.....	19
Agro do Millo, O.....	19, 194	Agro Pequeno do Castro, O.....	87
Agro do Monte, O.....	18 s., 134, 197	Agro Pequeno, O.....	19
Agro do Muíño, O.....	19	Agro Redondo, O.....	19
Agro do Pan, O.....	18	Agro Rubio.....	18
Agro do Pinal, O.....	19, 240	Agro Sindes.....	18
Agro do Piñeiro, O.....	19, 240	Agro Tendeiro, O.....	18
Agro do Río, O.....	16, 19, 172	Agro Tobío.....	18
Agro do Señorito, O.....	19	Agro Valado.....	18, 305
Agro do Souto, O.....	18	Agro Vello, O.....	18 s.
Agro do Trigo, O.....	19	Agro Xuliana, O.....	19
Agro do Xarán, O.....	18	Agro, A Cruz do	18, 109
Agro do Xordo, O.....	18	Agro, O.....	18
Agro dos Abuíns, O.....	19	Agro, O Portelo do	19, 245
Agro dos Carros, O.....	18 s., 83, 276	Agro, Tras do	18, 293 s.
Agro dos Codesidos, O.....	19, 97	Agros Abertos.....	17, 19
Agro dos Foxos, O.....	138	Agros de Pena, Os.....	235
Agro dos Mozos, O.....	18	Agros, Os	18 s.
Agro dos Noias, O.....	19	<i>Agua Limpa</i> , A Fonte da	135
Agro dos Outeiros, O.....	18, 211	Aguadelo, Os Pozos de	249
Agro dos Pozos, O.....	19, 249	Agudeliño de Riba.....	19
Agro dos Teceláns, O.....	286	Agudelo.....	19
Agro dos Toxos, O.....	19, 292	Agüeiros, Os.....	20
Agro Grande do Castro, O.....	87	Aguíntes.....	20

ÍNDICE ALFABÉTICO

Aire, Os Outeiros do	211	Alto da Pedra Vixía, O.....	23, 233, 308
Alarga 21		Alto da Pena, O.....	23
Alarganza.....	21	Alto da Veiga, O.....	24, 307
Alargo da Veiguiña, O.....	20	Alto de Bexo, O.....	42
Alargo de Inverniz, O.....	20, 156	Alto de Pena, O.....	235
Alargo de Tuande, O.....	21	Alto de Ribada, O.....	23, 100, 135, 262
Alargo de Vilar, O.....	20, 309	Alto do Caravel, O.....	71
Alargo do Chiquelo, O.....	20	Alto do Miradoiro, O.....	23
Alargo do Monte, O.....	20, 198	Alvite 24	
Alargo do Outeiro, O.....	211	Amara, A Horta da	24
Alargo do Rialo, O.....	20	Amaro, A Capela de San	25
Alargo, O.....	21	Amaro, A Granxa de	25
Albariña.....	21	Amaro, O Agro de	19, 24
Albariña de Riba.....	21	Amaros, O Chedeiro dos	24
Albariña, A.....	16, 21	Amaros, Os.....	24
Albariña, Sobre	21, 277	Ameneira.....	25
Albariñas, O Rego das	264	Amescosa, A.....	192
Albertiños, Os.....	21	Amoriñeira, A.....	25
Alborés, Pinas de	241	Ancho, O Río	264
Albres, Os.....	22	Andeano, O Rucheiro do	155, 265
Alcacén.....	22	Angueira Grande, A.....	26
Alcacén, Prado	22	Angueira Pequena, A.....	26
Aldea da Igrexa, A.....	22	Angueira, O Agro de	18
Aldea de Baixo, A.....	22	Angueiro.....	27, 135
Aldea de Riba, A.....	22	Anovadas, As.....	28
Aldea, A Horta da	152	Ansuíña, A.....	156
Aldea, O Muíño da	204	Antas de Granada, As... 28, 134, 176, 183	
Alla, A234		Antas de Granada, Os Pozos das.....	249
Almas, O Agro das	23	Antecasa.....	84
Alonso, O Agro de	18	Antecasa de Baixo.....	84
Alto da Paradegua, O.....	68, 217	Antecasa de Riba.....	84

Anterregos, O Pozo de	249	Arregañadiñas, As.....	30
Antre Carrascos.....	81	Arriba de Portedegude.....	19
Anxo da Garda, A Capela do	78	Arriba do Pozo.....	250
Arca de Noé, A.....	233	Arrucheira.....	265
Arcai, A.....	29	Arufe	31
Arcai, A Poza da	250	As Angueiras.....	26
Arcai, A Veiga da	29	Asados, O Agro de	19
Arcai, As Pedras da	233	Auvello, A Fonte do Corro	112, 134
Arcai, O Camiño da	71	Avelino, O Muíño de	205
Arcai, O Portelo da	29, 245	Avesada dos Romanos, A.....	31
Arcai, O Pouso da	29, 247	Avesada, A.....	31
Arcebispo, O Río do.....	156	Avesada, O Pouso da	247
Ardeira, A Eiriña da	120	Avesadas de Riba, As.....	275
Areal, O.....	29	Avesadas, As.....	31, 273
Areas	29	Avesadiñas, As.....	31
Areas de Riba, As.....	30		
Aredo, Liñas de	30	B	
Areira.....	30	Bacelo, O.....	33
Areiriña, A.....	30	Bacelo, O Muíño do	204
Areiriña, O Rechán da	30	Bacelos, Os.....	33, 160
Areosa	30	Badín, Cuntín de	112
Arexal	29	Baixo, O Monte de.....	172
Arieiro, O.....	30	Balagón dos Campos.....	33
Armida, A.....	25, 43, 78, 121	Balagón dos Pinos.....	33, 240
Arnelas, O Rego de.....	263	Baliñas 36, 68, 306	
Arosa, Pedra	233	Balranco.....	16, 34, 315
Arregañada do Outeiro, A.....	211	Balranco, O Camiño de	34, 72
Arregañada, O Cruceiro da	109	Balranco, Os Pozos de	34, 249
Arregañada, O Río da.....	205	Balteinón.....	34
Arregañadas do Outeiro, As.....	30	Banco do Freixo, O.....	302
Arregañadas, As.....	30		

ÍNDICE ALFABÉTICO

Banda, A.....	35	Batán, O Muíño do	39
Baño, O.....	36	Bazoco, O Cruceiro do	40
Barazal, O.....	36	Bazoqueira.....	40
Barbanegra.....	36	<i>Benito</i> , O Agro de	18
Barco, A Pipa do	37	Berbellón, O.....	40
Barguenla, A.....	38	Beria, A.....	41
Barquiñas.....	37	Bertiño, O Muíño de	204
Barral 39		Bertulo 41	
Barral, O.....	38	Bestas, A Carreira das	82
Barraliño, O.....	38	Bestas, A Insua das	156
Barranco, A Corga do	34, 99	Betritz 41	
Barreira da Poza, A.....	38	Bexo 42	
Barreira dos Lobos, A.....	173	Bexo, A Insua de	252
Barreira, A.....	38	Bexo, O Agro de	18
Barreira, A Fonte	38, 134	Bexo, O Alto de	42
Barreiriño, O.....	38	Bexo, O Castro de	87
Barreiriños, Os.....	38	Bexo, O Monte dos Castros de	199
Barreiro, O.....	38	Bicaño, O.....	44
Barreiro, O Rego	38	Bicaño, O Puntal do	252
Barreiro, Souto	38, 279	Bico, O 44	
Barreiros, Os.....	38	Bieita, A.....	44
Barreño.....	38	Bieiteira, A.....	44
Barrio de Baixo, O.....	39	Bieiteiro, O.....	44
Barrio de Riba, O.....	39, 151	Bispo, Carral do	45
Barro, O Agro do	18, 38	Bispo, O.....	45
Barronca, A.....	34	Bo, Agro	19
Barrosa, A.....	38	Boade 45	
Barrosiña, A.....	38	Boca do Monte, A.....	45, 197
Barrosiñas, As.....	38	Boca do Pozo, A.....	45
Barrosiño, O.....	38	Boliñas 46	
Bastos, Pinos	240	Bólos, A Bouza dos	46, 48

Bólos, O Xogo dos	46	Bragadas, As.....	37
Bomberas, As.....	46	Braña da Veiga, A.....	54, 307
Borreiriños.....	46	Braña de Baixo, A.....	54, 76
Borreiros.....	46	Braña de Dodro, A.....	54
Bosque de Baixo, O.....	47	Braña de Imo, A.....	54
Bosque de Riba, O.....	47	Braña de Lestrobe, A.....	54
Bosque do Palacio, O.....	47	Braña dos Codesidos, A.....	54, 97
Bosque, A Corredoira do	47, 101	Braña, A.....	54
Bosque, O.....	47	Braña, O Campo da	54, 74
Botafal, O.....	47, 62	Braña, O Pinal da	273
Botafal, O Cruceiro do	47, 109	Braña, Sobre da	54, 277
Boullón, As Pedras de	41	Brañas de Fexacos, As.....	54, 138
Bouza da Horta, A.....	48, 152	Brañas de Laiño, As.....	51, 123, 232
Bouza do Norte, A.....	48	Brañas de Teairo, As.....	54
Bouza do Portal, A.....	48	Brañeiras do Castro, As.....	88
Bouza dos Bólos, A.....	46, 48	Brañeiras, As.....	54
Bouza Galiña.....	48	Brañeiras, O Agro das	54
Bouza Longa.....	48	Brañeiro, A Fonte do	133
Bouza Meán.....	48	Brañeiro, O Pozo	249
Bouza Meán, A Costa da	104	Brañeiros, Os.....	54
Bouza, A.....	48 s.	Brañiña, A.....	54, 125, 301
Bouza, Cova da	48	Brañiña, O Pozo da	250
Bouza, O Agro da	19	Bravo, O.....	54
Bouza, O Lombo da	174	Breimande.....	55
Bouzabadín.....	49, 234	Brenxo 55	
Bouzaboa.....	49	Breta, A.....	55, 266
Bouzas 48 s.		Brexos 55	
Bouzas, Agro	48	Brufe 56	
Bouzas, O Agro de	19	Buguíño, O Pozo	249
Bouzas, O Cabeceiro de	49, 63	Burgo, O Monte do	269
Bouzas, O Río de	49, 264	Burro, O.....	56

ÍNDICE ALFABÉTICO

Bustelo 58	Cabodeiras, O Pozo de250
Bustelo do Monte.....57, 58	Cabos de Valouta.....63
Bustelo do Monte, O Cruceiro de108	Cachada, A.....64
Bustelo, A Revolta de260	Cachada, Sobre64
Buxiña, A.....59	Cachadas, As.....64
Buzaqueira.....40	Cachadiña, A.....64
	Cacheiro de Buelas, O.....64
	Cacheiros, Os.....63
	Cachón, O.....64
C	Cachón, O Hórreo do64
Cabaliño, O.....61	Cachopa, A.....64
Cabalo, A Corte do61, 103	Cachopas, As.....64
Cabalo, A Costa do61	Cachopiña, A.....64
Cabalo, O Río do61	Cachopo, O.....64
Cabalos, Insua dos.....145	Cadávi 64
Cabana, A.....62	Cadavide.....64
Cabanas, A Eira das62, 120	Cadeira, A Pedra233
Cabanas, A Horta das62, 152	Cagadoiro, O Muíño205
Cabanas, As.....62	Cagarrial, O.....65
Cabanas, O Souto de279	Caguenla, A Fonte da134
Cabanela, A.....62	Caguenla, O Camiño da72
Cabanela, O Muíño da62	Caixa, A.....65
Cabanelas, O Muíño de204	Caixiña, A.....65
Cabaniña, A.....62	Cal de Martiño.....16, 66, 188, 204
Cabaniñas, As.....62	Calcada, A.....67
Cabaniñas, O Coto das62	Caldebarcas, O Monte.....65, 72, 305
Cabazo, O Agro do18, 63	Caldeirón, O Agro do19
Cabeceiro de Bouzas, O.....49, 63	Calladiña, A.....67
Cabeceiro, O.....63	Calquiña, A.....67
Cabeceiros.....288	Calva, A.....67
Cabirta, O Foxo da.....138	Calzada, A.....68 s.
Cabodeiras.....63, 119, 301	

Cama dos Mouros, A.....	87	Campeliños.....	74
Camba, A.....	69	Campelo de Baixo.....	74
Camba, A Portela da	245	Campelo de Riba.....	74
Cambra, A.....	69	Campelo, O Agro de	19, 74
Camiño Chan, O.....	72	Campelos, O Rego dos	263
Camiño da Arcai, O.....	71	Campías da Globada, As.....	74, 144
Camiño da Caguenla, O.....	72	Campiña, A.....	74
Camiño da Cuca, O.....	72	Campio, As Nespras do	209
Camiño da Ladeira, O.....	72	Campo da Braña, O.....	54, 74
Camiño da Poza, O.....	72	Campo da Chisca, O.....	40, 74, 183, 205
Camiño da Presa do Treito, O.....	72	Campo da Devesa, O.....	74, 114
Camiño da Tafona, O.....	44	Campo das Eiras, O.....	74, 119
Camiño das Laxiñas, O.....	72	Campo de Santa María, O.....	185
Camiño de Balranco, O.....	34, 72	Campo do Pinal, O.....	240
Camiño de Entrecastellanos, O.....	72	Campo do Treito, O Rego do	264
Camiño de Inverniz, O.....	72	Campo dos Fieitos, O.....	74, 130
Camiño de Sanxumil, O.....	72	Campo Longo.....	74
Camiño de Sexaral, O	72	Campo Redondo	74
Camiño de Suatorre, O.....	72	Campo, A Horta do	74, 152
Camiño do Castro, O.....	72, 89	Campo, As Casas do	74
Camiño do Santiaguíño, O.....	72, 132	Campo, O.....	74
Camiño Portugués, O.....	71	Campo, O Outeiriño do	74
Camiño Real, O15 s., 70, 149, 182 s., 217, 281, 289		Campos, Balagón dos	33
Camiño Vello, O.....	72	Campos, Fonte de	74, 133
Camiños, A Cruz dos	109	Campos, Os.....	74
Camiños, Os.....	72	Can do Monte.....	66
Campa, A.....	74	Can, O Agro do	19
Campaña, A Insua de	156	Can, O Muíño do	66
Campanario, O Agro do	73	Canal do Regadío, O.....	258
Campañas, As.....	74	Canas, O Agro das	75
		Cancela Abrea, A.....	68, 71, 75, 297

ÍNDICE ALFABÉTICO

Cancela Abrea, Abaixo da.....	75	Carballeira de Trala Rocha, A..	79, 264
Cancela da Maceira, A.....	76, 179	Carballeira do Castro, A.....	79, 88
Cancela, A.....	75	Carballeira do Soutiño, A.....	79
Cancela, A Eira da	75	Carballeira, A.....	79
Canceliña, A.....	76	Carballide.....	79
Cancelo, A Corredoira do	75, 101	Carballiña, A.....	79
Cancelo, O.....	75	Carballiño, O.....	79
Cancelo, O Pouso do	75, 247	Carballiños de Mateu, Os.....	79
Candeira.....	66	Carballiños de Xaneiro.....	313
Candeiró.....	66	Carballiños, Os.....	46, 79
Cañeira, A.....	66	Carballo de Sónora, O.....	79
Caniciña, A.....	76	Carballo do Conxeiro, O.....	79
Caniciño, O.....	76	Carballo Gordo.....	79
Canle, A.....	66	Carballo, A Revolta do	79
Canlegude.....	19, 66	Carballo, O.....	79
Canlegude de Riba.....	19, 66	Carballo, O Muíño do.....	203
Cañoteiras. As.....	77	Carballós.....	79
Cantarote, O.....	76	Carballós, O Río de	264
Cantiño, O.....	76	Carballós, O Muíño de	204
Capela da Virxe do Leite, A.....	77	Carballós, O Pozo de.....	249
Capela de Corpus Christi, A.....	77	Carballoso da Fonte, O.....	79, 134
Capela de San Amaro, A.....	25, 78	Carballoso, O.....	79
Capela de San Lufo, A.....	78	Carboeiro.....	79, 241
Capela de San Martiño, A.....	77, 189	Carboeiro, O Monte	199
Capela de San Xosé, A.....	78	Cargueira, A.....	82
Capela do Anxo da Garda, A.....	78	Carme de Pedra, O Muíño de	203
Capela do Santo Anton, A.....	78	Caroliño, O.....	80
Capela do Santo Anxo da Garda, A....	78	Carracheiras, As.....	81
Capilla, A.....	77 s., 121, 189	Carracho, A Fonte do	81
Capilla, A da.....	189	Carragosa, A.....	82, 99
Carballeira de Foxos, A.....	138	Carris 71, 83	

Carrais de Pozo.....	83	Casais, Os.....	84
Carral do Bispo.....	45, 82	Casal de Xoane.....	84
Carrascos, Antre	81	Casal, O.....	84, 305
Carrasqueira do Covo, A.....	81, 106	Casal, Pinas de	241
Carrasqueira, A.....	81	Casaliño, O.....	84
Carregal, O.....	82	Casarellos, Os.....	84
Carregaliño, O.....	82	Casas do Campo, As.....	74
Carreira.....	83	Cascalleira, A.....	85, 247, 278
Carreira das Bestas, A.....	71, 82	Caseta de Mós, A.....	200
Carreiraña.....	82	Casote do Rueiro, O.....	210
Carril de Rial, O.....	71	Casqueiriños, Os.....	85
Carril, O.....	82	Castaño, O.....	86
Carrizo, O Agro do	82	Castaño, O Muíño de	204
Carros, O Agro dos	18 s., 83	Castaños, Os.....	71
Casa da Silleira, A.....	84	Casteliño, O.....	89
Casa das Porqueiras, A.....	84	Castelo do Monte Vilar, O.....	90
Casa das Portas, A.....	83, 245, 295	Castelo Vello.....	68, 89 s.
Casa de Mós, A.....	200	Castelo, O.....	87
Casa de Rial, A.....	71	Castiñeiras.....	86
Casa de Romay, A.....	220, 224	Castiñeiriño, O.....	86
Casa do Marqués, A.....	221, 225	Castiñeiriños, Os.....	86
Casa do Pichón, A.....	83	Castiñeiro, O.....	86
Casa do Roquiño, A.....	189	Castrelo.....	89
Casa do Señorito, A	220	Castriño, O.....	88
Casa dos Pobres, A.....	149	Castro 70, 86	
Casa dos Romay, A.....	134	Castro de Bexo, O.....	87
Casa, A Horta da	152	Castro de Imo, O.....	68
Casa, Tras da	84	Castro de Lestrobe, O.....	89
Casacas, Abelán de	15	Castro de Moure, O Agro do	201
Casadona.....	83		
Casais, A Horta dos.....	152		

ÍNDICE ALFABÉTICO

Castro de Traxeito, O.....	38, 89 , 112, 124, 215, 243, 257, 259, 272, 274, 278, 286	Cerquiño, O.....	92
Castro, A Carballeira do	79, 88	Cerrados de Ladrive, Os.....	92
Castro, A Laxe do	89	Chacón, O Muíño de.....	204
Castro, As Brañeiras do	88	Chalán, O Agro do	19
Castro, O.....	88 s.	Chan de Currais.....	93, 112
Castro, O Agro de	88	Chan de Viña.....	93, 310
Castro, O Agro Grande do	87	Chan de Viña, A Fonte de	93
Castro, O Agro Pequeno do	87	Chan do Monte.....	93
Castro, O Camiño do	72, 89	Chan, O.....	93
Castro, O Coto do	89	Chan, O Camiño	72
Castro, O Monte do	89	Chancela.....	93
Castro, O Portelo do	88	Chancelas	93
Castro, O Pozo de	249	Chans, Os.....	93
Castro, O Rechán do	89	Chaviñas.....	93
Castro, O Souto de	88	Chedeiro de Amaro, O.....	94
Castro, Os Outeiros do	88, 211	Chedeiro de Baixo, O.....	94
Castrofeixe.....	89	Chedeiro de Riba, O.....	94
Castros de Bexo, As Murallas dos	87	Chedeiro do Regueiro, O.....	94
Castros de Bexo, O Monte dos	199	Chedeiro dos Amaros, O.....	24
Castros de Bexo, Os.....	62, 188	Chenliño.....	93
Castros, Pousocovo dos ..	89, 106, 248	Chenlo 35, 93	
Catadoiro.....	90	Chenlo de Riba.....	93
Cebolal, O.....	41, 90	Chenlos, Os.....	93
Cengoso.....	91	Chiquelo, O Alargo do	20
Cepos, Os.....	91	Chisca, Abelán da	15
Cerdeira, A.....	91	Chisca, O Campo da	74
Cereixán.....	91	Chousa, A.....	94
Cereixáns, As.....	91	Chousa, A Cova da	94
Cernadiño.....	92	Chousa, O Agro da	94
		Chouso, Agra	18
		Chozas 95	

Cinco Palmos.....	215	Corga, A.....	99
Citoula	95	Corgo da Leña, O.....	99
Coal, O.....	95	Corgo, A Corredoira do	101
Coal, O Pozo do	95	Corgo, O.....	99
Cobrega.....	96, 314	Corgo, O Rego do	99
Cochiño, O.....	96	Corgo, Tralo	99
Cochiño, O Cruceiro do	96	Corguiña, O Agro da	19, 99
Cocho, O.....	96	Corguiño, O.....	99
Codesal, O.....	97	Cornecheiras, A.....	100
Codesas, As.....	97	Cornide.....	100
Codeseira, A.....	97	Coroa da Raíña Moura, A.....	201
Codeseiras, As.....	97	Corpus Christi, A Capela de	77
Codesidos, A Braña dos	54, 97	Corral, O.....	112
Codesidos, O Agro dos	19, 97	Corral, Sobre do	112
Codesidos, Os.....	97	Corredoira da Fonte Navenlla, A4o,	
Codeso, O Agro do	97	101	
Codosos, Os.....	97	Corredoira de Baixo, A.....	101
Codesosa, A.....	97	Corredoira de Comparede, A.....	101
Coira	97	Corredoira de Moure, A.....	101
Coles, A Cortiña das	102	Corredoira de Pradiña, A.....	101, 251
Coles, A Horta das	152	Corredoira de Sar, A.....	101
Comparede.....	97, 219	Corredoira do Agriño, A.....	101
Comparede, A Lomba de	97	Corredoira do Bosque, A.....	47, 101
Conde, A Fonte do	135	Corredoira do Cancelo, A.....	75, 101
Conde, O.....	98	Corredoira do Corgo, A.....	101
Condes, Os.....	98	Corredoira do Funchal, A.....	101
Congostra da Globada, A.....	99	Corredoira do Novaisiño, A.....	101
Contimundi, O Agro de	19	Corredoira do Pazo, A.....	101
Conxeiro, O Carballo do	79	Corredoira do Pozo do Conxeiro, A.....	101
Coquiño, O.....	99	Corredoira do Río, A.....	101
Corga do Barranco, A.....	34, 99	Corredoira, A.....	101

ÍNDICE ALFABÉTICO

Corredor de Laíño, O.....	125	Cortiña, Tras	103
Correlo, O.....	112	Cortiñas de Liñoso, As.....	103, 172
Correlos, Os.....	112	Cortiñas, As.....	102 s.
Corro Auvello, A Fonte do	112, 134	Cortizos, Os.....	102
Corruchiño, O.....	101	Corviños, Os.....	103
Corrucho do Sián, O.....	101	Corvos, O Coto dos	103 s.
Corte do Cabalo, A.....	61, 103	Corvos, O Outeiro dos	103, 211
Corte, O Agro da	102	Costa da Bouza Meán, A.....	104
Cortelleiras, As.....	103	Costa da Lama, A.....	164
Cortellón, O.....	103	Costa das Lameiriñas, A.....	278
Cortes, Tras das	103	Costa de Ribada, A.....	235, 262, 278
Corticeiras, As.....	102	Costa de Traxeito, A.....	104
Cortiña A Cova.....	102, 105	Costa do Cabalo, A.....	61
Cortiña A Longa.....	102, 174	Costa do Monte San Gregorio, A.....	104
Cortiña da Arcai, A.....	224	Costa do Río, A.....	104
Cortiña da Horta, A.....	102	Costa do Sisto, A.....	104, 277
Cortiña da Rúa, A.....	102, 266	Costa dos Fornos, A.....	104
Cortiña da Veiga, A.....	103, 307	Costa Estivada, A.....	104, 126
Cortiña das Coles, A.....	102	Costa Valada, A.....	104
Cortiña de Baixo, A.....	103	Costa Xesteira, A.....	104
Cortiña de Riba, A.....	103	Costa, A.....	104
Cortiña do Muíño, A.....	103	Costa, A Redonda da	104
Cortiña do Regueiro, A.....	102	Costa, A Revolta da	104
Cortiña do Río, A.....	102	Costa, O Agro da	104
Cortiña do Sián, A.....	103	Costa, O Pinal da	104, 240
Cortiña do Soutelo, A.....	103	Costa, O Rechán da	93, 104
Cortiña do Souto, A.....	103, 279	Costán	104
Cortiña dos Romanos, A.....	103	Costas de Martiño, A de.....	104, 188
Cortiña Nova, A.....	28, 102	Costas, A Eira de	104
Cortiña Redonda, A.....	103, 258	Costiña das Pedras, A.....	233
Cortiña, A.....	102 s.	Costiña, A.....	104

Costiña, A Fonte da	135	Crabeira, O Muíño da	106
Cotiño, O.....	104	Crebantavaras.....	203
Coto da Pena, O.....	104	Crego, O Agro do	18 s.
Coto das Cabaniñas, O.....	62	Croa da Raíña Moura, A.....	88
Coto do Castro, O.....	89	Cruceiro da Arregañada, O.....	109
Coto do Pino, O.....	104	Cruceiro da Igrexa de Dodro, O.....	109
Coto dos Corvos, O.....	103 s.	Cruceiro da Igrexa de Imo, O.....	109
Coto Peruco, O.....	104	Cruceiro da Praza de Lestrobe, O.....	108
Coto Xesteira, O.....	315	Cruceiro da Tomada, O	109
Cotón, O.....	104	Cruceiro da Veiga, O.....	71, 109, 307
Cotos de Pena, Os.....	235	Cruceiro de Bexo, O.....	109
Cotos dos Teixugos, O.....	104	Cruceiro de Bustelo do Monte, O.....	108
Couso, O.....	105	Cruceiro de don Pedro, O.....	71, 83, 109
Couto, A Fonte do	135	Cruceiro de Gradín, O.....	109, 133
Cova da Bouza.....	48	Cruceiro de Inacio, O	109
Cova da Chousa, A.....	105	Cruceiro de Lourido, O	176
Cova das Pinceiras, A.....	105, 236	Cruceiro de Revixós, O.....	109
Cova do Gato, A.....	105, 144	Cruceiro de Sabela, O.....	109
Cova, A.....	105	Cruceiro de Sinxeiras, O.....	71, 109
Cova, Cortiña A	105	Cruceiro do Bazoco, O. 40, 70, 109, 282	
Cova, Figueira	131	Cruceiro do Botafal, O.....	47, 109
Covachiñas, As.....	106	Cruceiro do Cochiño, O.....	96
Covas de Pena, As.....	235	Cruceiro do Naranxo, O.....	208
Covelos, O Pouso dos	105, 247	Cruceiro do Perdigón, O.....	109
Covelos, Os.....	105	Cruceiro do Souto de Manselle, O.....	109
Coviñas, As.....	105	Cruceiro, A Viña do	310
Covo de Alá, O.....	106	Cruz da Estivadiña, A.....	109
Covo, A Carrasqueira do	81, 106	Cruz de <i>Benita</i> , A.....	108
Covo, O.....	106	Cruz de Susavila, A.....	71
Coxa, A.....	106	Cruz de Tobío, A.....	108
Crabeira, A.....	106	Cruz do Abelán, A.15, 71, 102, 107, 214	

ÍNDICE ALFABÉTICO

Cruz do Agro, A.....	18, 71, 109	Cura, O Agro do	18
Cruz do Pereiro, A.....	236	Cura, O Lavadoiro do	166
Cruz do Pincho, A.....	71, 108	Cura, O Pombal do	244
Cruz do Portancho, A.....	245	Cura, O Prado do.....	251
Cruz do Portancho, Sobre da	277	Currais, Chan de	93, 112
Cruz dos Camiños, A.....	109	Curral, O.....	112
Cruz, A.....	83	Curral, Sobre do	277
Cruz, A Revolta da	109	Curraliño, O.....	112
Cruz, A Veiga da	110, 307	Curralón.....	112
